XUNTA DE GALICIA

Situación da negociación colectiva en Galicia. 2010

SITUACIÓN DA NEGOCIACIÓN

COLECTIVA EN GALICIA. 2010

Edita:
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
R./. Algalia de Abaixo, 24
Telf.: 981 541 601 / Fax: 981 541 610
15781 Santiago de Compostela

Realiza: Unicopia, S.L.

ISSN: 1697-8463
Deposito Legal: C 1468-2005

Este informe pode consultarse tamén no sitio web do Conello:
http://cgrl.xunta.es

PRESENTACIÓN

Reafirmar a importancia da negociación colectiva como fonte de dereitos e obrigas de persoas traballadoras e empresarias, como fonte do dereito do traballo e como pedra angular das relacións laborais non resulta novo, mais cos tempos que corren devén necesario. Nun intre no que a reforma da negociación colectiva converteuse no centro de atención do mundo sociolaboral, o Consello Galego de Relacións Laborais ven a presentar o informe anual sobre a situación da negociación colectiva galega.

Non se amosan grandes novidades na nosa situación negocial, sendo a atomización, a escaseza de contidos e as rixideces na articulación as notas caracterizadoras. Resulta, en efecto, necesaria unha reforma do noso sistema de negociación colectiva, pero non calquera reforma nin a calquera prezo. Faise preciso actuar sobre os contidos para melloralos, sobre o excesivo número de convenios para reducilo e sobre a estrutura para garantir unha articulación e unha complementariedade que se demanda a berros.

O Informe que se presenta é único en Galicia e probablemente o mellor que se elabora en todo o estado español e está feito na súa totalidade por persoal do Consello baixo criterios de rigor, obxectividade e eficiencia, seguindo as achegas e indicacións unánimes do Observatorio da Negociación colectiva galega, parte de este organismo. Compre, e o fago moi gustoso, agradecer o traballo do persoal que permite que este informe vexa a luz, sen cuxa implicación e celo sería imposible sacalo adiante cos parámetros de calidade que ten, do mesmo xeito que compre agradecer a participación sempre activa das organizacións sindicais e empresarial que compoñen e dan vida a este organismo.

Coma sempre, expresar o desexo de todo o Consello de que este informe sexa útil para todas aquelas persoas que teñen interese pola cuestión laboral e manifestar a vocación de mellora constante cara a vindeiros exercicios.

Un saúdo.

Demetrio Fernández López
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

ÍNDICE

PARTE I: NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

1. Metodoloxía.....1

2. Estrutura da negociación colectiva en Galicia.....2 a 3

3. Convenios colectivos asinados e revisados en Galicia no ano 2010.....4 a 13

4. Ámbitos de aplicación: funcional, territorial, temporal e persoal.....14 a 20

5. Desenvolvemento da negociación.....21 a 23

- **Composición das mesas negociadoras.....21 a 22**
- **Duración das negociacións.....23**

6. Réxime económico.....24 a 64

A) Incremento salarial pactado.....24 a 33

B) Cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios colectivos asinados e revisados en 2010.....34 a 36

C) Cláusulas de desvinculación.....37 a 39

D) Aboamento de atrasos e anticipos.....40 a 41

E) Estrutura salarial.....42 a 64

7. Tempo de traballo.....65 a 101

A) Xornada pactada.....65 a 72

B) Regulación da xornada.....73 a 79

C) Vacacións.....80 a 86

D) Permisos.....87 a 91

E) Conciliación da vida laboral e familiar.....92 a 96

F) Absentismo.....97 a 98

G) Horas extraordinarias.....99 a 101

8. Contratación e emprego.....102 a 139

A) Ingreso no traballo. Período de proba.....102 a 105

B) Contratación: Modalidades de contratos.....106 a 119

C) Contratación a través de ETT.....120 a 121

D) Subcontratación.....122

E) Cláusulas sobre xubilación.....123 a 128

F) Fomento da contratación indefinida.....129 a 134

G) Garantías de emprego. Mantemento dos postos de traballo.....134 a 138

H) Outras cláusulas de Fomento do emprego.....139

9. Organización do traballo.....140 a 144

10. Mobilidade e clasificación profesional.....145 a 155

A) Mobilidade funcional.....145 a 148

B) Mobilidade xeográfica.....149 a 150

C) Promoción e ascensos.....151 a 152

D) Clasificación profesional.....153 a 155

11. Saúde laboral.....156 a 163

12. Formación profesional.....164 a 166

13. Melloras sociais.....167 a 169

14. Dereitos e garantías da representación dos traballadores/as. Crédito de horas sindicais e desconto da cota sindical.....170 a 171

15. Réxime disciplinario.....172

16. Discriminación e acoso.....173 a 182

17. Idioma .....183 a 184

18. AGA.....185 a 186

19. Outras Cláusulas.....187

ANEXO I:

Datos básicos dos convenios asinados e revisados en 2010.

ANEXO II:

Situación da negociación colectiva en Galicia a 31.12.2010

PARTE II : CONVENIOS COLECTIVOS ESTATAIS CON APLICACIÓN EN GALICIA

PARTE I

NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

1. METODOLOXÍA

O Consello Galego de Relacións Laborais realiza anualmente un informe sobre a negociación colectiva en Galicia no que, utilizando como criterio de inclusión o da vixencia económica, faise unha análise dos convenios asinados e revisados durante o ano.

Na realización deste informe, e como consecuencia da utilización do citado criterio, os convenios que se teñen en conta son os asinados e revisados no ano 2010 que teñen vixencia e efectos económicos durante este ano 2010 así como os convenios asinados ou revisados nos últimos días do ano anterior que teñen vixencia e inicio de efectos en 2010. Non se consideraron aqueles convenios que, aínda que foron asinados ou revisados durante o ano 2010, non teñen efectos económicos para este ano.

O informe abarca a negociación colectiva estatutaria, de eficacia xeral, os pactos extraestatutarios e os acordos reguladores para persoal funcionario e pactos de tipo mixto que regulan de xeito unitario a todo tipo de persoal que presta servizos nas distintas administracións públicas, na medida en que se ten coñecemento deles.

Os datos estatísticos que figuran neste informe foron elaborados tendo en conta o contido dos convenios colectivos e o establecido nas follas estatísticas que de xeito preceptivo os acompañan, e que foron achegados puntualmente a este Consello pola Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Dende a posta en marcha durante este ano do programa REGCON para o rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo por medios telemáticos, a información extráese directamente do programa desde este Consello.

Para o cálculo da media ponderada do incremento salarial pactado tivéronse en conta os incrementos salariais indicados nos convenios de xeito porcentual e as cláusulas de revisión salarial recollidas neles de igual xeito, sen ter en conta os incrementos lineais ou os convenios nos que se indican varios incrementos.

Calcúlase tamén neste informe a media ponderada tendo en conta os incrementos salariais indicados para este ano 2010 nos convenios asinados en anos anteriores e as cláusulas de revisión salarial do ano 2009 que non tiñan efectos retroactivos senón que indicaban o inicio dos seus efectos para 2010.

Continuouse este ano por parte do Consello coa elaboración da base de datos dos convenios de ámbito superior ao da Comunidade Autónoma que afectan a traballadores/as en Galicia, información que figura na segunda parte deste informe.

Tendo en conta estes datos, inclúese tamén a media ponderada considerando os incrementos salariais indicados nestes convenios.

A información recóllese dos convenios publicados no BOE que teñen vixencia para o ano 2010 ou posterior, combinando esta información coa remitida pola Subdirección Xeral de Estatística do Ministerio de Traballo e Inmigración co fin de recoller só os que afectan a traballadores/as nalgunha das catro provincias galegas.

Nos convenios de sector o dato do número de traballadores/as aos que afectan foi elaborado polo IGE baseándose no traballo realizado neste Consello no que se recollen os CNAE's incluídos no ámbito de aplicación dos ditos convenios.
A fonte dos datos remitidos polo IGE son as Contas de cotización á Seguridade Social (Tesourería Xeral da Seguridade Social).
Nos convenios de empresa estes datos recóllense dos remitidos polo Ministerio e/ou contactando directamente cos departamentos de recursos humanos das empresas.

2. ESTRUTURA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

A 31 de decembro de 2010 existen en Galicia 816 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente. Neste total inclúense tamén os pactos de eficacia limitada e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Refírense estes datos a convenios de empresa e de sector negociados en Galicia.

Estrutura global da negociación colectiva en Galicia con especificación do seu ámbito territorial. 31/12/2010

(Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores)

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE A.		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	48	21.656	231	16.266	73	5.286	64	4.169	269	35.376	685	82.753
SECTOR	19	27.479	34	153.095	23	27.574	21	28.725	34	152.154	131	389.027
TOTAL	67	49.135	265	169.361	96	32.860	85	32.894	303	187.530	816	471.780

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia.

Os gráficos seguintes indican a distribución territorial destes convenios





No cadro seguinte pódese apreciar a evolución na estrutura global no período 2005-2010

Evolución da estrutura global da negociación colectiva. Por provincias.
Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Sector	13	34	23	20	34	**124**
Empresa	41	186	62	55	221	**565**
Total 2005	54	220	85	75	255	**689**
Sector	14	34	23	21	34	**126**
Empresa	45	195	63	57	228	**588**
Total 2006	59	229	86	78	262	**714**
Sector	14	34	23	21	33	**125**
Empresa	45	203	66	59	234	**607**
Total 2007	59	237	89	80	267	**732**
Sector	15	34	23	21	34	**127**
Empresa	47	210	69	60	247	**633**
Total 2008	62	244	92	81	281	**760**
Sector	17	34	23	21	34	**129**
Empresa	47	222	72	65	261	**667**
Total 2009	64	256	95	86	295	**796**
Sector	19	34	23	21	34	**131**
Empresa	48	231	73	64	269	**685**
Total 2010	**67**	**265**	**96**	**85**	**303**	**816**

Neste cómputo total contabilízanse convenios colectivos e acordos reguladores
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O cadro seguinte recolle os 685 convenios de empresa existentes en Galicia en función do número de traballadores/as aos que afectan.

CONVENIOS COLECTIVOS DE EMPRESA NEGOCIADOS EN GALICIA EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS. PORCENTAXE SOBRE O TOTAL NEGOCIADO

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-5 traball.			3	1,30%	2	2,74%	5	7,81%	4	1,49%	**14**	**2,04%**
6-30 traball.	12	25,00%	105	45,45%	32	43,84%	28	43,75%	92	34,20%	**269**	**39,27%**
31-49 traball.	2	4,17%	20	8,66%	10	13,70%	11	17,19%	49	18,22%	**92**	**13,43%**
50-100 traball.	12	25,00%	50	21,65%	12	16,44%	9	14,06%	64	23,79%	**147**	**21,46%**
101-250 traball.	9	18,75%	41	17,75%	15	20,55%	6	9,38%	38	14,13%	**109**	**15,91%**
251-500 traball.	7	14,58%	11	4,76%			5	7,81%	16	5,95%	**39**	**5,69%**
501-750 traball.	1	2,08%	1	0,43%	1	1,37%			1	0,37%	**4**	**0,58%**
751-1.000 traball.	2	4,17%			1	1,37%			2	0,74%	**5**	**0,73%**
1.001-2.000 traball.	2	4,17%							2	0,74%	**4**	**0,58%**
2.001-3.000 traball.												
Máis de 3.000 trab.	1	2,08%							1	0,37%	**2**	**0,29%**
Total	**48**	**100%**	**231**	**100%**	**73**	**100%**	**64**	**100%**	**269**	**100%**	**685**	**100%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

3. CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS EN GALICIA NO ANO 2010

Durante o ano 2010 foron asinados e/ou revisados 199 convenios (147 convenios asinados e 52 revisados).

Deles 61 son de sector (30 asinados e 31 revisados) e 138 son de empresa (147 asinados e 52 revisados).

Por sectores económicos e provincias a distribución é a seguinte:

Convenios colectivos asinados e revisados. Por sector e grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2010

	Agric. e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
C. Autónoma / Interprov. C.A.					
Convenios de sector asinados	-	-	1	3	**4**
Convenios de sector revisados	-	1	-	6	**7**
Convenios de empresa asinados	-	2	-	5	**7**
Convenios de empresa revisados	1	-	-	3	**4**
A Coruña					
Convenios de sector asinados	-	3	-	3	**6**
Convenios de sector revisados	-	1	-	5	**6**
Convenios de empresa asinados	-	10	-	20	**30**
Convenios de empresa revisados	-	4	-	1	**5**
Lugo					
Convenios de sector asinados	-	1	-	2	**3**
Convenios de sector revisados	-	3	-	4	**7**
Convenios de empresa asinados	2	7	1	6	**16**
Convenios de empresa revisados	-	2	-	3	**5**
Ourense					
Convenios de sector asinados	-	4	1	3	**8**
Convenios de sector revisados	-	2	-	5	**7**
Convenios de empresa asinados	-	7	-	3	**10**
Convenios de empresa revisados	-	-	-	-	**0**
Pontevedra					
Convenios de sector asinados	-	2	-	7	**9**
Convenios de sector revisados	-	2	-	2	**4**
Convenios de empresa asinados	-	34	-	20	**54**
Convenios de empresa revisados	-	3	-	4	**7**
Galicia					
Convenios de sector asinados	**0**	**10**	**2**	**18**	**30**
Convenios de sector revisados	**0**	**9**	**0**	**22**	**31**
Convenios de empresa asinados	**2**	**60**	**1**	**54**	**117**
Convenios de empresa revisados	**1**	**9**	**0**	**11**	**21**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

O cadro seguinte recolle os convenios asinados e revisados por provincias segundo as seccións da CNAE-2009

Convenios colectivos asinados e revisados. Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2010

TOTAL CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2009	C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓNS CNAE 2009						
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	-	2	-	-	**3**
B Industrias extractivas	1	-	1	-	-	**2**
C Industria manufactureira	2	13	10	13	34	**72**
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	**0**
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	-	5	2	-	7	**14**
F Construción	1	-	1	1	-	**3**
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1	4	3	5	11	**24**
H Transporte e almacenamento	3	4	5	1	13	**26**
I Hostalería	-	3	-	1	-	**4**
J Información e comunicacións	2	-	-	-	1	**3**
K Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	**0**
L Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	**0**
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	2	1	2	-	1	**6**
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	4	3	1	2	**11**
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	9	-	1	2	**12**
P Educación	1	-	-	-	1	**2**
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	3	2	1	2	-	**8**
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2	1	1	-	2	**6**
S Outros servizos	2	1	-	-	-	**3**
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	**0**
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	**0**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

No cadro e gráficos seguintes pódese observar o número de convenios asinados e revisados nos anos 2002 a 2010 e os traballadores/as aos que afectan, segundo os datos recollidos dos informes anuais sobre a situación da negociación colectiva en Galicia elaborados por este Consello.

CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS NO PERÍODO 2002 - 2010

	CONVENIOS ASINADOS			CONVENIOS REVISADOS			TOTAL ASINADOS E REVISADOS	
	EMPRESA	SECTOR	TOTAL	EMPRESA	SECTOR	TOTAL	Nº CONVENIOS	Nº TRABALLAD.
2002	161	52	**213**	28	23	**51**	**264**	**267.426**
2003	146	51	**197**	21	28	**49**	**246**	**283.706**
2004	157	54	**211**	26	21	**47**	**258**	**301.431**
2005	168	50	**218**	21	33	**54**	**272**	**300.621**
2006	151	42	**193**	29	35	**64**	**257**	**305.100**
2007	154	41	**195**	26	29	**55**	**250**	**367.234**
2008	131	43	**174**	21	32	**53**	**227**	**366.874**
2009	131	30	**161**	29	44	**73**	**234**	**352.936**
2010	117	30	**147**	21	31	**52**	**199**	**175.419**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS ASINADOS EN GALICIA 2002 - 2010



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS REVISADOS EN GALICIA 2002 - 2010



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O gráfico seguinte indica a evolución no número de traballadores/as aos que afectan os convenios asinados e revisados nos anos 2002 a 2010:



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Recollen os cadros seguintes os datos sobre os **convenios negociados por primeira vez** este ano que foron 20 (2 de sector e 18 de empresa) e afectan a 6.109 traballadores/as.

CONVENIOS COLECTIVOS NEGOCIADOS POR PRIMEIRA VEZ EN 2010

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINC. C.A.		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	1	53	9	414	1	113			7	369	18	949
SECTOR	2	5.160									2	5.160
TOTAL	3	5.213	9	414	1	113	0	0	7	369	20	6.109

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Convenios colectivos de empresa negociados por primeira vez. Porcentaxe provincial



Convenios colectivos de sector e empresa asinados por vez primeira.
Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2010

Sector	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	**0**
Industria	-	-	-	-	-	**0**
Construción	-	-	-	-	-	**0**
Servizos	2	-	-	-	-	**2**
Total	**2**	**0**	**0**	**0**	**0**	**2**

Empresa	C. Autónoma / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	**0**
Industria	-	1	-	-	6	**7**
Construción	-	-	-	-	-	**0**
Servizos	1	8	1	-	1	**11**
Total	**1**	**9**	**1**	**0**	**7**	**18**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

CONVENIOS ASINADOS POR PRIMEIRA VEZ EN 2010

Denominación convenio	Ambito territorial	Ambito funcional	Natureza acordo	Código convenio	Nº EMP	Nº TRAB.	CNAE 2009	DATA INICIO	DATA FIN	ASINAN
CAR CONSULTING SPAIN, S.L.	PONTEVEDRA	CENTRO DE TRABALLO	CONVENIO COLECTIVO	3604512	1	31	29	01/10/2009	31/12/2011	CC.OO, CIG
GADISVEN, S.A.	COMUNIDADE AUTÓNOMA	EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	8201032	1	53	47,2	01/01/2009	31/12/2011	CC.OO, CTI
CABLERÍAS AUTO, S.L.	PONTEVEDRA	EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	3604522	1	55	29,3	01/01/2009	31/12/2011	UGT, CIG, Independentes (CC.OO participa - non asina)
DISTRIGALICIA, S.L.	A CORUÑA	EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	1504762	1	65	46,1	01/01/2009	31/12/2011	CIG, USTG
CONCELLO DE ORTIGUEIRA - Persoal laboral	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	1504752	1	65	84,11	26/04/2010	25/04/2014	UGT
CONCELLO DE TEO - Persoal laboral	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	1504742	1	50	84,11	27/04/2010	31/12/2011	UGT, CC.OO, CIG
CONCELLO DE TEO - Acordo regulador funcionarios	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS		1	25	84,11	27/04/2010	31/12/2011	UGT, CC.OO, CIG (CSI-CSIF participa - non asina)
URBASER, S.A. - Servizo público de limpeza viaria de Moaña	PONTEVEDRA	CENTRO DE TRABALLO	CONVENIO COLECTIVO	3604531	1	6	38,11	01/01/2009	31/12/2012	UGT
CELTA PRIX, S.L. - Servizo de recollida de lixo no centro de traballo de Vilanova - Cambados - Meis	PONTEVEDRA	CENTRO DE TRABALLO	CONVENIO COLECTIVO	3604541	1	18	38,11	01/01/2010	31/12/2011	CC.OO
CONCELLO DE VEDRA - Persoal laboral	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	1504772	1	43	84,11	05/06/2010	31/12/2011	UGT, CC.OO
GRUPO ANTOLÍN PGA, S.A.U.	PONTEVEDRA	EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	3604552	1	140	29,32	01/01/2009	31/12/2011	UGT, CIG (CC.OO participa - non asina)
EVENTOS, SERVIZOS E PRODUCIÓNS CULTURAIS	COMUNIDADE AUTÓNOMA	SECTOR	CONVENIO COLECTIVO	8201055	300	3.500	90	01/01/2010	31/12/2012	UGT, CC.OO (CIG participa - non asina)
CONCELLO DE CAMARIÑAS - Persoal laboral	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	1504782	1	60	84,11	30/03/2010	31/12/2010	UGT, CIG (CC.OO participa - non asina)
SILICIO FERROSOLAR, S.L. (Fábrica de Sabón - Arteixo)	A CORUÑA	CENTRO DE TRABALLO	CONVENIO COLECTIVO	1504791	1	19	24,1	01/01/2010	31/12/2011	Non indica
BOTAMAVI SERVICIOS GENERALES MARÍTIMOS, S.L.	PONTEVEDRA	EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	3604562	1	14	52,22	01/01/2010	31/12/2011	Non indica
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E XIMNASIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	COMUNIDADE AUTÓNOMA	SECTOR	CONVENIO COLECTIVO	8201065	100	1.660	93,1	29/07/2010	31/12/2012	CC.OO, CIG (UGT participa - non asina)
CRUZ ROJA ESPAÑOLA - LUGO	LUGO	CENTRO DE TRABALLO	CONVENIO COLECTIVO	2701101	1	113	88	01/01/2010	31/12/2011	UGT, CC.OO
CONCELLO DE BERGONDO - Acordo regulador funcionarios	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	ACORDO REGULADOR FUNCIONARIOS		1	21	84,11	06/11/2010	31/12/2012	CC.OO, CIG
CONCELLO DE BERGONDO - Persoal laboral	A CORUÑA	GRUPO PROFESIONAL DENTRO DA EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	1504802	1	66	84,11	03/11/2010	31/12/2012	CC.OO, CIG
GRUPO ANTOLÍN VIGO	PONTEVEDRA	EMPRESA	CONVENIO COLECTIVO	3604572	1	105	29,32	27/07/2010	30/07/2013	UGT, CC.OO (CIG participa - non asina)

Resúmese no seguinte cadro os convenios renovados, os revisados e os negociados por primeira vez en 2010.

DETALLE DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA NO ANO 2010

			SECTOR	EMPRESA	TOTAL
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	CONVENIOS RENOVADOS	Nº CONVENIOS	2	6	**8**
		Nº TRABALLAD.	1.787	2.382	**4.169**
	CONVENIOS REVISADOS	Nº CONVENIOS	7	4	**11**
		Nº TRABALLAD.	16.778	492	**17.270**
	NEGOCIADOS VEZ 1ª	Nº CONVENIOS	2	1	**3**
		Nº TRABALLAD.	5.160	53	**5.213**
A CORUÑA	CONVENIOS RENOVADOS	Nº CONVENIOS	6	21	**27**
		Nº TRABALLAD.	11.250	1.793	**13.043**
	CONVENIOS REVISADOS	Nº CONVENIOS	6	5	**11**
		Nº TRABALLAD.	32.734	445	**33.179**
	NEGOCIADOS VEZ 1ª	Nº CONVENIOS		9	**9**
		Nº TRABALLAD.		414	**414**
LUGO	CONVENIOS RENOVADOS	Nº CONVENIOS	3	15	**18**
		Nº TRABALLAD.	2.290	817	**3.107**
	CONVENIOS REVISADOS	Nº CONVENIOS	7	5	**12**
		Nº TRABALLAD.	6.374	156	**6.530**
	NEGOCIADOS VEZ 1ª	Nº CONVENIOS		1	**1**
		Nº TRABALLAD.		113	**113**
OURENSE	CONVENIOS RENOVADOS	Nº CONVENIOS	8	10	**18**
		Nº TRABALLAD.	17.830	1.180	**19.010**
	CONVENIOS REVISADOS	Nº CONVENIOS	7		**7**
		Nº TRABALLAD.	8.459		**8.459**
	NEGOCIADOS VEZ 1ª	Nº CONVENIOS			**0**
		Nº TRABALLAD.			**0**
PONTEVEDRA	CONVENIOS RENOVADOS	Nº CONVENIOS	9	47	**56**
		Nº TRABALLAD.	24.341	5.006	**29.347**
	CONVENIOS REVISADOS	Nº CONVENIOS	4	7	**11**
		Nº TRABALLAD.	34.988	208	**35.196**
	NEGOCIADOS VEZ 1ª	Nº CONVENIOS		7	**7**
		Nº TRABALLAD.		369	**369**
GALICIA	CONVENIOS RENOVADOS	Nº CONVENIOS	**28**	**99**	**127**
		Nº TRABALLAD.	**57.498**	**11.178**	**68.676**
	CONVENIOS REVISADOS	Nº CONVENIOS	**31**	**21**	**52**
		Nº TRABALLAD.	**99.333**	**1.301**	**100.634**
	NEGOCIADOS VEZ 1ª	Nº CONVENIOS	**2**	**18**	**20**
		Nº TRABALLAD.	**5.160**	**949**	**6.109**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Os cadros seguintes indican os convenios asinados este ano, os que inician a súa vixencia en 2010, e a diferenza entre os dous.

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS EN 2010 EN GALICIA, CON EFECTOS PARA 2010

C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA		
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	7	2.435	30	2.207	16	930	10	1.180	54	5.375	117	12.127
SECTOR	4	6.947	6	11.250	3	2.290	8	17.830	9	24.341	30	62.658
TOTAL	11	9.382	36	13.457	19	3.220	18	19.010	63	29.716	147	74.785

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS EN 2010 EN GALICIA, CON INICIO DE EFECTOS EN 2010

C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA		
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	2	1.657	19	1.164	7	357	7	1.027	33	3.008	68	7.213
SECTOR	4	6.947	4	8.587	1	750	8	17.830	1	1.700	18	35.814
TOTAL	6	8.604	23	9.751	8	1.107	15	18.857	34	4.708	86	43.027

DIFERENZA

C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA		
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	5	778	11	1.043	9	573	3	153	21	2.367	49	4.914
SECTOR	0	0	2	2.663	2	1.540	0	0	8	22.641	12	26.844
TOTAL	5	778	13	3.706	11	2.113	3	153	29	25.008	61	31.758

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Como resumo da ***negociación feita no ano 2010***, o cadro que segue reflicte unha síntese da negociación colectiva en Galicia en dito ano.

Nel pódense apreciar os convenios asinados e revisados no ano 2010 e os traballadores/as e empresas aos que afectan, así como o incremento salarial pactado (media ponderada).

SÍNTESE DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA A 31/12/2010, CON EFECTOS PARA 2010

			Incrementos salariais ponderados			
	Convenios asinados	**Convenios revisados**	**Convenios asinados**	**Convenios revisados**	**Nº Traballad.**	**Nº Empresas**
Empresa	117	21	2,78	3,01	13.428	146
Sector	30	31	2,28	2,83	161.991	24.557
	147	**52**		**2,69**	**175.419**	**24.703**
		199				

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

(Os datos dos incrementos salariais ponderados indicados neste cadro están calculados tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados este ano 2010)

- Se ademais dos convenios asinados este ano se teñen en conta os convenios asinados en anos anteriores con vixencia para o ano 2010 ou posterior, ***o número de convenios con vixencia expresa para o 2010 é de 366. Estes convenios afectan a 271.885 traballadores/as.***

  O seguinte cadro reflicte estes datos con maior detalle.

CONVENIOS COLECTIVOS CON VIXENCIA EXPRESA EN 2010

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	19	6.136	77	6.509	40	2.853	20	1.868	134	24.398	290	41.764
SECTOR	12	21.870	16	78.669	10	8.664	17	26.559	21	94.329	76	230.091
TOTAL	31	28.006	93	85.178	50	11.517	37	28.427	155	118.727	366	271.855

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Os 76 convenios de sector supoñen o 58% respecto do número total de convenios de sector existentes, e os 290 de empresa o 42% do total de convenios de empresa existentes.

O cadro e gráficos que seguen recollen o número de convenios con **vixencia expresa en cada ano do período 2002 – 2010** e o número de traballadores/as aos que afectan.

	Convenios con vixencia expresa no ano indicado			
	EMPRESA	SECTOR	TOTAL	Nº TRABALLAD.
2002	323	89	**412**	**314.282**
2003	325	91	**416**	**335.853**
2004	328	80	**408**	**330.775**
2005	329	91	**420**	**337.055**
2006	324	83	**407**	**332.366**
2007	344	80	**424**	**410.501**
2008	319	85	**404**	**399.140**
2009	312	84	**396**	**407.891**
2010	290	76	**366**	**271.855**

CONVENIOS CON VIXENCIA EXPRESA 2002 – 2010



TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

4. ÁMBITOS DE APLICACIÓN: FUNCIONAL, TERRITORIAL, TEMPORAL E PERSOAL.

Respecto destes ámbitos, e segundo se pode apreciar nos cadros e gráfico seguintes, os 199 convenios asinados ou revisados este ano, distribúense do seguinte xeito:

O 31% do total son de sector (61 convenios) e o 69% de empresa (138 convenios).

Só un 11% son de ámbito superior ao da provincia, e por provincias o maior número de convenios asinados ou revisados corresponde a Pontevedra co 37%, seguida da Coruña co 24%.

Tendo en conta o número de traballadores/as, o maior número corresponde a Pontevedra co 37%, seguida da Coruña co 27%.

A maioría dos traballadores/as están afectados por convenios asinados ou revisados de sector (161.991 traballadores/as, o que supón o 92,4% do total).

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS EN GALICIA, CON EFECTOS PARA 2010

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	7	2.435	30	2.207	16	930	10	1.180	54	5.375	117	12.127
SECTOR	4	6.947	6	11.250	3	2.290	8	17.830	9	24.341	30	62.658
TOTAL	11	9.382	36	13.457	19	3.220	18	19.010	63	29.716	147	74.785

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS COLECTIVOS REVISADOS EN GALICIA, CON EFECTOS PARA 2010

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	4	492	5	445	5	156			7	208	21	1.301
SECTOR	7	16.778	6	32.734	7	6.374	7	8.459	4	34.988	31	99.333
TOTAL	11	17.270	11	33.179	12	6.530	7	8.459	11	35.196	52	100.634

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

TOTAL CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS

	C. AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS COMUNIDADE AUTÓNOMA		A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL GALICIA	
	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.	Nº	TRABALLAD.
EMPRESA	11	2.927	35	2.652	21	1.086	10	1.180	61	5.583	138	13.428
SECTOR	11	23.725	12	43.984	10	8.664	15	26.289	13	59.329	61	161.991
TOTAL	22	26.652	47	46.636	31	9.750	25	27.469	74	64.912	199	175.419

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS EN 2010



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Por sectores económicos, nos convenios de sector son os asinados ou revisados no sector servizos e no sector da industria os que concentran o maior número de traballadores/as.

Nos convenios de empresa é o sector da industria o que ocupa o maior número de traballadores/as

Traballadores/as e empresas afectados por convenios colectivos asinados e revisados. Sector. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agric. e Pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	**0**	**0**
Industria	2.854	52	10.480	1.015	2.374	600	7.129	703	32.255	5.390	**55.092**	**7.760**
Construción	450	20	-	-	-	-	9.635	685	-	-	**10.085**	**705**
Servizos	20.421	3.957	33.504	3.625	6.290	1.420	9.525	4.216	27.074	2.874	**96.814**	**16.092**
Total	**23.725**	**4.029**	**43.984**	**4.640**	**8.664**	**2.020**	**26.289**	**5.604**	**59.329**	**8.264**	**161.991**	**24.557**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Convenios de sector
Traballadores/as afectados/as por sectores económicos



Empresas afectadas por sectores económicos



Traballadores/as e empresas afectados por convenios colectivos asinados e revisados.
Grupos de empresas, empresas e ámbitos inferiores. Por provincias e sectores económicos. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas	Nº traballad.	Nº empresas
Agric. e Pesca	200	1	-	-	111	3	-	-	-	-	**311**	**4**
Industria	1.679	4	1.578	14	460	9	1.015	7	4.334	37	**9.066**	**71**
Construción	-	-	-	-	27	1	-	-	-	-	**27**	**1**
Servizos	1.048	9	1.074	25	488	9	165	3	1.249	24	**4.024**	**70**
Total	**2.927**	**14**	**2.652**	**39**	**1.086**	**22**	**1.180**	**10**	**5.583**	**61**	**13.428**	**146**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais





Tendo en conta o número de empresas ás que afectan os convenios de sector asinados e revisados este ano, obsérvase que o maior número de convenios está comprendido no tramo de 101 a 500 empresas (un 36,07%), seguido do de 51 a 100 empresas (o 29,51%) e do de 0 a 50 empresas (o 14,75%).

No cadro seguinte pódense apreciar estes datos por provincias.

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de empresas afectadas. Sector.
Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 empresas	2	18,18	2	16,67	1	10,00	3	20,00	1	7,69	**9**	**14,75**
51-100 empresas	5	45,45	4	33,33	1	10,00	5	33,33	3	23,08	**18**	**29,51**
101-500 empresas	3	27,27	4	33,33	7	70,00	4	26,67	4	30,77	**22**	**36,07**
501-1.000 empresas	-	0,00	1	8,33	1	10,00	1	6,67	3	23,08	**6**	**9,84**
1.001-2.000 empresas	-	0,00	1	8,33	-	0,00	2	13,33	1	7,69	**4**	**6,56**
+ de 2.000 empresas	1	9,09	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	7,69	**2**	**3,28**
Total convenios	**11**	**100**	**12**	**100**	**10**	**100**	**15**	**100**	**13**	**100**	**61**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Tendo en conta o número de traballadores/as aos que afecta cada convenio pódese sinalar o seguinte:

- Nos convenios de sector o maior número deles concéntrase nos tramos que afectan entre 1.001 e 3.000 traballadores/as (23 convenios, un 37,7%) e entre 101 e 500 traballadores/as (17 convenios, un 27,87%), seguidos dos que afectan entre 501 e 1.000 traballadores/as e entre 3.001 e 5.000 (6 convenios, un 9,84% para cada un deles).

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores/as afectados/as. Sector. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-50 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
51-100 trab.	-	0,00	-	0,00	1	10,00	1	6,67	-	0,00	**2**	**3,28**
101-500 trab.	2	18,18	4	33,33	3	30,00	5	33,33	3	23,08	**17**	**27,87**
501-1.000 trab.	1	9,09	-	0,00	3	30,00	1	6,67	1	7,69	**6**	**9,84**
1.001-3.000 trab.	6	54,55	3	25,00	3	30,00	6	40,00	5	38,46	**23**	**37,70**
3.001-5.000 trab.	1	9,09	2	16,67	-	0,00	1	6,67	2	15,38	**6**	**9,84**
5.001-10.000 trab.	1	9,09	2	16,67	-	0,00	1	6,67	-	0,00	**4**	**6,56**
10.001-20.000 trab.	-	0,00	1	8,33	-	0,00	-	0,00	1	7,69	**2**	**3,28**
+20.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	7,69	**1**	**1,64**
Total convenios	**11**	**100**	**12**	**100**	**10**	**100**	**15**	**100**	**13**	**100**	**61**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- Nos convenios de empresa o 33,33% son convenios de empresas que teñen ata 30 traballadores/as.

  Os tramos seguintes son os dos convenios que afectan a empresas de 50 a 100 traballadores/as (21,01%), de 101 a 250 traballadores/as (20,29%) e de 31 a 49 traballadores/as (18,12%).

Convenios colectivos asinados e revisados en función do número de traballadores/as afectados/as. Empresa. Porcentaxe sobre o total negociado. Por provincias. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-5 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
6-30 trab.	2	18,18	13	37,14	11	52,38	1	10,00	19	31,15	**46**	**33,33**
31-49 trab.	1	9,09	3	8,57	2	9,52	4	40,00	15	24,59	**25**	**18,12**
50-100 trab.	3	27,27	9	25,71	4	19,05	3	30,00	10	16,39	**29**	**21,01**
101-250 trab.	2	18,18	10	28,57	4	19,05	-	0,00	12	19,67	**28**	**20,29**
251-500 trab.	2	18,18	-	0,00	-	0,00	2	20,00	4	6,56	**8**	**5,80**
501-750 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
751-1.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,64	**1**	**0,72**
1.001-2.000 trab.	1	9,09	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**0,72**
2.001-3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
+ 3.000 trab.	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
Total convenios	**11**	**100**	**35**	**100**	**21**	**100**	**10**	**100**	**61**	**100**	**138**	**100**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Nos cadros seguintes pode apreciarse onde se concentra o maior número de traballadores/as afectados/as polos convenios de sector e de empresa asinados este ano, segundo as seccións da CNAE 2009.

-Convenios de sector asinados (as porcentaxes están calculadas respecto do total de traballadores/as afectados/as por convenios asinados de sector).

Porcentaxe de traballadores/as afectados/as polos convenios de sector asinados.
Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2010

CONVENIOS ASINADOS DE SECTOR	% respecto do total de traballadores/as afectados/as
SECCIÓNS CNAE 2009	
C Industria manufactureira	26,08%
F Construción	16,10%
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	36,66%
H Transporte e almacenamento	6,63%
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	2,68%
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	2,74%
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	0,12%
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	8,24%
S Outros servizos	0,77%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

-Convenios de empresa asinados (as porcentaxes están calculadas respecto do total de traballadores/as afectados/as por convenios asinados de empresa).

Porcentaxe de traballadores/as afectados/as polos convenios de empresa asinados.
Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2010

CONVENIOS ASINADOS DE EMPRESA	% respecto do total de traballadores/as afectados/as
SECCIÓNS CNAE 2009	
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	0,92%
B Industrias extractivas	0,30%
C Industria manufactureira	65,84%
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	4,13%
F Construción	0,22%
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2,66%
H Transporte e almacenamento	7,56%
I Hostalería	0,83%
J Información e comunicacións	1,34%
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	2,56%
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	3,30%
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	6,71%
P Educación	0,64%
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	1,83%
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1,16%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Ámbito temporal

En 40 convenios de empresa, o 34,2% do total de empresa asinados, establécese unha vixencia de 3 anos, sendo esta a que máis se repite.

Un 25,6% indican unha vixencia de 2 anos e un 17,1% indican 1 ano.

O 15,4% indica unha vixencia superior de 3 anos.

Nos 30 convenios de sector asinados o 36,7% indica unha vixencia de 3 anos. Un 23,3% indica 1 ano e outro 23,3 indican 2 anos.

O 10% indica máis de 3 anos.

Entre os convenios asinados que teñen vixencia superior a un ano (119 convenios, o 80,95% do total), 19 rematan a súa vixencia neste ano 2010 (1 é de sector e 18 de empresa).

Esta información pódese ver con maior detalle nos cadros e gráficos seguintes.

Vixencias medias dos convenios colectivos de empresa. Porcentaxe sobre o total de convenios asinados. Por provincias. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	1,85	**1**	**0,85**
1 ano	1	14,29	4	13,33	2	12,50	5	50,00	8	14,81	**20**	**17,09**
De 1 a 2 anos	-	0,00	3	10,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**3**	**2,56**
2 anos	2	28,57	7	23,33	4	25,00	4	40,00	13	24,07	**30**	**25,64**
De 2 a 3 anos	-	0,00	3	10,00	-	0,00	-	0,00	2	3,70	**5**	**4,27**
3 anos	2	28,57	8	26,67	5	31,25	1	10,00	24	44,44	**40**	**34,19**
Máis de 3 anos	2	28,57	5	16,67	5	31,25	-	0,00	6	11,11	**18**	**15,38**
Total	**7**		**30**		**16**		**10**		**54**		**117**	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



Vixencias medias dos convenios colectivos de sector. Porcentaxe sobre o total de convenios asinados. Por provincias. Galicia. 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C. A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Menos de 1 ano	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**0**	**0,00**
1 ano	-	0,00	2	33,33	-	0,00	5	62,50	-	0,00	**7**	**23,33**
De 1 a 2 anos	-	0,00	-	0,00	-	0,00	1	12,50	-	0,00	**1**	**3,33**
2 anos	2	50,00	1	16,67	-	0,00	2	25,00	2	22,22	**7**	**23,33**
De 2 a 3 anos	1	25,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	-	0,00	**1**	**3,33**
3 anos	1	25,00	2	33,33	1	33,33	-	0,00	7	77,78	**11**	**36,67**
Máis de 3 anos	-	0,00	1	16,67	2	66,67	-	0,00	-	0,00	**3**	**10,00**
Total	**4**		**6**		**3**		**8**		**9**		**30**	

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia



- ***Ultractividade***

Teñen cláusulas ao respecto 9 convenios, dos que 2 son de sector e 7 de empresa.

Recolle un convenio de empresa ao regular a incapacidade temporal o seguinte parágrafo:

As prestacións por Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común, serán igual ao cen por cento do salario que lle corresponda traballando normalmente. Estas retribucións percibiranse a partir do día vinte da baixa, e afectará soamente ás baixas producidas a partir do 1 de xaneiro do ano en curso. Este apartado será de vixencia exclusiva durante a duración do presente convenio.

Sinala outro tamén de empresa respecto dos complementos o seguinte:

Debido á problemática situación financeira que se atravesa, a empresa, sempre logo de acordo unánime cos Representantes dos traballadores, poderá en casos excepcionais como absentismo elevado ou faltas moi graves, reservarse o dereito a aboar calquera dos plus que complementan o salario. Esta cláusula terá vixencia durante o presente convenio polo que quedará sen validez automaticamente o próximo 31 de decembro de 2010.

Nos demais de empresa as cláusulas fan referencia ao seguinte:

Nun deles suprímese o premio de fidelización a partir dunha data concreta que sinalan, noutro redúcese a xornada semanal a partir do ano seguinte ao de finalización do convenio e en 3 indican o mantemento da regulación da xornada para anos sucesivos.

Nos de sector recóllese nun deles o compromiso de asumir unha porcentaxe concreta no referente á incapacidade temporal por enfermidade común no novo convenio e no outro con vixencia para 2010, fíxase a xornada para 2011.

5. DESENVOLVEMENTO DA NEGOCIACIÓN

➢ Composición das mesas negociadoras :

Analizáronse neste punto os 137 convenios dos asinados este ano nos que figura nas actas a composición da comisión negociadora de xeito nominativo.

Supoñen estes convenios o 93,2% dos asinados e afectan a 68.317 traballadores/as (o 91,4% do total).

O cadro e gráficos que seguen a continuación reflicten o número de mulleres e homes que participaron nas mesas de negociación este ano (referido aos 137 convenios dos que se coñece a composición nominal das devanditas mesas).

CONVENIOS DOS QUE SE COÑECE A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA

	Nº CONVENIOS	% SOBRE O TOTAL DOS ASINADOS EN 2010	Nº TRABALLAD.	% SOBRE O TOTAL DE TRABALLAD. AFECT. POR CONVENIOS ASINADOS EN 2010	COMPOSICIÓN MESAS NEGOCIADORAS					
					EMPRESA / ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS		ORGANIZACIÓNS SINDICAIS		TOTAL	
					HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
EMPRESA	113	96,6%	11.320	93,3%	207	47 (1 é asesora)	477	135 (17 son asesoras)	684	182 (18 son asesoras)
SECTOR	24	80,0%	56.997	91,0%	119	28 (4 son asesoras)	180	80 (8 son asesoras)	299	108 (12 son asesoras)
TOTAL	137	93,2%	68.317	91,4%	326	75 (5 son asesoras)	657	215 (25 son asesoras)	983	290 (30 son asesoras)

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010









Segundo se pode ver con máis detalle no cadro e gráfico que seguen, existe participación de mulleres na comisión negociadora en 92 convenios (67,2%) que afectan a 62.240 traballadores/as (o 91,1%).

Estas porcentaxes están calculadas respecto dos convenios e traballadores/as afectados/as por eles dos que se coñece a composición da comisión negociadora.

CONVENIOS DOS QUE SE COÑECE A COMPOSICIÓN DA COMISIÓN NEGOCIADORA. PARTICIPACIÓN DE MULLERES
(Porcentaxes calculadas respecto dos convenios dos que se coñece a composición da comisión negociadora)

	CONVENIOS NOS QUE PARTICIPAN MULLERES NA NEGOCIACIÓN		TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS POR CONVENIOS NOS QUE PARTICIPAN MULLERES NA NEGOCIACIÓN	
	Nº	%	Nº	%
A CORUÑA	25	69,4%	11.054	82,1%
LUGO	9	47,4%	1.551	48,2%
OURENSE	9	69,2%	15.186	96,6%
PONTEVEDRA	42	70,0%	25.902	96,3%
COMUNIDADE AUTÓNOMA	7	77,8%	8.547	94,8%
TOTAL	92	67,2%	62.240	91,1%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PARTICIPACIÓN DE MULLERES NAS COMISIÓNS NEGOCIADORAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

➢ Duración das negociacións:

Na elaboración deste dato empréganse como data inicial a da constitución da comisión negociadora, recollida da que se sinala na folla estatística do convenio, ou nas actas se se dispón delas, e como data final a da sinatura do convenio.

O 21,4% dos convenios de empresa asinados este ano negociáronse nun mes ou menos. No 39,3% a negociación durou máis de 3 meses e ata 9 meses.

Nos convenios de sector no 30% a negociación durou máis de 3 meses e ata 6 meses e o 20% empregou na negociación 1 mes ou menos.

Nos cadros que seguen a continuación poden apreciarse estes datos respecto dos convenios de empresa e de sector por provincias.

DURACIÓN DAS NEGOCIACIÓNS. CONVENIOS DE EMPRESA.
PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE CONVENIOS ASINADOS

	C. Autónoma/ Interprov.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	2	28,57%	4	13,33%	1	6,25%	5	50,00%	13	24,07%	**25**	**21,37%**
Máis de 1 mes ata 3 meses	1	14,29%	5	16,67%	1	6,25%	1	10,00%	11	20,37%	**19**	**16,24%**
Máis de 3 meses ata 6 meses	2	28,57%	3	10,00%	3	18,75%	2	20,00%	13	24,07%	**23**	**19,66%**
Máis de 6 meses ata 9 meses			5	16,67%	7	43,75%	1	10,00%	10	18,52%	**23**	**19,66%**
Máis de 9 meses ata 1 ano			3	10,00%	3	18,75%			1	1,85%	**7**	**5,98%**
Máis de 1 ano	2	28,57%	10	33,33%	1	6,25%	1	10,00%	6	11,11%	**20**	**17,09%**
Sen datos												
Total	**7**	**100%**	**30**	**100%**	**16**	**100%**	**10**	**100%**	**54**	**100%**	**117**	**100%**

DURACIÓN DAS NEGOCIACIÓNS. CONVENIOS DE SECTOR.
PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE CONVENIOS ASINADOS

	C. Autónoma/ Interprov.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos							4	50,00%	2	22,22%	**6**	**20,00%**
Máis de 1 mes ata 3 meses			1	16,67%			1	12,50%	2	22,22%	**4**	**13,33%**
Máis de 3 meses ata 6 meses	1	25,00%			1	33,33%	2	25,00%	5	55,56%	**9**	**30,00%**
Máis de 6 meses ata 9 meses	1	25,00%	4	66,67%	1	33,33%	1	12,50%			**7**	**23,33%**
Máis de 9 meses ata 1 ano			1	16,67%							**1**	**3,33%**
Máis de 1 ano	2	50,00%			1	33,33%					**3**	**10,00%**
Sen datos												
Total	**4**	**100%**	**6**	**100%**	**3**	**100%**	**8**	**100%**	**9**	**100%**	**30**	**100%**

DURACIÓN DAS NEGOCIACIÓNS. TOTAL CONVENIOS DE EMPRESA E SECTOR.
PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE CONVENIOS ASINADOS

	C. Autónoma/ Interprov.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1 mes ou menos	2	18,18%	4	11,11%	1	5,26%	9	50,00%	15	23,81%	**31**	**21,09%**
Máis de 1 mes ata 3 meses	1	9,09%	6	16,67%	1	5,26%	2	11,11%	13	20,63%	**23**	**15,65%**
Máis de 3 meses ata 6 meses	3	27,27%	3	8,33%	4	21,05%	4	22,22%	18	28,57%	**32**	**21,77%**
Máis de 6 meses ata 9 meses	1	9,09%	9	25,00%	8	42,11%	2	11,11%	10	15,87%	**30**	**20,41%**
Máis de 9 meses ata 1 ano			4	11,11%	3	15,79%			1	1,59%	**8**	**5,44%**
Máis de 1 ano	4	36,36%	10	27,78%	2	10,53%	1	5,56%	6	9,52%	**23**	**15,65%**
Sen datos												
Total	**11**	**100%**	**36**	**100%**	**19**	**100%**	**18**	**100%**	**63**	**100%**	**147**	**100%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

6. INCREMENTO SALARIAL PACTADO

A) INCREMENTO SALARIAL PACTADO.

O incremento salarial medio pactado nos 199 convenios asinados ou revisados en 2010 en Galicia é do 2,69%.

Esta media ponderada está calculada tendo en conta o incremento salarial indicado en porcentaxe nos convenios asinados e revisados este ano e as cláusulas de revisión salarial que recollen o 45,6% dos convenios asinados e o 57,7% dos revisados.

Este incremento é inferior ao IPC galego de 2010 que foi do 3,1 e tamén ao estatal que foi do 3,0.

MEDIA PONDERADA DO INCREMENTO SALARIAL PACTADO
INCREMENTO FINAL (Cálculos feitos tendo en conta as cláusulas de revisión salarial)

	CONVENIOS ASINADOS SECTOR	CONVENIOS REVISADOS SECTOR	CONVENIOS ASINADOS EMPRESA	CONVENIOS REVISADOS EMPRESA	MEDIA TOTAL
A CORUÑA	2,42	3,16	2,53	3,81	**2,99**
LUGO	3,44	3,66	2,98	3,27	**3,55**
OURENSE	1,57	2,30	1,79		**1,81**
PONTEVEDRA	3,17	2,48	2,62	2,64	**2,64**
COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROV. C.A.	0,80	2,86	3,58	2,35	**2,89**
TOTAL GALICIA	**2,28**	**2,83**	**2,78**	**3,01**	**2,69**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010



No gráfico seguinte pódese apreciar a evolución do incremento salarial pactado e o IPC en Galicia no período 2000 - 2010.

Nel pode apreciarse que continúa a tendencia descendente no incremento pactado.



	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Incremento salarial Galicia	3,40	3,33	3,74	3,50	3,93	4,37	3,88	5,01	4,07	3,31	2,69
IPC real Galicia	3,7	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais e INE

O gráfico seguinte recolle o incremento pactado en 2010 e o IPC por provincias.



	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL GALICIA
IPC 2010	3,1	3,0	3,1	3,1	3,1
Incremento 2010	2,99	3,55	1,81	2,64	2,69

O tipo de incremento que se pacta maioritariamente consiste en sinalar unha porcentaxe concreta ou fixalo en función do IPC (IPC previsto ou real do ano 2010 ou IPC real do ano anterior).
Como consecuencia da evolución seguida polo IPC en anos anteriores, sinálase nalgúns convenios o incremento mínimo que se deberá aplicar no caso de que este fose negativo.

O tramo de incremento salarial "*Maior que 2,5 e menor ou igual ao 3*" é no que se atopa o maior número de convenios asinados e revisados este ano en Galicia. O tramo que agrupa o maior número de traballadores/as e o "*Maior que 2 e menor ou igual ao 2,5*".

Nos cadros e gráficos que seguen a continuación, pode apreciarse o tramo de incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados este ano e unha comparativa entre os tramos de incrementos pactados nos convenios de sector asinados e revisados e entre os convenios de empresa asinados e revisados.

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS
Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final
Porcentaxe sobre o total negociado. Galicia. 2010

Aumento salarial	Convenios/ Revisións	% sobre o total	Empresas	% sobre o total	Traballadores/as	% sobre o total
Total convenios asinados e revisados	**199**		**24.703**		**175.419**	
Subtotal de convenios con incremento en %	**157**	**78,89%**	**23.785**	**96,28%**	**149.434**	**85,19%**
Menor que 1%	20	10,05%	263	1,06%	4.802	2,74%
Igual ao 1%	4	2,01%	103	0,42%	1.860	1,06%
Maior que 1% e menor ou igual que 1,5%	18	9,05%	2.973	12,03%	20.051	11,43%
Maior que 1,5% e menor ou igual ao 2%	17	8,54%	833	3,37%	12.762	7,28%
Maior que 2% e menor ou igual ao 2,5%	11	5,53%	6.347	25,69%	34.935	19,92%
Maior que 2,5% e menor ou igual ao 3%	39	19,60%	6.983	28,27%	29.724	16,94%
Maior que 3% e menor ou igual ao 3,5%	19	9,55%	2.121	8,59%	13.962	7,96%
Maior que 3,5% e menor ou igual ao 4%	18	9,05%	2.955	11,96%	14.581	8,31%
Superior ao 4%	11	5,53%	1.207	4,89%	16.757	9,55%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL



TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS POR CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL



CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS E REVISADOS

Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final
Porcentaxe sobre o total de sector negociado. Galicia. 2010

Aumento salarial	CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS				CONVENIOS DE SECTOR REVISADOS			
	Convenios Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total	Revisións Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total
Total convenios sector	**30**		**62.658**		**31**		**99.333**	
Subtotal de convenios con incremento en %	**23**	**76,67%**	**38.897**	**62,08%**	**31**	**100,00%**	**99.333**	**100,00%**
Menor que 1%	3	10,00%	1.005	1,60%	1	3,23%	2.425	2,44%
Igual ao 1%	1	3,33%	1.607	2,56%		0,00%		0,00%
Maior que 1% e menor ou igual que 1,5%	3	10,00%	16.051	25,62%	5	16,13%	3.434	3,46%
Maior que 1,5% e menor ou igual ao 2%	2	6,67%	1.900	3,03%	3	9,68%	10.193	10,26%
Maior que 2% e menor ou igual ao 2,5%	1	3,33%	331	0,53%	3	9,68%	33.986	34,21%
Maior que 2,5% e menor ou igual ao 3%	5	16,67%	10.050	16,04%	5	16,13%	16.654	16,77%
Maior que 3% e menor ou igual ao 3,5%	5	16,67%	4.338	6,92%	4	12,90%	7.721	7,77%
Maior que 3,5% e menor ou igual ao 4%	2	6,67%	2.415	3,85%	8	25,81%	9.851	9,92%
Superior ao 4%	1	3,33%	1.200	1,92%	2	6,45%	15.069	15,17%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL



CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS E REVISADOS

Por tramo de aumento salarial pactado. Incremento final
Porcentaxe sobre o total de empresa negociado. Galicia. 2010

Aumento salarial	CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS				CONVENIOS DE EMPRESA REVISADOS			
	Convenios Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total	Revisións Sector	% sobre o total	Traballad.	% sobre o total
Total convenios empresa	**117**		**12.127**		**21**		**1.301**	
Subtotal de convenios con incremento en %	**82**	**70,09%**	**9.903**	**81,66%**	**21**	**100,00%**	**1.301**	**100,00%**
Menor que 1%	14	11,97%	1.170	9,65%	2	9,52%	202	15,53%
Igual ao 1%	3	2,56%	253	2,09%		0,00%		0,00%
Maior que 1% e menor ou igual que 1,5%	7	5,98%	493	4,07%	3	14,29%	73	5,61%
Maior que 1,5% e menor ou igual ao 2%	10	8,55%	620	5,11%	2	9,52%	49	3,77%
Maior que 2% e menor ou igual ao 2,5%	5	4,27%	572	4,72%	2	9,52%	46	3,54%
Maior que 2,5% e menor ou igual ao 3%	28	23,93%	3.003	24,76%	1	4,76%	17	1,31%
Maior que 3% e menor ou igual ao 3,5%	7	5,98%	1.590	13,11%	3	14,29%	313	24,06%
Maior que 3,5% e menor ou igual ao 4%	4	3,42%	1.852	15,27%	4	19,05%	463	35,59%
Superior ao 4%	4	3,42%	350	2,89%	4	19,05%	138	10,61%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS E REVISADOS SEGUNDO TRAMO DE INCREMENTO SALARIAL



Por sectores de actividade os incrementos son os seguintes:

MEDIA PONDERADA POR SECTORES DE ACTIVIDADE. ANO 2010
INCREMENTO FINAL
(CÁLCULO FEITO TENDO EN CONTA AS CLÁUSULAS DE REVISIÓN SALARIAL)

	COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPRV. C.A.	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
AGRICULTURA	3,50		3,00			3,37
INDUSTRIA	3,97	2,89	3,88	1,92	2,55	2,70
CONSTRUCIÓN	0,80		1,85	1,50		1,47
SERVIZOS	2,61	3,03	3,42	2,05	2,85	2,84
TOTAL	**2,89**	**2,99**	**3,55**	**1,81**	**2,64**	**2,69**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010



No cadro seguinte pódense apreciar os incrementos segundo as Seccións da CNAE 2009.

Incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados.
Por provincias e seccións da CNAE 2009. Galicia. 2010

CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2010	C. Autónoma/ Interprov.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
SECCIÓNS CNAE 2009						
A Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	3,50	-	3,00	-	-	**3,37**
B Industrias extractivas	4,00	-	4,00	-	-	**4,00**
C Industria manufactureira	3,92	2,89	3,88	1,92	2,54	**2,63**
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-	-	-	-	-	**-**
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	-	3,16	3,47	-	4,81	**3,75**
F Construción	0,80	-	1,85	1,50	-	**1,47**
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1,50	4,25	2,77	1,61	3,26	**3,51**
H Transporte e almacenamento	3,38	1,22	3,94	-	2,38	**2,50**
I Hostalería	-	3,10	-	3,00	-	**3,00**
J Información e comunicacións	0,68	-	-	-	3,00	**1,28**
K Actividades financeiras e de seguros	-	-	-	-	-	**-**
L Actividades inmobiliarias	-	-	-	-	-	**-**
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	3,00	2,05	3,89	-	1,55	**2,07**
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	0,50	2,02	3,45	1,50	0,30	**2,28**
O Administración Pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-	-	-	-	-	**-**
P Educación	3,00	-	-	-	0,80	**2,49**
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	2,21	0,80	2,00	0,50	-	**2,18**
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	-	-	3,00	-	1,32	**1,75**
S Outros servizos	3,00	0,80	-	-	-	**2,87**
T Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	-	-	-	-	-	**-**
U Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	-	-	-	-	-	**-**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Incremento salarial tendo en conta a negociación feita en Galicia en anos anteriores**:

O cadro que segue a continuación reflicte o incremento salarial calculado tendo en conta, ademais do incremento pactado nos convenios asinados e revisados en Galicia en 2010, os incrementos indicados en convenios asinados en anos anteriores que teñen vixencia para este ano e que non asinaron revisión salarial.

Tendo en conta o incremento salarial indicado nos convenios asinados antes do 2010 con vixencia para este ano, o incremento salarial que resulta (media ponderada) é do 2,97.

Esta media así calculada tamén é inferior ao IPC estatal e ao IPC galego.

INCREMENTO SALARIAL - MEDIA PONDERADA

(Cálculos feitos tendo en conta os incrementos indicados nos convenios asinados antes de 2010 con vixencia para este ano)

	CONVENIOS ASINADOS SECTOR	CONVENIOS REVISADOS SECTOR	CONVENIOS ASINADOS EMPRESA	CONVENIOS REVISADOS EMPRESA	MEDIA TOTAL
A CORUÑA	3,95	3,16	2,98	3,81	**3,57**
LUGO	3,44	3,66	3,05	3,27	**3,49**
OURENSE	1,57	2,30	2,44		**1,85**
PONTEVEDRA	3,15	2,48	2,66	2,64	**2,71**
COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROVINCIAIS	1,40	2,86	3,32	2,35	**2,87**
TOTAL GALICIA	**3,21**	**2,83**	**2,77**	**3,01**	**2,97**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010



- **Incremento salarial tendo en conta os convenios asinados e revisados en 2010 de ámbito estatal.**

Se ademais da negociación feita en Galicia neste ano temos en conta os convenios asinados e revisados de ámbito estatal con aplicación en Galicia dos que se dispón de datos neste Consello, resulta un incremento salarial de 2,46 (cálculo feito tendo en conta as cláusulas de revisión salarial)

MEDIA PONDERADA DO INCREMENTO SALARIAL PACTADO

Cálculo tendo en conta a negociación feita en Galicia e a de ámbito estatal con aplicación en Galicia

	CONVENIOS ASINADOS SECTOR	CONVENIOS REVISADOS SECTOR	CONVENIOS ASINADOS EMPRESA	CONVENIOS REVISADOS EMPRESA	MEDIA TOTAL
TOTAL GALICIA	2,12	2,57	2,51	2,61	2,46

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

- Recóllese a continuación o Incremento salarial pactado nos convenios asinados en 2010 que teñen o **inicio da súa vixencia en 2010:**

A media foi **calculada tendo en conta** o incremento e **as cláusulas de revisión salarial** indicados nos convenios.

	CONVENIOS ASINADOS SECTOR	CONVENIOS ASINADOS EMPRESA	MEDIA TOTAL
A CORUÑA	2,51	2,36	2,50
LUGO	1,80	3,82	2,40
OURENSE	1,57	1,88	1,59
PONTEVEDRA	3,50	2,16	2,71
COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROV. C. A.	0,80	3,95	3,28
TOTAL GALICIA	1,96	2,74	2,09

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010



- O cadro seguinte reflicte o **incremento salarial pactado inicialmente en 2010**, é dicir, o pactado antes de aplicar as cláusulas de revisión salarial por desviación na previsión da inflación.

MEDIA PONDERADA DO INCREMENTO SALARIAL PACTADO INICIALMENTE

(CÁLCULOS FEITOS SEN TER EN CONTA AS CLÁUSULAS DE REVISIÓN SALARIAL)

	CONVENIOS ASINADOS SECTOR	CONVENIOS REVISADOS SECTOR	CONVENIOS ASINADOS EMPRESA	CONVENIOS REVISADOS EMPRESA	MEDIA TOTAL
A CORUÑA	1,33	2,06	1,46	2,00	**1,89**
LUGO	2,09	2,72	1,82	1,90	**2,49**
OURENSE	1,51	1,68	0,99		**1,54**
PONTEVEDRA	2,14	2,26	1,42	2,46	**2,17**
COMUNIDADE AUTÓNOMA/ INTERPROV. C.A.	0,80	1,91	1,13	1,17	**1,78**
TOTAL GALICIA	**1,66**	**2,12**	**1,34**	**1,75**	**1,94**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010



B) CLÁUSULAS DE REVISIÓN SALARIAL PACTADAS NOS CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS E REVISADOS EN 2010.

Dos 199 convenios asinados ou revisados en 2010 teñen cláusula de revisión salarial 97, o 48,7%, e afectan a 85.453 traballadores/as (o 48,7%).

Isto supón, segundo se pode apreciar nos cadros que seguen, que o 45,6% dos convenios asinados e o 57,7% dos revisados este ano pactaron cláusulas de revisión salarial.

O número de traballadores/as aos que afectan estas cláusulas de revisión salarial supón o 38% nos convenios asinados e o 56,7% nos revisados.

CONVENIOS COLECTIVOS ASINADOS CON CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	1	25,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	2.316	95,11%	1.337	19,25%	3.653	**38,94%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	14	46,67%	3	50,00%	17	**47,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.065	48,26%	6.980	62,04%	8.045	**59,78%**
LUGO	Nº CONVENIOS	12	75,00%	2	66,67%	14	**73,68%**
	Nº TRABALLAD.	598	64,30%	1.540	67,25%	2.138	**66,40%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	3	37,50%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	614	52,03%	2.394	13,43%	3.008	**15,82%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	18	33,33%	6	66,67%	24	**38,10%**
	Nº TRABALLAD.	2.781	51,74%	8.811	36,20%	11.592	**39,01%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**52**	**44,44%**	**15**	**50,00%**	**67**	**45,58%**
	Nº TRABALLAD.	**7.374**	**60,81%**	**21.062**	**33,61%**	**28.436**	**38,02%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	57,1%	25,0%
A CORUÑA	46,7%	50,0%
LUGO	75,0%	66,7%
OURENSE	40,0%	37,5%
PONTEVEDRA	33,3%	66,7%

CONVENIOS COLECTIVOS REVISADOS CON CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	2	50,00%	5	71,43%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	290	58,94%	11.853	70,65%	12.143	**70,31%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	4	80,00%	5	83,33%	9	**81,82%**
	Nº TRABALLAD.	429	96,40%	26.948	82,32%	27.377	**82,51%**
LUGO	Nº CONVENIOS	3	60,00%	5	71,43%	8	**66,67%**
	Nº TRABALLAD.	130	83,33%	5.950	93,35%	6.080	**93,11%**
OURENSE	Nº CONVENIOS			3	42,86%	3	**42,86%**
	Nº TRABALLAD.			5.300	62,66%	5.300	**62,66%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	1	14,29%	2	50,00%	3	**27,27%**
	Nº TRABALLAD.	19	9,13%	6.098	17,43%	6.117	**17,38%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**10**	**47,62%**	**20**	**64,52%**	**30**	**57,69%**
	Nº TRABALLAD.	**868**	**66,72%**	**56.149**	**56,53%**	**57.017**	**56,66%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	50,0%	71,4%
A CORUÑA	80,0%	83,3%
LUGO	60,0%	71,4%
OURENSE		42,9%
PONTEVEDRA	14,3%	50,0%

O tipo de cláusula que se recolle na maioría dos convenios está vinculado ao IPC e fai referencia á compensación no caso de que exista diferenza entre o IPC real do ano e o previsto inicialmente.

En 30 convenios de sector (o 85,7% dos asinados e revisados de sector que teñen cláusula de revisión salarial) indican que a cláusula só terá efectos se o IPC real supera o previsto ou o incremento sinalado.

Nos convenios de empresa son 43 os que indican que a cláusula só terá efectos se o IPC real supera o previsto ou o incremento sinalado (o 69,4% dos asinados e revisados de empresa que teñen cláusula de revisión salarial).

En 7 convenios de empresa (o 11,3% dos asinados e revisados de empresa que teñen cláusula de revisión salarial) indican os efectos para o caso en que o IPC real fose inferior ao previsto.

Óptase na maioría destes casos por non proceder ao desconto do exceso producido, indicando que se consolidará o incremento inicial ou que se compensará no incremento do ano seguinte.

Os cadros seguintes reflicten a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios asinados e revisados que teñen cláusula de revisión salarial.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusula de revisión salarial
Por provincias. Galicia. 2005 - 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	9	100,0	11	91,7	7	53,9	10	83,3	**38**	**76,0**
2006	0	0,0	7	70,0	5	100,0	4	30,8	8	66,7	**24**	**57,1**
2007	1	25,0	8	80,0	3	60,0	5	55,6	10	76,9	**27**	**65,9**
2008	4	80,0	7	87,5	9	100,0	7	58,3	7	77,8	**34**	**79,1**
2009	1	25,0	3	75,0	1	33,3	5	50,0	5	55,6	**15**	**50,0**
2010	**1**	**25,0**	**3**	**50,0**	**2**	**66,7**	**3**	**37,5**	**6**	**66,7**	15	50,0
Empresa												
2005	4	57,1	28	54,9	11	47,8	11	44,0	37	59,7	**91**	**54,2**
2006	8	50,0	17	37,0	8	57,1	2	13,3	31	51,7	**66**	**43,7**
2007	5	62,5	21	47,7	16	66,7	5	35,7	20	31,3	**67**	**43,5**
2008	3	42,9	18	62,1	17	73,9	5	35,7	29	50,0	**72**	**55,0**
2009	4	44,4	22	57,9	2	25,0	4	40,0	18	27,3	**50**	**38,2**
2010	**4**	**57,1**	**14**	**46,7**	**12**	**75,0**	**4**	**40,0**	**18**	**33,3**	52	44,4
Total 2010	**5**	**45,5**	**17**	**47,2**	**14**	**73,7**	**7**	**38,9**	**24**	**38,1**	67	45,6

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Evolución dos convenios colectivos revisados con cláusula de revisión salarial
Por provincias. Galicia. 2005 - 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	100,0	11	84,6	4	100,0	1	16,7	7	87,5	**25**	**75,8**
2006	0	0,0	7	100,0	9	90,0	3	42,9	8	80,0	**27**	**77,1**
2007	1	100,0	4	66,7	4	80,0	2	25,0	6	66,7	**17**	**58,6**
2008	2	66,7	7	77,8	2	66,7	1	20,0	8	66,7	**20**	**62,5**
2009	4	100,0	10	83,3	10	83,3	2	25,0	8	100,0	**34**	**77,3**
2010	**5**	**71,4**	**5**	**83,3**	**5**	**71,4**	**3**	**42,9**	**2**	**50,0**	20	64,5
Empresa												
2005	0	0,0	5	100,0	4	100,0	0	0,0	3	37,5	**12**	**57,1**
2006	1	50,0	7	100,0	5	100,0	3	50,0	4	44,4	**20**	**69,0**
2007	2	50,0	5	83,3	2	50,0	0	0,0	5	55,6	**14**	**53,9**
2008	2	66,7	5	100,0	3	60,0	2	100,0	3	50,0	**15**	**71,4**
2009	3	75,0	9	100,0	5	55,6	1	100,0	4	66,7	**22**	**75,9**
2010	**2**	**50,0**	**4**	**80,0**	**3**	**60,0**			**1**	**14,3**	10	47,6
Total 2010	**7**	**63,6**	**9**	**81,8**	**8**	**66,7**	**3**	**42,9**	**3**	**27,3**	30	57,7

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Nos listados co nome de **DATOS BÁSICOS DOS CONVENIOS** (asinados e revisados) que se recollen no Anexo I deste informe, pódense apreciar con detalle os incrementos salariais indicados en cada convenio e as cláusulas de revisión salarial pactadas para este ano.

C) CLÁUSULA DE DESVINCULACIÓN

Dos convenios asinados este ano, 9 de sector (o 30% dos de sector) que afectan a 17.642 traballadores/as (28,2% do total de sector) recollen cláusulas de desvinculación.
Os de empresa que as recollen son 4, o 3,4% dos de empresa asinados este ano.

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS		0,00%	3	75,00%	3	**27,27%**
	Nº TRABALLAD.		0,00%	6.497	93,52%	6.497	**69,25%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	1	3,33%	5	83,33%	6	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.	65	2,95%	11.070	98,40%	11.135	**82,75%**
LUGO	Nº CONVENIOS		0,00%		0,00%	0	**0,00%**
	Nº TRABALLAD.		0,00%		0,00%	0	**0,00%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	1	10,00%	1	12,50%	2	**11,11%**
	Nº TRABALLAD.	22	1,86%	75	0,42%	97	**0,51%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	2	3,70%		0,00%	2	**3,17%**
	Nº TRABALLAD.	90	1,67%		0,00%	90	**0,30%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**4**	**3,42%**	**9**	**30,00%**	**13**	**8,84%**
	Nº TRABALLAD.	**177**	**1,46%**	**17.642**	**28,16%**	**17.819**	**23,83%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010



No cadro seguinte pode apreciarse a evolución no número de convenios de sector que recollen este tipo de cláusulas no período 2005 - 2010

Evolución dos convenios colectivos de sector con cláusula de desvinculación salarial.
Por provincias. Galicia. 2005 - 2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	3	75,00	6	66,67	2	16,67	4	30,77	2	16,67	**17**	**34,00**
2006	1	50,00	7	70,00		0,00	4	30,77	5	41,67	**17**	**40,48**
2007	4	100,00	8	80,00	1	20,00	3	33,33	4	30,77	**20**	**48,78**
2008	2	40,00	7	87,50	4	44,44	1	8,33	4	44,44	**18**	**41,86**
2009	3	75,00	3	75,00		0,00	5	50,00	2	22,22	**13**	**43,33**
2010	**3**	**75,00**	**5**	**83,33**		**0,00**	**1**	**12,50**		**0,00**	**9**	**30,00**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

Refírense estas cláusulas, por unha parte, aos requisitos e/ou ao procedemento que debe seguirse para acollerse a elas, así como á documentación que ten que presentar a empresa, e por outro lado concretan en que pode consistir a inaplicación salarial.

Respecto delas pode destacarse o seguinte:

Entre os mecanismos que establecen varios convenios para as empresas que pretendan acollerse á cláusula de desvinculación sinálanse os seguintes: Comisión paritaria do convenio, negociación coa representación legal dos traballadores/as e mecanismos do AGA.

No que respecta ao **AGA**, son 7 os convenios que indican que en caso de desacordo no procedemento a seguir débese recorrer aos mecanismos nel establecidos. Os traballadores/as aos que afectan son 16.230.

Sinálase xeralmente que tanto a representación legal dos traballadores/as como quen forme parte da comisión paritaria (asesores/as tamén), teñen a obrigación de tratar e manter na maior reserva a información recibida e os datos a que tivesen acceso, observando, por conseguinte, sixilo profesional.

Establécese a posibilidade de pactar reducións sobre as porcentaxes de incrementos negociados ou a súa total inaplicación polo período que se determine; neste último caso indícase que se aplicarán os aspectos económicos nos mesmos termos que figuran no convenio anteriormente vixente.

Tamén se fai referencia á forma e o tempo para a súa recuperación.

- Respecto dos **supostos** que se indican para poder aplicar a cláusula de desvinculación pódese sinalar o seguinte:

Faise referencia maioritariamente á necesidade de que existan situacións de déficit ou perdas continuadas nos dous ou tres exercicios anteriores a aquel para o que se solicita a desvinculación.

Sinálase tamén á necesidade de ter en conta, ademais do sinalado para os exercicios anteriores, as previsións para o presente e futuros exercicios, engadindo nalgúns casos que nestas previsións deberá contemplarse a evolución do mantemento do nivel de emprego.

Para valorar esta situación teranse en conta circunstancias tales como o insuficiente nivel de facturación, a perda incontrovertible de clientela ou outros elementos que poñan en perigo a viabilidade da empresa e atenderanse os datos que resulten da contabilidade das empresas, dos seus balances e das súas contas de resultados.

- Polo que se refire ao **procedemento** cabe destacar o seguinte:

Sinala un convenio que á vista da documentación achegada, terá lugar a oportuna negociación entre a empresa e a representación dos traballadores/as, co obxecto de determinar a porcentaxe que corresponda, en cada caso, de incremento salarial de aplicación durante a vixencia do Convenio.

Se nun prazo de dez días non se alcanza un acordo ao respecto, formularase o problema á Comisión Mixta do Convenio, que resolverá nun prazo máximo de dez días.

De non existir acordo nin na empresa nin na Comisión Mixta nos prazos previstos, as dúas partes someteranse ao procedemento extraxudicial de solución de conflitos laborais establecidos no Acordo Interprofesional Galego (AGA) nos propios termos en que está formulado.

Outras cláusulas refírense aos prazos para presentar a solicitude desde a publicación do convenio, para presentar a documentación que se indica e para resolver dentro da Comisión Paritaria, así como os requisitos para o acordo e actuacións en caso de desacordo.

Nun convenio indícanse os requisitos que debe conter o acordo sinalando os seguintes:

- Que se manteña o nivel de emprego.

- Que os incrementos futuros se apliquen sempre sobre o convenio e non sobre os novos salarios da empresa.

- Non prolongar a desvinculación por máis dun ano, renovable por outro máis sempre e cando houbese acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores.

Nos casos de desacordo indícase nalgún convenio a posibilidade de utilizarse informes de auditores ou censores xurados de contas atendendo ás circunstancias e dimensións das empresas, sendo aboado o custo que supoña pola parte que o solicite.

Para as empresas nas que non exista representación legal dos traballadores/as indícase que a empresa, despois de comunicárllelo a estes por escrito, dirixirase á Comisión Paritaria do convenio.

Recolle neste punto algún convenio o sinalado na Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo sinalando que nos supostos de ausencia de representación legal dos traballadores/as na empresa afectada, os traballadores/as poderán atribuír a súa representación para a celebración deste acordo de empresa a unha comisión formada por un máximo de tres membros integrada, segundo a súa representatividade, polos sindicatos máis representativos do sector a que pertenza a empresa; os seus acordos requirirán o voto favorable da maioría dos seus membros. A designación deberá realizarse nun prazo de cinco días contados desde o inicio do período de consultas, sen que a falta de designación poida supoñer a súa paralización. Nese caso o empresario poderá atribuír a súa representación ás organizacións empresariais do sector.

As demais cláusulas refírense á documentación.

- Respecto da **documentación** que se esixe sinálase, entre outra, a seguinte:

Contabilidade dos resultados dos últimos exercicios por medio da cal se acredite que durante eles se produciron perdas reais (o número de exercicios que se indica varía de un a tres).

Plan de viabilidade para o período que se pretende a aplicación da dita cláusula de exención e a xustificación económica e a súa repercusión real no melloramento global dos resultados da empresa.

Memoria xustificativa das causas que motivan a solicitude

Balances de situación e conta de resultados dos últimos anos e do ano en curso.

Datos sobre a súa situación financeira, produtiva, comercial, organizativa e situación da empresa ante a Seguridade Social e facenda.

Informe de Auditores ou Censores Xurados de Contas se é o caso.

Nalgún caso indícase que as empresas terán que entregar toda a documentación que sexa requirida pola Comisión Paritaria sen indicar ningunha en concreto.

D) ABOAMENTO DE ATRASOS E ANTICIPOS

· Anticipos

Teñen cláusulas sobre anticipos 58 convenios (39,5% dos asinados este ano) que afectan a 24.924 traballadores/as (33,3%).

Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 19.152 traballadores/as (30,6%) e 52 son de empresa (44,4% dos de empresa) e afectan a 5.772 traballadores/as (47,6%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	1	25,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	2.028	83,29%	1.337	19,25%	3.365	**35,87%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	15	50,00%	3	50,00%	18	**50,00%**
	Nº TRABALLAD.	972	44,04%	6.980	62,04%	7.952	**59,09%**
LUGO	Nº CONVENIOS	10	62,50%	1	33,33%	11	**57,89%**
	Nº TRABALLAD.	705	75,81%	1.200	52,40%	1.905	**59,16%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	1	10,00%	1	12,50%	2	**11,11%**
	Nº TRABALLAD.	48	4,07%	9.635	54,04%	9.683	**50,94%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	22	40,74%		0,00%	22	**34,92%**
	Nº TRABALLAD.	2.019	37,56%		0,00%	2.019	**6,79%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**52**	**44,44%**	**6**	**20,00%**	**58**	**39,46%**
	Nº TRABALLAD.	**5.772**	**47,60%**	**19.152**	**30,57%**	**24.924**	**33,33%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



As cláusulas fan referencia sobre todo aos límites máximos, os requisitos que se requiren para a concesión e a forma de devolución.

Indícanse tamén ás veces os motivos polos que se poden solicitar e o procedemento a seguir na tramitación e formalización das solicitudes.

Tamén se sinalan nalgúns casos os criterios e prioridades para a súa concesión.

- **Aboamento de atrasos**

Existen cláusulas sobre os atrasos derivados da sinatura do convenio en 27 convenios dos asinados este ano (18,4%) que afectan a 23.817 traballadores/as (31,9%).

Nelas fíxase un prazo (maioritariamente indícase un mes ou dous meses) ou sinálase unha data tope para o seu aboamento.

Deles 10 son de sector (33,3% dos de sector) e afectan a 20.348 traballadores/as (32,5%) e 17 son de empresa (14,5% dos de empresa) e afectan a 3.469 traballadores/as (28,6%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%		0,00%	3	**27,27%**
	Nº TRABALLAD.	2.005	82,34%		0,00%	2.005	**21,37%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	4	13,33%	2	33,33%	6	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.	437	19,80%	1.787	15,88%	2.224	**16,53%**
LUGO	Nº CONVENIOS	5	31,25%	3	100,00%	8	**42,11%**
	Nº TRABALLAD.	317	34,09%	2.290	100,00%	2.607	**80,96%**
OURENSE	Nº CONVENIOS		0,00%	3	37,50%	3	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.		0,00%	14.735	82,64%	14.735	**77,51%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	5	9,26%	2	22,22%	7	**11,11%**
	Nº TRABALLAD.	710	13,21%	1.536	6,31%	2.246	**7,56%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**17**	**14,53%**	**10**	**33,33%**	**27**	**18,37%**
	Nº TRABALLAD.	**3.469**	**28,61%**	**20.348**	**32,47%**	**23.817**	**31,85%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



E) ESTRUTURA SALARIAL

O Estatuto dos traballadores/as remite á negociación colectiva ou, no seu defecto, ao contrato individual, a determinación da estrutura salarial, que deberá comprender o salario base, como retribución fixada por unidade de tempo ou de obra e, se é o caso, os complementos salariais fixados en función das circunstancias relativas ás condicións persoais de cada traballador/a, ao traballo realizado ou á situación e resultados da empresa, que se calcularán conforme aos criterios que se pacten.

Tamén se pactará o carácter consolidable ou non dos ditos complementos salariais, non tendo o carácter de consolidables, salvo acordo en contrario, os que estean vinculados ao posto de traballo ou á situación e resultados da empresa.

Recóllese así mesmo o dereito á percepción de gratificacións extraordinarias.

Existen tamén algunhas cláusulas nas que se indica a distribución e/ou composición da estrutura económica, sinalando a proporcionalidade que deberán gardar as retribucións establecidas no convenio.

Da análise do contido nesta materia nos convenios asinados este ano pódese destacar o seguinte:

E.1. SALARIO BASE.-

O tipo de cláusulas que respecto do **salario base** conteñen os convenios asinados este ano en Galicia consisten nuns casos en sinalar a súa contía (remitindo xeralmente á táboa salarial) e noutros en recoller ademais (total ou parcialmente) a definición que respecto do salario indica o artigo 26 do ET.

Tamén existen cláusulas que se refiren á forma de pagamento do salario e ao día e/ou prazo máximo para o seu aboamento.

E.2. COMPLEMENTOS.-

Os complementos fíxanse en atención ás condicións persoais de cada traballador/a (antigüidade e idiomas) ou por razón do traballo realizado. Entre estes últimos destacan por un lado os de toxicidade, penosidade, perigosidade, quendas e nocturnidade así como os de posto e responsabilidade, e por outro lado os que se refiren á flexibilidade na utilización da man de obra (dispoñibilidade horaria e prolongación de xornada) e á calidade ou cantidade de traballo realizado (primas e incentivos e complementos de produtividade, actividade e asistencia)

Indícanse a continuación os complementos máis usuais recollidos nos convenios asinados este ano e o número de traballadores/as aos que afectan.

- **Complemento de antigüidade.**

Recollen este complemento 90 convenios dos asinados este ano, o 61,2%, que afectan a 32.873 traballadores/as (44%).

Os 13 convenios de sector que teñen este complemento supoñen o 43,3% do total dos de sector asinados este ano e afectan a 25.295 traballadores/as (un 40,4% do total afectado por convenios de sector).

Os 77 de empresa representan o 65,8% do total dos de empresa asinados este ano e afectan a 7.578 traballadores/as, un 62,5% do total de traballadores/as aos que afectan os convenios de empresa asinados este ano.

COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%		0,00%	4	**36,36%**
	Nº TRABALLAD.	687	28,21%		0,00%	687	**7,32%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	24	80,00%	3	50,00%	27	**75,00%**
	Nº TRABALLAD.	1.913	86,68%	2.267	20,15%	4.180	**31,06%**
LUGO	Nº CONVENIOS	10	62,50%	1	33,33%	11	**57,89%**
	Nº TRABALLAD.	574	61,72%	340	14,85%	914	**28,39%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	8	80,00%	5	62,50%	13	**72,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.110	94,07%	7.222	40,50%	8.332	**43,83%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	31	57,41%	4	44,44%	35	**55,56%**
	Nº TRABALLAD.	3.294	61,28%	15.466	63,54%	18.760	**63,13%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**77**	**65,81%**	**13**	**43,33%**	**90**	**61,22%**
	Nº TRABALLAD.	**7.578**	**62,49%**	**25.295**	**40,37%**	**32.873**	**43,96%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	57,1%	0,0%
A CORUÑA	80,0%	50,0%
LUGO	62,5%	33,3%
OURENSE	80,0%	62,5%
PONTEVEDRA	57,4%	44,4%

Da regulación da antigüidade que se fai nestes convenios pódese sinalar o seguinte:

- Módulos temporais

Segundo se pode apreciar no gráfico que segue, o módulo temporal que máis se utiliza nos convenios asinados este ano á hora de establecer a antigüidade son os trienios, facéndoo así 52 convenios, o 57,8% dos que teñen antigüidade.

Os seguintes módulos máis indicados son os quinquenios (14 convenios, o 15,6% dos que teñen antigüidade) e combinacións de bienios e quinquenios (8 convenios, o 8,9% dos que teñen antigüidade).

MÓDULOS TEMPORAIS. CONVENIOS DE EMPRESA E SECTOR.
PORCENTAXE SOBRE OS CONVENIOS CON ANTIGÜIDADE.



No cadro seguinte pódense apreciar os módulos temporais máis utilizados diferenciando os convenios de empresa e de sector.

	CONVENIOS DE EMPRESA				CONVENIOS DE SECTOR			
	Nº CONVENIOS	% sobre o nº de convenios de empresa con antigüidade	Nº TRABALLAD.	% sobre o nº traballad. de convenios de empresa con antigüidade	Nº CONVENIOS	% sobre o nº de convenios de sector con antigüidade	Nº TRABALLAD.	% sobre o nº traballad. de convenios de sector con antigüidade
Bienios	1	1,3%	311	4,1%		0,0%		0,0%
Trienios	47	61,0%	4.714	62,2%	5	38,5%	3.162	12,5%
Cuadrienios	5	6,5%	249	3,3%	2	15,4%	14.386	56,9%
Quinquenios	12	15,6%	1.295	17,1%	2	15,4%	5.180	20,5%
Combinación de bienios e quinquenios	4	5,2%	351	4,6%	4	30,8%	2.567	10,1%
Outras combinacións	8	10,4%	658	8,7%		0,0%		0,0%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

- Indícanse porcentaxes para calcular a antigüidade en 49 convenios (54,4% dos convenios que establecen este complemento) que afectan a 28.186 traballadores/as (85,7% do total con complemento de antigüidade). Deles 11 son de sector e afectan a 24.889 traballadores/as e 38 son de empresa e afectan a 3.297 traballadores/as.

Maioritariamente sinálase que estas porcentaxes se aplicarán sobre o salario base ou sobre o salario establecido no convenio.

Só 3 convenios indican que se aplicará sobre o Salario Mínimo Interprofesional vixente e nun indícase un módulo de antigüidade sobre o que se debe aplicar a porcentaxe.

Establécese unha contía para retribuír a antigüidade en 41 convenios, o 45,6% dos que teñen este complemento, e que afectan a 4.687 traballadores/as (14,3% do total con complemento de antigüidade). Deles 2 son de sector (406 traballadores/as) e 39 de empresa (4.281 traballadores/as).

- En 31 convenios que afectan a 5.740 traballadores/as establécense ou faise referencia a límites á antigüidade. Deles 7 son de sector e afectan a 2.817 traballadores/as e 24 de empresa e afectan a 2.923 traballadores/as.

- En 28 convenios (19% dos asinados este ano) faise referencia á supresión deste complemento de antigüidade, afectando a un total de 15.798 traballadores/as (21,1% do total). Destes convenios 8 son de sector (o 26,7% dos de sector asinados este ano) e afectan a 12.323 traballadores/as (19,7%) e 20 de empresa (17,1% dos de empresa asinados este ano) e afectan a 3.475 traballadores/as (28,7%).

- Aparecen recollidas cláusulas sobre a antigüidade consolidada en 53 convenios (o 36,1% dos asinados este ano) que afectan a 49.677 traballadores/as (66,4% do total de afectados/as polos convenios asinados este ano). Deles 18 son de sector (60% dos de sector asinados este ano) e afectan a 45.267 traballadores/as (72,2%) e 35 son de empresa (29,9% dos de empresa asinados) e afectan a 4.410 traballadores/as (36,4%).

- Recóllese tamén en 7 convenios (o 4,8% dos asinados este ano) que afectan a 4.601 traballadores/as (o 6,2% do total de afectados/as polos convenios asinados este ano) unha compensación pola antigüidade. Deles 2 son de sector (6,7% dos de sector) e afectan a 2.353 traballadores/as (3,8%) e 5 de empresa (4,3% dos de empresa) e afectan a 2.248 traballadores/as (18,5%).

O cadro seguinte reflicte a evolución do número de convenios con este complemento no período 2005 – 2010.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusula sobre o complemento de antigüidade
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	50,0	6	66,7	7	58,3	8	61,5	5	41,7	**28**	**56,0**
2006	2	100,0	5	50,0	1	20,0	9	69,2	4	33,3	**21**	**50,0**
2007	2	50,0	5	50,0	1	20,0	7	77,8	4	30,8	**19**	**46,3**
2008	1	20,0	6	75,0	4	44,4	6	50,0	4	44,4	**21**	**48,8**
2009	2	50,0	2	50,0	3	100,0	6	60,0	6	66,7	**19**	**63,3**
2010	**0**	**0,0**	**3**	**50,0**	**1**	**33,3**	**5**	**62,5**	**4**	**44,4**	**13**	**43,3**
Empresa												
2005	4	57,1	35	68,6	14	60,9	20	80,0	43	69,4	**116**	**69,1**
2006	9	56,3	27	58,7	9	64,3	13	86,7	41	68,3	**99**	**65,6**
2007	6	75,0	34	77,3	16	66,7	12	85,7	39	60,9	**107**	**69,5**
2008	7	100,0	20	69,0	13	56,5	12	85,7	45	77,6	**97**	**74,0**
2009	5	55,6	29	76,3	4	50,0	7	70,0	42	63,6	**87**	**66,4**
2010	**4**	**57,1**	**24**	**80,0**	**10**	**62,5**	**8**	**80,0**	**31**	**57,4**	**77**	**65,8**
Total 2010	**4**	**36,4**	**27**	**75,0**	**11**	**57,9**	**13**	**72,2**	**35**	**55,6**	**90**	**61,2**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Complemento de idiomas, título ou coñecementos especiais:**

Ven recollido en 2 convenios (1,4% dos asinados), os dous de empresa, que afectan a 141 traballadores/as (o 0,2% do total).

Establécese como unha contía.

- **Complementos de toxicidade, penosidade, perigosidade** ou semellantes:

Establecen complementos deste tipo 53 convenios dos asinados este ano (o 36,1%) que afectan a 48.198 traballadores/as (64,5%).

Deles 13 son de sector (43,3% dos de sector) e afectan a 43.379 traballadores/as (69,2%) e 40 son de empresa (34,2% dos de empresa) e afectan a 4.819 traballadores/as (39,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	1	14,29%	1	25,00%	2	**18,18%**
	Nº TRABALLAD.	44	1,81%	1.660	23,90%	1.704	**18,16%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	7	23,33%	5	83,33%	12	**33,33%**
	Nº TRABALLAD.	518	23,47%	9.643	85,72%	10.161	**75,51%**
LUGO	Nº CONVENIOS	4	25,00%	2	66,67%	6	**31,58%**
	Nº TRABALLAD.	231	24,84%	1.950	85,15%	2.181	**67,73%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	3	30,00%	4	50,00%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	493	41,78%	16.126	90,44%	16.619	**87,42%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	25	46,30%	1	11,11%	26	**41,27%**
	Nº TRABALLAD.	3.533	65,73%	14.000	57,52%	17.533	**59,00%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**40**	**34,19%**	**13**	**43,33%**	**53**	**36,05%**
	Nº TRABALLAD.	**4.819**	**39,74%**	**43.379**	**69,23%**	**48.198**	**64,45%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	14,3%	25,0%
A CORUÑA	23,3%	83,3%
LUGO	25,0%	66,7%
OURENSE	30,0%	50,0%
PONTEVEDRA	46,3%	11,1%

Respecto do tipo de cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

Para ter dereito a percepción deste complemento indícase que será precisa unha dedicación ao posto de traballo en forma habitual ou continuada, percibíndose no caso contrario en razón dos días e/ou horas en que se desempeñen labores no dito posto.

Nos convenios que fan referencia ao carácter consolidable ou non destes complementos, indícase que son non consolidables.

Recolle un convenio de empresa o compromiso de ir adoptando progresivamente as medidas necesarias, dentro das súas posibilidades económicas e técnicas, para ir eliminando calquera situación de penosidade, perigosidade ou toxicidade que no futuro puidese apreciarse nun posto de traballo.

Un convenio de sector sinala a importancia que ten para o conxunto do sector a progresiva desaparición deste tipo de traballos ou, cando menos, a redución ao mínimo posible das condicións de penosidade, toxicidade ou perigo que repercutan negativamente na saúde dos traballadores/as, tendo, en calquera caso, estes traballos carácter transitorio e conxuntural.

Recóllese tamén nalgúns casos o procedemento para a determinación ou cualificación dun posto como tóxico, penoso ou perigoso e para resolver as discrepancias que poidan xurdir ao respecto.

Sinala un convenio de empresa que os traballadores/as que ocupen este tipo de postos serán trasladados a outros cando leven neles máis de tres anos, salvo que o/a traballador/a acepte voluntariamente a permanencia neles, podendo ser destinados novamente á devandita actividade, transcorridos dous anos.

Fan referencia algúns convenios aos traballos (ou ás condicións especiais nos que se desenvolven) que pola súa execución dan lugar a percibir estes complementos.

En 26 convenios (o 49,1% dos que teñen este tipo de complementos) establécense estes complementos fixando unha porcentaxe. Deles 10 son de sector e 16 de empresa e afectan a 37.980 traballadores/as.

Indican estes convenios que as porcentaxes se aplicarán sobre o salario base (só un deles sinala que se aplica sobre o SMI), engadindo ás veces tamén a antigüidade.

Establécese nalgún caso unha contía para un destes supostos e unha porcentaxe para outro.

Son 29 os convenios que indican unha contía ao establecer estes complementos (o 54,7% dos que teñen este tipo de complementos), dos que 3 son de sector e 26 de empresa e afectan a 10.438 traballadores/as.

Establécese este complemento nuns convenios por día efectivo traballado, noutros por hora e noutros por mes ou por ano.

Existen cláusulas que establecen o que corresponde percibir se as funcións se realizan durante menos tempo do sinalado (a metade da xornada ou períodos superiores ou inferiores).

Tamén se sinala noutros convenios o incremento da contía ou da porcentaxe sinalada para o caso de que concorran dúas ou máis circunstancias das sinaladas.

Existen cláusulas sobre o mantemento das condicións que tiñan ata o momento os traballadores/as respecto destes complementos.

Outro tipo de cláusulas remite ao sinalado ao respecto na lexislación vixente.

O cadro seguinte reflicte a evolución do número de convenios con este tipo de complementos no período 2005 – 2010.

Evolución dos convenios asinados. Complemento de toxicidade, penosidade, perigosidade
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	0	0,0	4	44,4	5	41,7	2	15,4	2	16,7	**13**	**26,0**
2006	0	0,0	4	40,0	2	40,0	5	38,5	5	41,7	**16**	**38,1**
2007	0	0,0	4	40,0	1	20,0	2	22,2	6	46,2	**13**	**31,7**
2008	0	0,0	5	62,5	5	55,6	4	33,3	5	55,6	**19**	**44,2**
2009	0	0,0	2	50,0	1	33,3	3	30,0	3	33,3	**9**	**30,0**
2010	**1**	**25,0**	**5**	**83,3**	**2**	**66,7**	**4**	**50,0**	**1**	**11,1**	**13**	**43,3**
Empresa												
2005	3	42,9	17	33,3	5	21,7	11	44,0	31	50,0	**67**	**39,9**
2006	5	31,3	11	23,9	5	35,7	5	33,3	23	38,3	**49**	**32,5**
2007	2	25,0	12	27,3	9	37,5	8	57,1	25	39,1	**56**	**36,4**
2008	1	14,3	9	31,0	5	21,7	4	28,6	23	39,7	**42**	**32,1**
2009	2	22,2	13	34,2	3	37,5	3	30,0	32	48,5	**53**	**40,5**
2010	**1**	**14,3**	**7**	**23,3**	**4**	**25,0**	**3**	**30,0**	**25**	**46,3**	**40**	**34,2**
Total 2010	**2**	**18,2**	**12**	**33,3**	**6**	**31,6**	**7**	**38,9**	**26**	**41,3**	**53**	**36,1**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Complementos de nocturnidade**

Fan referencia a este complemento 84 dos convenios asinados este ano (o 57,1% do total dos asinados) que afectan a 57.581 traballadores/as (77%).

Destes convenios 15 son de sector (o 50% dos de sector asinados este ano) e afectan a 47.977 traballadores/as (76,6%) e 69 son de empresa (o 59% dos de empresa asinados este ano) e afectan a 9.604 traballadores/as (79,2%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	**Nº CONVENIOS**	4	57,14%	3	75,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	2.300	94,46%	3.447	49,62%	5.747	**61,26%**
A CORUÑA	**Nº CONVENIOS**	16	53,33%	5	83,33%	21	**58,33%**
	Nº TRABALLAD.	1.218	55,19%	11.070	98,40%	12.288	**91,31%**
LUGO	**Nº CONVENIOS**	14	87,50%		0,00%	14	**73,68%**
	Nº TRABALLAD.	892	95,91%		0,00%	892	**27,70%**
OURENSE	**Nº CONVENIOS**	5	50,00%	4	50,00%	9	**50,00%**
	Nº TRABALLAD.	933	79,07%	14.810	83,06%	15.743	**82,81%**
PONTEVEDRA	**Nº CONVENIOS**	30	55,56%	3	33,33%	33	**52,38%**
	Nº TRABALLAD.	4.261	79,27%	18.650	76,62%	22.911	**77,10%**
GALICIA	**Nº CONVENIOS**	**69**	**58,97%**	**15**	**50,00%**	**84**	**57,14%**
	Nº TRABALLAD.	**9.604**	**79,20%**	**47.977**	**76,57%**	**57.581**	**77,00%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

COMPLEMENTO DE NOCTURNIDADE
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	57,1%	75,0%
A CORUÑA	53,3%	83,3%
LUGO	87,5%	0,0%
OURENSE	50,0%	50,0%
PONTEVEDRA	55,6%	33,3%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Das cláusulas que recollen pódese destacar o seguinte:

Establécese fixando unha porcentaxe en 58 convenios, o 69% dos que teñen este complemento, que afectan a 49.877 traballadores/as. Deles 13 son de sector e afectan a 42.577 traballadores/as e 45 son de empresa e afectan a 7.300 traballadores/as.

Maioritariamente indícase que a porcentaxe se aplica sobre o salario base, (engadindo nalgún caso a antigüidade ou un plus lineal). Recóllese tamén nalgún convenio unha fórmula para o seu cálculo.

Indican unha contía á hora de establecer este complemento 25 convenios (o 29,8% dos que o teñen), que afectan a 7.682 traballadores/as. Deles 2 son de sector e afectan a 5.400 traballadores/as e 23 son de empresa e afectan a 2.282 traballadores/as.

Nun convenio aínda que se indica unha porcentaxe, fíxase unha contía como mínimo.

Establécese este complemento nuns casos por noite traballada e noutros por horas ou por mes.

Indícase nalgún convenio que se percibirá con absentismo cero.

Nun convenio de empresa a compensación é en tempo de descanso.

Considérase maioritariamente traballo nocturno para estes efectos o realizado entre as 22 e as 6 horas (indícano así 55 convenios).

Hai convenios que establecen outros períodos (inicio ás 12 da noite e remate ás 6 ou ás 8 horas, inicio ás 20 horas e remate ás 8 horas, inicio ás 22 horas e remate ás 8 horas, inicio ás 23 horas e remate ás 7 horas).

Indícase nalgúns convenios que o complemento de nocturnidade se aboará integramente cando a xornada de traballo e o período nocturno teñan unha coincidencia superior a catro horas (ou á metade da xornada); se a coincidencia fose de catro horas ou inferior a ese tempo a retribución que se vaia aboar será proporcional ao número de horas traballadas durante o período nocturno.

Nalgúns casos indícase un número mínimo de horas que hai que traballar para ter dereito a el.

Establécese nalgúns casos para o caso de traballar certas noites que se indican unha porcentaxe maior ou unha contía superior á indicada para as outras noites para o cálculo do complemento.

As excepcións ou limitacións que maioritariamente se establecen á hora de percibir este complemento refírense ás contratacións realizadas para traballos que pola súa propia natureza se consideran nocturnos (como gardas, vixilantes, porteiros, serenos ou similares), ou os que fosen contratados para desenvolver as súas funcións durante o período sinalado como nocturno.

Exclúese nalgún caso o persoal que traballe en dúas quendas cando a coincidencia entre a xornada de traballo e o período nocturno sexa igual ou inferior a unha hora.

Tamén se exclúen nalgún caso do mencionado suplemento, aos traballadores/as da xornada diúrna que tivesen que realizar obrigatoriamente traballos en períodos nocturnos, a consecuencia de feitos ou acontecementos calamitosos ou catastróficos.

Indica outro convenios que se exclúen aos traballadores/as que realicen traballos nocturnos cos que se pactaran condicións salariais máis favorables e/ou de redución de xornada laboral, na proporción indicada para a percepción do complemento.

Existen cláusulas que fan referencia ao respecto a situacións adquiridas en convenios anteriores.

Outras cláusulas remiten ao sinalado noutros convenios, acordos ou ordenanzas e no Estatuto dos traballadores/as.

O cadro seguinte reflicte a evolución do número de convenios con este complemento no período 2005 – 2010.

Evolución dos convenios colectivos asinados con complemento de nocturnidade
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	3	75,0	4	44,4	4	33,3	6	46,2	5	41,7	**22**	**44,0**
2006	2	100,0	4	40,0	3	60,0	4	30,8	5	41,7	**18**	**42,9**
2007	3	75,0	6	60,0	1	20,0	5	55,6	4	30,8	**19**	**46,3**
2008	3	60,0	4	50,0	2	22,2	5	41,7	5	55,6	**19**	**44,2**
2009	2	50,0	3	75,0	1	33,3	4	40,0	4	44,4	**14**	**46,7**
2010	**3**	**75,0**	**5**	**83,3**	**0**	**0,0**	**4**	**50,0**	**3**	**33,3**	**15**	**50,0**
Empresa												
2005	6	85,7	25	49,0	11	47,8	17	68,0	35	56,5	**94**	**56,0**
2006	12	75,0	28	60,9	8	57,1	5	33,3	33	55,0	**86**	**57,0**
2007	6	75,0	20	45,5	18	75,0	8	57,1	36	56,3	**88**	**57,1**
2008	6	85,7	20	69,0	15	65,2	8	57,1	36	62,1	**85**	**64,9**
2009	3	33,3	24	63,2	3	37,5	5	50,0	41	62,1	**76**	**58,0**
2010	**4**	**57,1**	**16**	**53,3**	**14**	**87,5**	**5**	**50,0**	**30**	**55,6**	**69**	**59,0**
Total 2010	**7**	**63,6**	**21**	**58,3**	**14**	**73,7**	**9**	**50,0**	**33**	**52,4**	**84**	**57,1**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Complementos por traballo a quendas**

Figura este complemento en 27 convenios (18,4% do total de asinados este ano) que afectan a 5.662 traballadores/as. Son todos de empresa.

Fíxase maioritariamente como unha contía.

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	1	14,29%		0,00%	1	**9,09%**
	Nº TRABALLAD.	1.635	67,15%		0,00%	1.635	**17,43%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	9	30,00%		0,00%	9	**25,00%**
Para os cambios voluntarios indícase nalgúns convenios que deben ser entre traballadores/as de igual categoría, sinalando ás veces o prazo de comunicación á empresa.

Nalgúns casos non se poñen limitacións indicando que se poderán intercambiar as quendas de mutuo acordo entre os traballadores/as logo de comunicación á empresa e noutros esíxese sempre ademais a autorización desta.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que recollen este tipo de cláusulas.

Convenios con cláusulas sobre o traballo a quendas
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	12	24,0
2006	11	26,2
2007	13	31,7
2008	12	27,9
2009	7	23,3
2010	5	16,7
Empresa		
2005	106	63,1
2006	82	54,3
2007	85	55,2
2008	91	69,5
2009	70	53,4
2010	75	64,1
Total 2010	80	54,4

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Traballo nocturno**

Ademais das cláusulas xa indicadas ao analizar a estrutura salarial sobre o complemento de nocturnidade e os horarios que se establecen como nocturnos pódense destacar as seguintes:

Recóllese o procedemento para cubrir a quenda de noite tanto de xeito voluntario como no caso de non existir persoal suficiente para cubrir o servizo.

Establécese como norma xeral que a quenda de noite será rotatoria, indicando que estas xornadas deben ser repartidas equitativamente entre o persoal.

Regúlanse, ademais da compensación, os descansos que corresponden e o xeito de desfrutalos.

Indícanse limitacións á permanencia continuada na quenda de noite sinalando entre outras a obriga de cambiar as quendas semanalmente como mínimo, dentro dunha mesma categoría ou oficio, co obxecto de que o persoal non traballe de noite de xeito continuado (salvo nos casos probados de absoluta imposibilidade, en cuxo suposto a representación do persoal deberá emitir o informe correspondente).

Tamén se indica ás veces o número de semanas ou meses consecutivos que como máximo se pode permanecer na quenda de noite, salvo adscrición voluntaria.

Nalgunha cláusula sinálase que a adscrición á quenda de noite será voluntaria para os traballadores/as maiores de 50 anos.

Sinálase tamén nalgún caso que se procurará que a quenda de noite sexa o máis restrinxida posible, de modo que se tenda á saturación da primeira e da segunda.

Indica un convenio que a empresa elaborará un rexistro para o persoal da quenda de noite que desexe pasar ao día, sinalando que a decisión sobre o cambio estará condicionada ao posto e categoría do traballador ou traballadora e á valoración final da empresa.

En dous convenios indican que as prioridades para a designación do persoal da quenda de noite serán en primeiro lugar o persoal que voluntariamente se prestase a establecer a devandita quenda, en segundo o persoal que no seu contrato individual de traballo contemple a prestación de servizos en quenda de noite e en terceiro os demais traballadores.

- **Horarios**

Recollen cláusulas sobre o horario 64 convenios (43,5%) dos asinados este ano que afectan a 13.840 traballadores/as (18,5%).

Deles 4 son de sector (13,3% dos de sector asinados) e afectan a 6.481 traballadores/as (10,3%) e 60 de empresa (51,3% dos de empresa asinados) e afectan a 7.359 traballadores/as (60,7%).

Establécense nalgúns casos distintos tipos de horarios para a mesma empresa segundo as seccións ou servizos, non só no que respecta ao tipo de xornada senón tamén segundo a época do ano (xornada de verán, festas,...). Na xornada de verán nuns casos pasa de ser xornada partida a continua e nos que xa era continua redúcese a duración.

Sinálanse nalgúns convenios marxes de flexibilidade na hora de entrada e/ou saída do traballo.

Recóllese tamén nalgúns casos a posibilidade de modificación durante o ano e o procedemento a seguir.

Tamén se refiren moitas destas cláusulas á publicidade que se lle debe dar aos horarios e ao calendario laboral e a cando se debe acordar o do ano seguinte.

- **Descansos**

Regúlanse os descansos en 100 convenios dos asinados este ano (68%) que afectan a 56.863 traballadores/as (76%).

Deles 19 son de sector (63,3% dos de sector) e afectan a 46.783 traballadores/as (74,7%) e 81 son de empresa (69,2% dos de empresa) e afectan a 10.080 traballadores/as (83,1%).

Refírense estas cláusulas aos descansos mínimos diarios, semanais e entre xornadas.

O descanso mínimo diario establécese expresamente como tempo efectivo de traballo en 65 convenios dos asinados este ano (44,2%) que afectan a 40.714 traballadores/as (54,4%). Deles 12 son de sector (40% dos de sector) e afectan a 34.464 traballadores/as (55%) e 53 de empresa (45,3% dos de empresa) e afectan a 6.250 traballadores/as (51,5%).

Nun destes convenios de empresa só parte deste tempo se considera como efectivo de traballo e noutro indícase que non dará dereito a prima horaria.

Indican que o descanso mínimo diario non se considera como tempo de traballo efectivo 11 convenios (7,5% dos asinados) que afectan a 2.804 traballadores/as (3,7%). Son todos de empresa.

Nun destes convenios indícase que a partir de 2011 parte deste descanso considerarase tempo efectivo de traballo.

Noutros convenios aparecen recollidas cláusulas que establecen o tempo de descanso diario pero sen indicar expresamente se se considera tempo efectivo de traballo ou non ou atendendo a regulamentacións específicas da xornada para certos sectores.

Os cadros seguintes reflicten a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que establecen expresamente o descanso diario como tempo efectivo de traballo ou non.

Convenios colectivos que establecen expresamente o descanso mínimo diario como tempo efectivo de traballo
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	9	18,0
2006	11	26,2
2007	10	24,4
2008	14	32,6
2009	15	50,0
2010	12	40,0
Empresa		
2005	83	49,4
2006	62	41,1
2007	69	44,8
2008	72	55,0
2009	61	46,6
2010	53	45,3
Total 2010	65	44,2

Convenios colectivos que establecen expresamente que o descanso mínimo diario non se considera tempo efectivo de traballo
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	1	2,0
2006	2	4,8
2007	1	2,4
2008	2	4,7
2009	0	0,0
2010	0	0,0
Empresa		
2005	11	6,5
2006	7	4,6
2007	8	5,2
2008	12	9,2
2009	11	8,4
2010	11	9,4
Total 2010	11	7,5

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

C) VACACIÓNS

Á hora de fixar as vacacións nos convenios colectivos asinados este ano, indícanse maioritariamente días naturais ou 1 mes natural, facéndoo así 113 convenios (76,9%) que afectan a 62.047 traballadores/as (83%).

Os convenios que indican días laborables son 52 (35,4% dos asinados este ano), e afectan a 28.433 traballadores/as (38%). Deles 9 son de sector (30% dos de sector) e afectan a 25.193 traballadores/as (40,2%) e 43 son de empresa (36,8% dos de empresa) e afectan a 3.240 traballadores/as (26,7%).

Destes convenios que indican días laborables 22 que afectan a 17.739 traballadores/as sinálanas tamén en días naturais ou un mes natural (6 son de sector e 16 de empresa). Algúns deles o que fan é establecer un número mínimo de días laborables de vacacións aínda que se fixen estas en días naturais e outros garantir que en calquera caso nunca serán menos de 30 días naturais.

O número de días laborables indicados vai desde 21 a 29. Os que máis se repiten son 22 (faise en 33 convenios) e 21 (faise en 6 convenios).

CONVENIOS QUE INDICAN AS VACACIÓNS EN DÍAS LABORABLES
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Indican máis de 30 días de vacacións 17 convenios (11,6% dos asinados este ano) que afectan a 20.605 traballadores/as (27,6%). Deles 6 son de sector (20% dos de sector asinados) e afecta a 19.938 traballadores/as (31,8%) e 11 son de empresa (9,4% dos de empresa) e afectan a 667 traballadores/as (5,5%).

CONVENIOS QUE INDICAN MÁIS DE 30 DÍAS DE VACACIÓNS
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Establecen criterios ou datas á hora de fixar as vacación 146 convenios dos asinados este ano (99,3%) que afectan a 74.764 traballadores/as (99,97%).

Deles 30 son de sector (100% dos convenios de sector asinados este ano) e afectan a 62.658 traballadores/as (100%) e 116 son de empresa (99,2% dos de empresa asinados) e afectan a 12.106 traballadores/as (99,8%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	30	100,00%	6	100,00%	36	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.207	100,00%	11.250	100,00%	13.457	**100,00%**
LUGO	Nº CONVENIOS	16	100,00%	3	100,00%	19	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	930	100,00%	2.290	100,00%	3.220	**100,00%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	10	100,00%	8	100,00%	18	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	1.180	100,00%	17.830	100,00%	19.010	**100,00%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	53	98,15%	9	100,00%	62	**98,41%**
	Nº TRABALLAD.	5.354	99,61%	24.341	100,00%	29.695	**99,93%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**116**	**99,15%**	**30**	**100,00%**	**146**	**99,32%**
	Nº TRABALLAD.	**12.106**	**99,83%**	**62.658**	**100,00%**	**74.764**	**99,97%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Os criterios recollidos pódense resumir nos seguintes:

- Establecer o desfrute das vacacións de xeito continuado ou a posibilidade de fraccionalas en dous ou máis períodos.

Indícase nalgúns convenios o dereito do traballador/a a escoller a metade do período vacacional e a outra metade pola empresa.

Tamén se sinala nalgúns casos a duración mínima de cada período no caso de fraccionalas.

Limítase nalgúns casos o fraccionamento a que queda facultada a empresa a un certo número de períodos, salvo acordo entre as partes, e tamén se sinala que cando as vacacións sexan fraccionadas por proposta da empresa, non se terán en conta os días festivos, pero si os domingos.

- Indican algúns convenios o dereito á recuperación dos días festivos que coincidan co período de vacacións

- Posibilidade por parte da empresa de excluír por motivos de organización xustificados determinados períodos ou o período que coincida co de maior actividade produtiva da empresa, logo de acordo coa representación dos traballadores/as.

- Establecemento nalgúns casos para certo persoal, como consecuencia da natureza do seu traballo, de calendarios especiais de vacacións (mantemento, etc).

- Fixar unha porcentaxe ou un número máximo de traballadores/as que poden desfrutar simultaneamente as vacacións.

- Sinalar os meses ou períodos nos que preferentemente se deben desfrutar as vacacións.

Nalgúns convenios sinálanse datas só para unha parte das vacacións.

- Obrigatoriedade de inicio das vacacións en día laborable e/ou prohibición de comezo en sábado, domingo, festivo ou véspera del ou día que corresponda descanso.

- Antelación coa que debe negociarse o calendario de vacacións.

- Días adicionais de vacacións para os traballadores/as que teñan completados os períodos de antigüidade que se sinalan no convenio (8, 15, 20, 25, 30 o máis anos de servizo).

Nalgún caso tamén se incrementan os días de vacacións a partir de que o traballador/a cumpra unha certa idade.

- Establecemento de quendas rotativas para o desfrute das vacacións.

As preferencias na elección das quendas que se sinalan maioritariamente son a antigüidade e os traballadores/as con responsabilidades familiares (fillos/as menores de 12 anos ou en idade escolar e/ou maiores dependentes ao seu coidado).

Indícase tamén a preferencia no caso de matrimonios en que ambos os cónxuxes traballen na empresa a desfrutar dos períodos de vacacións en datas coincidentes, facendo extensible esta prioridade, igualmente, ás parellas de feito.

Recollen algúns convenios a posibilidade de cambialas entre os traballadores/as, indicando algúns deles os requisitos para facelo (que sexan traballadores/as da mesma categoría profesional, necesidade de autorización,...)

- Recóllese tamén nalgúns convenios a posibilidade de modificar o calendario anual de vacacións con carácter individualizado.

- Retribución das vacacións.

Hai convenios que enumeran os conceptos que integran a remuneración (salario base e antigüidade e complementos) e nalgúns casos exceptúan expresamente algúns complementos.

Outros indican que se retribúen segundo o salario real ou que a retribución correspondente aos períodos de vacacións será igual que o resto dos meses do ano.

Inclúense nalgúns convenios as primas que lle correspondan no seu posto habitual (xeralmente a media dos tres meses anteriores ao desfrute das vacacións).

Noutros casos indican que a retribución será a media obtida por todos os conceptos ou polos conceptos que cita expresamente o convenio no trimestre, semestre ou ano anterior á data de iniciación destas.

Por último indicar que se establece tamén nalgúns convenios unha bolsa de vacacións.

- Vacacións das embarazadas.

As cláusulas máis frecuentes refírense a que a traballadora embarazada terá dereito a escoller a data das súas vacacións regulamentarias (nalgúns casos indícase sempre e cando as una á baixa por maternidade).

Estanse incorporando cláusulas que recollen o establecido na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que sinala que cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa coincida no tempo cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, co parto ou coa lactación natural ou co período de suspensión do contrato de traballo por maternidade, terase dereito a desfrutar as vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á do permiso que por aplicación do devandito precepto lle correspondese ao finalizar o período de suspensión, aínda que rematase o ano natural a que correspondan.

- Primas por vacacións fóra de certos períodos.

Teñen cláusulas ao respecto 24 convenios (16,3% dos asinados este ano) que afectan a 17.016 traballadores/as (22,8%). Deles 19 son de empresa (16,2% dos de empresa asinados) e afectan a 3.950 traballadores/as (32,6%) e 5 son de sector (16,7% dos de sector asinados) e afectan a 13.066 traballadores/as (20,9%).

Nalgúns convenios son primas monetarias e noutros engádense días ás vacacións.

Na maioría dos casos indícase que se ten dereito cando é por petición da empresa ou por necesidades do servizo ou da produción.

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

- Interrupción das vacacións por incapacidade temporal.

Teñen cláusulas deste tipo 72 convenios (49% dos asinados este ano) que afectan a 58.267 traballadores/as (77,9%).

Deles 14 son de sector (46,7% dos de sector) e afectan a 50.351 traballadores/as (80,4%) e 58 son de empresa (49,6% dos de empresa) e afectan a 7.916 traballadores/as (65,3%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	3	75,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	2.049	84,15%	6.497	93,52%	8.546	**91,09%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	14	46,67%	2	33,33%	16	**44,44%**
	Nº TRABALLAD.	865	39,19%	6.800	60,44%	7.665	**56,96%**
LUGO	Nº CONVENIOS	11	68,75%	1	33,33%	12	**63,16%**
	Nº TRABALLAD.	834	89,68%	750	32,75%	1.584	**49,19%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	2	20,00%	5	62,50%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	458	38,81%	16.729	93,83%	17.187	**90,41%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	27	50,00%	3	33,33%	30	**47,62%**
	Nº TRABALLAD.	3.710	69,02%	19.575	80,42%	23.285	**78,36%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**58**	**49,57%**	**14**	**46,67%**	**72**	**48,98%**
	Nº TRABALLAD.	**7.916**	**65,28%**	**50.351**	**80,36%**	**58.267**	**77,91%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Respecto das cláusulas que recollen pode destacarse o seguinte:

Indícase en moitas destas cláusulas que as vacacións deberán desfrutarse unha vez producida a alta, negociando empresa e traballador/a o período de mutuo acordo.

Nalgúns convenios limítase esta posibilidade a que se produza a alta dentro do ano natural, pero outros indican que se poden desfrutar no ano seguinte (ás veces indícase como límite máximo o 30 de xaneiro do ano seguinte ou o primeiro trimestre).

Requírese nalgúns casos uns certos requisitos, sinalando entre outros os seguintes:

Que exista un número de días de duración da baixa.

Que sexa debida a accidente de traballo ou enfermidade profesional.

Que sexa debida a accidente (laboral ou non) ou que requira hospitalización.

Exclúese nalgún convenio o suposto de vacacións colectivas de todo un centro de traballo.

Tamén se inclúen cláusulas que establecen que no caso de producirse colisións de intereses entre traballadores/as que modifican o seu cadro de vacacións como consecuencia da baixa médica e aqueloutros da mesma unidade ou servizo que xa as teñan programadas, terán estes últimos preferencia sobre aqueles.

Distínguese neste tipo de cláusulas se a incapacidade temporal se produce antes ou durante as vacacións.

Os convenios que indican a interrupción das vacacións no caso de incapacidade temporal **antes de comezar o seu desfrute** son 60 (40,8% dos asinados este ano) e afectan a 52.189 traballadores/as (69,8%).

Deles 12 son de sector (40% dos de sector) e afectan a 44.951 traballadores/as (71,7%) e 48 son de empresa (41% dos de empresa) e afectan a 7.238 traballadores/as (59,7%).

O gráfico seguinte indica a distribución por provincias destes convenios en porcentaxe.

INTERRUPCIÓN DAS VACACIÓNS POR IT ANTES DE COMEZAR O DESFRUTE
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Os convenios que indican a interrupción das vacacións no caso de incapacidade temporal **durante o seu desfrute** son 34 (23,1% dos asinados) e afectan a 12.032 traballadores/as (16,1%).

Deles 4 son de sector (13,3% dos de sector) e afectan a 8.537 traballadores/as (13,6%) e 30 son de empresa (25,6% dos de empresa) e afectan a 3.495 traballadores/as (28,8%).

O gráfico seguinte indica a distribución por provincias destes convenios en porcentaxe.

INTERRUPCIÓN DAS VACACIÓNS POR IT DURANTE O SEU DESFRUTE
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con este tipo de cláusulas.

Convenios colectivos que indican interrupción das vacacións por IT durante o desfrute
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	5	10,0
2006	6	14,3
2007	7	17,1
2008	7	16,3
2009	4	13,3
2010	4	13,3
Empresa		
2005	48	28,6
2006	29	19,2
2007	34	22,1
2008	35	26,7
2009	39	29,8
2010	30	25,6
Total 2010	34	23,1

Convenios colectivos que indican interrupción das vacacións por IT antes do inicio
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	17	34,0
2006	16	38,1
2007	14	34,1
2008	20	46,5
2009	12	40,0
2010	12	40,0
Empresa		
2005	57	33,9
2006	52	34,4
2007	58	37,7
2008	62	47,3
2009	49	37,4
2010	48	41,0
Total 2010	60	40,8

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

D) PERMISOS

O 98% dos convenios asinados este ano (144 convenios) melloran dalgún xeito os permisos establecidos no Estatuto dos traballadores/as. Os traballadores/as aos que afectan son 74.013 (o 99% do total).

Deles 28 son de sector (93,3% dos de sector) e afectan a 61.947 traballadores/as (98,9%) e 116 son de empresa (99,2% dos de empresa) e afectan a 12.066 traballadores/as (99,5%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	30	100,00%	6	100,00%	36	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.207	100,00%	11.250	100,00%	13.457	**100,00%**
LUGO	Nº CONVENIOS	16	100,00%	3	100,00%	19	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	930	100,00%	2.290	100,00%	3.220	**100,00%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	9	90,00%	7	87,50%	16	**88,89%**
	Nº TRABALLAD.	1.119	94,83%	17.499	98,14%	18.618	**97,94%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	54	100,00%	8	88,89%	62	**98,41%**
	Nº TRABALLAD.	5.375	100,00%	23.961	98,44%	29.336	**98,72%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**116**	**99,15%**	**28**	**93,33%**	**144**	**97,96%**
	Nº TRABALLAD.	**12.066**	**99,50%**	**61.947**	**98,87%**	**74.013**	**98,97%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

As melloras consisten nuns casos en aumentar o número de días de permiso aos que se ten dereito e noutros o que se fai e ampliar os casos que dan dereito aos permisos ou diminuír os requisitos necesarios.

Esíxense ás veces algúns requisitos para ter dereito aos permisos sinalados ou para incrementar o número de días aos que se ten dereito, sinalando moitos convenios a necesidade de ter que facer un desprazamento, indicando nuns casos ademais que sexa fóra da localidade, da provincia ou de Galicia e noutros casos sinalando un número concreto de quilómetros.

Outros convenios o requisito que esixen é a convivencia ou a pertenza á unidade familiar.

Entre os supostos que máis se citan non recollidos no ET figuran o matrimonio de parentes (nalgúns casos amplíase tamén para a inscrición como parella de feito) e a enfermidade grave e/ou falecemento de parentes de terceiro grao de consanguinidade e/ou afinidade ou de convivintes.

Tamén se indican nalgúns convenios permisos para bautizos e primeiras comuñóns, engadindo nun convenio a celebración de calquera outra cerimonia de similar rango doutra relixión.

Outros supostos que se engaden son o nacemento de netos e o divorcio ou separación.

Regúlanse nalgúns convenios os permisos para acudir ao médico e para o acompañamento de familiares (menores e/ou dependentes) á consulta médica.

Analízanse a continuación con máis detalle outras cláusulas que supoñen melloras respecto do indicado no ET e que fan referencia á **ampliación dos permisos ás parellas de feito**, aos permisos por **asuntos propios** e aos **permisos non retribuídos**.

- **Ampliación dos permisos ás parellas de feito**

Amplíase o dereito aos permisos retribuídos para as parellas de feito en 92 convenios, o 62,6% do total dos asinados este ano, que afectan a 57.326 traballadores/as (76,7%).

Deles 18 son de sector (60% dos de sector) e afectan a 48.082 traballadores/as (76,7%) e 74 son de empresa (63,3% dos de empresa) e afectan a 9.244 traballadores/as (76,2%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	3	75,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	2.027	83,24%	3.447	49,62%	5.474	**58,35%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	19	63,33%	3	50,00%	22	**61,11%**
	Nº TRABALLAD.	1.138	51,56%	8.983	79,85%	10.121	**75,21%**
LUGO	Nº CONVENIOS	8	50,00%	2	66,67%	10	**52,63%**
	Nº TRABALLAD.	588	63,23%	1.090	47,60%	1.678	**52,11%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	3	37,50%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	844	71,53%	11.751	65,91%	12.595	**66,25%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	39	72,22%	7	77,78%	46	**73,02%**
	Nº TRABALLAD.	4.647	86,46%	22.811	93,71%	27.458	**92,40%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**74**	**63,25%**	**18**	**60,00%**	**92**	**62,59%**
	Nº TRABALLAD.	**9.244**	**76,23%**	**48.082**	**76,74%**	**57.326**	**76,65%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

AMPLIACIÓN DOS PERMISOS ÁS PARELLAS DE FEITO
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	57,1%	75,0%
A CORUÑA	63,3%	50,0%
LUGO	50,0%	66,7%
OURENSE	40,0%	37,5%
PONTEVEDRA	72,2%	77,8%

Respecto das cláusulas sinalar que hai convenios nos que se indica que os permisos son os mesmos que para o cónxuxe, incluíndo os días por matrimonio, que se estenden para o caso de inscrición no rexistro correspondente.

Outros convenios establecen os mesmos permisos que para o cónxuxe con excepción do permiso por matrimonio e noutros amplían para as parellas de feito o dereito aos permisos retribuídos nos casos de enfermidade, falecemento e maternidade.

Respecto da xustificación, nos convenios que fan referencia ela, indican que debe ser mediante certificado do concello ou do rexistro de parellas de feito se existe, ou calquera outro medio co que a convivencia quede debidamente xustificada. Nalgúns convenios esíxese que se xustifique un mínimo de tempo de convivencia.

- **Permisos por asuntos propios**

Establécese o dereito a permisos retribuídos por asuntos propios en 73 convenios (49,7% dos asinados) que afectan a 38.184 traballadores/as (51,1%).

Deles 15 son de sector (50% dos de sector) e afectan a 32.018 traballadores/as (51,1%) e 58 son de empresa (49,6% dos de empresa) e afectan a 6.166 traballadores/as (50,9%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	5	71,43%	2	50,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	2.369	97,29%	2.997	43,14%	5.366	**57,19%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	21	70,00%	3	50,00%	24	**66,67%**
	Nº TRABALLAD.	1.597	72,36%	4.270	37,96%	5.867	**43,60%**
LUGO	Nº CONVENIOS	6	37,50%	2	66,67%	8	**42,11%**
	Nº TRABALLAD.	369	39,68%	1.090	47,60%	1.459	**45,31%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	1	12,50%	5	**27,78%**
	Nº TRABALLAD.	510	43,22%	400	2,24%	910	**4,79%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	22	40,74%	7	77,78%	29	**46,03%**
	Nº TRABALLAD.	1.321	24,58%	23.261	95,56%	24.582	**82,72%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**58**	**49,57%**	**15**	**50,00%**	**73**	**49,66%**
	Nº TRABALLAD.	**6.166**	**50,85%**	**32.018**	**51,10%**	**38.184**	**51,06%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PERMISOS POR ASUNTOS PROPIOS
PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	71,4%	50,0%
A CORUÑA	70,0%	50,0%
LUGO	37,5%	66,7%
OURENSE	40,0%	12,5%
PONTEVEDRA	40,7%	77,8%

Respecto das cláusulas que recollen pode sinalarse o seguinte:

O número de días que se establecen van desde 1 ata 10.

Nalgúns convenios con vixencia superior a un ano, increméntase o número de días de asuntos propios para os anos seguintes.

Faise referencia nestas cláusulas entre outras ás seguintes circunstancias:

- Necesidade ou non de que exista xustificación para desfrutalos.
- Prohibición ou posibilidade de acumulalos entre si, ás vacacións, aos festivos ou a outras licenzas.
- Prazo de antelación mínima das solicitudes ou de aviso previo á empresa (excepto casos de forza maior).
- Días adicionais segundo anos de servizo.
- Posibilidade, no caso de non esgotalos no ano, de desfrutalos no ano seguinte.

  Indícase xeralmente ata o 15 ou 31 de xaneiro do ano seguinte e nalgún caso ata o 15 ou durante todo o mes de febreiro.
- Límites para o seu desfrute.

  Indícanse nalgúns convenios as necesidades do servizo ou establécese un número e/ou porcentaxe máximos de traballadores/as que poden desfrutalos simultaneamente, sinalando nalgúns destes últimos casos os criterios e/ou procedemento a seguir.

  Exclusión dos períodos de maior actividade da empresa para o seu desfrute.

  Establece algún convenio un número para desfrutar antes do 30 de setembro .

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que establecen días de asuntos propios retribuídos e que amplían os permisos ás parellas de feito.

Convenios que indican días de asuntos propios retribuídos
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	20	40,0
2006	15	35,7
2007	19	46,3
2008	13	30,2
2009	15	50,0
2010	15	50,0
Empresa		
2005	75	44,6
2006	56	37,1
2007	82	53,2
2008	69	52,7
2009	78	59,5
2010	58	49,6
Total 2010	73	49,7

Convenios que amplían os permisos ás parellas de feito
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	25	50,0
2006	17	40,5
2007	24	58,5
2008	28	65,1
2009	19	63,3
2010	18	60,0
Empresa		
2005	75	44,6
2006	72	47,7
2007	77	50,0
2008	85	64,9
2009	84	64,1
2010	74	63,3
Total 2010	92	62,6

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Permisos non retribuídos**

Existen cláusulas ao respecto en 72 convenios (49% dos asinados este ano) que afectan a 19.604 traballadores/as (26,2%). Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 11.405 traballadores/as (18,2%) e 66 son de empresa (56,4% dos de empresa) e afectan a 8.199 traballadores/as (67,6%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	2	50,00%	6	**54,55%**
	Nº TRABALLAD.	2.028	83,29%	2.997	43,14%	5.025	**53,56%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	19	63,33%	2	33,33%	21	**58,33%**
	Nº TRABALLAD.	1.323	59,95%	7.183	63,85%	8.506	**63,21%**
LUGO	Nº CONVENIOS	9	56,25%		0,00%	9	**47,37%**
	Nº TRABALLAD.	719	77,31%		0,00%	719	**22,33%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	1	12,50%	5	**27,78%**
	Nº TRABALLAD.	898	76,10%	75	0,42%	973	**5,12%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	30	55,56%	1	11,11%	31	**49,21%**
	Nº TRABALLAD.	3.231	60,11%	1.150	4,72%	4.381	**14,74%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**66**	**56,41%**	**6**	**20,00%**	**72**	**48,98%**
	Nº TRABALLAD.	**8.199**	**67,61%**	**11.405**	**18,20%**	**19.604**	**26,21%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



As cláusulas máis frecuentes refírense ao seguinte:

Sinalar a duración máxima e/ou mínima e/ou o tempo que debe mediar entre dous períodos de licenza.

Condicionar estes permisos ás necesidades do servizo e a que sexan por causa xustificada.

Esixencia dunha determinada antigüidade para ter dereito a eles.

Antelación coa que se debe facer a solicitude.

Porcentaxe e/ou número máximo de traballadores/as que poden coincidir con este permiso.

Hai convenios que establecen esta posibilidade de días non retribuídos para ampliar os permisos retribuídos por enfermidade grave ou falecemento de familiares, matrimonio ou outras circunstancias extraordinarias.

E) CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

Recollen cláusulas relacionadas con este tema 145 convenios (98,7% dos asinados) que afectan a 74.074 traballadores/as (99,1%).

Deles 28 son de sector (93,3% dos de sector) e afectan a 61.947 traballadores/as (98,9%) e 117 son de empresa (100% dos de empresa) e afectan a 12.127 traballadores/as (100%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	30	100,00%	6	100,00%	36	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.207	100,00%	11.250	100,00%	13.457	**100,00%**
LUGO	Nº CONVENIOS	16	100,00%	3	100,00%	19	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	930	100,00%	2.290	100,00%	3.220	**100,00%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	10	100,00%	7	87,50%	17	**94,44%**
	Nº TRABALLAD.	1.180	100,00%	17.499	98,14%	18.679	**98,26%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	54	100,00%	8	88,89%	62	**98,41%**
	Nº TRABALLAD.	5.375	100,00%	23.961	98,44%	29.336	**98,72%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**117**	**100,00%**	**28**	**93,33%**	**145**	**98,64%**
	Nº TRABALLAD.	**12.127**	**100,00%**	**61.947**	**98,87%**	**74.074**	**99,05%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Respecto do tipo de cláusulas que recollen que varían nalgún aspecto o sinalado na lexislación vixente, ademais do sinalado respecto dos permisos (incremento do número de días e/ou dos supostos que dan dereito a eles) e das vacacións pódese sinalar o seguinte:

- ***Cláusulas relativas ao dereito do traballador/a a adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.***

Algunhas destas cláusulas veñen recollidas nos convenios de persoal laboral e acordos de persoal funcionario dos concellos, que adaptan as cláusulas sobre xornada ao sinalado na Lei da función pública de Galicia e no Estatuto básico do empregado público.

Outras cláusulas que se poden destacar das recollidas respecto da xornada fan referencia ao seguinte:

- Indican algúns convenios que na organización das quendas teranse en conta as circunstancias persoais de cada empregado sempre que non deterioren a organización do traballo.

- Establece nun convenio de empresa ao regular a prolongación da xornada por sobrecarga de traballo que se procurará que afecte equitativamente a todo o persoal, engadindo que logo de xustificación suficiente da existencia e importancia da causa elixida, quedan exceptuados:

  · Quen cursen con regularidade estudos para a obtención dun título académico ou de ensinanza profesional oficialmente recoñecido, e durante o tempo imprescindible para asistir ás devanditas clases.

  · Quen teñan obrigacións familiares habituais de carácter persoal e ineludible.

- Sinala un convenio de empresa ao regular a xornada que as persoas ás que o seu horario de traballo imposibilite o exercicio do dereito a conciliación da súa vida familiar, laboral e persoal, poderán solicitarlle por escrito a empresa modificación respecto da distribución e organización da súa xornada de traballo.

A empresa resolverá esas solicitudes, escoitada a representación dos traballadores/as no prazo de 10 días naturais e por escrito, podendo ser denegadas só no caso de que a empresa xustifique a imposibilidade de modificarlle as condicións de traballo á persoa nos termos solicitados. Nestes casos, a empresa estará na obriga de achegar, xunto co escrito de denegación, outra proposta que tente conxugar as necesidades de ambas as partes.

Engade que as persoas que teñan ao seu cargo menores en idade de escolarización ou maiores dependentes terán prioridade, previa solicitude.

- Noutro convenio tamén de empresa indícase que coa finalidade de favorecer a igualdade efectiva establécese un sistema de Tempo por Tempo no que os traballadores/as poderán variar en 15 horas ao ano o horario da súa xornada habitual de traballo, para dedicalas a asuntos propios, especialmente os relacionados con acompañamento de familiares ao médico. Por razóns organizativas debe haber acordo co mando para o seu desfrute e recuperación.

Este tempo por tempo non afectará ao cálculo da xornada ordinaria anual de traballo que deberá cumprirse integramente e non suporá economicamente ningún desconto o seu desfrute, nin compensación a súa recuperación.

- ***Redución de xornada por garda legal ou coidado de familiares.***

A maioría dos convenios con cláusulas ao respecto adaptáronas ás modificacións introducidas pola Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, pero aínda existen algúns convenios que recollen o sinalado con anterioridade á dita lei.

Das cláusulas que varían o sinalado na lexislación vixente algunhas o que fan é ampliar a idade do menor ata os 9, 10 ou 12 anos.

Sinala un convenio de sector que por razóns xustificadas e logo da aceptación pola empresa, tamén poderá ser autorizada unha redución de xornada por un período máximo dun ano de entre, polo menos, unha hora e un máximo da metade da xornada de traballo, coa redución proporcional das súas retribucións, ao traballador/a que teña que encargarse do coidado directo dun familiar ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, aínda que realice actividade retribuída.

Sinálase a posibilidade de acumulación igual que para a lactación, podendo fixar o seu novo horario en quenda única ou acumular o tempo de traballo en xornadas completas, aumentando os días de descanso semanal.

- ***Regulación do permiso por lactación e a posibilidade de acumulación en xornadas completas.***

As cláusulas que melloran nalgún aspecto o sinalado na lexislación vixente refírense ao seguinte:

- Amplíase a idade ata 10 ou 12 meses.

- Amplíase a duración da redución de xornada ata unha hora.

- Os convenios que regulan a posibilidade de acumulación deste permiso indican ás veces o número de días que corresponden e cando se deben ou poden desfrutar, sinalando maioritariamente que será a continuación da baixa de maternidade.

- Indícase noutros casos a posibilidade de desfrutalo por períodos semanais ou mensuais ou tamén á súa elección dentro do primeiro ano de vida do fillo ou filla.

- Algúns convenios recollen o prazo co que debe de comunicarse á empresa a opción pola acumulación deste permiso.

- Nun convenio que recolle respecto da lactación os requisitos sinalados na lexislación vixente, indica que poderá estenderse ata que o ou a menor cumpra 1 ano se o descanso se acumula.

- ***Garderías***

Existen cláusulas en 13 convenios de empresa. Fan referencia á existencia de axudas económicas.

- ***Permiso de paternidade / maternidade***

Entre os convenios que fan referencia ao permiso de paternidade recóllese maioritariamente a duración sinalada no Estatuto dos traballadores/as ou na lexislación aplicable nos casos dos concellos para o seu persoal.

Outras duracións que se indican para este permiso son 15, 20 ou 28 días.

Amplíase ademais nalgúns convenios a duración para o caso de familias numerosas ou na que exista algunha persoa con discapacidade.

Sinálase tamén a posibilidade de desfrute deste permiso a tempo parcial.

Respecto dos permisos e a protección por maternidade, o tipo de cláusulas máis habitual o que fan e remitir ou recoller total ou parcialmente o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

Sinálase nalgúns convenios a ampliación deste permiso en dúas semanas máis do sinalado no Estatuto dos traballadores/as.

- ***Excedencias***

Créanse nalgúns convenios excedencias especiais de duración distinta á establecida na lexislación vixente por motivos familiares, de estudos,...

Amplíase a duración das excedencias, a de coidado de fillos/as ata 5 anos e a excedencia por coidado de familiares ata 3 anos.

Indícase tamén ás veces unha duración mínima menor que a sinalada no Estatuto dos traballadores/as.

Amplíase o período de reserva do posto de traballo nalgúns casos de excedencia voluntaria ata 2 anos ou por toda a duración, e no caso de excedencias por coidado de fillo/a ou por coidado de familiares, nalgúns casos durante toda a duración delas e noutros durante 16 meses ou 2 anos.

Nun convenio indican a reserva do posto 2 anos ampliable a toda a duración para o caso de familia numerosa.

Sinálanse ás veces requisitos distintos aos esixidos no Estatuto dos traballadores/as (antigüidade, prazo para poder solicitar unha nova excedencia,...).

Nas excedencia por coidado de familiares inclúese tamén nalgúns casos as parellas de feito.

Existen algúns convenios que seguen mantendo a redacción anterior ás modificacións introducidas pola Lei 3/2007. Nalgúns casos manteñen as cláusulas que tiñan anteriormente e que melloraban o sinalado na lexislación vixente naquel momento pero que coas modificacións introducidas pola citada lei non se adaptan nalgúns aspectos ao establecido no Estatuto dos traballadores/as (respecto da duración mínima da excedencia voluntaria sobre todo).

- ***Outras cláusulas***

Recóllese a posibilidade de conceder permisos especiais en casos excepcionais, como falecemento do cónxuxe se o/a traballador/a ten fillos menores de 6 anos ou diminuídos que non desempeñen actividade retributiva, ou por enfermidade ou accidente grave de familiares.

Sinala un convenio de sector respecto dos traslados que serán atendidos, en primeiro lugar, con quen, reunindo as condicións de idoneidade, o acepte voluntariamente e a falta destes, terán preferencia para ser afectados pola mobilidade en último lugar, por esta orde, os representantes dos traballadores/as no seo da empresa, as traballadoras embarazadas ou con fillos menores dun ano e os que teñan cargas familiares.

Nun convenio de empresa indica respecto dos desprazamentos que esixan pernoitar fóra do domicilio e teñan unha duración superior a 15 días a seguinte orde de preferencia para non ser trasladado: representantes legais dos traballadores/as; diminuídos físicos e psíquicos; embarazadas ou en período de lactación; traballadores/as con fillos menores de idade ao seu cargo.

Noutro convenio de sector indica que os traballadores e traballadoras, para atender o coidado dun fillo menor de seis anos ou dun fillo menor que estivese minusválido con, polo menos, un índice de minusvalía do 33%, así como dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que por razóns de minusvalidez non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, terán un dereito preferente a ocupar as vacantes que existan dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente que se atopen en centros máis próximos ao seu domicilio, gardaría, colexio ou centro de día de persoas da terceira idade, durante os seis anos seguintes ao nacemento ou adopción do neno ou mentres dure a atención á persoa minusválida.
De non existiren vacantes, e contando coa conformidade da empresa, tamén se poderá pactar unha permuta cos traballadores dos citados centros.
Para tales efectos, o traballador deberá acreditar a inscrición do menor ou do familiar minusválido ao centro que estea situado preto do centro de traballo ao que ten interese de trasladarse.

Respecto do absentismo recollen algúns convenios as seguintes cláusulas:

Non computan para os efectos do cómputo da porcentaxe de absentismo as horas sindicais e os permisos por paternidade, maternidade e cumprimento do deber inescusable de carácter público ou privado).

Sinálase que non se considerarán faltas de asistencia para o complemento de asistencia entre outras as debidas a maternidade, risco durante o embarazo, vacacións, lactación e as licenzas e permisos recollidos no convenio.

Para o cálculo da prima de produción indícase que para o cómputo do absentismo non se terán en conta as ausencias derivadas de accidente de traballo, lactación, e permiso por falecemento de parentes de 1º e 2º grao.

Indica un convenio de empresa ao regular os permisos que no seu desfrute terán preferencia as mulleres xestantes, en período de lactación ou con fillos de ata 10 anos de idade. En caso de conflito de intereses con algún compañeiro de traballo, prevalecerá o criterio maternidade sobre o do momento en que se solicitou o permiso.

Nalgún convenio faise referencia a que as medidas para favorecer a conciliación están recollidas no Plan de igualdade que existe na empresa, pero que non acompañan ao convenio

F) ABSENTISMO

Adóptase algunha medida concreta ou recóllense cláusulas sobre o control do absentismo en 66 convenios (44,9% dos asinados) que afectan a 31.977 traballadores/as (42,8%).

Deles 9 son de sector (30% dos de sector) e afectan a 24.712 traballadores/as (39,4%) e 57 son de empresa (48,7% dos de empresa) e afectan a 7.265 traballadores/as (59,9%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	1	25,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	687	28,21%	1.337	19,25%	2.024	**21,57%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	15	50,00%	4	66,67%	19	**52,78%**
	Nº TRABALLAD.	1.164	52,74%	7.460	66,31%	8.624	**64,09%**
LUGO	Nº CONVENIOS	8	50,00%	1	33,33%	9	**47,37%**
	Nº TRABALLAD.	543	58,39%	1.200	52,40%	1.743	**54,13%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	5	50,00%	2	25,00%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	923	78,22%	14.335	80,40%	15.258	**80,26%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	25	46,30%	1	11,11%	26	**41,27%**
	Nº TRABALLAD.	3.948	73,45%	380	1,56%	4.328	**14,56%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**57**	**48,72%**	**9**	**30,00%**	**66**	**44,90%**
	Nº TRABALLAD.	**7.265**	**59,91%**	**24.712**	**39,44%**	**31.977**	**42,76%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Entre as cláusulas que recollen pódense sinalar as seguintes:

- Establecemento de complementos en función da asistencia e/ou puntualidade.

Respecto do número de convenios que establecen este tipo de complementos xa se fixo mención no apartado sobre a estrutura salarial deste informe.

Como xa se dicía no citado apartado, na regulación dos complementos de asistencia e puntualidade recóllese na maioría dos casos o procedemento segundo o cal se perden ou se producen descontos neles por faltas de puntualidade e asistencia, facendo ás veces unha relación de cales son as ausencias que se teñen en conta para estes efectos e cales non.

- En 14 convenios (9,5% dos asinados) que afectan a 2.055 traballadores/as (2,7%) fanse depender os complementos por incapacidade temporal do índice de absentismo. Son todos de empresa.

Faise maioritariamente cando a incapacidade temporal é por enfermidade común ou accidente non laboral.

- Establecemento de primas, incentivos ou gratificacións extraordinarias en función do absentismo.

Indícanse ás veces distintos índices ou tramos de absentismo e a contía que correspondería percibir para cada un deles.

Establécense contías en función do índice de absentismo, sinalando as ausencias que non se terán en conta para estes efectos e as porcentaxes de desconto segundo as faltas de asistencia.

Para a súa determinación tense ás veces en consideración de forma individualizada a asistencia ao traballo, e noutros casos ponse en relación o absentismo individual co colectivo, podendo percibir os complementos os/as que estean dentro dos límites que se sinalan para cada un deles.

Sinálanse tamén as faltas que se teñen en conta e cales non.

- Establécese o dereito ao desfrute de certos permisos sempre que o índice de absentismo colectivo da empresa non supere unha certa porcentaxe.

Nalgún caso este dereito fíxase para cada traballador/a en función do seu índice individual de absentismo.

- Indícase a posibilidade de incrementar os días de vacacións en función do número de días faltados.

- Tense en conta o nivel de absentismo para os ascensos.

- Incídese na potenciación dos instrumentos de control e de redución do absentismo laboral así como da realización dos estudos necesarios sobre as súas causas.

- Faise referencia á posibilidade de descontos ou penalizacións nas retribucións nos casos de falta inxustificada de puntualidade e asistencia.

- Nalgúns convenios créanse comisións específicas de seguimento do absentismo, indicando a súa composición e a periodicidade das reunións. Noutros en cambio atribúense estas funcións ás comisións paritarias do convenio.

- Outras cláusulas refírense á información á representación dos traballadores/as sobre o absentismo, indicando ás veces o contido e a periodicidade que debe ter.

- Noutro tipo de cláusulas recóllense compromisos xenéricos de redución do absentismo, sen concretar ningunha medida.

G) HORAS EXTRAORDINARIAS

Teñen cláusulas sobre horas extraordinarias 125 convenios (85% dos asinados) que afectan a 70.526 traballadores/as (94,3%).

Deles 23 son de sector (76,7% dos de sector) e afectan a 58.874 traballadores/as (94%) e 102 son de empresa (87,2% dos de empresa) e afectan a 11.652 traballadores/as (96,1%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	5	71,43%	4	100,00%	9	**81,82%**
	Nº TRABALLAD.	2.338	96,02%	6.947	100,00%	9.285	**98,97%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	27	90,00%	6	100,00%	33	**91,67%**
	Nº TRABALLAD.	2.120	96,06%	11.250	100,00%	13.370	**99,35%**
LUGO	Nº CONVENIOS	15	93,75%		0,00%	15	**78,95%**
	Nº TRABALLAD.	918	98,71%		0,00%	918	**28,51%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	9	90,00%	7	87,50%	16	**88,89%**
	Nº TRABALLAD.	1.113	94,32%	17.552	98,44%	18.665	**98,19%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	46	85,19%	6	66,67%	52	**82,54%**
	Nº TRABALLAD.	5.163	96,06%	23.125	95,00%	28.288	**95,19%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**102**	**87,18%**	**23**	**76,67%**	**125**	**85,03%**
	Nº TRABALLAD.	**11.652**	**96,08%**	**58.874**	**93,96%**	**70.526**	**94,31%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



O tipo de cláusulas que recollen é similar ao de anos anteriores, podendo resumilas nas seguintes:

- Retribución das horas extraordinarias

A regulación da retribución das horas extraordinarias é o tipo de cláusula máis habitual.

Faise sinalando un valor ou a súa compensación con tempo de descanso ou dos dous xeitos.

Son tres as formas que se utilizan para fixar a retribución destas horas: indicando unha porcentaxe de incremento que se aplica sobre o valor das horas normais, sinalando unha contía concreta ou establecendo unha fórmula para o cálculo do seu valor.

Cando a compensación se fai en tempo de descanso indícase ademais do que corresponde por cada hora extraordinaria realizada, a posibilidade ou non de acumular os descansos para desfrutalos en xornadas completas, así como a posibilidade ou non de acumulalos ás vacacións.

Nalgúns casos indícase un prazo de tempo no que se ten que desfrutar o descanso (xeralmente nos 2, 3, 4 ou 6 meses seguintes).

Refírense algúns convenios a quen lle corresponde a opción entre o descanso ou a compensación económica pola realización de horas extraordinarias (empresa, traballador/a ou de mutuo acordo).

Á hora de establecer a compensación destas horas, faise unha distinción entre as horas extraordinarias normais, as festivas e as nocturnas, aplicando porcentaxes (ou contías) maiores para estas últimas, tanto na compensación económica como no tempo de descanso.

Xeralmente considéranse festivas as realizadas en domingo e días festivos declarados legalmente, pero tamén hai convenios que indican os sábados (algúns diferenciando se é pola mañá ou pola tarde) ou os días de descanso.

Establecen algúns convenios cal é o horario que se considera nocturno para estes efectos (normalmente de 22 horas a 6 horas).

- Control das horas extraordinarias

Para o control das horas extraordinarias establécese nalgúns convenios a necesidade de levar un rexistro delas por servizo co número de horas realizadas mensual ou trimestralmente.

Sinálase que a dirección da empresa informará periodicamente á representación dos traballadores/as sobre o número de horas extraordinarias realizadas, especificando as causas e, se é o caso, a distribución por seccións.

Hai convenios que indican a periodicidade coa que debe producirse a información das horas realizadas á representación dos traballadores/as, sinalando xeralmente que será mensual ou trimestral.

Existen cláusulas que indican a obriga de expoñer no taboleiro de anuncios a información sobre a realización de horas extraordinarias.

Establecen outros convenios o número máximo de horas extraordinarias que se poden realizar ao día, ao mes e ao ano.

- Redución ou supresión das horas extraordinarias

Establécese a supresión das horas extraordinarias habituais en 28 convenios (19% dos asinados) que afectan a 24.182 traballadores/as (32,3%).

Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 21.416 traballadores/as (34,2%) e 22 son de empresa (18,8% dos de empresa) e afectan a 2.766 traballadores/as (22,8%).

Indican a redución ao mínimo das horas extraordinarias ou a redución do número máximo establecido no Estatuto dos Traballadores/as 33 convenios (22,4% dos asinados) que afectan a 32.862 traballadores/as (43,9%).

Deles 7 son de sector (23,3% dos de sector) e afectan a 29.863 traballadores/as (47,7%) e 26 son de empresa (22,2% dos de empresa) e afectan a 2.999 traballadores/as (24,7%).

Establécese nalgúns convenios un número concreto de horas extraordinarias que, no caso de superarse, suporía a creación dun novo posto de traballo.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que indican a supresión das horas extraordinarias habituais.

Convenios que indican a supresión das horas extraordinarias habituais
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Galicia	
	Nº	%
Sector		
2005	15	30,0
2006	12	28,6
2007	9	22,0
2008	6	14,0
2009	11	36,7
2010	6	20,0
Empresa		
2005	30	17,9
2006	30	19,9
2007	31	20,1
2008	26	19,8
2009	17	13,0
2010	22	18,8
Total 2010	28	19,0

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- Outras cláusulas

Inclúen varios convenios definicións das horas que se consideran estruturais ou por forza maior.

Noutros convenios limítanse a remitir á lexislación vixente todo o referente ás horas extraordinarias.

8. CONTRATACIÓN E EMPREGO

Analízanse neste apartado en primeiro lugar as cláusulas recollidas nos convenios colectivos asinados este ano que se refiren aos procedementos de selección e ingreso no traballo, as modalidades contractuais e a utilización de empresas de traballo temporal, e a continuación as cláusulas sobre xubilación, fomento do emprego, fomento da contratación indefinida e garantías do posto de traballo.

A) INGRESO NO TRABALLO. PERÍODO DE PROBA

Regúlase dalgún xeito o ingreso no traballo en 100 convenios (68% dos asinados) que afectan a 63.528 traballadores/as (85%).

Deles 21 son de sector (70% dos de sector) e afectan a 54.473 traballadores/as (86,9%) e 79 son de empresa (67,5% dos de empresa) e afectan a 9.055 traballadores/as (74,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	21	70,00%	4	66,67%	25	**69,44%**
	Nº TRABALLAD.	1.445	65,47%	9.463	84,12%	10.908	**81,06%**
LUGO	Nº CONVENIOS	11	68,75%	1	33,33%	12	**63,16%**
	Nº TRABALLAD.	575	61,83%	1.200	52,40%	1.775	**55,12%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	8	80,00%	7	87,50%	15	**83,33%**
	Nº TRABALLAD.	1.094	92,71%	17.552	98,44%	18.646	**98,09%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	32	59,26%	5	55,56%	37	**58,73%**
	Nº TRABALLAD.	3.506	65,23%	19.311	79,34%	22.817	**76,78%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**79**	**67,52%**	**21**	**70,00%**	**100**	**68,03%**
	Nº TRABALLAD.	**9.055**	**74,67%**	**54.473**	**86,94%**	**63.528**	**84,95%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



O tipo de cláusulas que recollen fai referencia aos seguintes aspectos:

- Posibilidade ou necesidade de facer as probas de selección teórico-prácticas e psicotécnicas que consideren necesarias para comprobar se o seu grao de aptitude e a súa preparación son adecuados á categoría profesional e ao posto de traballo que vaian desempeñar, así como concursos de méritos para o ingreso.

Refírense nalgúns casos á participación da representación dos traballadores/as nestes procesos de selección.

Indican algúns convenios á posibilidade de facer as entrevistas persoais que consideren convenientes.

Recollen tamén ás veces os criterios que se deberán de ter en conta nos baremos dos concursos, sinalando entre outros a formación, experiencia e os méritos respecto da praza, a antigüidade, o coñecemento do posto e o historial profesional.

Indícase ás veces unha porcentaxe de vacantes para cubrir mediante concurso / oposición e outra que pode cubrir a empresa por libre designación.

- Obrigación de informar á representación dos traballadores/as e/ou dar publicidade da convocatoria da praza no taboleiro de anuncios con indicación dos requisitos requiridos, o sistema de selección e a documentación a achegar polos/as aspirantes, cunha antelación suficiente á celebración das probas.

- Preferencias na contratación en igualdade de condicións para os fillos/as ou familiares dos traballadores/as ou para anteriores traballadores/as da empresa (prestasen ou presten os seus servizos na empresa con carácter eventual, a tempo parcial, etc).

- Elaboración de listas ou bolsas de traballadores/as ás que é obrigatorio recorrer á hora de cubrir as necesidades da empresa.

Entre os criterios na elaboración destas listas indícase que se terán en conta as puntuacións obtidas nas probas de selección e, se é o caso, os servizos prestados en postos de natureza semellante.

- Reserva dun número de prazas non inferior a unha porcentaxe que se indica para ser cubertas por persoas con discapacidade.

- Necesidade dunha revisión médica previa ao ingreso no traballo.

- Para os postos que impliquen mando ou confianza sinálase xeralmente a libre designación por parte da empresa.

- Inclúese nalgúns convenios a obriga da comisión paritaria ou da representación dos traballadores/as de velar porque os procesos de selección de persoal se desenvolvan con criterios de profesionalidade e non discriminación.

- Na cobertura de vacantes indícase xeralmente que antes de contratar persoas alleas á empresa, tratarase de cubrir estas prazas con traballadores/as do cadro de persoal sempre que cumpran os requisitos requiridos, pasándose a cubrir as vacantes que estes orixinen polas novas contratacións.

- Período de proba

Teñen cláusulas sobre o período de proba 63 convenios (42,9% dos asinados este ano) que afectan a 60.541 traballadores/as (81%).

Deles 20 son de sector (66,7% dos de sector) e afectan a 54.087 traballadores/as (86,3%) e 43 son de empresa (36,8% dos de empresa) e afectan a 6.454 traballadores/as (53,2%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	4	100,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	2.005	82,34%	6.947	100,00%	8.952	**95,42%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	5	16,67%	4	66,67%	9	**25,00%**
	Nº TRABALLAD.	448	20,30%	9.463	84,12%	9.911	**73,65%**
LUGO	Nº CONVENIOS	9	56,25%	1	33,33%	10	**52,63%**
	Nº TRABALLAD.	527	56,67%	1.200	52,40%	1.727	**53,63%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	6	60,00%	7	87,50%	13	**72,22%**
	Nº TRABALLAD.	938	79,49%	17.552	98,44%	18.490	**97,26%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	20	37,04%	4	44,44%	24	**38,10%**
	Nº TRABALLAD.	2.536	47,18%	18.925	77,75%	21.461	**72,22%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**43**	**36,75%**	**20**	**66,67%**	**63**	**42,86%**
	Nº TRABALLAD.	**6.454**	**53,22%**	**54.087**	**86,32%**	**60.541**	**80,95%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	42,9%	100,0%
A CORUÑA	16,7%	66,7%
LUGO	56,3%	33,3%
OURENSE	60,0%	87,5%
PONTEVEDRA	37,0%	44,4%

Respecto das cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

Nos convenios que o fixan axústase en cada caso á estrutura profesional da empresa ou ás características do sector e tamén ás condicións e tipo de posto que se vaia desenvolver.

Nuns casos indícase a posibilidade de establecelo e noutros a obrigatoriedade de facelo.

No caso de que se estableza recollen algúns convenios que tanto o empresario/a como o traballador/a están respectivamente obrigados a realizar as experiencias que constitúan o obxecto da proba.

Tamén recollen algúns convenios a necesidade de facelo por escrito ou de que conste no contrato.

No que atinxe aos/as traballadores/as que xa estiveran prestando servizos con anterioridade na empresa indícase que non terán que someterse a un novo período de proba para a mesma categoría profesional ou para desempeñar as mesmas funcións.

Respecto da comunicación da non superación do período de proba sinálase a necesidade de facelo por escrito.

A maioría dos convenios que fan referencia á situación de incapacidade temporal durante este período indican que interromperá o cómputo.

Outras cláusulas remiten ou recollen total ou parcialmente o sinalado ao respecto na lexislación vixente ou en acordos ou convenios de ámbito superior.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas sobre o período de proba.

Evolución dos convenios colectivos con cláusulas sobre o período de proba
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	Sector		Empresa		Total Galicia	
	Nº convenios	%	Nº convenios	%	Nº convenios	%
2005	26	52,0	58	34,5	**84**	**38,5**
2006	26	61,9	57	37,7	**83**	**43,0**
2007	23	56,1	51	33,1	**74**	**37,9**
2008	27	62,8	57	43,5	**84**	**48,3**
2009	14	46,7	50	38,2	**64**	**39,8**
2010	**20**	**66,7**	**43**	**36,8**	**63**	**42,9**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

B) CONTRATACIÓN. MODALIDADES DE CONTRATOS

Conteñen cláusulas sobre a contratación 121 dos convenios asinados este ano (82,3%) que afectan a 73.128 traballadores/as (97,8%).

Deles 29 son de sector (96,7% dos de sector) e afectan a 62.278 traballadores/as (99,4%) e 92 son de empresa (78,6%) e afectan a 10.850 traballadores/as (89,5%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	23	76,67%	6	100,00%	29	**80,56%**
	Nº TRABALLAD.	1.709	77,44%	11.250	100,00%	12.959	**96,30%**
LUGO	Nº CONVENIOS	12	75,00%	3	100,00%	15	**78,95%**
	Nº TRABALLAD.	732	78,71%	2.290	100,00%	3.022	**93,85%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	9	90,00%	8	100,00%	17	**94,44%**
	Nº TRABALLAD.	1.119	94,83%	17.830	100,00%	18.949	**99,68%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	41	75,93%	8	88,89%	49	**77,78%**
	Nº TRABALLAD.	4.855	90,33%	23.961	98,44%	28.816	**96,97%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**92**	**78,63%**	**29**	**96,67%**	**121**	**82,31%**
	Nº TRABALLAD.	**10.850**	**89,47%**	**62.278**	**99,39%**	**73.128**	**97,78%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Os tipos de cláusulas que máis se repiten regulan o seguinte:

- Forma, requisitos e contido mínimo do contrato.

Indícase a necesidade de facelo por escrito, antes do comezo da prestación de servizos, facendo constar as condicións que se pacten, o grupo profesional ou categoría e o contido mínimo do contrato e demais requisitos formais legalmente establecidos. Nalgúns convenios recóllese tamén cal se considera que é este contido mínimo.

- Obrigatoriedade de entrega dunha copia do contrato ao traballador/a.

- Información sobre contratación á representación legal dos traballadores/as. Contido e periodicidade coa que se debe facer.

Nestas cláusulas indícase que se informará á representación dos traballadores/as das contratacións e das baixas que se produzan e das súas causas, sinalando nalgúns convenios a periodicidade coa que debe darse.

Tamén se refiren á obriga de entregarlle unha copia básica dos contratos e das prórrogas e denuncias deles, sinalando nalgúns casos o prazo para facelo.

- Información sobre a cotización á Seguridade Social co fin de que os traballadores/as constaten a súa situación laboral.

Refírense a maioría destas cláusulas á publicación nos taboleiros de anuncios das copias dos boletíns de cotización á Seguridade Social co fin de que os traballadores/as constaten a súa situación laboral mensualmente.

- Cláusulas sobre contratación temporal.

Sinálase ao respecto que os contratos se suxeitarán ao principio de causalidade, polo que terán carácter indefinido ou temporal en función da causa que orixine o contrato.

Indícase tamén que os traballadores/as con contratos eventuais terán os mesmos dereitos e as mesmas obrigacións que os demais traballadores/as do cadro de persoal, salvo as limitacións derivadas da natureza e duración do seu contrato.

Recollen algúns convenios a obrigatoriedade de comunicar por escrito ao traballador/a o aviso previo de cesamento por finalización de calquera modalidade de contrato de duración determinada, establecendo a antelación coa que debe facerse e indicando a posibilidade de substituílo por unha indemnización equivalente á cantidade correspondente aos días de aviso previo omitidos.

Outras cláusulas refírense á indemnización por fin do contrato e ás compensacións por eventualidade.

- Cláusulas sobre extinción do contrato, avisos previos de cesamento e sobre liquidacións e o seu aboamento.

Refírense sobre todo aos prazos de avisos previos no caso de cesamentos e os efectos no caso de non cumprirse (descontos na liquidación correspondente no caso de cesamentos voluntarios ou, para o caso de cesamento por fin do contrato, substitución deste aviso previo por unha indemnización equivalente á cantidade correspondente aos días de aviso previo omitidos).

Fíxase nalgúns casos a indemnización que corresponde por fin de contrato.

Indícase que o traballador/a non perderá o dereito a percibir as cantidades que a empresa teña que aboar en concepto de revisións, atrasos, ou calquera tipo de variación na retribución que corresponda ao tempo de prestación de servizos.

Ven recollido nalgúns convenios o modelo de recibo de finiquito ou de liquidación, e faise constar ás veces a posibilidade de que o traballador/a poida someter o recibo de liquidación ou documento que poña fin á relación laboral, antes de asinalo, á supervisión da representación dos traballadores/as ou, no seu defecto, á do sindicato ao que estea afiliado/a ou dos asinantes do convenio.

Outras cláusulas remiten ao sinalado na lexislación vixente.

- Extinción do contrato por causas obxectivas

Algúns convenios remiten ao sinalado na lexislación vixente ao respecto.

Nalgúns casos indícase que cando a empresa queira facer uso do dereito concedido no artigo 52.c do Estatuto dos traballadores/as e conforme ao procedemento previsto no artigo 53 do mesmo texto legal, deberá entregar, ademais da comunicación prevista na norma, e simultaneamente, unha memoria explicativa que faga referencia á causa da extinción, tanto aos traballadores/as afectados/as como á representación dos traballadores/as na empresa.

Engádese que sen prexuízo da eficacia e executividade do acordo extintivo, conforme ao procedemento establecido na lei, a representación dos traballadores/as emitirá informe motivado sobre a decisión empresarial e a causa extintiva alegada (indican o prazo para facelo).

Destes informes darase traslado á dirección da empresa para a súa unión ao expediente, entendéndose que transcorridos os prazos previstos para a súa emisión sen facelo, desístese de tal dereito.

Sinálase ademais que este procedemento non suspenderá nin interromperá os prazos previstos no artigo 53.1.c do Estatuto dos traballadores/as, e considérase esta cláusula para todos os efectos de carácter obrigacional.

- Recollen algúns convenios cláusulas respecto das incompatibilidades e a non concorrencia.

- Outras cláusulas remiten á lexislación vixente ou a convenios de ámbito superior nesta materia.

Analízanse a continuación con máis detalle as cláusulas sobre as distintas **modalidades de contratación** recollidas nos convenios asinados este ano.

▪ Modalidades de contratación

- Contrato de obra ou servizo determinado

Teñen cláusulas sobre este tipo de contrato 37 convenios (25,2% dos asinados) que afectan a 43.932 traballadores/as (58,7%). Deles 26 son de empresa (22,2% dos de empresa asinados este ano) e afectan a 4.574 traballadores/as (37,7%) e 11 son de sector (36,7% dos de sector asinados este ano) e afectan a 39.358 traballadores/as (62,8%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	2	28,57%	3	75,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	1.695	69,61%	5.610	80,75%	7.305	**77,86%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	3	10,00%	3	50,00%	6	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.	339	15,36%	4.163	37,00%	4.502	**33,45%**
LUGO	Nº CONVENIOS	4	25,00%	1	33,33%	5	**26,32%**
	Nº TRABALLAD.	198	21,29%	750	32,75%	948	**29,44%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	3	30,00%	1	12,50%	4	**22,22%**
	Nº TRABALLAD.	472	40,00%	9.635	54,04%	10.107	**53,17%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	14	25,93%	3	33,33%	17	**26,98%**
	Nº TRABALLAD.	1.870	34,79%	19.200	78,88%	21.070	**70,90%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**26**	**22,22%**	**11**	**36,67%**	**37**	**25,17%**
	Nº TRABALLAD.	**4.574**	**37,72%**	**39.358**	**62,81%**	**43.932**	**58,74%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Ademais das cláusulas que remiten ou recollen o indicado na lexislación vixente ou en convenios de ámbito superior, pódense destacar entre outras as seguintes:

Identifícanse nalgúns convenios as tarefas ou actividades obxecto do contrato (nalgúns casos indícase cales non se considera que teñen substantividade propia e nas que polo tanto non son se pode concertar este contrato)

Regulan outras cláusulas a indemnización que corresponde por fin deste contrato, indicando xeralmente un número de días por anos de servizo, ou a parte proporcional que corresponda, ou unha porcentaxe do salario base ou dos conceptos salariais percibidos durante a vixencia do contrato.

Nalgún convenio establécese esta indemnización en función da duración do contrato (segundo a escala que se indica).

Sinala un convenio de sector que a contratación temporal baixo esta modalidade contractual non poderá superar o 20 por cento do persoal da empresa, deixando a posibilidade de modificar esta porcentaxe no ámbito inferior.

Establece un convenio de empresa que ambas as dúas partes, se comprometen a fixar anualmente os criterios xerais relativos á axeitada relación entre o volume desta modalidade contractual e o cadro de persoal total da empresa, en atención ao carácter estacional, conxuntural ou estrutural da actividade en que as devanditas circunstancias se poidan producir, co obxecto de poder levar a cabo unha mellor adecuación dos recursos humanos á produtividade da fábrica.

Existe nun convenio de sector o compromiso de transformar en indefinidos unha porcentaxe destes contratos (referida aos que esgoten a súa duración máxima).

Garántase noutro convenio de empresa a preferencia á conversión destes contratos en indefinidos antes de recorrer a novas contratacións no caso de aumentar as necesidades da empresa.

Outro tipo de cláusulas refírense aos requisitos dos cesamentos.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o contrato de obra ou servizo
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	3	33,3	3	25,0	2	15,4	4	33,3	**13**	**26,0**
2006	0	0,0	5	50,0	3	60,0	2	15,4	6	50,0	**16**	**38,1**
2007	0	0,0	3	30,0	2	40,0	2	22,2	9	69,2	**16**	**39,0**
2008	2	40,0	3	37,5	4	44,4	1	8,3	6	66,7	**16**	**37,2**
2009	3	75,0	3	75,0	0	0,0	2	20,0	3	33,3	**11**	**36,7**
2010	**3**	**75,0**	**3**	**50,0**	**1**	**33,3**	**1**	**12,5**	**3**	**33,3**	**11**	**36,7**
Empresa												
2005	1	14,3	6	11,8	2	8,7	5	20,0	12	19,4	**26**	**15,5**
2006	3	18,8	5	10,9	2	14,3	1	6,7	15	25,0	**26**	**17,2**
2007	1	12,5	5	11,4	1	4,2	4	28,6	12	18,8	**23**	**14,9**
2008	4	57,1	5	17,2	2	8,7	1	7,1	11	19,0	**23**	**17,6**
2009	0	0,0	5	13,2	1	12,5	2	20,0	15	22,7	**23**	**17,6**
2010	**2**	**28,6**	**3**	**10,0**	**4**	**25,0**	**3**	**30,0**	**14**	**25,9**	**26**	**22,2**
Total 2010	**5**	**45,5**	**6**	**16,7**	**5**	**26,3**	**4**	**22,2**	**17**	**27,0**	**37**	**25,2**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Contrato eventual por circunstancias da produción**

Teñen cláusulas sobre este contrato 63 convenios (42,9% dos asinados) que afectan a 64.539 traballadores/as (86,3%).

Deles 24 son de sector (80% dos de sector) e afectan a 57.755 traballadores/as (92,2%) e 39 son de empresa (33,3% dos de empresa) e afectan a 6.784 traballadores/as (55,9%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	2	28,57%	3	75,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	1.695	69,61%	5.610	80,75%	7.305	**77,86%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	6	20,00%	6	100,00%	12	**33,33%**
	Nº TRABALLAD.	676	30,63%	11.250	100,00%	11.926	**88,62%**
LUGO	Nº CONVENIOS	6	37,50%	2	66,67%	8	**42,11%**
	Nº TRABALLAD.	404	43,44%	1.090	47,60%	1.494	**46,40%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	8	100,00%	12	**66,67%**
	Nº TRABALLAD.	526	44,58%	17.830	100,00%	18.356	**96,56%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	21	38,89%	5	55,56%	26	**41,27%**
	Nº TRABALLAD.	3.483	64,80%	21.975	90,28%	25.458	**85,67%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**39**	**33,33%**	**24**	**80,00%**	**63**	**42,86%**
	Nº TRABALLAD.	**6.784**	**55,94%**	**57.755**	**92,17%**	**64.539**	**86,30%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Das cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

As cláusulas que máis se repiten son as que fan referencia á duración do contrato e ás prórrogas.

Respecto da duración a que máis se indica é de 12 meses nun período de 18 meses.

Tamén son moitos os convenios con cláusulas sobre a indemnización por fin deste contrato, indicando maioritariamente un número de días de salario en función do tempo traballado e nalgúns casos unha porcentaxe sobre os conceptos salariais percibidos durante a vixencia do contrato.

Nalgúns convenios establécese a indemnización en función da duración do contrato.

Sinala respecto da indemnización un convenio de sector que en empresas que tendo máis de 10 traballadores teñan menos do 50% de fixos no seu cadro de persoal ao final do contrato temporal, excepto nos casos do contrato de interinidade e dos contratos formativos, o traballador terá dereito a recibir unha indemnización equivalente a 12 días de salario. Non concorrendo estas circunstancias, o traballador percibirá unha indemnización ao final do contrato equivalente a 8 días de salario.

Recolle un convenio de sector o compromiso de converter unha porcentaxe destes contratos ao termo da súa duración máxima legal en contratos indefinidos de fomento do emprego.

Esíxese nalgún convenio un aviso previo de extinción por escrito, sinalando o prazo mínimo co que ten que facerse.

Outras cláusulas remiten ou recollen o indicado respecto destes contratos en convenios de ámbito superior ou na lexislación vixente.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o contrato eventual
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	50,0	9	100,0	11	91,7	12	92,3	11	91,7	**45**	**90,0**
2006	1	50,0	10	100,0	4	80,0	12	92,3	7	58,3	**34**	**81,0**
2007	2	50,0	10	100,0	5	100,0	8	88,9	12	92,3	**37**	**90,2**
2008	3	60,0	7	87,5	9	100,0	11	91,7	7	77,8	**37**	**86,0**
2009	1	25,0	4	100,0	3	100,0	9	90,0	7	77,8	**24**	**80,0**
2010	**3**	**75,0**	**6**	**100,0**	**2**	**66,7**	**8**	**100,0**	**5**	**55,6**	**24**	**80,0**
Empresa												
2005	3	42,9	9	17,6	5	21,7	11	44,0	19	30,6	**47**	**28,0**
2006	8	50,0	12	26,1	4	28,6	5	33,3	25	41,7	**54**	**35,8**
2007	3	37,5	9	20,5	6	25,0	5	35,7	22	34,4	**45**	**29,2**
2008	6	85,7	5	17,2	5	21,7	3	21,4	23	39,7	**42**	**32,1**
2009	1	11,1	5	13,2	4	50,0	5	50,0	24	36,4	**39**	**29,8**
2010	**2**	**28,6**	**6**	**20,0**	**6**	**37,5**	**4**	**40,0**	**21**	**38,9**	**39**	**33,3**
Total 2010	**5**	**45,5**	**12**	**33,3**	**8**	**42,1**	**12**	**66,7**	**26**	**41,3**	**63**	**42,9**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Contrato en prácticas**

Os convenios con cláusulas sobre este contrato son 39 (26,5% dos asinados) e afectan a 35.065 traballadores/as (46,9%).

Deles 10 son de sector (33,3% dos de sector) e afectan a 29.630 traballadores/as (47,3%) e 29 son de empresa (24,8% dos de empresa) e afectan a 5.435 traballadores/as (44,8%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	2	50,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	1.739	71,42%	2.110	30,37%	3.849	**41,03%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	5	16,67%	5	83,33%	10	**27,78%**
	Nº TRABALLAD.	530	24,01%	11.070	98,40%	11.600	**86,20%**
LUGO	Nº CONVENIOS	6	37,50%	1	33,33%	7	**36,84%**
	Nº TRABALLAD.	445	47,85%	750	32,75%	1.195	**37,11%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	3	30,00%		0,00%	3	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.	413	35,00%		0,00%	413	**2,17%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	12	22,22%	2	22,22%	14	**22,22%**
	Nº TRABALLAD.	2.308	42,94%	15.700	64,50%	18.008	**60,60%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**29**	**24,79%**	**10**	**33,33%**	**39**	**26,53%**
	Nº TRABALLAD.	**5.435**	**44,82%**	**29.630**	**47,29%**	**35.065**	**46,89%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Do tipo de cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

A maioría das cláusulas refírense á retribución que lle corresponde a estes traballadores/as, indicando xeralmente unha porcentaxe que se aplica sobre o salario fixado no convenio para o posto que se desenvolve.

Respecto da duración do contrato e dos requisitos dos traballadores/as, o que se fai maioritariamente é remitir ou recoller o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

Indican nalgúns convenios o período de proba para este tipo de contratos.

Establecen algúns convenios o número ou as porcentaxes máximas de contratos en prácticas que se poden realizar en función do cadro de persoal total da empresa.

Indica un convenio de sector a obriga de converter o 40% como mínimo destes contratos en contratos indefinidos de fomento do emprego cando se alcance o seu prazo máximo legal de duración.

Sinala un convenio de empresa que a Comisión de Formación participará no seguimento da avaliación das prácticas formativas do persoal contratado en prácticas e, para tal efecto, coñecerá as probas e resultados das avaliacións a que se lles someta no desempeño da súa actividade.

Indica tamén o mesmo convenio que este persoal terá prioridade para cubrir as necesidades de profesionais que poidan producirse na empresa, unha vez demostrada a súa capacidade nas correspondentes probas de aptitude.

Outras cláusulas remiten ao sinalado na lexislación vixente respecto deste contrato.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

Convenios colectivos que conteñen cláusulas sobre os contratos de prácticas.
Por provincias. Galicia 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	5	55,6	2	16,7	3	23,1	1	8,3	**12**	**24,0**
2006	1	50,0	5	50,0	0	0,0	5	38,5	5	41,7	**16**	**38,1**
2007	1	25,0	3	30,0	3	60,0	3	33,3	4	30,8	**14**	**34,1**
2008	3	60,0	3	37,5	2	22,2	2	16,7	5	55,6	**15**	**34,9**
2009	1	25,0	1	25,0	1	33,3	4	40,0	2	22,2	**9**	**30,0**
2010	**2**	**50,0**	**5**	**83,3**	**1**	**33,3**	**0**	**0,0**	**2**	**22,2**	**10**	**33,3**
Empresa												
2005	1	14,3	6	11,8	1	4,3	3	12,0	11	17,7	**22**	**13,1**
2006	2	12,5	6	13,0	4	28,6	2	13,3	12	20,0	**26**	**17,2**
2007	1	12,5	6	13,6	2	8,3	2	14,3	8	12,5	**19**	**12,3**
2008	3	42,9	6	20,7	1	4,3	2	14,3	12	20,7	**24**	**18,3**
2009	0	0,0	5	13,2	1	12,5	1	10,0	10	15,2	**17**	**13,0**
2010	**3**	**42,9**	**5**	**16,7**	**6**	**37,5**	**3**	**30,0**	**12**	**22,2**	**29**	**24,8**
Total 2010	**5**	**45,5**	**10**	**27,8**	**7**	**36,8**	**3**	**16,7**	**14**	**22,2**	**39**	**26,5**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Contrato para a formación**

Teñen cláusulas sobre este contrato 47 convenios (32% dos asinados este ano) que afectan a 59.575 traballadores/as (79,7%). Deles 22 son de sector (73,3% dos de sector) e afectan a 55.371 traballadores/as (88,4%) e 25 son de empresa (21,4% dos de empresa) e afectan a 4.204 traballadores/as (34,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	2	50,00%	5	**45,45%**
	Nº TRABALLAD.	1.739	71,42%	2.110	30,37%	3.849	**41,03%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	4	13,33%	5	83,33%	9	**25,00%**
	Nº TRABALLAD.	428	19,39%	11.070	98,40%	11.498	**85,44%**
LUGO	Nº CONVENIOS	5	31,25%	2	66,67%	7	**36,84%**
	Nº TRABALLAD.	416	44,73%	1.950	85,15%	2.366	**73,48%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	2	20,00%	7	87,50%	9	**50,00%**
	Nº TRABALLAD.	68	5,76%	17.430	97,76%	17.498	**92,05%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	11	20,37%	6	66,67%	17	**26,98%**
	Nº TRABALLAD.	1.553	28,89%	22.811	93,71%	24.364	**81,99%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**25**	**21,37%**	**22**	**73,33%**	**47**	**31,97%**
	Nº TRABALLAD.	**4.204**	**34,67%**	**55.371**	**88,37%**	**59.575**	**79,66%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Das cláusulas que recollen pódese destacar o seguinte:

Indícase que o obxecto deste contrato é a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desenvolvemento axeitado dun oficio ou posto de traballo que requira un determinado nivel de cualificación, o que supón a necesidade de que o tipo de traballo que deba prestar o traballador/a en formación estea directamente relacionado coas tarefas propias da especialidade, oficio ou posto obxecto do contrato.

Recollen moitos convenios os requisitos dos traballadores/as cos que se pode celebrar este contrato que son os indicados na lexislación vixente.

Establecen nalgúns casos os postos de traballo que poderán ser obxecto deste contrato, e noutros os postos excluídos.

Hai convenios que exclúen as tarefas ou postos declarados especialmente tóxicos, penosos, perigosos, insalubres ou nocturnos.

Tamén se prohibe a realización de horas extraordinarias.

Fíxase un número ou unha porcentaxe de contratos para a formación que como máximo se poden realizar en función do cadro de persoal.

Respecto da duración do contrato establécese a mínima e a máxima, utilizando nalgúns convenios a posibilidade de modificar esta última ata 3 anos, regulando tamén ás veces o número máximo de prórrogas que se poden facer e a duración mínima que pode ter cada unha.

Nas cláusulas sobre o ensino teórico indícase nalgúns convenios que debe ser previo á formación práctica se é posible ou alternarse con esta dun xeito racional.

Establécese nalgúns convenios a porcentaxe da xornada ou o número de horas que se dedicará a formación teórica, indicando nalgúns deles que no contrato deberanse de especificar os días e o horario dedicados á formación así como o centro formativo que, se é o caso, se encargue do ensino teórico.

Sinálase como posibilidade ou como modalidade preferente para a impartición do ensino teórico a de acumulación de horas nun día da semana ou ben o necesario para abranguer unha semana enteira de formación (nalgún caso indícase a posibilidade de acumulación semestral).

Fan referencia algúns convenios aos requisitos que debe cumprir o titor/a (como mínimo debe ter o nivel de cualificación que teña que adquirir o traballador/a en formación) e ás veces tamén se establece o número máximo de traballadores/as por titor/a.

Cítase nalgúns convenios a obriga de que figure no contrato o nome e categoría profesional do titor/a que se encargará da formación práctica, que estará a cargo tanto da axeitada formación do traballador/a como do control de todos os riscos profesionais.

Respecto da retribución indican algúns convenios que será o salario mínimo interprofesional ou o salario mínimo interprofesional máis unha porcentaxe que se incrementa cada ano, e outros fixan unhas porcentaxes que se incrementan cada ano de duración do contrato e que se aplican sobre o salario do convenio para o posto obxecto da contratación ou sobre o salario dun nivel ou categoría concretos das táboas do convenio (engadindo algún/s complemento/s nalgúns convenios).

Regulan algúns convenios, para o caso de que concluído o contrato o traballador/a non continuase na empresa, o certificado acreditativo do tempo traballado que debe darlle a empresa, sinalando que debe facer referencia á súa duración, ao oficio obxecto da formación e ao aproveitamento obtido na súa formación práctica.

Indícase nalgún caso a indemnización por cesamento establecendo unha porcentaxe para aplicar sobre os conceptos salariais das táboas do convenio xerados durante a vixencia do contrato.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre o contrato para a formación.

Evolución dos convenios colectivos que conteñen cláusulas sobre os contratos para a formación.
Por provincias. Galicia 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	7	77,8	6	50,0	11	84,6	5	41,7	**30**	**60,0**
2006	0	0,0	9	90,0	5	100,0	11	84,6	9	75,0	**34**	**81,0**
2007	2	50,0	6	60,0	2	40,0	7	77,8	8	61,5	**25**	**61,0**
2008	2	40,0	5	62,5	8	88,9	10	83,3	5	55,6	**30**	**69,8**
2009	1	25,0	3	75,0	0	0,0	8	80,0	4	44,4	**16**	**53,3**
2010	**2**	**50,0**	**5**	**83,3**	**2**	**66,7**	**7**	**87,5**	**6**	**66,7**	**22**	**73,3**
Empresa												
2005	1	14,3	5	9,8	1	4,3	4	16,0	12	19,4	**23**	**13,7**
2006	2	12,5	6	13,0	2	14,3	1	6,7	17	28,3	**28**	**18,5**
2007	1	12,5	5	11,4	4	16,7	3	21,4	10	15,6	**23**	**14,9**
2008	2	28,6	6	20,7	1	4,3	1	7,1	13	22,4	**23**	**17,6**
2009	0	0,0	4	10,5	1	12,5	1	10,0	16	24,2	**22**	**16,8**
2010	**3**	**42,9**	**4**	**13,3**	**5**	**31,3**	**2**	**20,0**	**11**	**20,4**	**25**	**21,4**
Total 2010	**5**	**45,5**	**9**	**25,0**	**7**	**36,8**	**9**	**50,0**	**17**	**27,0**	**47**	**32,0**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Contrato de interinidade**

Existen cláusulas sobre este contrato en 12 convenios (8,2% dos asinados) que afectan a 14.078 traballadores/as (18,8%). Deles 9 son de empresa (7,7% dos de empresa) e afectan a 1.083 traballadores/as (8,9%) e 3 son de sector (10% dos de sector) e afectan a 12.995 traballadores/as (20,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	**Nº CONVENIOS**	1	14,29%	1	25,00%	2	**18,18%**
	Nº TRABALLAD.	60	2,46%	1.660	23,90%	1.720	**18,33%**
A CORUÑA	**Nº CONVENIOS**	4	13,33%		0,00%	4	**11,11%**
	Nº TRABALLAD.	426	19,30%		0,00%	426	**3,17%**
LUGO	**Nº CONVENIOS**	3	18,75%		0,00%	3	**15,79%**
	Nº TRABALLAD.	187	20,11%		0,00%	187	**5,81%**
OURENSE	**Nº CONVENIOS**	1	10,00%	1	12,50%	2	**11,11%**
	Nº TRABALLAD.	410	34,75%	9.635	54,04%	10.045	**52,84%**
PONTEVEDRA	**Nº CONVENIOS**		0,00%	1	11,11%	1	**1,59%**
	Nº TRABALLAD.		0,00%	1.700	6,98%	1.700	**5,72%**
GALICIA	**Nº CONVENIOS**	**9**	**7,69%**	**3**	**10,00%**	**12**	**8,16%**
	Nº TRABALLAD.	**1.083**	**8,93%**	**12.995**	**20,74%**	**14.078**	**18,82%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

As cláusulas refírense sobre todo aos casos nos que se pode utilizar e á necesidade de identificar o traballador/a ao que se substitúe e a causa da substitución no contrato, así como á retribución que lle corresponde.

- **Contrato a tempo parcial**

Teñen cláusulas sobre este contrato 27 convenios (18,4% dos asinados) que afectan a 30.514 traballadores/as (40,8%). Deles 7 son de sector (23,3% dos de sector) e afectan a 28.493 traballadores/as (45,5%) e 20 son de empresa (17,1% dos de empresa) e afectan a 2.021 traballadores/as (16,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	2	28,57%	1	25,00%	3	**27,27%**
	Nº TRABALLAD.	371	15,24%	1.660	23,90%	2.031	**21,65%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	3	10,00%	2	33,33%	5	**13,89%**
	Nº TRABALLAD.	203	9,20%	7.183	63,85%	7.386	**54,89%**
LUGO	Nº CONVENIOS	4	25,00%		0,00%	4	**21,05%**
	Nº TRABALLAD.	280	30,11%		0,00%	280	**8,70%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	1	10,00%		0,00%	1	**5,56%**
	Nº TRABALLAD.	22	1,86%		0,00%	22	**0,12%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	10	18,52%	4	44,44%	14	**22,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.145	21,30%	19.650	80,73%	20.795	**69,98%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**20**	**17,09%**	**7**	**23,33%**	**27**	**18,37%**
	Nº TRABALLAD.	**2.021**	**16,67%**	**28.493**	**45,47%**	**30.514**	**40,80%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Ademais das cláusulas que remiten ou recollen o indicado ao respecto na lexislación vixente, pódense destacar as seguintes:

Establécese a xornada mínima e máxima semanal e/ou anual.

Sinálase a preferencia dos traballadores/as con esta modalidade de contrato para a ampliación da súa xornada laboral e/ou cobertura de vacantes ou para acceder a postos de traballo de carácter fixo sobre calquera nova contratación efectuada pola empresa.

Recóllense pactos sobre horas complementarias.

Prohíbese realizar horas extraordinarias.

Indícase que se converterán en contratos a xornada completa aqueles que durante un certo número de días continuados ou alternos realizasen prolongacións de xornada.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o contrato a tempo parcial
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	0	0,0	1	8,3	0	0,0	3	25,0	**5**	**10,0**
2006	0	0,0	3	30,0	1	20,0	1	7,7	3	25,0	**8**	**19,0**
2007	1	25,0	2	20,0	0	0,0	0	0,0	3	23,1	**6**	**14,6**
2008	1	20,0	1	12,5	0	0,0	1	8,3	3	33,3	**6**	**14,0**
2009	2	50,0	2	50,0	1	33,3	1	10,0	3	33,3	**9**	**30,0**
2010	**1**	**25,0**	**2**	**33,3**	**0**	**0,0**	**0**	**0,0**	**4**	**44,4**	**7**	**23,3**
Empresa												
2005	0	0,0	5	9,8	1	4,3	2	8,0	8	12,9	**16**	**9,5**
2006	2	12,5	4	8,7	2	14,3	1	6,7	8	13,3	**17**	**11,3**
2007	0	0,0	3	6,8	2	8,3	3	21,4	7	10,9	**15**	**9,7**
2008	1	14,3	6	20,7	1	4,3	1	7,1	11	19,0	**20**	**15,3**
2009	0	0,0	2	5,3	1	12,5	3	30,0	10	15,2	**16**	**12,2**
2010	**2**	**28,6**	**3**	**10,0**	**4**	**25,0**	**1**	**10,0**	**10**	**18,5**	**20**	**17,1**
Total 2010	**3**	**27,3**	**5**	**13,9**	**4**	**21,1**	**1**	**5,6**	**14**	**22,2**	**27**	**18,4**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

- **Contrato fixo – descontinuo**

Teñen cláusulas sobre este contrato 14 convenios, o 9,5% dos asinados este ano, que afectan a 7.854 traballadores/as (10,5%). Deles 3 son de sector (10% dos de sector asinados) e afectan a 6.767 traballadores/as (10,8%) e 11 son de empresa (9,4% dos de empresa asinados) e afectan a 1.087 traballadores/as (9%).



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Das cláusulas que conteñen pódese destacar o seguinte:

Indícase a orde e a forma de chamamento.

Establécese que non poderá suspenderse a actividade de traballadores/as fixos descontinuos mentres permanezan en alta na empresa contratados con carácter temporal.

Sinálanse as condicións para pasar de eventuais a fixos-descontinuos.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o contrato fixo-descontinuo
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	0	0,0	1	11,1	0	0,0	1	7,7	0	0,0	**2**	**4,0**
2006	0	0,0	1	10,0	0	0,0	1	7,7	0	0,0	**2**	**4,8**
2007	0	0,0	0	0,0	1	20,0	1	11,1	0	0,0	**2**	**4,9**
2008	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	**0**	**0,0**
2009	1	25,0	0	0,0	0	0,0	1	10,0	0	0,0	**2**	**6,7**
2010	**2**	**50,0**	**1**	**16,7**	**0**	**0,0**	**0**	**0,0**	**0**	**0,0**	**3**	**10,0**
Empresa												
2005	1	14,3	1	2,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	**2**	**1,2**
2006	3	18,8	3	6,5	0	0,0	0	0,0	2	3,3	**8**	**5,3**
2007	1	12,5	1	2,3	0	0,0	0	0,0	3	4,7	**5**	**3,2**
2008	2	28,6	0	0,0	0	0,0	0	0,0	3	5,2	**5**	**3,8**
2009	2	22,2	2	5,3	0	0,0	0	0,0	2	3,0	**6**	**4,6**
2010	**1**	**14,3**	**2**	**6,7**	**1**	**6,3**	**1**	**10,0**	**6**	**11,1**	**11**	**9,4**
Total 2010	**3**	**27,3**	**3**	**8,3**	**1**	**5,3**	**1**	**5,6**	**6**	**9,5**	**14**	**9,5**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

C) CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE ETT

Existen cláusulas sobre a contratación a través de empresas de traballo temporal en 36 convenios (24,5% dos asinados) que afectan a 28.203 traballadores/as (37,7%).

Deles 9 son de sector (30% dos de sector) e afectan a 23.784 traballadores/as (38%) e 27 son de empresa (23,1% dos de empresa) e afectan a 4.419 traballadores/as (36,4%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%		0,00%	3	**27,27%**
	Nº TRABALLAD.	1.701	69,86%		0,00%	1.701	**18,13%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	4	13,33%	3	50,00%	7	**19,44%**
	Nº TRABALLAD.	316	14,32%	6.980	62,04%	7.296	**54,22%**
LUGO	Nº CONVENIOS	2	12,50%		0,00%	2	**10,53%**
	Nº TRABALLAD.	151	16,24%		0,00%	151	**4,69%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	1	10,00%	6	75,00%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	48	4,07%	16.804	94,25%	16.852	**88,65%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	17	31,48%		0,00%	17	**26,98%**
	Nº TRABALLAD.	2.203	40,99%		0,00%	2.203	**7,41%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**27**	**23,08%**	**9**	**30,00%**	**36**	**24,49%**
	Nº TRABALLAD.	**4.419**	**36,44%**	**23.784**	**37,96%**	**28.203**	**37,71%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS.
POR PROVINCIAS



Das cláusulas que conteñen pódese destacar o seguinte:

Sinálase a obriga de garantir aos traballadores/as que se contraten a través de empresas de traballo temporal os mesmos dereitos laborais e retributivos que os que establece o convenio para os traballadores/as da empresa, facéndoo constar no contrato de posta a disposición.

Prohíbese nalgúns convenios contratar a través de ETT. Esta prohibición é total nalgúns casos, indicándose que non se poderá contratar persoal a través de ETT ou que a empresa se compromete a non facelo, e noutros é parcial, establecendo para que casos se pode utilizar e/ou para cales non.

Refírense algunhas cláusulas á información que debe darse á representación dos traballadores/as sobre o contido de cada un dos contratos de posta a disposición e dos motivos da súa utilización, sinalando nalgúns casos a periodicidade con que debe facerse e o prazo para facelo.

Fíxanse nalgúns casos porcentaxes sobre o cadro de persoal que como máximo poden realizarse.

Indícanse límites na duración destes contratos.

Exclúese a realización de actividades e traballos especialmente penosos, tóxicos ou perigosos.

Establécese a preferencia dos traballadores/as contratados a través de ETT para incorporarse ao cadro de persoal propio da empresa cando se produza algunha vacante.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre este contrato.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre ETT
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	50,0	2	22,2	3	25,0	5	38,5	3	25,0	**15**	**30,0**
2006	0	0,0	3	30,0	3	60,0	6	46,2	5	41,7	**17**	**40,5**
2007	1	25,0	3	30,0	1	20,0	5	55,6	7	53,8	**17**	**41,5**
2008	2	40,0	2	25,0	4	44,4	6	50,0	5	55,6	**19**	**44,2**
2009	1	25,0	2	50,0	0	0,0	5	50,0	3	33,3	**11**	**36,7**
2010	**0**	**0,0**	**3**	**50,0**	**0**	**0,0**	**6**	**75,0**	**0**	**0,0**	**9**	**30,0**
Empresa												
2005	2	28,6	9	17,6	2	8,7	5	20,0	16	25,8	**34**	**20,2**
2006	4	25,0	11	23,9	0	0,0	1	6,7	15	25,0	**31**	**20,5**
2007	4	50,0	6	13,6	1	4,2	3	21,4	17	26,6	**31**	**20,1**
2008	2	28,6	8	27,6	3	13,0	1	7,1	16	27,6	**30**	**22,9**
2009	2	22,2	8	21,1	1	12,5	2	20,0	9	13,6	**22**	**16,8**
2010	**3**	**42,9**	**4**	**13,3**	**2**	**12,5**	**1**	**10,0**	**17**	**31,5**	**27**	**23,1**
Total 2010	**3**	**27,3**	**7**	**19,4**	**2**	**10,5**	**7**	**38,9**	**17**	**27,0**	**36**	**24,5**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

D) SUBCONTRATACIÓN.

Teñen cláusulas sobre subcontratación 11 dos convenios asinados este ano (7,5%) e afectan a 15.852 traballadores/as (21,2%).

Deles 2 son de sector (6,7% dos de sector) e afecta a 14.635 traballadores/as (23,4%) e 9 son de empresa (7,7%) e afectan a 1.217 traballadores/as (10%).

As cláusulas que recollen fan referencia ao seguinte:

Indícase que as empresas que subcontraten con outras do sector a execución de obras ou servizos responderán nos termos establecidos no artigo 42 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores/as, quedando referido o límite de responsabilidade da devandita disposición ás obrigas de natureza salarial e cotizacións á Seguridade Social.

Engaden ademais que se estenderá a responsabilidade á indemnización de natureza non salarial por morte ou incapacidade permanente absoluta derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional pactada no convenio.

Sinálase que sen prexuízo da información sobre previsións en materia de subcontratación prevista na lexislación vixente, cando a empresa concerte un contrato de prestación de obras ou servizos cunha empresa contratista ou subcontratista, deberá informar á representación legal dos traballadores/as sobre os seguintes extremos:

- Nome ou razón social, enderezo e número de identificación fiscal da empresa contratista ou subcontratista.
- Obxecto e duración da contrata.
- Lugar de execución da contrata
- Se é o caso, o número de traballadores/as que serán ocupados/as pola contrata ou subcontrata no centro de traballo da empresa principal.
- Medidas previstas para a coordinación de actividades desde o punto de vista da prevención de riscos laborais.

Indican algúns convenios os servizos aos que quedan limitadas as contratas externas e cales non se poderán subcontratar.

En dous convenios de empresa establecen que non se subcontratarán actividades industriais cando iso supoña unha perda directa de emprego fixo, engadindo que no caso de que, respectando o dito anteriormente, se realice subcontratación, se nun momento posterior fose necesario un axuste do cadro de persoal optaríase previamente a rescindir a subcontratación ata o nivel necesario para garantir o emprego fixo que se vise afectado pola subcontratación.

Acórdase nun convenio a creación dunha comisión con funcións orientativas para a determinación dos tipos de traballo que poidan desenvolver as contratas externas, composta por tres representantes por parte do Comité de empresa asinantes do Convenio e tres representantes por parte da empresa (responsable de xestión de materiais, responsable de prevención de riscos e responsable de mantemento).

E) CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN

Teñen algún tipo de cláusula sobre a xubilación 112 convenios (76,2% dos asinados) que afectan a 67.422 traballadores/as (90,2%).

Deles 25 son de sector (83,3% dos de sector) e afectan a 57.202 traballadores/as (91,3%) e 87 son de empresa (74,4% dos de empresa) e afectan a 10.220 traballadores/as (84,3%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	6	85,71%	3	75,00%	9	**81,82%**
	Nº TRABALLAD.	2.375	97,54%	3.447	49,62%	5.822	**62,05%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	23	76,67%	5	83,33%	28	**77,78%**
	Nº TRABALLAD.	1.614	73,13%	10.770	95,73%	12.384	**92,03%**
LUGO	Nº CONVENIOS	13	81,25%	3	100,00%	16	**84,21%**
	Nº TRABALLAD.	743	79,89%	2.290	100,00%	3.033	**94,19%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	6	60,00%	6	75,00%	12	**66,67%**
	Nº TRABALLAD.	1.005	85,17%	16.804	94,25%	17.809	**93,68%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	39	72,22%	8	88,89%	47	**74,60%**
	Nº TRABALLAD.	4.483	83,40%	23.891	98,15%	28.374	**95,48%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**87**	**74,36%**	**25**	**83,33%**	**112**	**76,19%**
	Nº TRABALLAD.	**10.220**	**84,27%**	**57.202**	**91,29%**	**67.422**	**90,15%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre xubilación.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre xubilación
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	4	100,0	8	88,9	11	91,7	10	76,9	11	91,7	**44**	**88,0**
2006	2	100,0	9	90,0	5	100,0	11	84,6	10	83,3	**37**	**88,1**
2007	3	75,0	8	80,0	5	100,0	9	100,0	13	100,0	**38**	**92,7**
2008	5	100,0	7	87,5	9	100,0	9	75,0	8	88,9	**38**	**88,4**
2009	3	75,0	4	100,0	3	100,0	9	90,0	8	88,9	**27**	**90,0**
2010	**3**	**75,0**	**5**	**83,3**	**3**	**100,0**	**6**	**75,0**	**8**	**88,9**	**25**	**83,3**
Empresa												
2005	5	71,4	26	51,0	15	65,2	18	72,0	44	71,0	**108**	**64,3**
2006	11	68,8	31	67,4	9	64,3	8	53,3	37	61,7	**96**	**63,6**
2007	6	75,0	22	50,0	22	91,7	7	50,0	39	60,9	**96**	**62,3**
2008	6	85,7	22	75,9	19	82,6	8	57,1	43	74,1	**98**	**74,8**
2009	8	88,9	28	73,7	7	87,5	6	60,0	50	75,8	**99**	**75,6**
2010	**6**	**85,7**	**23**	**76,7**	**13**	**81,3**	**6**	**60,0**	**39**	**72,2**	**87**	**74,4**
Total 2010	**9**	**81,8**	**28**	**77,8**	**16**	**84,2**	**12**	**66,7**	**47**	**74,6**	**112**	**76,2**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Os tipos de cláusulas que recollen pódense resumir nos seguintes:

- **Cláusulas sobre xubilación forzosa**

Teñen cláusulas sobre xubilación forzosa 53 convenios (36,1% dos asinados) e afectan a 46.051 traballadores/as (61,6%).

Deles 10 son de sector (33,3% dos de sector) e afectan a 40.054 traballadores/as (63,9%) e 43 son de empresa (36,8% dos de empresa) e afectan a 5.997 traballadores/as (49,5%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	1	25,00%	4	**36,36%**
	Nº TRABALLAD.	2.256	92,65%	1.337	19,25%	3.593	**38,30%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	11	36,67%	3	50,00%	14	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	758	34,35%	8.407	74,73%	9.165	**68,11%**
LUGO	Nº CONVENIOS	5	31,25%	1	33,33%	6	**31,58%**
	Nº TRABALLAD.	405	43,55%	750	32,75%	1.155	**35,87%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	3	37,50%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	849	71,95%	14.410	80,82%	15.259	**80,27%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	20	37,04%	2	22,22%	22	**34,92%**
	Nº TRABALLAD.	1.729	32,17%	15.150	62,24%	16.879	**56,80%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**43**	**36,75%**	**10**	**33,33%**	**53**	**36,05%**
	Nº TRABALLAD.	**5.997**	**49,45%**	**40.054**	**63,92%**	**46.051**	**61,58%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Os tipos de cláusulas que maioritariamente se recollen fai referencia a que se establece a xubilación obrigatoria aos 65 anos ou á idade legalmente establecida (salvo pacto individual en contrario) sempre que se cumpran os requisitos legalmente esixidos para ter dereito a ela. Nalgúns casos indícase que a xubilación será obrigatoria a partir dos 65 anos para os traballadores/as con dereito ao 100% da base reguladora.

Indican algúns deles que se retrasa o momento da xubilación ata que se cumpran os requisitos sinalados, considerando nese momento a xubilación forzosa.

Existen compromisos respecto da cobertura das vacantes por xubilación forzosa, destacando entre outros os seguintes:

> Establece un convenio de sector que as empresas poderán acordar a extinción obrigada dos contratos de traballo subscritos con traballadores/as que acaden a idade ordinaria de xubilación establecida no sistema de Seguridade Social, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
>
> a) Que o traballador ou traballadora teña cumpridos os 65 anos de idade e cuberto o período mínimo de cotización que posibilite o acceso á pensión de xubilación na modalidade contributiva.
>
> b) Que o acordo de extinción se acompañe de medidas complementarias en materia de emprego consistentes na transformación dun contrato temporal en indefinido ou, de non ser iso posible, pola contratación dun novo traballador ou traballadora que substitúa ao xubilado.

Nos convenios de empresa os compromisos que recollen fan referencia ao seguinte:

Indica un convenio ao establecer a xubilación obrigatoria aos 65 anos que o persoal que se xubile coa citada idade será substituído por outro traballador/a contratado con carácter estable.

Establecen dous convenios que a empresa adquire o compromiso de non amortizar o posto do traballador/a cesado forzoso por xubilación, senón de contratar a outro para cubrilo.

Sinala outro convenio que por cada xubilación forzosa que se leve a cabo deberá establecerse unha medida de fomento de emprego consistente na transformación dun contrato de traballo temporal en indefinido ou a contratación dun novo traballador/a.

Noutro indícase que se cubrirá cada posto de traballo amortizado por unha xubilación forzosa cun posto de traballo indefinido mediante a transformación dun contrato de traballo temporal, engadindo que a devandita transformación non será necesario que se produza no mesmo centro de traballo onde se produciu a amortización do posto de traballo.

Recolle outro convenio o compromiso de que por cada xubilación forzosa, a empresa obrígase a formalizar un contrato indefinido de calquera categoría, nos seis meses precedentes ou posteriores á data da xubilación forzosa.

Fai referencia unha destas cláusulas a que a empresa cubrirá o posto de traballo segundo as necesidades non tendo que ser coincidente a xornada efectiva de traballo de quen se xubila coa do traballador/a entrante.

Segundo se pode apreciar no cadro seguinte, os 53 convenios que conteñen cláusulas sobre xubilación forzosa supoñen un 47,3% do total dos que teñen algún tipo de cláusulas sobre xubilación.

CONVENIOS CON CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN FORZOSA.
PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE CONVENIOS CON CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN

	CONVENIOS DE EMPRESA			CONVENIOS DE SECTOR			TOTAL CONVENIOS		
	Convenios de empresa con cláusulas sobre xubilación forzosa	Total convenios de empresa con cláusulas sobre xubilación	%	Convenios de sector con cláusulas sobre xubilación forzosa	Total convenios de sector con cláusulas sobre xubilación	%	Número de convenios con cláusulas sobre xubilación forzosa	Total convenios con cláusulas sobre xubilación	%
C. AUTÓNOMA	3	6	**50,0%**	1	3	**33,3%**	4	9	**44,4%**
A CORUÑA	11	23	**47,8%**	3	5	**60,0%**	14	28	**50,0%**
LUGO	5	13	**38,5%**	1	3	**33,3%**	6	16	**37,5%**
OURENSE	4	6	**66,7%**	3	6	**50,0%**	7	12	**58,3%**
PONTEVEDRA	20	39	**51,3%**	2	8	**25,0%**	22	47	**46,8%**
GALICIA	**43**	**87**	**49,4%**	**10**	**25**	**40,0%**	**53**	**112**	**47,3%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

- **Cláusulas sobre xubilación parcial e o Contrato de relevo**.

Recollen cláusulas ao respecto 84 convenios dos asinados este ano (57,1%) que afectan a 60.140 traballadores/as (80,4%).

Deles 19 son de sector (63,3% dos de sector) e afectan a 51.933 traballadores/as (82,9%) e 65 son de empresa (55,6% dos de empresa) e afectan a 8.207 traballadores/as (67,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	5	71,43%	2	50,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	2.065	84,80%	2.110	30,37%	4.175	**44,50%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	16	53,33%	4	66,67%	20	**55,56%**
	Nº TRABALLAD.	1.378	62,44%	9.163	81,45%	10.541	**78,33%**
LUGO	Nº CONVENIOS	11	68,75%	3	100,00%	14	**73,68%**
	Nº TRABALLAD.	694	74,62%	2.290	100,00%	2.984	**92,67%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	5	50,00%	4	50,00%	9	**50,00%**
	Nº TRABALLAD.	910	77,12%	16.329	91,58%	17.239	**90,68%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	28	51,85%	6	66,67%	34	**53,97%**
	Nº TRABALLAD.	3.160	58,79%	22.041	90,55%	25.201	**84,81%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**65**	**55,56%**	**19**	**63,33%**	**84**	**57,14%**
	Nº TRABALLAD.	**8.207**	**67,68%**	**51.933**	**82,88%**	**60.140**	**80,42%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

As cláusulas que máis se repiten refírense á necesidade de acordo entre empresa e traballador/a e ás porcentaxes máximas e mínimas da xornada en que se poderá solicitar a xubilación parcial. En moitos convenios o que se fai é remitir ou recoller o indicado ao respecto na lexislación vixente.

Hai convenios nos que se recolle a posibilidade de acumulación da xornada que ten que facer o traballador/a xubilado/a parcialmente.

Algúns convenios indican que será nos meses inmediatamente seguintes á xubilación parcial e a xornada completa, outros deixan ao acordo entre empresa e traballador/a o período do ano no que deba traballarse co fin de adaptarse ás peculiaridades do sistema de traballo na empresa.

Sinala un convenio de sector que no caso de que o traballador/a se xubile cunha redución de xornada inferior ao 50% a acumulación terá lugar sempre que a empresa estea interesada nela.

Noutro de empresa indican que o 15% da xornada que corresponde realizar ao traballador/a xubilado parcialmente realizarase de forma continuada en xornadas completas, dende o día seguinte ao inicio do contrato a tempo parcial correspondente, sempre que esta acumulación redunde en beneficio da formación práctica do traballador/a relevista.

Indícase tamén a posibilidade de que a empresa opte por retribuír sen esixir a cambio a prestación efectiva de servizos recollendo nalgúns casos unha escala de bonificacións en función da antigüidade na empresa (todo isto sen prexuízo do acordo ao que poidan chegar empresa e traballador/a).

Refírense outras cláusulas aos requisitos necesarios e á antelación mínima con que debe facerse a solicitude por parte do traballador/a así como ao prazo para responder por parte da empresa, sinalando que nos casos de discrepancias será a Comisión Paritaria do convenio a que resolva.

Existen compromisos de aceptar as solicitudes deste tipo de xubilación que se presenten que cumpran os requisitos establecidos na lexislación vixente (ás veces condicionados a unha porcentaxe de redución de xornada ou a un prazo mínimo de antelación na solicitude).

Nos casos de cambios de titularidade na adxudicación do servizo, e tendo en conta que opera a subrogación empresarial, indícase que a empresa entrante ten a obriga de manter as condicións persoais e laborais que no seu día se pactasen coa empresa saínte, tales como: xornada que se vai reducir, distribución de xornada ou pagamento do salario. Así mesmo, a empresa saínte comprométese a facilitar toda a documentación referente a estes traballadores/as, especificando caso por caso as condicións de cada traballador/a.

Sinalan algúns convenios que durante a súa vixencia e sempre que o traballador/a cumpra os requisitos esixidos na lei que permitan a súa xubilación parcial con redución do 85% da súa xornada, a empresa comprométese a facer contrato indefinido desde o primeiro momento ao traballador/a relevista.

Outras cláusulas refírense ao salario, sinalando na maioría dos casos que será o correspondente á xornada efectivamente realizada e que se percibirá mensualmente.

Algúns convenios establecen un complemento durante o tempo que permanezan ligados á empresa e ata a xubilación completa.

Segundo se pode apreciar no cadro seguinte, estes 84 convenios con cláusulas sobre a xubilación parcial e/ou o contrato de relevo supoñen un 75% do total dos que teñen algún tipo de cláusulas sobre xubilación.

CONVENIOS CON CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN PARCIAL.
PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE CONVENIOS CON CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN

	CONVENIOS DE EMPRESA			CONVENIOS DE SECTOR			TOTAL CONVENIOS		
	Convenios de empresa con cláusulas sobre xubilación parcial	Total convenios de empresa con cláusulas sobre xubilación	%	Convenios de sector con cláusulas sobre xubilación parcial	Total convenios de sector con cláusulas sobre xubilación	%	Número de convenios con cláusulas sobre xubilación parcial	Total convenios con cláusulas sobre xubilación	%
C. AUTÓNOMA	5	6	**83,3%**	2	3	**66,7%**	7	9	**77,8%**
A CORUÑA	16	23	**69,6%**	4	5	**80,0%**	20	28	**71,4%**
LUGO	11	13	**84,6%**	3	3	**100,0%**	14	16	**87,5%**
OURENSE	5	6	**83,3%**	4	6	**66,7%**	9	12	**75,0%**
PONTEVEDRA	28	39	**71,8%**	6	8	**75,0%**	34	47	**72,3%**
GALICIA	**65**	**87**	**74,7%**	**19**	**25**	**76,0%**	**84**	**112**	**75,0%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

- **Xubilación anticipada aos 64 anos**.

Supón a obriga de cubrir estas vacantes simultaneamente con traballadores/as desempregados/as que figuren inscritos/as como tales na correspondente oficina de emprego.

Dos convenios asinados este ano, son 59 (40,1%) os que teñen cláusulas respecto deste tipo de xubilación e afectan a 49.231 traballadores/as (65,8%). Deles 16 son de sector (53,3% dos de sector) e afectan a 44.373 traballadores/as (70,8%) e 43 son de empresa (36,8% dos de empresa) e afectan a 4.858 traballadores/as (40,1%).

O tipo de cláusula que recollen maioritariamente o que fai e remitir ao regulado na lexislación vixente ao respecto.

Segundo se pode apreciar no cadro da páxina seguinte, estes 59 convenios supoñen un 52,7% do total dos que teñen algún tipo de cláusulas sobre xubilación.

CONVENIOS CON CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN ANTICIPADA AOS 64 ANOS.
PORCENTAXE SOBRE O TOTAL DE CONVENIOS CON CLÁUSULAS SOBRE XUBILACIÓN

	CONVENIOS DE EMPRESA			CONVENIOS DE SECTOR			TOTAL CONVENIOS		
	Convenios de empresa con cláusulas sobre xubilación aos 64 anos	Total convenios de empresa con cláusulas sobre xubilación	%	Convenios de sector con cláusulas sobre xubilación aos 64 anos	Total convenios de sector con cláusulas sobre xubilación	%	Número de convenios con cláusulas sobre xubilación aos 64 anos	Total convenios con cláusulas sobre xubilación	%
C. AUTÓNOMA	3	6	**50,0%**	2	3	**66,7%**	5	9	**55,6%**
A CORUÑA	13	23	**56,5%**	5	5	**100,0%**	18	28	**64,3%**
LUGO	6	13	**46,2%**	2	3	**66,7%**	8	16	**50,0%**
OURENSE	2	6	**33,3%**	3	6	**50,0%**	5	12	**41,7%**
PONTEVEDRA	19	39	**48,7%**	4	8	**50,0%**	23	47	**48,9%**
GALICIA	**43**	**87**	**49,4%**	**16**	**25**	**64,0%**	**59**	**112**	**52,7%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

- **Contías, premios ou vacacións retribuídas por xubilación**

Veñen recollidos en 51 convenios (34,7% do total dos asinados este ano) que afectan a 40.067 traballadores/as (53,6%).

Deles 11 son de sector (36,7% dos de sector) e afectan a 36.750 traballadores/as (58,7%) e 40 son de empresa (34,2%) e afectan a 3.317 traballadores/as (27,4%).

- **Outras cláusulas**

Refírense outras cláusulas á posibilidade de que de forma individual se poida pactar entre empresa e traballador/a a xubilación anticipada e á información á representación dos traballadores/as.

Sinalan algúns convenios que se durante a súa vixencia se produce algunha modificación normativa que afecte a xubilación, a comisión paritaria reunirase para adaptar o artigo á nova realidade.

F) FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA

Existen cláusulas sobre fomento da contratación indefinida en 70 convenios (47,6% dos asinados) que afectan a 56.933 traballadores/as (76,1%).

Deles 15 son de sector (50% dos de sector) e afectan a 50.592 traballadores/as (80,7%) e 55 son de empresa (47% dos de empresa) e afectan a 6.341 traballadores/as (52,3%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	4	100,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	408	16,76%	6.947	100,00%	7.355	**78,39%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	19	63,33%	2	33,33%	21	**58,33%**
	Nº TRABALLAD.	1.419	64,30%	7.183	63,85%	8.602	**63,92%**
LUGO	Nº CONVENIOS	8	50,00%	1	33,33%	9	**47,37%**
	Nº TRABALLAD.	509	54,73%	750	32,75%	1.259	**39,10%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	3	30,00%	4	50,00%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	458	38,81%	16.126	90,44%	16.584	**87,24%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	22	40,74%	4	44,44%	26	**41,27%**
	Nº TRABALLAD.	3.547	65,99%	19.586	80,47%	23.133	**77,85%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**55**	**47,01%**	**15**	**50,00%**	**70**	**47,62%**
	Nº TRABALLAD.	**6.341**	**52,29%**	**50.592**	**80,74%**	**56.933**	**76,13%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios que teñen cláusulas sobre fomento da contratación indefinida.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre fomento da contratación indefinida
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	3	33,3	1	8,3	8	61,5	6	50,0	**19**	**38,0**
2006	0	0,0	2	20,0	1	20,0	11	84,6	5	41,7	**19**	**45,2**
2007	1	25,0	4	40,0	3	60,0	6	66,7	6	46,2	**20**	**48,8**
2008	3	60,0	3	37,5	3	33,3	6	50,0	5	55,6	**20**	**46,5**
2009	2	50,0	2	50,0	3	100,0	8	80,0	6	66,7	**21**	**70,0**
2010	**4**	**100,0**	**2**	**33,3**	**1**	**33,3**	**4**	**50,0**	**4**	**44,4**	**15**	**50,0**
Empresa												
2005	1	14,3	9	17,6	3	13,0	5	20,0	19	30,6	**37**	**22,0**
2006	3	18,8	11	23,9	1	7,1	5	33,3	15	25,0	**35**	**23,2**
2007	4	50,0	11	25,0	8	33,3	4	28,6	15	23,4	**42**	**27,3**
2008	2	28,6	8	27,6	6	26,1	5	35,7	23	39,7	**44**	**33,6**
2009	6	66,7	12	31,6	1	12,5	4	40,0	23	34,8	**46**	**35,1**
2010	**3**	**42,9**	**19**	**63,3**	**8**	**50,0**	**3**	**30,0**	**22**	**40,7**	**55**	**47,0**
Total 2010	**7**	**63,6**	**21**	**58,3**	**9**	**47,4**	**7**	**38,9**	**26**	**41,3**	**70**	**47,6**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

De entre as cláusulas que recollen pódense destacar as seguintes:

- Compromiso durante a vixencia do convenio de mantemento ou aumento do cadro de persoal fixo existente. Establecemento dun número ou unha porcentaxe mínima de contratos indefinidos.

Recollen cláusulas deste tipo 37 dos convenios asinados este ano (25,2%) que afectan a 34.594 traballadores/as (46,3%). Deles 9 son de sector (30% dos de sector) e afectan a 30.572 traballadores/as (48,8%) e 28 son de empresa (23,9% dos de empresa) e afectan a 4.022 traballadores/as (33,2%).

As cláusulas pódense resumir no seguinte:

Indicar un número mínimo de traballadores/as fixos durante a vixencia do convenio.

Compromiso por parte da empresa de cubrir as baixas que se produzan con emprego fixo.

Compromisos de mantemento e/ou aumento do cadro de persoal fixo da empresa.

Establecemento de porcentaxes máximas de cadro de persoal eventual e mínimas de persoal fixo.

Nos **convenios de sector** as **porcentaxes mínimas de traballadores/as fixos que se indican** son as seguintes:

- As empresas deste sector terán, á finalización da vixencia do presente convenio, un 80% de cadro de persoal fixo. Para o cómputo desta porcentaxe, non se terán en conta os traballadores/as que estean ligados á empresa por un contrato de interinidade e de igual modo descontaranse os centros de nova apertura e aqueles que efectuaran reformas que supoñan un incremento substancial das vendas. Nestes dous últimos casos o período durante o que non se computará a estes traballadores/as será de 24 meses.

- As empresas que conten con máis de 30 traballadoras/es terán que acadar o 80% de emprego fixo ao remate da vixencia do convenio colectivo. Para os efectos do seu cálculo non se incluirán os contratos de interinidade nin se computará o persoal dos centros de nova apertura durante os primeiros catorce meses.

- Establécese como obrigatorio en empresas de máis de cinco traballadores/as unha porcentaxe mínima de emprego fixo do 80%.

- A partir de a entrada en vigor do presente convenio, establécese como obrigatorio nas empresas do sector unha porcentaxe mínima de emprego fixo do 70%.

- A partir de a entrada en vigor do presente convenio, establécese como obrigatorio nas empresas do sector unha porcentaxe mínima de emprego fixo do 65%.

- As partes asinantes do presente Convenio, co fin de conseguir unha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo como cadro de persoal de traballadores/as fixo mínimo das empresas o 50 por cento, entendendo por cadro de persoal de traballadores/as total a media dos últimos 24 meses do persoal vinculado por este convenio

- Co fin de acadar unha maior estabilidade no emprego, as partes asinantes acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo un cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de 5 traballadores/as do 40%.

  A partires do 1 de xaneiro de 2011 o cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de 5 traballadores/as será do 50%, taxa de estabilidade que, no seu caso, servirá de referencia para os incentivos á contratación indefinida que se fagan depender dunha taxa de estabilidade establecida no convenio específico de aplicación á empresa.

Aos efectos do cálculo do cadro de persoal fixo das empresas, tomarase en conta a media dos últimos 24 meses.

Exceptúanse do previsto no presente artigo as empresas de nova creación e as empresas que durante a vixencia do Convenio incrementen o seu cadro de persoal total de modo significativo, entendéndose que ten lugar incremento significativo cando incrementen o número de traballadores/as da empresa polo menos nun 30%.

As empresas exceptuadas conforme ao previsto no parágrafo anterior contarán cun período de carencia de dous anos para o cumprimento do cadro de persoal fixo mínimo de xeito que, ao cumprirse 3 anos, ben dende a creación da empresa, ben dende o incremento significativo do emprego, ditas empresas haberán de cumprir o cadro de persoal fixo mínimo tomándose como referencia a media do cadro de persoal fixo dos últimos 12 meses.

As cláusulas que fan referencia á vixilancia do cumprimento do pactado indican que lle corresponde á Comisión Paritaria do convenio sinalando algúns deles a obrigación de presentar os datos do cadro de persoal, coa especificación dos tipos de contrato no momento que lle sexa requirido pola dita comisión.

As **porcentaxes mínimas de traballadores/as fixos que se indican** nos **convenios de empresa** son as seguintes:

- As partes asinantes deste convenio, para unha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo como cadro de persoal fixo mínimo das empresas do 100% de cadro de persoal total, entendendo por este a media dos últimos 12 meses.

- A empresa asume que a composición do cadro de persoal traballador a final da vixencia deste convenio, quede establecida nunha relación como mínimo dun 88% de traballadores/as fixos e un máximo dun 12% de persoas sometidas a contratación temporal.

- O número de traballadores/as fixos será do 85% como mínimo.

- Durante a vixencia do presente convenio, a empresa terá un nivel de emprego fixo do 80% do seu cadro de persoal.

- Aos efectos de buscar unha maior estabilidade no emprego, a empresa comprométese, durante a vixencia deste convenio, a incrementar o cadro de persoal de persoal laboral con relación fixa, ata alcanzar a porcentaxe do 75% de cadro de persoal fixo, salvo que circunstancias excepcionais de produción ou do seu sector do mercado o impidan, debendo en tal caso presentar un informe debidamente motivado ao comité de empresa.

- Durante a vixencia do convenio, procederase á conversión de contratos temporais en indefinidos, de acordo cos pactos alcanzados durante as negociacións do anterior convenio, e que supón manter un mínimo dun 70% de emprego indefinido, sempre que se cumpran as circunstancias acordadas e reflectidas nas actas das negociacións deste convenio. As xubilacións que se vaian producindo na empresa serán substituídas en igual número por persoal indefinido, tamén de acordo cos pactos alcanzados nas citadas negociacións. En todo caso acórdase que a maioría das contratacións indefinidas serán sobre persoal que desenvolva o seu traballo na fábrica.

- Compromiso de incrementar o número de contratos indefinidos, de tal xeito que os contratos indefinidos sexan o 65% do total do persoal. Como base para o cálculo tomarase a media dos últimos 18 meses.

- As partes asinantes do presente convenio, en aras dunha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo como cadro de persoal fixo mínimo da empresa o 60 por cento do cadro de persoal total, entendendo por cadro de persoal total a media dos últimos 24 meses.

- As partes asinantes do presente convenio, en aras dunha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo como cadro de persoal fixo mínimo da empresa un 50 por cento, entendendo por cadro de persoal total a media dos últimos 24 meses.

- As partes asinantes do presente convenio, en aras a proporcionar unha maior estabilidade no emprego, acordan fomentar a contratación indefinida establecendo como porcentaxe mínima de persoal fixo na empresa o 40% do cadro de persoal total, tomado como a media dos últimos 24 meses.

- Co fin de manter a taxa de emprego fixo, a empresa, para aqueles postos que quedaran vacantes por baixas derivadas de falecemento ou xubilación, procederá a xerar un posto fixo mediante a transformación dun contrato temporal en indefinido ou a través dunha nova contratación indefinida.

  Igualmente xerarán un posto fixo aqueles que queden vacantes con motivo de prexubilacións pactadas ou baixas voluntarias, sempre e cando dito posto vacante se manteña ocupado polo período dun ano mediante a contratación dun traballador/a eventual.

  Esta obrigatoriedade de substituír con postos fixos as vacantes derivadas de xubilacións, prexubilacións, baixas voluntarias ou falecemento queda supeditada durante a vixencia deste convenio, e en concreto ata o 31.12.2011, a que na empresa exista unha taxa de eventualidade anual superior ao 10%. A efectos do cálculo da taxa de eventualidade terase en conta a totalidade do cadro de persoal e non se computarán como eventuais aqueles contratos vixentes na empresa con duración superior a un ano.

  A adquisición do carácter de fixeza está en función da condición da posibilidade de traballar na terceira quenda da empresa.

Algúns convenios indican porcentaxes máximas de contratación temporal:

- Compromiso de tentar acadar unha taxa máxima dun 8% de temporalidade do seu persoal.

- A empresa non terá nunca máis do 15% de traballadores/as eventuais.

- O número de contratos eventuais nunca superará o 20% dos contratos da empresa.

- En ningún caso os contratos temporais poderán superar o 25% respecto á media anual do persoal contratado pola empresa.

- Durante os anos de vixencia do convenio, as súas signatarias consideran como criterio adecuado de relación entre volume de contratos temporais e persoal total da empresa, o dun 25% durante toda a vixencia do convenio. A determinación do pase a fixos farase nun 80% por antigüidade e nun 20% por libre decisión da empresa.

- Transformación de contratos temporais en indefinidos

Recollen este tipo de cláusulas 35 convenios (23,8% dos asinados este ano) que afectan a 34.809 traballadores/as (46,5%).

Deles 7 son de sector (23,3% dos de sector) e afectan a 31.118 traballadores/as (49,7%) e 28 son de empresa (23,9% dos de empresa) e afectan a 3.691 traballadores/as (30,4%).

Nos convenios de sector as cláusulas respecto de compromisos concretos de transformación fan referencia ao seguinte:

- Compromiso de transformar en indefinidos un 30% da totalidade dos contratos de obra ou servizo determinado regulados no convenio, referida esta porcentaxe unicamente aos contratos deste tipo que esgoten a duración máxima sinalada.

- Sinala un convenio que cando os traballadores/as contratados por estas modalidades (obra ou servizo; eventual por circunstancias de mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos; substitución) realicen as mesmas funcións ou similares e superen 340 días cotizados no prazo máximo de 30 meses, automaticamente pasará a contrato indefinido fixo descontinuo.

- Establecen noutro convenio que as empresas que contraten traballadores/as a través de contratos formativos (contrato para a formación e contrato en prácticas) estarán obrigadas a converter un 40%, como mínimo, destes contratos en contratos indefinidos de fomento do emprego, cando se alcance o prazo máximo legal de duración destes (2 anos).

  Sinala tamén que as empresas que contraten traballadores/as a través de contratos de duración determinada por circunstancias da produción, estarán obrigadas, ao termo da duración máxima legal destes (12 meses), a converter un 25%, como mínimo, destes contratos en contratos indefinidos de fomento do emprego.

- Indica un convenio que todas os traballadoras/es temporais e eventuais que a partires do 17 de xuño do 1988 superen tres anos de contratación, nunha ou varias das modalidades temporais de contratación actualmente en vigor, pasarán á situación de fixos.

  Para efectos do cómputo de dita duración contaranse os períodos de traballo efectivo, IT na súas distintas clases e duración, e calquera circunstancia que leve consigo unha suspensión temporal do contrato de traballo (coa excepción de calquera tipo de excedencia).

  Para estes efectos computarase como tempo traballado, a permanencia en empresas filiais da principal (indica ademais que non será de aplicación a aquelas/es traballadoras/es que cesen voluntariamente e retornen á empresa).

Nos convenios de empresa aparecen recollidos en cinco deles os seguintes compromisos de transformación:

- Todo traballador/a que leve na empresa 12 meses ininterrompidos de contrato pasará a ser fixo.

- Acórdase a conversión de 8 contratos en temporais en indefinidos antes do 31/12/10.

- Conversión do contrato eventual de 20 operarios a contrato indefinido.

- Procederase á conversión de catro contratos eventuais en indefinidos o día 1 de decembro de 2010, seguindo o criterio de maior número de días traballados na empresa.

  Sinala ademais que este criterio se formalizará a día 30 de decembro de 2009, co persoal eventual que neses momentos teña relación contractual coa empresa. En caso de falecemento ou renuncia ao seu dereito dalgún traballador/a, pasará ao seguinte da lista.

- Os traballadores/as do cadro de persoal da empresa que na data da sinatura do convenio colectivo teñan un ano de antigüidade na empresa serán considerados "traballadores/as con contrato indefinido", para o cal deberán asinar o correspondente contrato.

  Así mesmo, adquirirán a condición de traballador/a con contrato indefinido aqueles traballadores/as, contratados a través dun contrato de duración determinada, que vaian cumprindo un ano de antigüidade no servizo, para o cal, unha vez cumprido o devandito prazo, deberán asinar o correspondente contrato.

Fan referencia outras cláusulas á transformación en indefinidos de contratos temporais en función das xubilacións que se produzan na empresa.

Existen cláusulas nos convenios e acordos reguladores de persoal da Administración local que fan referencia aos procesos de consolidación de emprego temporal mediante a convocatoria de procesos selectivos.

Outros convenios remiten ou recollen o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

- Outro tipo de cláusulas recollen compromisos de fomentar a contratación indefinida pero sen chegar a concretalos.

G) OUTRAS CLÁUSULAS SOBRE GARANTÍAS DE EMPREGO.

Ademais das cláusulas sobre conservación e aumento do cadro de persoal fixo que xa se analizaron, recóllense nos convenios asinados este ano outras cláusulas tendentes a garantir ou aumentar o nivel de emprego existente no inicio da vixencia do convenio entre as que se poden destacar as seguintes:

- Compromiso de **conservación do cadro de persoal** existente no momento da sinatura do convenio durante toda a vixencia del, indicando nalgúns casos no convenio o cadro de persoal mínimo ou o número de postos.

- Obrigación de proceder á **cobertura das baixas** que se produzan.

As cláusulas máis frecuentes respecto das garantías de emprego son as que se refiren aos casos de capacidade diminuída e segunda actividade, á retirada do carné de conducir cando se necesita para o traballo, e tamén as cláusulas sobre subrogación empresarial que se analizan con máis detalle a continuación.

- **Capacidade diminuída.**

Existen cláusulas ao respecto en 51 convenios, o 34,7% dos asinados este ano, que afectan a 30.992 traballadores/as (41,4%).

Deles 5 son de sector (16,7% dos de sector) e afectan a 24.845 traballadores/as (39,7%) e 46 son de empresa (39,3% dos de empresa) e afectan a 6.147 traballadores/as (50,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	1	25,00%	4	**36,36%**
	Nº TRABALLAD.	1.748	71,79%	450	6,48%	2.198	**23,43%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	14	46,67%	1	16,67%	15	**41,67%**
	Nº TRABALLAD.	1.233	55,87%	5.000	44,44%	6.233	**46,32%**
LUGO	Nº CONVENIOS	5	31,25%		0,00%	5	**26,32%**
	Nº TRABALLAD.	373	40,11%		0,00%	373	**11,58%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	3	30,00%	2	25,00%	5	**27,78%**
	Nº TRABALLAD.	488	41,36%	5.395	30,26%	5.883	**30,95%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	21	38,89%	1	11,11%	22	**34,92%**
	Nº TRABALLAD.	2.305	42,88%	14.000	57,52%	16.305	**54,87%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**46**	**39,32%**	**5**	**16,67%**	**51**	**34,69%**
	Nº TRABALLAD.	**6.147**	**50,69%**	**24.845**	**39,65%**	**30.992**	**41,44%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O NÚMERO DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Refírense estas cláusulas sobre todo á posibilidade de destinar aos traballadores/as que teñan a súa capacidade diminuída a postos axeitados á súa nova situación se existen na empresa.

Hai convenios nos que se sinalan os postos reservados para estes casos e nalgúns indícase que se establecerá unha relación deles pola comisión de seguimento ou que se negociará coa representación legal dos traballadores/as.

Cando non existe na empresa posto adecuado, indícase nalgúns convenios que os traballadores/as nesta situación terán preferencia para a cobertura dos postos de nova creación sempre que teñan aptitude ou idoneidade para o seu desempeño.

Limitan esta posibilidade algúns convenios aos casos en que a incapacidade fose consecuencia dun accidente de traballo ou enfermidade profesional ou común de longa duración.

Establécese como límite nun convenio que o persoal acollido a esta situación non exceda do cinco por cento do total da categoría respectiva.

Sinálase nalgúns convenios unha idade (55 ou 60 anos, esixíndolle nalgún caso ademais unha antigüidade mínima de 12 anos) ou unha antigüidade (25 anos de servizos efectivos) a partir da que os traballadores/as poderán solicitar a adscrición a postos de segunda actividade sobre todo se desempeñan postos de traballo en condicións de penosidade, perigosidade e toxicidade.

Respecto da retribución que lle corresponde nuns casos indícase que é a do posto que tiña con anterioridade e noutros a do novo posto que vai ocupar.

Algúns convenios sinalan que se a retribución do novo posto é superior, será esta a que lle corresponde, e se é inferior percibirá a do seu anterior posto.

Indica un convenio que se a mingua de aptitudes fose producida por accidente fóra da factoría ou por enfermidade non profesional, poderá ser destinado ao posto de traballo que lle designe a empresa, percibindo o soldo correspondente ao devandito posto, pero os traballadores/as que perderan aptitudes por causa de accidente de traballo na empresa, serán admitidos podendo ser trasladados a postos de traballo de inferior categoría, e seguirán percibindo o mesmo soldo ou xornal que tiñan no momento do accidente.

Establece un convenio para o caso non sexa posible recolocar en postos axeitados ao seu nivel profesional a traballadores/as que se encontren en situación de incapacidade permanente total para a súa profesión habitual, que a empresa se compromete a satisfacer mensualmente unha cantidade igual á que resulte de calcular a diferenza entre a pensión que percibe pola devandita incapacidade e o cen por cento da súa base reguladora. A devandita percepción mensual, que terá unha duración máxima de cinco anos e que non poderá exceder de 301 €/mes extinguirase no momento en que o traballador/a declarado incapaz permanente total, atope un novo traballo, tanto por conta propia como allea, ou sexa novamente declarado hábil para desenvolver as funcións propias da súa profesión habitual. En todo caso será requisito imprescindible para poder cobrar a citada cantidade, que o traballador/a acredite unha antigüidade na empresa superior aos dez anos.

No que se refire á revisión das situacións de incapacidade indícase que os traballadores/as terán dereito cando se lles declare de novo aptos para o traballo, a que se lles reintegre no posto de traballo que con carácter normal ocupaban na empresa na data que causaron baixa e no posto adecuado ás súas condicións, fixando un prazo dentro do cal se debe solicitar a reincorporación ao traballo.

- **Retirada do permiso de conducir**

Teñen cláusulas ao respecto 18 convenios (12,2% dos asinados este ano) que afectan a 19.694 traballadores/as (26,3%).

Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 19.102 traballadores/as (30,5%), e 12 de empresa (10,3% dos de empresa) e afectan a 592 traballadores/as (4,9%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	1	14,29%	1	25,00%	2	**18,18%**
	Nº TRABALLAD.	22	0,90%	450	6,48%	472	**5,03%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	2	6,67%	1	16,67%	3	**8,33%**
	Nº TRABALLAD.	152	6,89%	1.607	14,28%	1.759	**13,07%**
LUGO	Nº CONVENIOS	2	12,50%	1	33,33%	3	**15,79%**
	Nº TRABALLAD.	27	2,90%	1.200	52,40%	1.227	**38,11%**
OURENSE	Nº CONVENIOS		0,00%	1	12,50%	1	**5,56%**
	Nº TRABALLAD.		0,00%	695	3,90%	695	**3,66%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	7	12,96%	2	22,22%	9	**14,29%**
	Nº TRABALLAD.	391	7,27%	15.150	62,24%	15.541	**52,30%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**12**	**10,26%**	**6**	**20,00%**	**18**	**12,24%**
	Nº TRABALLAD.	**592**	**4,88%**	**19.102**	**30,49%**	**19.694**	**26,33%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Indícase nestas cláusulas que no caso de retirada do permiso de conducir dos traballadores/as que o necesiten para o seu traballo, destinarase a outro posto adecuado á súa categoría, reincorporándose ao seu cando remate a sanción.

Limítase nalgúns convenios a que a sanción non sexa superior a un certo período de tempo que se indica.

Faise referencia normalmente a que a retirada do carné sexa conducindo vehículos da empresa e por orde dela, pero hai convenios que inclúen a condución do vehículo particular aínda que limitado ao desprazamento do seu domicilio ao lugar de traballo ou regreso.

Exclúense os casos de retirada do permiso de conducir como consecuencia de imprudencia temeraria, condución baixo os efectos do alcohol ou drogadicción e nalgúns convenios os casos de reincidencia.

Indica un convenio o número máximo de condutores/as afectados/as que a empresa ten a obriga de manter en función do cadro de persoal total.

Respecto da retribución nuns casos indícase que será a mesma que viña percibindo no seu posto habitual e noutros establécese que será a do novo posto.
Establécese nalgúns convenios un período máximo de tempo durante o que se lle conserva a retribución, pasando logo a percibir á do novo posto.

Sinalan algúns convenios que cando a retirada fora en horas de traballo, a empresa proporcionaralle outro traballo, percibindo o salario correspondente á súa categoría de condutor. Se acontecese fóra do horario de traballo, percibirá o salario correspondente á categoría que se lle asigne.

- **Subrogación empresarial**

Existen cláusulas ao respecto en 29 convenios (19,7% dos asinados este ano) que afectan a 28.534 traballadores/as (38,2%).

Deles 7 son de sector (23,3% dos de sector) e afectan a 27.548 traballadores/as (44%) e 22 son de empresa (18,8% dos de empresa) e afectan a 986 traballadores/as (8,1%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	1	14,29%	3	75,00%	4	**36,36%**
	Nº TRABALLAD.	22	0,90%	6.497	93,52%	6.519	**69,48%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	6	20,00%	1	16,67%	7	**19,44%**
	Nº TRABALLAD.	328	14,86%	5.000	44,44%	5.328	**39,59%**
LUGO	Nº CONVENIOS	3	18,75%		0,00%	3	**15,79%**
	Nº TRABALLAD.	141	15,16%		0,00%	141	**4,38%**
OURENSE	Nº CONVENIOS		0,00%	3	37,50%	3	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.		0,00%	16.051	90,02%	16.051	**84,43%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	12	22,22%		0,00%	12	**19,05%**
	Nº TRABALLAD.	495	9,21%		0,00%	495	**1,67%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**22**	**18,80%**	**7**	**23,33%**	**29**	**19,73%**
	Nº TRABALLAD.	**986**	**8,13%**	**27.548**	**43,97%**	**28.534**	**38,15%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Refírense as cláusulas que recollen aos supostos nos que se produce a subrogación e aos requisitos dos traballadores/as respecto dos que se produce.

Sinálase tamén nalgúns convenios a documentación que a empresa saínte debe entregar á entrante. Esta documentación refírese, respecto da empresa, ás súas obrigas salariais e coa Seguridade Social, e respecto dos traballadores/as aos datos persoais e profesionais necesarios.

Recollen algúns convenios cláusulas respecto da xubilación parcial nos casos de subrogación, sinalando que a empresa entrante ten a obriga de manter as condicións persoais e laborais que no seu día se pactasen coa empresa saínte, tales como: xornada que hai que reducir, distribución de xornada ou pagamento do salario.

No convenio do sector da industria siderometalúrxica de Ourense sinálase a subrogación ao final da concesión dunha contrata de mantemento e no da Coruña indícase sempre que sexa para prestar servizos de mantemento nas Administracións Públicas en virtude dunha concesión administrativa (nos dous casos sempre que se cumpran os supostos que sinalan).

No convenio de construción de Ourense indica que co obxecto de contribuír a garantir o principio de estabilidade no emprego dos traballadores/as empregados por empresas e entidades de dereito público que se sucedan mediante calquera modalidade contractual, total ou parcialmente, en calquera contrata de conservación e/ou mantemento de autoestradas, autovías, estradas ou vías férreas a que se refire o artigo 3, apartado b) e o anexo I, apartado b) do Convenio xeral do sector da construción, establécese, con carácter exclusivo para tales actividades, a obrigación de subrogación do persoal entre as empresas saínte e entrante, a cal se levará a cabo conforme aos requisitos e condicións que se detallan no convenio.

H) OUTRAS CLÁUSULAS DE FOMENTO DO EMPREGO

Neste tipo de cláusulas inclúense, ademais das xa mencionadas no apartado sobre xubilación nas que existe un compromiso ao respecto, as que indican a redución ou eliminación das horas extraordinarias habituais como medida de fomento do emprego e as que se refiren ao pluriemprego.

Os convenios que teñen cláusulas deste tipo este ano son 108 (73,5% dos asinados) e afectan a 66.524 traballadores/as (89%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	6	85,71%	3	75,00%	9	**81,82%**
	Nº TRABALLAD.	2.375	97,54%	3.447	49,62%	5.822	**62,05%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	21	70,00%	5	83,33%	26	**72,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.555	70,46%	10.770	95,73%	12.325	**91,59%**
LUGO	Nº CONVENIOS	14	87,50%	3	100,00%	17	**89,47%**
	Nº TRABALLAD.	883	94,95%	2.290	100,00%	3.173	**98,54%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	7	70,00%	5	62,50%	12	**66,67%**
	Nº TRABALLAD.	1.027	87,03%	16.404	92,00%	17.431	**91,69%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	37	68,52%	7	77,78%	44	**69,84%**
	Nº TRABALLAD.	4.582	85,25%	23.191	95,28%	27.773	**93,46%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**85**	**72,65%**	**23**	**76,67%**	**108**	**73,47%**
	Nº TRABALLAD.	**10.422**	**85,94%**	**56.102**	**89,54%**	**66.524**	**88,95%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Indican a supresión ou redución ao mínimo das horas extraordinarias habituais como medida de fomento do emprego 30 convenios (20,4% dos asinados este ano) que afectan a 29.809 traballadores/as (39,9%). Deles 5 son de sector (16,7% dos de sector) e afectan a 26.737 traballadores/as (42,7%) e 25 son de empresa (21,4% dos de empresa) e afectan a 3.072 traballadores/as (25,3%).

Existe nalgunhas destas cláusulas o compromiso de creación dun novo posto de traballo cando se supere un certo número de horas nalgún servizo ou sección.

As cláusulas sobre o pluriemprego recollen nuns casos unha prohibición expresa respecto del e noutras indican a conveniencia de erradicalo como regra xeral, sinalando que para iso se estima necesario que se apliquen co máximo rigor as sancións previstas na lexislación vixente nos casos de traballadores/as non dados de alta na Seguridade Social, por estar dados de alta xa noutra empresa.

Neste sentido tamén se considera esencial o cumprimento exacto do requisito de dar a coñecer á representación legal dos traballadores/as os boletíns de cotización á Seguridade Social, así como os modelos de contrato de traballo escrito que se utilicen na empresa e os documentos relativos á terminación da relación laboral.

9. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO.

Entre as cláusulas que fan referencia a este tema nos convenios asinados este ano pódense destacar as seguintes:

- Obxectivo

Sinálase como obxectivo da organización do traballo o de acadar na empresa un nivel adecuado de produtividade e/ou eficacia nos servizos baseado na óptima utilización dos recursos humanos e materiais adscritos a eles.

Para este obxectivo é necesaria a mutua colaboración das partes integrantes da empresa: dirección e traballadores/as.

A representación legal dos traballadores/as velará porque no exercicio das facultades antes aludidas non se conculque a lexislación vixente, sen que iso poida considerarse transgresión da boa fe contractual.

Indícase que organización do traballo se estenderá entre outras, ás cuestións seguintes:

A determinación dos elementos necesarios (máquinas ou tarefas específicas) para que o traballador/a poida alcanzar polo menos o rendemento normal ou mínimo.

A fixación da calidade admisible ao longo do proceso de fabricación de que se trate, e a esixencia consecuente de índices de desperdicios e perdas.

A esixencia de vixilancia, atención e dilixencia no coidado da maquinaria, instalacións e ferramentas encomendadas ao traballador/a.

A distribución do persoal.

A adaptación das cargas de traballo, rendementos e tarifas ás novas condicións que resulten de aplicar o cambio de métodos operativos, procesos de fabricación ou cambio das funcións e variacións técnicas tanto de maquinaria e ferramentas como de material.

Fixación de fórmulas claras e sinxelas para a obtención de cálculos de retribución que corresponda aos traballadores/as de maneira que poida ser comprendida con facilidade.

- Competencia nesta materia.

Son as cláusulas que máis se repiten. Sinálase ao respecto que a organización do traballo é facultade do empresario/a, ou persoa en quen delegue, sen prexuízo dos dereitos e atribucións recoñecidos pola lei aos traballadores e traballadoras e aos/ás seus/súas representantes legais.

Indícase tamén que cando se establezan ou modifiquen condicións de traballo que afecten a un colectivo deberá ser informada previamente a representación legal do persoal.

No suposto de que se deleguen facultades directivas, esta delegación debe facerse de modo expreso, de maneira que sexa suficientemente coñecida, tanto por quen reciba a delegación de facultades, como polos que despois serán destinatarios/as das ordes recibidas.

Sinálase ademais que as ordes que teñan por si mesmas o carácter de estables deberanse comunicar expresamente á totalidade dos afectados/as e dotalas de suficiente publicidade.

- Procedementos de implantación, supresión e revisión dos sistemas de traballo.

Sinálase que a determinación dos Sistemas, métodos e procedementos de organización científica e racional do traballo corresponde á dirección, que terá en todo caso a obriga de expresar suficientemente as súas decisións ao respecto.

Indícase a conveniencia de que as empresas que establezan sistemas de organización científica e racional do traballo adopten algúns dos sistemas internacionalmente recoñecidos, en cuxo casos se deberá facer referencia ao sistema pola súa denominación convencional. No caso contrario deberase de especificar cada unha das partes fundamentais que se integren en dito sistema e o seu contido organizativo, técnico e normativo.

Enténdese por sistema de organización científica e racional do traballo o conxunto de principios da organización e racionalización do traballo e, se é o caso, de retribución incentivada, de normas para a súa aplicación, e de técnicas da medición do traballo e da valoración de postos.

No establecemento de calquera sistema de racionalización do traballo terase en conta, entre outras, as seguintes etapas:

Racionalización, descrición e normalización de tarefas.

Análise, valoración, clasificación e descrición dos traballos correspondentes a cada posto ou grupos de postos de traballo.

Análise e fixación de rendementos normalizados.

Asignación dos traballadores/as aos postos de traballo segundo as súas aptitudes.

O procedemento que se indica para as empresas que queiran implantar un sistema ou que téndoo implantado o modifiquen por substitución global dalgunha das súas partes fundamentais (o estudo de métodos, o estudo de tempos, o réxime de incentivos ou cualificación dos postos de traballo) comprende:

A información con carácter previo á representación legal dos traballadores/as

A posibilidade de constitución dunha comisión paritaria ao respecto, da que se indican a composición, competencias e prazos para a elaboración dos informes, así como a posibilidade de solicitar asesoramento externo.

En caso de desacordo nun prazo determinado indícase a posibilidade de que ambas as partes acorden someterse a unha arbitraxe.

Sinálase tamén a posibilidade de que a representación legal dos traballadores/as exerciten iniciativas para variar o sistema de organización establecido.

Indican como motivos para a revisión de tempos e rendementos entre outros os seguintes:

Por reforma dos métodos, medios ou procedementos.

Cando incorrese de modo manifesto e indubidable en erro de cálculo ou medición.

Se no traballo se producise cambio no número de traballadores/as, sempre e cando as medicións se realizasen para equipos cuxo número de compoñentes sexa determinado, ou algunha modificación substancial nas condicións daquel.

Por acordo entre a empresa e a representación legal dos traballadores/as.

Se a revisión orixina unha diminución nos tempos asignados, indícase que se establecerá un período de adaptación do que se sinala a duración máxima segundo a porcentaxe de diminución.

Sinálase tamén que os traballadores/as desconformes coa revisión poderán reclamar individualmente ante a autoridade competente, sen que iso paralice a aplicación dos novos valores.

Incorporan tamén algúns convenios **táboas de produtividade**, de **tempos e rendementos** mínimos e de **valoración dos postos de traballo**, indicando ademais as condicións e normas de aplicación e como resolver as discrepancias nas valoracións.

Nalgúns casos faise referencia a sistemas internacionalmente recoñecidos (como o Bedaux por exemplo) e noutros establécense sistemas propios.

Inclúense definicións do **traballo por tarefa**, por **obra feita** ou por **unidade de obra**, con **primas á produción** ou con **incentivo**.

Sinálase respecto destes sistemas que se caracterizan por pór en relación directa a retribución coa produción do traballo, con independencia, en principio, do tempo investido na súa realización un por ter como obxectivo a consecución dun rendemento superior ao normal.

Defínese tamén o que se considera actividade e/ou rendemento normal ou mínimo, habitual e óptimo ou tipo.

Sinálase a posibilidade de sanción para o traballador/a que non alcance a actividade normal durante un período de tempo que se sinala.

Establécese a retribución mínima para o caso de que nalgún destes sistemas o traballador/a non alcanzase o rendemento previsto por causa non imputable á empresa nin ao traballador/a.

Nos **sistemas de tempos e rendementos** indícase os procedementos para determinalos e cales se consideran provisionais, estimados ou definitivos.

Sinálase os casos nos que poderán ser modificados os tempos e tamén os postos considerados como de tempos variables que deberán ser revisados periódica e sistematicamente sen chegar a ter nunca a consideración de definitivos.

Para atender sobre as reclamacións individuais respecto da aplicación destes sistemas créanse comisións paritarias de tempos ou sinálase que deberá acudirse a unha opinión externa cuxo resultado será vinculante para as partes.

Indícase a posibilidade de establecer **primas á produtividade ou incentivos** nos traballos que se presten á súa aplicación.

Introdúcense sistemas de retribución variable ligados á consecución dunha serie de obxectivos que outorgarán o dereito ao devengo dunhas cantidades que oscilarán en función do número de obxectivos logrados e o seu grao de consecución.

Este sistema retributivo é progresivo de tal modo que, como norma xeral, cada indicador terá varios niveis (exceptuando aqueles que pola súa condición non poidan clasificarse de tal modo). Estes serán independentes, é dicir que non é necesario alcanzar o obxectivo mínimo en todos os indicadores para recibir a paga, se non que, conseguindo tan só un deles estase xerando o dereito a percibir a parte correspondente. Dependendo do nivel que se alcance en cada un xerará unha cantidade determinada.

Establécense compensacións para aboar durante un certo período de tempo aos traballadores/as cando deban pasar dun posto produtivo a outro non parecido.

- Prestación do traballo

O traballador/a está obrigado/a a cumprir as ordes e instrucións do empresario/a no exercicio regular das súas facultades directivas, debendo executar cantos traballos, operacións ou actividades se lle ordene dentro do xeral cometido propio da súa categoría ou competencia profesional.

Entre elas están incluídas as tarefas complementarias que sexan necesarias para o desempeño do seu labor principal, ou o coidado e limpeza do material, das máquinas, ferramentas e posto ou lugar de traballo que estean ao seu cargo durante a xornada de traballo.

A empresa porá ao alcance dos traballadores/as todos os medios necesarios para que estes poidan executar o seu traballo nas mellores condicións de hixiene e seguridade. Pola súa banda, os traballadores/as utilizarán os medios de protección que a empresa lles facilite.

É deber básico do traballador/a cumprir coas obrigas completas do seu traballo, de conformidade coas regras de boa fe e dilixencia, así como observar as medidas de seguridade e hixiene e os procedementos de calidade que se adopten.

Cada traballador/a deberá desempeñar basicamente as funcións propias do seu posto de traballo. Non obstante, se estas funcións non ocupasen plenamente a súa xornada laboral, os traballadores/as realizarán os traballos que lles asignen, sempre de acordo coa súa experiencia, formación e clasificación profesional.

- Novas tecnoloxías

Incídese sobre todo na necesidade de facilitar aos traballadores/as afectados a formación precisa para o desenvolvemento da súa nova función, sinalando nalgúns casos que se fará de acordo coa representación legal dos traballadores/as.

A asistencia aos diferentes cursos virá determinada pola necesidade de proporcionarlle ao persoal os coñecementos requiridos para un desenvolvemento eficaz das súas funcións e unha correcta adaptación á evolución técnica e organizativa da empresa.

Indícase que se fomentará a formación do persoal apropiado no concernente ao coñecemento das novas tecnoloxías que se poidan aplicar na empresa, evitándose, sempre que os prazos de execución ou o nivel de coñecementos requirido o permitan, o desprazamento profesional do persoal actual en beneficio doutro de nova contratación.

Cando na empresa se introduzan novas tecnoloxías que poidan supoñer para os traballadores/as modificación substancial das condicións de traballo (ou ben un período de formación e adaptación técnica non inferior a un mes), deberanse comunicar estas con carácter previo á representación dos traballadores/as e aos traballadores/as afectados no prazo suficiente para poder analizar e prever as súas consecuencias en relación con: emprego, saúde laboral, formación e organización do traballo.

Sinálase tamén que as novas tecnoloxías deberán ter en conta a posibilidade de utilizar produtos menos perigosos nas mesmas garantías de fabricación.

- Teletraballo.

Créase unha comisión específica nun convenio para o estudo da aplicación do teletraballo na empresa.

- Actuación en defensa e protección do ambiente.

Indícase que as partes, conscientes da importancia e necesidade da conservación do ambiente así como de satisfacer as necesidades das entidades obxecto de prestación dos servizos realizados pola empresa, plasman no convenio o seu compromiso pola mellora continuada do comportamento ambiental e de calidade da empresa, sendo os seus principais obxectivos os que se sinalan a continuación:

- A dirección da empresa asumirá as competencias necesarias para a adaptación do sistema de calidade vixente así como as da implantación do novo sistema de xestión ambiental, redactando as respectivas políticas de actuación que obrigarán a todas as persoas vinculadas directa e indirectamente coa empresa.

- Fomentar e garantir a formación e participación dos traballadores/as no desenvolvemento, a avaliación e a xestión ambiental e de calidade da empresa

- Desenvolvemento socialmente sostible

Sinálase que se fai preciso compatibilizar o desenvolvemento económico da empresa cos dereitos e aspiracións da sociedade.

Indícase como intención dos asinantes, durante a vixencia do convenio colectivo, analizar e, de ser o caso, concluír acordos en materia de desenvolvemento socialmente sostible, na medida en que a organización da empresa posibilite tales instrumentos de integración laboral e social.

Ambas partes, así mesmo, declaran a vixencia dos valores e normas de comportamento contidos no código ético do grupo.
Os asinantes, no ámbito das súas respectivas responsabilidades, propóñense exercitar os seus dereitos e cumprir as súas obrigas no marco do respecto aos precitados valores.

► Sinalar por último que outras cláusulas fan referencia á distribución da xornada (xa analizado no apartado sobre tempo de traballo) e á mobilidade dos traballadores/as que se analiza con máis detalle no apartado seguinte.

10. MOBILIDADE E CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.

A) MOBILIDADE FUNCIONAL

Teñen cláusulas sobre mobilidade funcional 80 dos convenios asinados este ano (54,4%) que afectan a 22.825 traballadores/as (30,5%). Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 12.905 traballadores/as (20,6%) e 74 son de empresa (63,3% dos de empresa) e afectan a 9.920 traballadores/as (81,8%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	6	85,71%	2	50,00%	8	**72,73%**
	Nº TRABALLAD.	2.413	99,10%	2.110	30,37%	4.523	**48,21%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	22	73,33%	1	16,67%	23	**63,89%**
	Nº TRABALLAD.	1.705	77,25%	5.000	44,44%	6.705	**49,83%**
LUGO	Nº CONVENIOS	12	75,00%		0,00%	12	**63,16%**
	Nº TRABALLAD.	739	79,46%		0,00%	739	**22,95%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	3	37,50%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	838	71,02%	5.795	32,50%	6.633	**34,89%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	30	55,56%		0,00%	30	**47,62%**
	Nº TRABALLAD.	4.225	78,60%		0,00%	4.225	**14,22%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**74**	**63,25%**	**6**	**20,00%**	**80**	**54,42%**
	Nº TRABALLAD.	**9.920**	**81,80%**	**12.905**	**20,60%**	**22.825**	**30,52%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas deste tipo.

Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de mobilidade funcional.
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	50,0	1	11,1	2	16,7	5	38,5	2	16,7	**12**	**24,0**
2006	2	100,0	4	40,0	2	40,0	2	15,4	1	8,3	**11**	**26,2**
2007	2	50,0	3	30,0	1	20,0	3	33,3		0,0	**9**	**22,0**
2008	5	100,0	4	50,0	2	22,2	4	33,3	2	22,2	**17**	**39,5**
2009	2	50,0	2	50,0	0	0,0	3	30,0	3	33,3	**10**	**33,3**
2010	**2**	**50,0**	**1**	**16,7**	**0**	**0,0**	**3**	**37,5**	**0**	**0,0**	**6**	**20,0**
Empresa												
2005	6	85,7	28	54,9	13	56,5	17	68,0	30	48,4	**94**	**56,0**
2006	9	56,3	28	60,9	7	50,0	6	40,0	31	51,7	**81**	**53,6**
2007	6	75,0	23	52,3	10	41,7	8	57,1	28	43,8	**75**	**48,7**
2008	7	100,0	15	51,7	11	47,8	9	64,3	31	53,4	**73**	**55,7**
2009	6	66,7	20	52,6	4	50,0	9	90,0	36	54,5	**75**	**57,3**
2010	**6**	**85,7**	**22**	**73,3**	**12**	**75,0**	**4**	**40,0**	**30**	**55,6**	**74**	**63,3**
Total 2010	**8**	**72,7**	**23**	**63,9**	**12**	**63,2**	**7**	**38,9**	**30**	**47,6**	**80**	**54,4**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto das cláusulas que conteñen, ademais das que remiten ou recollen total ou parcialmente o indicado ao respecto na lexislación vixente, cabe sinalar as seguintes:

Considérase mobilidade funcional calquera cambio de funcións e tarefas previamente encomendadas e realizadas polo traballador/a dentro do centro de traballo ao que está adscrito.

Un límite específico á aplicación da mobilidade funcional constitúeo a necesidade de titulación académica ou profesional, así como calquera outro permiso, licenza ou habilitación esixido pola lexislación para o exercicio dunha determinada profesión ou función.

En calquera dos supostos de mobilidade funcional, as direccións das empresas deberán garantir, con carácter previo ao cambio, os coñecementos, habilidades ou reciclaxes necesarias que faciliten ou habiliten aos traballadores/as afectados a suficiente adecuación e aptitude para o desempeño das novas tarefas e funcións designadas.

A aplicación da mobilidade funcional farase salvagardando o principio xeral de boa fe contractual, así como o principio específico de igualdade e non discriminación nas relacións laborais.

Así mesmo, dita mobilidade producirase sen menoscabo da dignidade dos traballadores/as e sen prexuízo dos seus dereitos profesionais e económicos.

Non caberá invocar causas de despedimento obxectivo por ineptitude sobrevida ou de falta de adaptación nos supostos de realización de funcións distintas das habituais como consecuencia da mobilidade funcional.

Sempre que sexa posible, a aplicación da mobilidade funcional farase respectando a voluntariedade dos traballadores/as.

Sendo a mobilidade funcional materia esencial das condicións de prestación de traballo, para a súa correcta aplicación faise necesaria, en todo momento, a participación da representación legal dos traballadores/as nos termos que se indican no convenio.

Sinálase que sempre que as direccións das empresas teñan necesidade de facer uso da aplicación da mobilidade funcional, notificaranse os cambios simultaneamente aos traballadores/as afectados e á súa representación legal.

A devandita notificación, polo menos, deberá incluír:

- Unha descrición xustificativa das causas que motivan os devanditos cambios.

- A identificación dos traballadores/as afectados.

- Duración estimada da mobilidade.

Neste sentido sinálase que as direccións das empresas terán en conta as opinións e suxestións da representación legal dos traballadores/as respecto aos cambios propostos.

Defínense as seguintes clases de mobilidade funcional: mobilidade funcional vertical (e dentro dela a vertical ascendente e a descendente), mobilidade funcional horizontal e mobilidade funcional ordinaria.

A mobilidade funcional vertical é aquela que ten lugar cando os cambios de funcións e tarefas traspasan os límites do grupo profesional de pertenza do traballador/a, pero non así a división funcional á que está adscrito.

Dentro desta clase de mobilidade hai dúas variantes:

Mobilidade vertical ascendente, que se produce cando as novas tarefas e funcións encomendadas ao traballador/a corresponden a un grupo profesional de nivel superior sen alterar a división funcional de pertenza.

Mobilidade vertical descendente, que se produce cando as novas tarefas e funcións encomendadas corresponden a un grupo profesional de nivel inferior sen alterar a división funcional de pertenza.

A mobilidade funcional horizontal é aquela que implica o cambio de división funcional de adscrición previa do traballador/a.

Sinálase respecto dela que por xustificadas razóns organizativas, técnicas ou produtivas, as direccións das empresas poderán destinar aos traballadores/as á realización de funcións ou tarefas dunha división funcional distinta á de pertenza previa, sen variación de grupo profesional.

Tratándose dunha modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo (art. 41 do E.T.), sempre que as direccións das empresas atopen e xustifiquen necesario facer uso da aplicación deste tipo de mobilidade funcional, será preceptiva a apertura dun período de consultas coa representación legal dos traballadores/as.

Será, así mesmo, neste proceso de negociación e acordo onde se fixará o alcance temporal (indefinido ou limitado) dos cambios previstos e as consecuencias que iso entrañe.

Igualmente, establecerase a reciclaxe ou formación necesaria e os períodos de adaptación ás novas funcións e tarefas

A mobilidade funcional ordinaria. É aquela que ten lugar cando os cambios de funcións de tarefas se producen dentro dos límites de encadramento profesional do traballador/a, isto é, a súa pertenza a un grupo profesional e unha división funcional determinada.

Sinálase respecto dela que aínda cando, dun modo xeral, os casos de mobilidade funcional ordinaria non fosen necesaria e preceptivamente acordados coa representación legal dos traballadores/as (salvo no caso que leve consigo algunha modificación substancial das condicións de traballo), si se fai necesario que a devandita representación estea sempre puntualmente informada dos cambios, podendo intervir naqueles casos que considere necesario facelo.

Unha excepción a isto constitúeo a posibilidade de aplicar a mobilidade funcional ordinaria naqueles casos en que os cambios propostos superen o precepto ao que indirectamente se refire o E.T., cando define o concepto de categoría profesional equivalente. Isto é, cando os cambios de funcións e tarefas que leven consigo a aplicación da mobilidade funcional ordinaria exceda do concepto de equivalencia (cando a aptitude profesional necesaria para o desempeño das funcións propias dun posto permita desenvolver as funcións básicas do segundo, previa realización, se iso é necesario, de procesos simples de formación ou adaptación). En tal suposto, a aplicación da mobilidade funcional ordinaria estará suxeita a consultas coa representación legal dos traballadores/as.

Respecto das cláusulas sobre traballos de **categoría superior** as modificacións máis frecuentes que introducen respecto do sinalado na lexislación vixente refírense a fixar períodos menores para reclamar o ascenso ou a cobertura da vacante.

Tamén se limita nalgúns casos a duración, exceptuándose nalgúns convenios os casos de substitución por enfermidade, accidente de traballo, licenzas, excedencias e outras causas análogas, en cuxo caso se prolongará mentres subsistan as circunstancias que a motivaran sen que outorguen dereito á consolidación do posto; pero si á percepción da diferenza económica durante a substitución se esta existise.

Transcorrido o tempo sinalado como duración máxima no convenio indícase nuns casos que se consolida a categoría superior. Noutros casos nos que existen procedementos regulados para a provisión de vacantes, debe procederse segundo o sinalado neles.

Sinálase nalgún caso que terán preferencia para a súa adscrición os traballadores/as de maior categoría e, subsidiariamente e por esta orde, antigüidade na empresa e na categoría.

Polo que se refire ás cláusulas sobre traballos de **categoría inferior** algúns convenios limitan a súa duración e a reiteración, indicando a duración máxima e sinalando que transcorrido o tempo citado, o traballador/a non poderá volver ocupar un posto de categoría inferior ata que transcorra un certo período de tempo.

Indícase nalgún caso que a designación será rotativa, comezando polos traballadores/s de menor categoría e de menor antigüidade.

Sinálase que sempre que as direccións das empresas encontren imprescindible facer uso da aplicación deste tipo de mobilidade funcional será necesaria a comunicación á representación legal dos traballadores/as.

En todo caso, sempre se valorarán os tempos de permanencia nos postos correspondentes a grupos profesionais de nivel inferior para o caso de futuras necesidades deste tipo, establecendo unha repartición equitativa entre os distintos traballadores/as cando xurda o requirimento deste tipo de mobilidade.

Sinala un convenio que a dirección poderá ordenar cambios de posto dunha sección a outra, ou dentro de cada sección, se as necesidades de organización o requiren, e o traballador/a que reciba unha orde de cambio de posto, sempre que esta non represente vexación para este, vén obrigado a cumprila inmediatamente, considerándose a negativa como falta de disciplina, engadindo que sen prexuízo desta obriga, o interesado/a poderá exercer as reclamacións correspondentes e sinalando a continuación unha serie de traballos cuxa realización se consideran vexatoria.

Respecto da retribución para os casos de mobilidade recóllese maioritariamente o sinalado ao respecto no ET.

Os convenios que varían algo do sinalado ao respecto indican para o caso de postos de cualificación inferior que se conservará a retribución anterior, pero a prima correspondente ao novo posto e que se o traslado de posto obedece a solicitude do propio interesado/a, percibirá a remuneración correspondente ao novo posto, aínda que sexa inferior ao anterior.

- Outras cláusulas refírense á posibilidade de facer permutas entre os traballadores/as e aos requisitos que deben cumprir.

B) MOBILIDADE XEOGRÁFICA

Son 39 (26,5% dos asinados) os convenios que teñen cláusulas sobre mobilidade xeográfica e afectan a 38.192 traballadores/as (51,1%).

Deles 10 son de sector (33,3% dos de sector) e afectan a 32.977 traballadores/as (52,6%) e 29 son de empresa (24,8% dos de empresa) e afectan a 5.215 traballadores/as (43%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,14%	2	50,00%	6	**54,55%**
	Nº TRABALLAD.	2.278	93,55%	1.787	25,72%	4.065	**43,33%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	3	10,00%	4	66,67%	7	**19,44%**
	Nº TRABALLAD.	256	11,60%	10.590	94,13%	10.846	**80,60%**
LUGO	Nº CONVENIOS	2	12,50%	1	33,33%	3	**15,79%**
	Nº TRABALLAD.	158	16,99%	750	32,75%	908	**28,20%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	2	20,00%	1	12,50%	3	**16,67%**
	Nº TRABALLAD.	432	36,61%	4.700	26,36%	5.132	**27,00%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	18	33,33%	2	22,22%	20	**31,75%**
	Nº TRABALLAD.	2.091	38,90%	15.150	62,24%	17.241	**58,02%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**29**	**24,79%**	**10**	**33,33%**	**39**	**26,53%**
	Nº TRABALLAD.	**5.215**	**43,00%**	**32.977**	**52,63%**	**38.192**	**51,07%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Ademais das cláusulas que remiten ou recollen o sinalado na lexislación vixente, pódense destacar as seguintes:

Inclúen algúns convenios a definición do que se considera traslado para estes efectos, asociándoo a que supoña para o traballador/a cambio de domicilio e sinalando nalgúns casos o número de quilómetros entre o novo centro de traballo e o anterior ou o domicilio do traballador/a e/ou a duración. Noutros convenios indícase o que non se considera desprazamento para estes efectos.

Recollen algúns convenios os mecanismos que se deben seguir para facer os traslados, sinalando entre eles, ademais da negociación preceptiva coa representación dos traballadores/as e os prazos, a intervención do AGA en caso de desacordo da comisión paritaria.

Regúlanse tamén as indemnizacións e compensacións económicas a que ten dereito o traballador/a.

Indícanse nalgúns convenios as preferencias para non ser desprazados/as sinalando as seguintes:

Representantes legais dos traballadores/as.

Diminuídos físicos e psíquicos.

Mulleres embarazadas, persoas que gocen do permiso de lactación ou dalgunha redución de xornada por atención a menores ou a familiares.

Os que teñan cargas familiares.

Sinalar por último que hai convenios que recollen o sinalado respecto das traballadoras vítimas de violencia de xénero no artigo 40.3bis do Estatuto dos traballadores/as.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas deste tipo.

Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de mobilidade xeográfica.
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	2	50,0	3	33,3	0	0,0	1	7,7	1	8,3	**7**	**14,0**
2006	1	50,0	3	30,0	0	0,0	3	23,1	2	16,7	**9**	**21,4**
2007	4	100,0	2	20,0	2	40,0	1	11,1	1	7,7	**10**	**24,4**
2008	5	100,0	2	25,0	0	0,0	1	8,3	1	11,1	**9**	**20,9**
2009	1	25,0	2	50,0	0	0,0	2	20,0	2	22,2	**7**	**23,3**
2010	**2**	**50,0**	**4**	**66,7**	**1**	**33,3**	**1**	**12,5**	**2**	**22,2**	**10**	**33,3**
Empresa												
2005	5	71,4	11	21,6	5	21,7	3	12,0	12	19,4	**36**	**21,4**
2006	5	31,3	7	15,2	1	7,1	1	6,7	18	30,0	**32**	**21,2**
2007	5	62,5	7	15,9	5	20,8	3	21,4	15	23,4	**35**	**22,7**
2008	6	85,7	3	10,3	6	26,1	2	14,3	20	34,5	**37**	**28,2**
2009	2	22,2	10	26,3	4	50,0	3	30,0	22	33,3	**41**	**31,3**
2010	**4**	**57,1**	**3**	**10,0**	**2**	**12,5**	**2**	**20,0**	**18**	**33,3**	**29**	**24,8**
Total 2010	**6**	**54,6**	**7**	**19,4**	**3**	**15,8**	**3**	**16,7**	**20**	**31,8**	**39**	**26,5**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

C) PROMOCIÓN E ASCENSOS

Teñen cláusulas sobre este tema 80 convenios dos asinados este ano (54,4%) que afectan a 55.203 traballadores/as (73,8%).

Deles 14 son de sector (46,7% dos de sector) e afectan a 46.870 traballadores/as (74,8%), e 66 son de empresa (56,4% dos de empresa) e afectan a 8.333 traballadores/as (68,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	6	85,71%	2	50,00%	8	**72,73%**
	Nº TRABALLAD.	2.413	99,10%	1.787	25,72%	4.200	**44,77%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	18	60,00%	3	50,00%	21	**58,33%**
	Nº TRABALLAD.	1.297	58,77%	8.983	79,85%	10.280	**76,39%**
LUGO	Nº CONVENIOS	11	68,75%	2	66,67%	13	**68,42%**
	Nº TRABALLAD.	659	70,86%	1.090	47,60%	1.749	**54,32%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	6	60,00%	3	37,50%	9	**50,00%**
	Nº TRABALLAD.	1.005	85,17%	14.735	82,64%	15.740	**82,80%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	25	46,30%	4	44,44%	29	**46,03%**
	Nº TRABALLAD.	2.959	55,05%	20.275	83,30%	23.234	**78,19%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**66**	**56,41%**	**14**	**46,67%**	**80**	**54,42%**
	Nº TRABALLAD.	**8.333**	**68,71%**	**46.870**	**74,80%**	**55.203**	**73,82%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



As cláusulas refírense maioritariamente ao seguinte:

- Probas e/ou concursos de méritos para o ascenso.

Recollen cláusulas deste tipo 42 convenios dos asinados este ano (28,6%) que afectan a 26.377 traballadores/as (35,3%). Deles 5 son de sector (16,7% dos de sector asinados) e afectan a 21.860 traballadores/as (34,9%) e 37 son de empresa (31,6% dos de empresa asinados) e afectan a 4.517 traballadores/as (37,2%).

As cláusulas refírense sobre todo aos requisitos que deben posuír os/as aspirantes e á participación da representación dos traballadores/as no proceso.

Respecto das probas indícase xeralmente que deben ser adecuadas ao posto de traballo que se vai desempeñar.

Na valoración dos méritos indícase que debe ou pode terse en conta, entre outras, as seguintes circunstancias: Formación, titulación adecuada, coñecemento do posto de traballo, historial profesional, a permanencia no grupo ou categoría profesional, ter desempeñado función de superior categoría ou grupo profesional e a antigüidade.

O primeiro criterio elixido para resolver o ascenso cando se dan idénticas condicións de idoneidade é o da antigüidade.

- Libre designación para os postos de mando ou especial confianza.

Son 34 convenios (23,1% dos asinados) que afectan a 23.428 traballadores/as (31,3%) os que recollen cláusulas deste tipo. Deles 5 son de sector (16,7% dos de sector) e afectan a 18.850 traballadores/as (30,1%) e 29 son de empresa (24,8% dos de empresa) e afectan a 4.578 traballadores/as (37,8%).

- Ascensos automáticos polo paso dun período concreto de tempo.

Regulan este tipo de ascensos 28 convenios (19% dos asinados este ano) que afectan a 27.298 traballadores/as (36,5%). Deles 8 son de sector (26,7% dos de sector) e afectan a 24.585 traballadores/as (39,2%) e 20 son de empresa (17,1% dos de empresa) e afectan a 2.713 traballadores/as (22,4%).

- Establécese nalgúns casos un período de proba que no caso de non superarse ou desistir o traballador/a supón o retorno ao antigo posto.

- Outras cláusulas refírense á necesidade dunha publicidade suficiente das condicións requiridas para os postos que se vaian a cubrir e das características deles.

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas deste tipo.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre promoción e ascensos
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	4	100,0	5	55,6	2	16,7	7	53,8	4	33,3	**22**	**44,0**
2006	2	100,0	4	40,0	0	0,0	5	38,5	3	25,0	**14**	**33,3**
2007	4	100,0	4	40,0	1	20,0	7	77,8	8	61,5	**24**	**58,5**
2008	5	100,0	4	50,0	2	22,2	5	41,7	3	33,3	**19**	**44,2**
2009	1	25,0	3	75,0	0	0,0	5	50,0	5	55,6	**14**	**46,7**
2010	**2**	**50,0**	**3**	**50,0**	**2**	**66,7**	**3**	**37,5**	**4**	**44,4**	**14**	**46,7**
Empresa												
2005	5	71,4	32	62,7	13	56,5	18	72,0	26	41,9	**94**	**56,0**
2006	11	68,8	31	67,4	3	21,4	8	53,3	33	55,0	**86**	**57,0**
2007	7	87,5	23	52,3	11	45,8	8	57,1	31	48,4	**80**	**51,9**
2008	6	85,7	19	65,5	14	60,9	10	71,4	37	63,8	**86**	**65,6**
2009	9	100,0	26	68,4	4	50,0	8	80,0	37	56,1	**84**	**64,1**
2010	**6**	**85,7**	**18**	**60,0**	**11**	**68,8**	**6**	**60,0**	**25**	**46,3**	**66**	**56,4**
Total 2010	**8**	**72,7**	**21**	**58,3**	**13**	**68,4**	**9**	**50,0**	**29**	**46,0**	**80**	**54,4**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

D) CLASIFICACIÓN PROFESIONAL

Recollen cláusulas ao respecto 103 convenios dos asinados este ano (70,1%) que afectan a 54.863 traballadores/as (73,4%).

Deles 20 son de sector (66,7% dos de sector) e afectan a 44.994 traballadores/as (71,8%) e 83 son de empresa (70,9% dos de empresa) e afectan a 9.869 traballadores/as (81,4%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	21	70,00%	5	83,33%	26	**72,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.294	58,63%	9.643	85,72%	10.937	**81,27%**
LUGO	Nº CONVENIOS	9	56,25%	3	100,00%	12	**63,16%**
	Nº TRABALLAD.	519	55,81%	2.290	100,00%	2.809	**87,24%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	7	70,00%	3	37,50%	10	**55,56%**
	Nº TRABALLAD.	743	62,97%	5.378	30,16%	6.121	**32,20%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	39	72,22%	5	55,56%	44	**69,84%**
	Nº TRABALLAD.	4.878	90,75%	20.736	85,19%	25.614	**86,20%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**83**	**70,94%**	**20**	**66,67%**	**103**	**70,07%**
	Nº TRABALLAD.	**9.869**	**81,38%**	**44.994**	**71,81%**	**54.863**	**73,36%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas sobre clasificación profesional.

Evolución dos convenios colectivos con cláusulas de clasificación profesional.
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	4	100,0	3	33,3	6	50,0	6	46,2	5	41,7	**24**	**48,0**
2006	2	100,0	5	50,0	3	60,0	6	46,2	5	41,7	**21**	**50,0**
2007	4	100,0	6	60,0	3	60,0	5	55,6	6	46,2	**24**	**58,5**
2008	5	100,0	6	75,0	3	33,3	5	41,7	7	77,8	**26**	**60,5**
2009	4	100,0	3	75,0	0	0,0	6	60,0	3	33,3	**16**	**53,3**
2010	**4**	**100,0**	**5**	**83,3**	**3**	**100,0**	**3**	**37,5**	**5**	**55,6**	**20**	**66,7**
Empresa												
2005	6	85,7	33	64,7	9	39,1	20	80,0	39	62,9	**107**	**63,7**
2006	12	75,0	31	67,4	8	57,1	7	46,7	37	61,7	**95**	**62,9**
2007	8	100,0	28	63,6	12	50,0	11	78,6	41	64,1	**100**	**64,9**
2008	7	100,0	21	72,4	17	73,9	10	71,4	45	77,6	**100**	**76,3**
2009	8	88,9	27	71,1	6	75,0	10	100,0	42	63,6	**93**	**71,0**
2010	**7**	**100,0**	**21**	**70,0**	**9**	**56,3**	**7**	**70,0**	**39**	**72,2**	**83**	**70,9**
Total 2010	**11**	**100,0**	**26**	**72,2**	**12**	**63,2**	**10**	**55,6**	**44**	**69,8**	**103**	**70,1**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto das cláusulas pódese sinalar o seguinte:

Indícase en moitos destes convenios que a clasificación do persoal é meramente enunciativa e que non supón a obriga de ter cubertas todas as prazas enumeradas se as necesidades e a estrutura da empresa non o require.

- Clasificación por medio de grupos profesionais

En 60 convenios (40,8% dos asinados) a clasificación faise en **grupos profesionais**. Estes convenios afectan a 47.999 traballadores/as (64,2%).

Deles 15 son de sector (50% dos de sector) e afectan a 42.488 traballadores/as (67,8%) e 45 son de empresa (38,5% dos de empresa) e afectan a 5.511 traballadores/as (45,4%).

Respecto dos 87 convenios que establecen un sistema de clasificación, este tipo de clasificación en grupos supón o 69%.

Defínense ás veces os grupos directamente polos contidos funcionais e outras veces faise indicando e definindo as categorías ou niveis que conteñen.

Noutros casos enuméranse os grupos e indícanse as categorías que conteñen pero sen definilos.

Hai convenios nos que se establece, ou indícase a posibilidade de facelo, dentro dos grupos desta forma definidos subgrupos, áreas, divisións e/ou escalas funcionais diferentes.

Establécese nalgúns convenios a clasificación profesional fundamentalmente atendendo aos criterios que o artigo 22 do Estatuto dos traballadores/as fixa para a existencia do grupo profesional, é dicir, aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación, podendo incluír en cada grupo tanto as diversas categorías profesionais como distintas funcións ou especialidades profesionais.

Sinálase así mesmo, que se deberá ter presente ao cualificar os postos de traballo, a dimensión da empresa ou da unidade produtiva na que se desenvolve a función, xa que pode influír na valoración de todos ou algún dos factores.

Entre os factores mediante cuxa ponderación se procede ao encadramento dos traballadores/as dentro da estrutura profesional e, por conseguinte, a asignación a cada un deles/as dun determinado grupo profesional sinálanse os seguintes:

Coñecementos e experiencia.- Para valorar este factor deberase ter en conta, ademais da formación básica necesaria para poder cumprir correctamente o labor, o grao de coñecemento e experiencia adquiridos, así como a dificultade na adquisición dos devanditos coñecementos ou experiencias.

Iniciativa.- Factor para cuxa valoración deberá terse en conta o maior ou menor grao de dependencia a directrices ou normas para a execución da función.

Autonomía.- Factor para cuxa valoración deberá terse en conta a maior ou menor dependencia xerárquica no desempeño da función que se desenvolve.

Responsabilidade.- Factor para cuxa valoración deberá terse en conta tanto o grao de autonomía de acción do titular da función, como o grao de influencia sobre os resultados e importancia das consecuencias da xestión.

Mando.- Para valorar este factor haberá que ter en conta o grao de supervisión e ordenación de tarefas, a capacidade de interrelación, a natureza do colectivo e o número de persoas sobre as que se exerce o mando.

Complexidade.- A valoración deste factor estará en función do maior ou menor número, así como do maior ou menor grao de integración do resto dos factores na tarefa ou posto encomendado.

- Clasificación por medio de categorías profesionais

Son 32 (21,8% dos asinados) os convenios nos que a clasificación se fai en categorías profesionais sen facer referencia a grupos, e afectan a 5.652 traballadores/as (7,6%).

Deles 4 son de sector (13,3% dos de sector) e afectan a 2.166 traballadores/as (3,5%) e 28 son de empresa (23,9% dos de empresa) e afectan a 3.486 traballadores/as (28,7%).

Respecto das cláusulas que recollen, sinalar que nalgúns casos non definen as categorías senón que só as enumeran ou remiten ao indicado noutros convenios ou ordenanzas.

Indican algunhas destas cláusulas que a determinación das distintas categorías profesionais consignadas no convenio colectivo son meramente enunciativas e non supoñen a obriga de ter cubertas e provistas as categorías enumeradas, se as necesidades e a estrutura da empresa non o require, sinalando a posibilidade de que a dirección da empresa, de acordo coa representación legal dos traballadores/as poida crear outras novas, suprimir algunha das existentes ou modificar a súa denominación.

- Cláusulas de non discriminación

Sinálase nalgunhas destas cláusulas que a clasificación profesional que se establece no convenio ten como principio fundamental a non discriminación por razón de sexo.

Outras indican que a nova clasificación profesional que se establece pretende alcanzar unha estrutura profesional directamente correspondida coas necesidades da empresa, facilitando unha mellor interpretación de todo o colectivo no desenvolvemento das súas actividades, sen diminución da dignidade, oportunidade de promoción e xusta retribución, sen que supoña discriminación ningunha por razóns de idade, sexo ou calquera outra índole.

Indícase tamén que os criterios de definición das categorías e grupos deben ser comúns para os traballadores dun e outro sexo.

Un convenio de sector recolle o compromiso das partes asinantes de crear unha comisión cuxo traballo se desenvolverá ao longo da vixencia do convenio, que revisará a definición e funcións das categorías existentes, co obxectivo de evitar posibles discriminacións, así como para adoptar medidas para un maior acceso de mulleres a todas as profesións e categorías que eliminen o exceso de segregación ocupacional.

- Outras cláusulas

Remítese nalgúns convenios á comisión paritaria ou a comisións específicas para o seguimento e/ou futuros acordos nesta materia así como para proceder á adaptación dos novos sistemas de clasificación acordados en convenios de ámbito superior.

Nalgúns casos non aparece recollida a clasificación no propio convenio, senón que se remite ao establecido en convenios de ámbito superior e/ou ordenanzas, completando nalgún caso a que figura neles con outras definicións.

11. SAÚDE LABORAL

Recollen algún tipo de cláusulas sobre saúde laboral 145 convenios (98,6% dos asinados) que afectan a 74.698 traballadores/as (99,9%). Deles 30 son de sector (100% dos convenios de sector asinados este ano) e afectan a 62.658 traballadores/as (100%) e 115 son de empresa (98,3% dos de empresa) e afectan a 12.040 traballadores/as (99,3%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,0%	4	100,0%	11	**100,0%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,0%	6.947	100,0%	9.382	**100,0%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	30	100,0%	6	100,0%	36	**100,0%**
	Nº TRABALLAD.	2.207	100,0%	11.250	100,0%	13.457	**100,0%**
LUGO	Nº CONVENIOS	15	93,8%	3	100,0%	18	**94,7%**
	Nº TRABALLAD.	904	97,2%	2.290	100,0%	3.194	**99,2%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	9	90,0%	8	100,0%	17	**94,4%**
	Nº TRABALLAD.	1.119	94,8%	17.830	100,0%	18.949	**99,7%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	54	100,0%	9	100,0%	63	**100,0%**
	Nº TRABALLAD.	5.375	100,0%	24.341	100,0%	29.716	**100,0%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**115**	**98,3%**	**30**	**100,0%**	**145**	**98,6%**
	Nº TRABALLAD.	**12.040**	**99,3%**	**62.658**	**100,0%**	**74.698**	**99,9%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas sobre saúde laboral.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre saúde laboral
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	4	100,0	8	88,9	11	91,7	12	92,3	12	100,0	**47**	**94,0**
2006	2	100,0	10	100,0	5	100,0	11	84,6	12	100,0	**40**	**95,2**
2007	4	100,0	9	90,0	5	100,0	8	88,9	13	100,0	**39**	**95,1**
2008	5	100,0	8	100,0	9	100,0	12	100,0	9	100,0	**43**	**100,0**
2009	4	100,0	4	100,0	3	100,0	8	80,0	9	100,0	**28**	**93,3**
2010	**4**	**100,0**	**6**	**100,0**	**3**	**100,0**	**8**	**100,0**	**9**	**100,0**	**30**	**100,0**
Empresa												
2005	5	71,4	45	88,2	23	100,0	24	96,0	59	95,2	**156**	**92,9**
2006	15	93,8	39	84,8	14	100,0	14	93,3	59	98,3	**141**	**93,4**
2007	8	100,0	39	88,6	24	100,0	12	85,7	61	95,3	**144**	**93,5**
2008	7	100,0	28	96,6	23	100,0	12	85,7	58	100,0	**128**	**97,7**
2009	9	100,0	33	86,8	8	100,0	10	100,0	66	100,0	**126**	**96,2**
2010	**7**	**100,0**	**30**	**100,0**	**15**	**93,8**	**9**	**90,0**	**54**	**100,0**	**115**	**98,3**
Total 2010	**11**	**100,0**	**36**	**100,0**	**18**	**94,7**	**17**	**94,4**	**63**	**100,0**	**145**	**98,6**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Moitas das cláusulas que figuran nestes convenios recollen compromisos de aplicación e cumprimento do indicado na Lei de prevención de riscos laborais e nos regulamentos que a desenvolven, e noutros casos remiten ou reproducen, total ou parcialmente o recollido na lei.

Os temas nos que máis se incide nestas cláusulas pódense resumir nos seguintes:

- Roupa de traballo

Existen cláusulas ao respecto en 127 convenios, o 86,4% dos asinados este ano, que afectan a 65.921 traballadores/as (88,1%). Deles 24 son de sector (80% dos de sector) e afectan a 55.675 traballadores/as (88,9%) e 103 son de empresa (88% dos de empresa) e afectan a 10.246 traballadores/as (84,5%).

Nestas cláusulas indícase normalmente o tipo de peza, o número delas que se entrega e a periodicidade coa que se ten que facer, así como a reposición por deterioro.

Tamén se indica a súa obrigatoriedade de uso durante a xornada laboral e/ou prohibición de facelo fóra dela, sinalando nalgúns casos a quen lle corresponde a limpeza destas pezas.

Outras cláusulas só indican que a empresa entregará roupa de traballo adecuada ás necesidades e funcións desenvolvidas.

En 92 destes convenios (62,6% dos asinados este ano) faise referencia aos ***equipos ou pezas de protección individual.***

Afectan estes convenios a 53.085 traballadores/as (71%) e deles 14 son de sector (46,7% dos de sector asinados este ano) e afectan a 43.904 traballadores/as (70,1%) e 78 son de empresa (66,7% dos convenios de empresa asinados este ano) e afectan a 9.181 traballadores/as (75,7%).

Sinálase nestas cláusulas nuns casos o tipo e características das pezas que se deben subministrar así como a periodicidade de entrega e reposición por deterioro. Noutros casos faise referencia á obrigación por parte da empresa de facer entrega deste tipo de pezas sen especificalas ou remitindo ao sinalado ao respecto na lexislación vixente.

Indícase tamén a participación da representación dos traballadores/as, do comité de seguridade e saúde laboral ou delegados/as de prevención no control e/ou elección da roupa e elementos de protección para que reúnan as condicións adecuadas e estean debidamente homologadas.

- Revisións médicas.

Teñen cláusulas ao respecto 96 convenios (65,3% dos asinados este ano) que afectan a 64.504 traballadores/as (86,3%). Deles 23 son de sector (76,7% dos convenios de sector asinados este ano) e afectan a 57.196 traballadores/as (91,3%) e 73 son de empresa (62,4% dos de empresa asinados este ano) e afectan a 7.308 traballadores/as (60,3%).

Moitas destas cláusulas refírense á periodicidade mínima coa que deben realizarse e á posibilidade de facer revisións específicas máis frecuentes polo risco do posto de traballo, indicando nalgúns convenios cal debe ser o contido mínimo deste recoñecemento.

Establecen tamén algúns convenios se deben realizarse dentro ou fóra da xornada laboral e a compensación se se realizan fóra da xornada.

Tamén se sinala nalgúns casos a compensación para o caso de ter que desprazarse para facer o recoñecemento establecendo algúns a obriga da empresa de facilitar tamén os medios de transporte para este desprazamento.

Faise referencia nalgúns convenios a medidas preventivas específicas como por exemplo campañas de vacinación.

Outras cláusulas refírense ao respecto ao dereito á intimidade e á dignidade da persoa e ao carácter confidencial dos resultados, así como á entrega de copia deles aos traballadores/as afectados/as.

✓ Sinalar por último respecto destes dous tipos de cláusulas que en 21 dos 145 convenios que teñen cláusulas sobre saúde laboral, estas refírense exclusivamente á roupa de traballo e/ou ás revisións médicas (4.590 traballadores/as afectados/as). Deles 7 son de sector e afectan a 3.684 traballadores/as e 14 son de empresa e afectan a 906 traballadores/as.

- Protección á maternidade.

Teñen cláusulas ao respecto 49 convenios (33,3% dos asinados este ano) que afectan a 29.469 traballadores/as (39,4%).

Deles 12 son de sector (40% dos convenios de sector asinados este ano) e afectan a 24.847 traballadores/as (39,7%) e 37 son de empresa (31,6% dos de empresa asinados este ano) e afectan a 4.622 traballadores/as (38,1%).

As cláusulas fan referencia, entre outras, as seguintes medidas:

A posibilidade de cambio de posto se existe risco para a traballadora ou para o seu fillo (indícase en 42 convenios dos que 11 son de sector e 31 de empresa).

A posibilidade de cambio de quenda (indícase en 24 convenios dos que 5 son de sector e 19 de empresa).

A prohibición do traballo nocturno (indícase en 14 convenios dos que 2 son de sector e 12 de empresa).

A prohibición de traballo penoso ou perigoso (indícase en 34 convenios dos que 10 son de sector e 24 de empresa).

Nalgúns convenios recóllese total ou parcialmente o sinalado no artigo 26 da Lei de prevención de riscos laborais sobre protección á maternidade, e noutros remítese ao indicado na lexislación vixente.

- Plan de prevención

Fan referencia a plans de prevención en materia de saúde e seguridade 17 convenios, o 11,6% dos asinados este ano, que afectan a 14.375 traballadores/as (19,2%).

Destes convenios 5 son de sector (16,7% dos de sector asinados este ano) e afectan a 13.037 traballadores/as (20,8%) e 12 son de empresa (10,3% dos de empresa) e afectan a 1.338 traballadores/as (11%).

As cláusulas refírense nuns casos a plans xa en vigor na empresa e noutros casos á obriga por parte da empresa de dotarse dun (anual ou plurianual), así como dos servizos necesarios para a súa realización, de acordo cos criterios recoñecidos internacionalmente.

Sinálase que a prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades coma en todos os niveis xerárquicos desta, a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais.

Este plan de prevención de riscos laborais deberá incluír a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos na empresa, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Indícase a necesidade de desenvolver as accións e medidas en materia de seguridade e saúde laboral, que sexan necesarias para lograr unhas condicións de traballo, onde a saúde do traballador/a non se vexa afectada por estas. As formulacións destas accións e medidas deberán estar encamiñadas a lograr unha mellora da calidade de vida e ambiental de traballo, desenvolvendo obxectivos de promoción e defensa da saúde, mellora das condicións de traballo, potenciación das técnicas preventivas como medio para a eliminación dos riscos na súa orixe e a participación sindical dos centros de traballo.

Sinala un convenio de sector a obriga de todo centro de traballo de dotarse dun plan de prevención con vixencia anual ou plurianual, así como dos servizos técnicos necesarios en función das características dos riscos laborais presentes no centro para a realización deste, engadindo que as representacións legais dos traballadores/as e das organizacións asinantes participarán na súa elaboración, seguimento e avaliación.

Indica ademais que o devandito plan supón:

- A elaboración de mapas de risco.
- A determinación dos riscos existentes, a súa gravidade e extensión.
- A fixación de obxectivos preventivos.
- A determinación de recursos humanos e económicos para levalo a cabo.
- Os prazos ou fases do seu desenvolvemento.
- A forma de intervención sindical na súa elaboración, control e avaliación.
- Un plan complementario de formación dos traballadores/as e os seus representantes.
- No caso de centros de traballo moi pequenos, o devandito plan poderá establecerse para varios centros pertencentes a empresas ou sectores de actividades similares, nese caso participarán as centrais sindicais asinantes.

- Comité de seguridade e saúde laboral

Fan referencia ao Comité de seguridade e saúde 55 convenios (37,4% dos asinados) que afectan a 21.237 traballadores/as (28,4%).

Deles 5 son de sector (16,7% dos convenios de sector asinados este ano) e afectan a 12.944 traballadores/as (20,7%) e 50 son de empresa (42,7% dos de empresa) e afectan a 8.293 traballadores/as (68,4%).

As cláusulas refírense á súa composición, periodicidade das reunións, o crédito horario e as súas competencias e facultades.

No que respecta ás competencias e facultades, ademais das cláusulas nas que remiten ou recollen total ou parcialmente o sinalado na lexislación vixente (artigo 39 da LPRL), indícanse entre outras as seguintes:

Promover o coñecemento e a observancia das disposicións vixentes en materia de seguridade e saúde.

Organizar campañas de formación e sensibilización do persoal en materia de seguridade e hixiene.

Instar a paralización das actividades ante o inminente risco de accidente.

Estudar e propor as medidas oportunas para prever riscos laborais, integridade física e psíquica, saúde, condicións de salubridade e benestar do persoal.

Ser informados pola dirección da empresa das medidas concretas que se previran para o centro de traballo en materia de seguridade e saúde, tendo a facultade de propoñer as adecuacións, modificacións e adicións pertinentes ao plan de seguridade.

Investigar e recibir información respecto das enfermidades e accidentes e as súas causas.

Seguimento e control da subministración de equipos de protección, roupa, material de traballo e ferramenta precisa e do seu mantemento, calidade e correcto estado de conservación e reposición no caso de deterioración.

Determinación dos postos máis aptos para cubrir polos traballadores/as que padezan unha capacidade laboral diminuída.

Recibir información respecto dos produtos utilizados e dos riscos que poida ocasionar a súa manipulación, así como das consignas de identificación, manipulación e primeiros auxilios en caso de accidente.

Ser consultado previamente á introdución de novas tecnoloxías, cambio de máquinas e outros equipos de traballo e as consecuencias que puidesen ter para a seguridade e saúde dos traballadores/as.

Recolle un convenio de empresa o regulamento interno do Comité de seguridade e saúde no que desenvolve os seguintes aspectos:

- Obxecto, organización e competencias do Comité.
- Convocatoria e desenvolvemento das reunións e redacción das actas de reunión.
- Difusión das convocatorias e acordos.
- Información a presentar polos/as responsables técnicos de prevención da empresa.
- Participantes nas reunións.
- Garantías dos delegados/as de prevención.

Noutro convenio tamén de empresa recóllese a organización do Comité de saúde laboral desenvolvendo os seguintes aspectos:

- Composición do Comité.
- Horas de reunión.
- Dereitos e deberes do Comité.
- Participación do Comité no plan de investimentos da empresa.

Outras cláusulas fan referencia ao dereito á formación en materia de riscos laborais dos membros destes comités.

- Delegados/as de prevención

Existen cláusulas ao respecto en 44 convenios dos asinados este ano (29,9%) que afectan a 23.473 traballadores/as (31,4%).

Deles 3 son de sector (10% dos de sector) e afectan a 17.137 traballadores/as (27,4%) e 41 son de empresa (35% dos de empresa) e afectan a 6.336 traballadores/as (52,2%).

Moitas destas cláusulas remiten ou recollen, total ou parcialmente, o indicado ao respecto na Lei de prevención de riscos laborais (artigos 35, 36 e 37).

Regúlase nestas cláusulas o crédito de horas, a formación e as garantías necesarias para a realización das actividades que lles son propias.

Tamén se acollen nalgúns casos ao sinalado no artigo 35.4º da Lei de prevención de riscos laborais, que indica que nos convenios colectivos poderán establecerse outros sistemas de designación dos delegados/as de prevención, sempre que se garante que a facultade de designación corresponde á representación do persoal ou aos propios traballadores/as.

- Outras cláusulas

- Cláusulas ***xerais*** en materia de saúde laboral.

Recollen estas cláusulas compromisos de cumprir estritamente a normativa en materia de seguridade e hixiene e prevención de riscos laborais.

Indícase que as técnicas preventivas deberán ir encamiñadas á eliminación do risco para a saúde do traballador/a desde a súa propia xeración, tanto no que afecta ás operacións a realizar como nos elementos empregados no proceso.

A formulación destas accións e medidas deberán estar encamiñadas a lograr unha mellora da calidade de vida e ambiente de traballo, a desenvolver obxectivos de promoción e defensa da saúde, mellora das condicións de traballo, potenciación das técnicas preventivas como medio para a eliminación de riscos na súa orixe e a participación sindical nos centros de traballo, e a dotarse dunha planificación preventiva de acordo coa Lei de prevención de riscos laborais.

Sinálase que a integración da prevención en todos os niveis xerárquicos da empresa implica a atribución a todos eles e a asunción por estes da obriga de incluír a prevención de riscos en calquera actividade que realicen ou ordenen e nas decisións que adopten en todos os ámbitos e procesos produtivos.

- Cláusulas sobre ***dereitos e deberes*** en materia de saúde laboral

Sinálase nestas cláusulas que, de conformidade co disposto na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, o traballador/a ten dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.

O citado dereito supón a existencia dun correlativo deber da empresa na protección dos traballadores/as ao seu servizo fronte aos riscos laborais.

No cumprimento do deber de protección, a empresa deberá garantir a seguridade e saúde dos traballadores e traballadoras ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. Igualmente a empresa está obrigada a garantir a información e formación práctica e adecuada nestas materias a todos os traballadores e traballadoras.

En relación coa prestación de traballo, a empresa deberá poñer ao alcance dos traballadores/as todos os medios necesarios para que estes poidan executar o seu traballo nas mellores condicións de hixiene e seguridade.

Pola súa banda, os traballadores/as deberán observar as normas de prevención de riscos laborais e colaborar no seu adecuado cumprimento así como utilizar os medios de protección que a empresa lles facilite.

Recolle un convenio de empresa un procedemento disciplinario relativo ao sistema de prevención de riscos laborais tipificando os incumprimentos constitutivos de infracción, coa súa correspondente gradación, e as correlativas sancións a impoñer, así como o proceso operativo que se pon en marcha para facer efectivo tal procedemento.

O alcance material deste procedemento refírese a todos os supostos de incumprimento de normas internas da factoría que, debido á súa especial transcendencia, se tipifican como infracción e aos que se asigna unha determinada sanción.

En canto ao alcance persoal, comprende a todos os traballadores/as do cadro de persoal propio calquera que sexa a súa posición xerárquica na organización, a natureza do seu contrato e os servizos que presten.

- Cláusulas sobre ***formación*** nesta materia.

Refírense estas cláusulas, que recollen moito do sinalado na Lei de prevención de riscos laborais, tanto á formación dos traballadores/as en xeral como á dos delegados/as de prevención.

Considérase á formación en materia de saúde laboral xunto co adestramento profesional como elementos esenciais para a mellora das condicións de traballo e seguridade, significando a súa importancia como elemento de prevención e comprométense así mesmo a realizala de forma eficiente.

Sinálase que a empresa debe garantir que a totalidade dos seus traballadores/as recibirán unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada en materia preventiva tanto no momento da súa contratación como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñan ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo, e centrarase especificamente no posto de traballo ou función de cada empregado/a, adaptándose á evolución dos riscos e á aparición doutros novos e repetirase periodicamente cando sexa necesario.

Tamén se refiren a que a formación deberá ser facilitada polo empresario/a polos seus propios medios ou mediante concerto con organismos ou entidades especializadas na materia, debendo adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos, repetíndose periodicamente se fose necesario e realizándose preferentemente en horario de traballo.

Respecto da formación para os delegados/as de prevención as cláusulas refírense a que debe atender aos aspectos que resulten necesarios para o mellor desenvolvemento do desempeño das súas funcións e ao deber de facilitarlle as horas necesarias para ela.

Indícase nalgúns convenios o contido básico da formación e nalgún caso tamén a duración mínima, sinalando que, tal e como establece o artigo 19.2º da Lei de prevención de riscos laborais, deberá impartirse sempre que sexa posible dentro da xornada de traballo e, na súa falta, noutras horas pero co desconto naquela do tempo investido.

- Cláusulas sobre a creación de ***Comisións paritarias sectoriais***

Refírense as cláusulas á súa composición, prazo de constitución, á periodicidade das reunións e ás súas funcións, sinalando respecto destas, entre outras, as seguintes:

Promover a observancia das disposicións legais vixentes para a previsión dos riscos profesionais no ámbito do sector.

Prestar asesoramento a empresarios/as e traballadores/as para evitar e/ou reducir os riscos que atenten á integridade física e saúde dos traballadores/as.

Estudar e acordar os mecanismos oportunos de coordinación da información provincial en materia de sinistralidade no sector.

Dar a coñecer as normas e procedementos que en materia de Seguridade e Saúde no traballo diten os organismos competentes nesta materia.

Promover cantas medidas considere tendentes a mellorar a situación do sector nesta materia, tendo como obxectivo fundamental o estender a preocupación pola seguridade a todos os niveis, fomentando campañas de concienciación.

Coñecer os estudos realizados no sector polo Gabinete Técnico Provincial de Seguridade e Hixiene, Mutuas de Accidentes e as propias empresas, con respecto a traballos tóxicos, penosos e perigosos, accidentes e enfermidades profesionais máis comúns no sector.

Solicitar informes sobre os resultados estatísticos dos recoñecementos médicos que se realicen aos traballadores/as do sector.

Promover entre empresarios/as e traballadores/as do sector unha adecuada formación e información en temas de seguridade e hixiene no traballo e, concretamente, a de dar a coñecer a empresas e traballadores/as o funcionamento dos Comités de Saúde Laboral e dos delegados/as de prevención.

Solicitar dos órganos competentes da Xunta de Galicia o recoñecemento oficial como interlocutor social sectorial en materia de seguridade e saúde, tanto no seu aspecto lexislativo como no desenvolvemento de plans e medidas formativas.

Cantas outras funcións acorde a propia comisión atribuírse, orientadas ao desenvolvemento e á mellora da seguridade e hixiene no traballo do sector.

- *Servizos de prevención*

Recollen cláusulas sobre eles 13 convenios (8,8% dos asinados este ano) que afectan a 3.177 traballadores/as (4,2%). Deles 2 son de sector (6,7% dos convenios de sector asinados este ano) e afectan a 1.412 traballadores/as (2,3%) e 11 son de empresa (9,4% dos de empresa) e afectan a 1.765 traballadores/as (14,6%).

A maioría das cláusulas recollen compromisos de cumprir o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

- *Medidas específicas*

Existen cláusulas que indican medidas específicas para casos concretos como o traballo con pantallas, carga e descarga, cámaras frigoríficas, exposición a axentes químicos, manipulación de determinados produtos, etc.

Establécese o procedemento de actuación para a protección fronte á exposición a determinados riscos incluíndo campañas de vacinación.

Indícase a obriga de contar cun plan de emerxencia e evacuación actualizado.

Outras cláusulas recollen indicacións respecto do cumprimento por parte da empresa das normas de seguridade e hixiene no traballo en materia de aseos, vestiarios, duchas, etc. e á existencia de caixas de primeiros auxilios.

Para os traballadores/as que ocupen postos penosos e/ou perigosos indícase o traslado a outros postos cando leven máis dun certo tempo traballando neles.

Faise referencia tamén nalgúns casos á existencia de servizos médicos na empresa.

Defínese nalgúns convenios o que se entende por actividade continuada penosa, tóxica ou perigosa.

Inclúese tamén nun convenio respecto da drogodependencia un plan de propostas, na súa vertente preventiva, asistencial, de reinserción, e non sancionadora e noutro un código de conduta hixiénico–sanitaria detallado.

- *Risco grave e inminente*.

Nalgúns casos as cláusulas só fan referencia á posibilidade de paralización da actividade neste suposto e noutros remiten ou recollen total ou parcialmente o sinalado ao respecto nos artigos 19 do ET e no 21 da Lei de prevención de riscos laborais.

- *Subcontratación e empresas auxiliares*

Indícase que nos casos de subcontratación a empresa principal deberá establecer baixo a súa responsabilidade, nos centros de traballo nos que presten servizos traballadores/as de empresas subcontratistas, os mecanismos de coordinación adecuados para a prevención de riscos, información sobre estes e, en xeral, en todo o que se relacione coas condicións de seguridade e saúde dos traballadores/as, así como hixiénico - sanitarias.

- *Protección a traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos*

Ademais das cláusulas sobre protección da maternidade sinálase, de conformidade co artigo 25 da LPRL, que se garantirá de xeito específico a protección dos traballadores e traballadoras, que polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, sexan especialmente sensibles aos posibles riscos derivados do traballo. Para tal fin, deberanse ter en conta as ditas características persoais nas avaliacións de riscos e, en función destas, adoptaranse as medidas preventivas e de protección necesarias.

Os traballadores e traballadoras non serán empregados naqueles postos de traballo en que por mor das súas características persoais, discapacidade física, psíquica ou sensorial debidamente recoñecidas, puidesen pór en perigo ou causar danos a si mesmo, aos demais traballadores e traballadoras ou a outras persoas relacionadas coa empresa.

Indícase que nas avaliacións de riscos incluirase a protección dos traballadores/as sensibles a determinados riscos e das traballadoras embarazadas ou en período de lactación.

Exclúese para certos traballos ou indícase a súa adscrición voluntaria o persoal maior dunha certa idade.

12. FORMACIÓN PROFESIONAL

Existen cláusulas sobre formación profesional en 95 convenios (64,6% dos asinados) que afectan a 57.965 traballadores/as (77,5%).

Deles 17 son de sector (56,7% dos de sector) e afectan a 48.189 traballadores/as (76,9%) e 78 son de empresa (66,7% dos de empresa) e afectan a 9.776 traballadores/as (80,6%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	6	85,71%	3	75,00%	9	**81,82%**
	Nº TRABALLAD.	2.391	98,19%	3.447	49,62%	5.838	**62,23%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	22	73,33%	4	66,67%	26	**72,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.554	70,41%	10.590	94,13%	12.144	**90,24%**
LUGO	Nº CONVENIOS	10	62,50%	2	66,67%	12	**63,16%**
	Nº TRABALLAD.	630	67,74%	1.540	67,25%	2.170	**67,39%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	6	60,00%	5	62,50%	11	**61,11%**
	Nº TRABALLAD.	987	83,64%	16.526	92,69%	17.513	**92,13%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	34	62,96%	3	33,33%	37	**58,73%**
	Nº TRABALLAD.	4.214	78,40%	16.086	66,09%	20.300	**68,31%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**78**	**66,67%**	**17**	**56,67%**	**95**	**64,63%**
	Nº TRABALLAD.	**9.776**	**80,61%**	**48.189**	**76,91%**	**57.965**	**77,51%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas deste tipo.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre formación profesional
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	4	100,0	3	33,3	11	91,7	7	53,8	3	25,0	**28**	**56,0**
2006	2	100,0	6	60,0	4	80,0	6	46,2	6	50,0	**24**	**57,1**
2007	3	75,0	5	50,0	3	60,0	6	66,7	4	30,8	**21**	**51,2**
2008	5	100,0	5	62,5	7	77,8	6	50,0	5	55,6	**28**	**65,1**
2009	2	50,0	2	50,0	2	66,7	5	50,0	2	22,2	**13**	**43,3**
2010	**3**	**75,0**	**4**	**66,7**	**2**	**66,7**	**5**	**62,5**	**3**	**33,3**	**17**	**56,7**
Empresa												
2005	5	71,4	35	68,6	14	60,9	16	64,0	41	66,1	**111**	**66,1**
2006	11	68,8	32	69,6	4	28,6	9	60,0	38	63,3	**94**	**62,3**
2007	7	87,5	34	77,3	11	45,8	7	50,0	35	54,7	**94**	**61,0**
2008	6	85,7	20	69,0	14	60,9	7	50,0	46	79,3	**93**	**71,0**
2009	9	100,0	24	63,2	5	62,5	10	100,0	40	60,6	**88**	**67,2**
2010	**6**	**85,7**	**22**	**73,3**	**10**	**62,5**	**6**	**60,0**	**34**	**63,0**	**78**	**66,7**
Total 2010	**9**	**81,8**	**26**	**72,2**	**12**	**63,2**	**11**	**61,1**	**37**	**58,7**	**95**	**64,6**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Respecto do tipo de cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

- Cláusulas xerais sobre formación.

Indícanse como principais funcións da formación por unha parte a de adaptación permanente á evolución das profesións e do contido dos postos de traballo e, polo tanto, de mellora das competencias e cualificacións indispensables para incrementar a eficacia e a calidade, e por outra a de promoción que permita aos empregados/as evitar o estancamento na súa cualificación profesional.

Nunha perspectiva máis ampla, debe ser un elemento dinamizador que acompañe ao desenvolvemento industrial a longo prazo, permita a elaboración de produtos de maior calidade que favorezan a competitividade das empresas e faga posible a promoción social integral do traballador/a, promovendo a diversificación e afondamento dos seus coñecementos e habilidades de modo permanente.

Considérase a formación como un dos elementos claves na estratexia de desenvolvemento e consolidación futura, xa que ten como obxectivo o perfeccionamento profesional do conxunto do persoal e a súa adaptación aos continuos cambios tecnolóxicos e organizativos, así como un mecanismo eficaz e indispensable para articular a mobilidade e a promoción.

Sinálase que se potenciará a formación para posibilitar:

Un mellor desenvolvemento profesional do posto de traballo.

A adecuación dos recursos humanos aos cambios organizativos e tecnolóxicos.

O desenvolvemento dun mando e unha toma de decisións máis participativa.

A creación de novas expectativas de ascenso.

Unha maior integración e adaptación dos novos empregados/as á empresa.

O desenvolvemento da persoa.

Elevación do nivel formativo do cadro de persoal co fin de obter unha mellora na competencia profesional dos seus integrantes.

Adecuación aos novos cometidos e produtos e ás necesidades da produción.

Capacitación para a promoción profesional e progresión persoal.

Adquisición dun maior nivel de polivalencia e policompetencia coa posibilidade da debida reciclaxe para ocupar postos de traballo diferentes.

Recollen varios convenios unha cláusula na que se sinala que a empresa colaborará coas organizacións empresariais e sindicais para a realización de cursos de formación para os traballadores/as, segundo o Acordo de Formación Continua, sendo as organizacións empresariais e os sindicatos os órganos autorizados e con competencias para desenvolver o devandito labor.

Fan referencia tamén varios convenios a que aos traballadores/as que participen en cursos de formación continua teránselles en conta estes para efectos de promoción interna e o acceso a categorías superiores.

Existen nalgúns convenios cláusulas nas que se garanta que se respectará o principio de igualdade de oportunidades e a non discriminación no acceso á formación.

- Permisos para asistencia á formación.-

Refírense estas cláusulas á posibilidade de elección de quenda e/ou adaptación da xornada así como aos permisos con reserva do posto de traballo para o persoal que curse estudos ou asista a cursos de formación ou perfeccionamento.

Teñen cláusulas deste tipo 49 convenios (33,3% dos asinados este ano) que afectan a 29.425 traballadores/as (39,3%). Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 23.305 traballadores/as (37,2%) e 43 de empresa (36,8% dos de empresa) e afectan a 6.120 traballadores/as (50,5%).

- Permisos para acudir a exames.-

Fan referencia a estes permisos 61 convenios dos asinados este ano, o 41,5%, que afectan a 18.975 traballadores/as (25,4%). Deles 8 son de sector (26,7% dos de sector asinados) e afectan a 11.914 traballadores/as (19%) e 53 son de empresa (45,3% dos de empresa asinados) e afectan a 7.061 traballadores/as (58,2%).

Moitos destes permisos veñen establecidos nos artigos sobre licenzas e permisos.

- Constitución de comisións paritarias.-

Establécense estas comisións de formación en 6 convenios (4,1% dos asinados) que afectan a 3.901 traballadores/as (5,2%). Deles 2 son de sector e 4 de empresa.

As cláusulas refírense sobre todo á súa composición e ás funcións que se lle atribúen.

- Plan de formación.-

Existen cláusulas ao respecto en 25 convenios (17% dos asinados este ano) que afectan a 12.719 traballadores/as (17%). Deles 3 son de sector (10% dos de sector asinados) e afectan a 7.697 traballadores/as (12,3%) e 22 de empresa (18,8% dos de empresa asinados) e afectan a 5.022 traballadores/as (41,4%).

Refírense as cláusulas sobre todo ao contido mínimo, obxectivos básicos e á financiación.

Respecto do contido mínimo indícase o seguinte:

Obxectivos e descrición das accións que se van desenvolver.

Ámbito de aplicación do plan e unidades ás que afecta.

Colectivo afectado e número de participantes.

Calendario previsto de execución e lugares de impartición.

Custo estimado das distintas actividades formativas.

Criterios de selección que garantirán o principio de igualdade.

Modalidade de xestión das actividades formativas.

Criterios de avaliación.

Responsable da impartición.

- Sinalar por último que outro tipo de cláusulas *remite a acordos estatais e convenios colectivos de ámbito superior ou á lexislación vixente* todo o relacionado coa formación profesional.

13. MELLORAS SOCIAIS

Conteñen cláusulas deste tipo 145 convenios (98,6% dos convenios asinados este ano) que afectan a 74.370 traballadores/as (99,5%).

Deles 29 son de sector (96,7% dos de sector) e afectan a 62.278 traballadores/as (99,4%), e 116 son de empresa (99,2% dos de empresa) e afectan a 12.092 traballadores/as (99,7%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	7	100,00%	4	100,00%	11	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.435	100,00%	6.947	100,00%	9.382	**100,00%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	30	100,00%	6	100,00%	36	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	2.207	100,00%	11.250	100,00%	13.457	**100,00%**
LUGO	Nº CONVENIOS	16	100,00%	3	100,00%	19	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	930	100,00%	2.290	100,00%	3.220	**100,00%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	10	100,00%	8	100,00%	18	**100,00%**
	Nº TRABALLAD.	1.180	100,00%	17.830	100,00%	19.010	**100,00%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	53	98,15%	8	88,89%	61	**96,83%**
	Nº TRABALLAD.	5.340	99,35%	23.961	98,44%	29.301	**98,60%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**116**	**99,15%**	**29**	**96,67%**	**145**	**98,64%**
	Nº TRABALLAD.	**12.092**	**99,71%**	**62.278**	**99,39%**	**74.370**	**99,45%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas deste tipo.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre melloras sociais
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	4	100,0	9	100,0	12	100,0	12	92,3	12	100,0	**49**	**98,0**
2006	2	100,0	10	100,0	5	100,0	13	100,0	11	91,7	**41**	**97,6**
2007	4	100,0	10	100,0	5	100,0	9	100,0	13	100,0	**41**	**100,0**
2008	5	100,0	8	100,0	9	100,0	12	100,0	9	100,0	**43**	**100,0**
2009	4	100,0	4	100,0	3	100,0	10	100,0	9	100,0	**30**	**100,0**
2010	**4**	**100,0**	**6**	**100,0**	**3**	**100,0**	**8**	**100,0**	**8**	**88,9**	**29**	**96,7**
Empresa												
2005	7	100,0	49	96,1	22	95,7	25	100,0	60	96,8	**163**	**97,0**
2006	16	100,0	42	91,3	14	100,0	14	93,3	59	98,3	**145**	**96,0**
2007	8	100,0	42	95,5	24	100,0	13	92,9	61	95,3	**148**	**96,1**
2008	7	100,0	29	100,0	23	100,0	13	92,9	57	98,3	**129**	**98,5**
2009	9	100,0	35	92,1	8	100,0	10	100,0	66	100,0	**128**	**97,7**
2010	**7**	**100,0**	**30**	**100,0**	**16**	**100,0**	**10**	**100,0**	**53**	**98,2**	**116**	**99,2**
Total 2010	**11**	**100,0**	**36**	**100,0**	**19**	**100,0**	**18**	**100,0**	**61**	**96,8**	**145**	**98,6**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

Sinalan estas cláusulas xeralmente o obxecto da axuda e os requisitos para ter dereito a ela.

Entre os tipos de cláusulas que recollen pódense destacar os seguintes:

- Complementos ás prestacións da Seguridade Social nos casos de incapacidade temporal.

Os máis frecuentes son os complementos nos casos de accidente de traballo e enfermidade profesional. Establécenos 140 convenios (95,2% dos asinados este ano) que afectan a 73.484 traballadores/as (98,3%). Deles 28 son de sector (93,3% dos de sector) e afectan a 61.578 traballadores/as (98,3%) e 112 de empresa (95,7% dos de empresa) e afectan a 11.906 traballadores/as (98,2%).

Para o caso de enfermidade común veñen recollidos en 116 convenios (78,9% dos asinados) que afectan a 69.683 traballadores/as (93,2%). Deles 23 son de sector (76,7% dos de sector) e afectan a 59.362 traballadores/as (94,7%) e 93 de empresa (79,5% dos de empresa) e afectan a 10.321 traballadores/as (85,1%).

Indican un complemento no caso de hospitalización 70 convenios (47,6% dos asinados) que afectan a 46.711 traballadores/as (62,5%). Deles 17 son de sector (56,7% dos de sector) e afectan a 39.138 traballadores/as (62,5%) e 53 de empresa (45,3% dos de empresa) e afectan a 7.573 traballadores/as (62,4%).

Na maioría dos casos o complemento é superior no caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional. En 39 convenios (5 de sector e 34 de empresa) que afectan a 22.528 traballadores/as non existe diferenza.

As cláusulas normalmente indican o complemento que hai que aplicar e sobre que se aplica, así como se existe unha limitación nos días que se percibe. Tamén se refiren en moitos casos ao procedemento de control das baixas.

Existe outro tipo de cláusulas nas que se fai depender estes complementos do índice de absentismo na empresa.

- Axudas para estudos dos traballadores/as e dos seus fillos/as.

O tipo de axuda é nuns casos unha cantidade fixa e noutros engádese tamén unha porcentaxe dos gastos de matrícula e libros oficiais do curso.

- Axudas por matrimonio, natalidade e defunción.

A axuda consiste nunha contía económica.

- Axudas a traballadores/as que teñan ao seu cargo familiares con discapacidades.

Consiste maioritariamente nunha contía mensual.

- Gastos médicos e sanitarios.

Inclúense nalgúns casos ademais os gastos no caso de próteses dentarias, de visión, auditivas e ortopédicas.

- Cantidades a tanto alzado por xubilación, falecemento ou invalidez.

Hai casos nos que se indica o dereito a vacacións retribuídas.

Tamén se indican nalgúns convenios cantidades a tanto alzado por anos de servizo.

Existen algúns convenios que sinalan un complemento das prestacións da Seguridade Social nestes casos.

- Préstamos ou anticipos reintegrables.

Especifícase nalgúns casos o procedemento, condicións, límites e criterios para concedelos, así como o xeito e/ou prazo de devolución e o tipo de xuro ou se é sen el.

- Fondo social e/ou asistencial.

Sinálase nalgúns convenios a existencia dun Fondo social e/ou asistencial indicando a dotación que ten ou comprometéndose a dotalo na contía necesaria.

- Pólizas de seguros.

Veñen recollidas cláusulas ao respecto en 125 convenios (85% dos asinados) que afectan a 52.576 traballadores/as (70,3%).

Deles 24 son de sector (80% dos de sector) e afectan a 42.134 traballadores/as (67,2%) e 101 de empresa (86,3%) e afectan a 10.442 traballadores/as (86,1%).

- Plans de pensións.

Teñen cláusulas 10 convenios dos asinados este ano que afectan a 2.286 traballadores/as. Son todos de empresa.

- Actividades culturais e sociais.

Indícase a contía que achegará a empresa e as actividades que se poden incluír.

- Descontos na compra de produtos ou nos servizos da empresa.

Amplíase nalgúns casos para o caso de xubilados/as, pensionistas ou familiares de traballadores/as falecidos.

- Outras cláusulas refírense á existencia e utilización de comedores e economatos ou á compensación pola súa desaparición.

Por último sinalar respecto deste tipo de cláusulas que tamén se estenden nalgúns convenios estes dereitos ás parellas de feito.

14. DEREITOS E GARANTÍAS DA REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES/AS. CRÉDITO DE HORAS SINDICAIS E DESCONTO DA COTA SINDICAL

Existen cláusulas respecto das garantías e/ou os dereitos da representación dos traballadores/as na empresa en 112 convenios (76,2% dos asinados este ano) que afectan a 66.436 traballadores/as (88,8%). Deles 22 son de sector (73,3% dos de sector) e afectan a 55.989 traballadores/as (89,4%) e 90 son de empresa (76,9% dos de empresa) e afectan a 10.447 traballadores/as (86,1%).

En moitos casos estas cláusulas remiten ou recollen, total ou parcialmente, o sinalado ao respecto no Estatuto dos traballadores/as e na Lei orgánica de liberdade sindical.

En 60 convenios (40,8% dos asinados) que afectan a 37.293 traballadores/as (49,9%) existen cláusulas respecto dos locais e/ou taboleiros de anuncios. Deles 12 son de sector (40% dos de sector) e afectan a 30.613 traballadores/as (48,9%) e 48 son de empresa (41% dos de empresa) e afectan a 6.680 traballadores/as (55,1%).

Establecen unha subvención de gastos dos comités de empresa e/ou delegados/as de persoal 8 convenios que afectan a 2.499 traballadores/as.

Existen cláusulas respecto da celebración de asembleas en 65 convenios (44,2% dos asinados) que afectan a 10.895 traballadores/as (14,6%). Deles 4 son de sector (13,3% dos de sector) e afectan a 3.578 traballadores/as (5,7%) e 61 son de empresa (52,1% dos de empresa) e afectan a 7.317 traballadores/as (60,3%).

As cláusulas fan referencia aos requisitos para a convocatoria e celebración da asemblea (lexitimación para convocalas, locais, procedemento, celebración dentro ou fóra da xornada)

Refírense outras cláusulas á regulación do acceso ao correo electrónico pola representación legal dos traballadores/as e á cesión por parte da empresa de medios materiais para a realización das súas funcións.

Outras cláusulas, que se analizan con máis detalle a continuación, refírense ao crédito de horas e ao desconto da cota sindical.

- Crédito de horas

Teñen cláusulas sobre o crédito de horas 86 convenios (58,5% dos asinados este ano) que afectan a 49.740 traballadores/as (66,5%). Deles 15 son de sector (50% dos de sector) e afectan a 40.392 traballadores/as (64,5%) e 71 son de empresa (60,7% dos de empresa) e afectan a 9.348 traballadores/as (77,1%).

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



	Empresa	Sector
C. AUTÓNOMA	85,7%	75,0%
A CORUÑA	70,0%	83,3%
LUGO	68,8%	33,3%
OURENSE	30,0%	25,0%
PONTEVEDRA	55,6%	44,4%

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

As cláusulas nuns casos fixan un número concreto de horas e noutros remiten á lexislación vixente.

Sinálase nalgúns convenios as horas que entran no cómputo e cales non.

En 63 convenios (42,9% dos asinados) que afectan a 42.063 traballadores/as (56,2%) establécese ou indícase a posibilidade de acumulación destas horas.
Deles 10 son de sector (33,3% dos de sector) e afectan a 34.437 traballadores/as (55%) e 53 de empresa (45,3% dos de empresa) e afectan a 7.626 traballadores/as (62,9%).

- **Desconto da cota sindical**

Recollen cláusulas ao respecto 40 convenios (27,2% dos asinados este ano) que afectan a 25.025 traballadores/as (33,5%).

Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 20.190 traballadores/as (32,2%) e 34 son de empresa (29,1% dos de empresa) e afectan a 4.835 traballadores/as (39,9%).

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

As cláusulas que recollen refírense ao procedemento que hai que seguir para proceder ao desconto, establecendo na maioría dos casos que a solicitude debe ser por escrito.

Indícase nalgúns convenios o contido do escrito sinalando que debe recoller a orde de desconto, a central a que pertence, a contía da cota e o número de conta á que debe ser transferida a cantidade.

Establécese nalgúns casos que a dirección da empresa entregará copia da transferencia á representación sindical da empresa, se a houbese.

15. RÉXIME DISCIPLINARIO

Existen cláusulas ao respecto en 82 convenios (55,8% dos asinados este ano) que afectan a 45.777 traballadores/as (61,2%). Deles 66 son de empresa (56,4% dos de empresa) e afectan a 6.377 traballadores/as (52,6%) e 16 son de sector (53,3% dos de sector) e afectan a 39.400 traballadores/as (62,9%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	4	100,00%	7	**63,64%**
	Nº TRABALLAD.	681	27,97%	6.947	100,00%	7.628	**81,30%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	20	66,67%	6	100,00%	26	**72,22%**
	Nº TRABALLAD.	1.460	66,15%	11.250	100,00%	12.710	**94,45%**
LUGO	Nº CONVENIOS	6	37,50%		0,00%	6	**31,58%**
	Nº TRABALLAD.	297	31,94%		0,00%	297	**9,22%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	4	40,00%	3	37,50%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	224	18,98%	5.053	28,34%	5.277	**27,76%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	33	61,11%	3	33,33%	36	**57,14%**
	Nº TRABALLAD.	3.715	69,12%	16.150	66,35%	19.865	**66,85%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**66**	**56,41%**	**16**	**53,33%**	**82**	**55,78%**
	Nº TRABALLAD.	**6.377**	**52,59%**	**39.400**	**62,88%**	**45.777**	**61,21%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

As cláusulas fan referencia maioritariamente ao seguinte:

- Graduación das faltas

Establécese en 64 convenios, o que supón o 43,5% dos asinados e o 78,1% dos que teñen cláusulas sobre o réxime disciplinario. Os traballadores/as aos que afectan son 43.788 e deles 15 son de sector e 49 de empresa.

Nestas cláusulas recóllese unha enumeración das faltas cualificándoas en leves, graves e moi graves ou remítese a acordos, convenios ou regulamentacións que as recollen.

- Sancións

Indican as sancións segundo a gravidade das faltas 61 convenios, o que supón o 41,5% dos asinados e o 74,4% dos que teñen cláusulas sobre o réxime disciplinario. Afectan estes convenios a 43.657 traballadores/as e deles 15 son de sector e 46 de empresa.

Os tipos máis frecuentes de sancións que se indican son: amoestacións verbais e/ou escritas, suspensión de emprego e soldo e despedimento.

Outras sancións menos frecuentes son traslado forzoso sen dereito a indemnización, suspensión do dereito a concorrer a probas selectivas ou concursos de ascensos e inhabilitación para o ascenso.

- Outras cláusulas refírense ao procedemento sancionador, á necesidade ou non de tramitación dun expediente disciplinario, á información ou participación da representación dos traballadores/as e á prescrición e cancelación.

16. DISCRIMINACIÓN E ACOSO

Teñen cláusulas sobre **discriminación e/ou acoso** 103 convenios (70,1% dos asinados) que afectan a 58.772 traballadores/as (78,6%).

Deles 22 son de sector (73,3% dos de sector) e afectan a 49.044 traballadores/as (78,3%) e 81 son de empresa (69,2% dos de empresa) e afectan a 9.728 traballadores/as (80,2%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	4	57,1%	4	100,0%	8	**72,7%**
	Nº TRABALLAD.	2.316	95,1%	6.947	100,0%	9.263	**98,7%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	21	70,0%	4	66,7%	25	**69,4%**
	Nº TRABALLAD.	1.507	68,3%	9.463	84,1%	10.970	**81,5%**
LUGO	Nº CONVENIOS	11	68,8%	3	100,0%	14	**73,7%**
	Nº TRABALLAD.	695	74,7%	2.290	100,0%	2.985	**92,7%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	7	70,0%	4	50,0%	11	**61,1%**
	Nº TRABALLAD.	749	63,5%	6.769	38,0%	7.518	**39,5%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	38	70,4%	7	77,8%	45	**71,4%**
	Nº TRABALLAD.	4.461	83,0%	23.575	96,9%	28.036	**94,3%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**81**	**69,2%**	**22**	**73,3%**	**103**	**70,1%**
	Nº TRABALLAD.	**9.728**	**80,2%**	**49.044**	**78,3%**	**58.772**	**78,6%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



Respecto das cláusulas que recollen pódese sinalar o seguinte:

Nuns casos son cláusulas de tipo xeral que indican a non discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo ou orientación sexual, estado civil, idade, relixión ou convicciónss, discapacidade, ideas políticas, afiliación ou non a un sindicato, idioma ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Noutros convenios refírense á non discriminación na retribución por razón de sexo, (nalgúns casos engaden tamén a idade ou nacionalidade) especificando algúns deles que isto fai referencia non só ao salario base, senón tamén aos complementos salariais.

Outro tipo de cláusulas fai referencia á non discriminación respecto da formación e a promoción profesional e nalgúns casos tamén respecto da xornada.

Existen tamén cláusulas que citan a Lei 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, sinalando a obriga e/ou o compromiso do seu cumprimento ou recollendo o sinalado no seu artigo 3 que indica que o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil.

Hai convenios nos que estas cláusulas veñen recollidas ao sinalar as funcións do comité de empresa e/ou representación dos traballadores/as, indicando que estes velarán non só porque nos procesos de selección de persoal se cumpra a normativa vixente, senón tamén polos principios de non discriminación, igualdade de sexo e fomento dunha política racional de emprego.

Sinalan algúns convenios como obxectivos a cumprir en materia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres os seguintes:

- Que tanto as mulleres como os homes gocen de igualdade de oportunidades en canto ao emprego, a formación, a promoción e o desenvolvemento no seu traballo.
- Que os postos de traballo, as prácticas laborais, a organización do traballo e as condicións laborais se orienten de tal maneira que sexan adecuadas tanto para as mulleres como para os homes.
- Que mulleres e homes reciban igual retribución por traballo de igual valor, así como que haxa igualdade en canto ás súas condicións de emprego en calquera outro sentido deste.

Outro tipo de cláusula que tamén se refire ás funcións dos comités e/ou representantes dos traballadores/as indica que deberán de vixiar o cumprimento das seguintes normas:

- Que non figure nas condicións de contratación ningún requisito que supoña discriminación por sexo.
- Que non se produzan diferenzas nas denominacións dos postos de traballo en función do sexo.
- Que ningunha persoa traballadora poida ser discriminada, sancionada ou despedida por cuestións relativas á súa intimidade, sempre que non afecten á actividade laboral.
- Que ningunha persoa traballadora poida ser obxecto de decisións e/ou condicións, ou calquera clase de medidas, que comporten un trato discriminatorio en materia de salarios, promoción, conservación do posto de traballo, etc. por razón do seu sexo.
- Que se evite na redacción do convenio a linguaxe sexista.

Indican outros convenios nas cláusulas sobre clasificacións profesionais que o novo sistema pretende alcanzar unha estrutura profesional directamente correspondida coas necesidades das empresas do sector, facilitando unha mellor interpretación de todo o colectivo no desenvolvemento das súas actividades, sen mingua da dignidade, oportunidade de promoción e xusta retribución, sen que caiba discriminación ningunha por razóns de idade ou sexo, ou de calquera outra índole.

Noutras cláusulas refírense á non discriminación por actividades sindicais, sinalando que a empresa respectará o dereito de todos os traballadores/as a sindicarse libremente e non poderán suxeitar o emprego dun traballador/a á condición de que se afilie ou renuncie á súa afiliación sindical e tampouco despedilo ou prexudicarlle de calquera outra forma a causa da súa afiliación ou actividade sindical.

Tamén existen cláusulas respecto da non discriminación e o respecto ao principio de igualdade no acceso ao emprego e na promoción profesional e nos sistemas de selección utilizados.

Analízanse a continuación con máis detalle as cláusulas que fan referencia os plans de igualdade nas empresas, as comisións de igualdade, as medidas de acción positiva, o acoso e a violencia de xénero.

▸ Plan de igualdade

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece a obriga de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 250 traballadores/as e o fomento ou a implantación voluntaria nas pequenas e medianas empresas.

Teñen cláusulas sobre plans de igualdade 16 convenios (10,9% dos asinados este ano) que afectan a 8.487 traballadores/as (11,3%).

Un deles é de sector e a cláusula que recolle refírese á creación dunha comisión cuxo obxecto será o alcance, contido e negociación do Plan de Igualdade e á elaboración dun Protocolo de acoso sexual e por razón de sexo.

As cláusulas que recollen nos de empresa refírense maioritariamente a compromisos de elaborar un plan, sinalando ás veces un prazo para facelo ou creando comisións para o efecto (nun convenio non se crea comisión específica senón que se indica que é a comisión paritaria a que ten funcións en materia de plans de igualdade, violencia de xénero e acoso no traballo)

Fan referencia algúns convenios ao contido que debe ter o plan, recollendo maioritariamente o sinalado no artigo 46 da lei.

Nalgúns casos refírense a plans xa existentes na empresa ou no grupo ao que pertence esta, pero sen acompañalos ao convenio e nun aparece recollido o sinalado no convenio sectorial estatal ao respecto.

Indica un convenio como obxectivos do plan de igualdade os seguintes:

> *"Unha vez realizado o diagnóstico de situación poderán establecerse os obxectivos concretos a alcanzar en base aos datos obtidos e que poderán consistir no establecemento de medida de acción positiva naquelas cuestións nas que se constatou a existencia de situacións de desigualdade entre mulleres e homes carentes de xustificación obxectiva, así como no establecemento de medidas xerais para a aplicación efectiva do principio de igualdade de trato e non discriminación.*

Tales obxectivos, que incluirán as estratexias e prácticas para a súa consecución, irán destinados preferentemente ás áreas de acceso ao emprego, formación, clasificación e promoción profesional, condicións retributivas e de xornada, conciliación da vida familiar, etc., e, entre outros, poderán consistir en:

a. Promover procesos de selección e promoción en igualdade que eviten a segregación vertical e horizontal e á utilización da linguaxe sexista. Con iso pretenderase asegurar procedementos de selección transparente para o ingreso na Empresa mediante a redacción e difusión non discriminatoria das ofertas de emprego e o establecemento de probas obxectivas e adecuadas aos requirimentos do posto ofertado, relacionadas exclusivamente coa valoración de aptitudes e capacidades individuais.

b. Promover a inclusión de mulleres en postos que impliquen mando e/ou responsabilidade.

c. Establecer programas específicos para a selección/promoción de mulleres en postos nos que están subrepresentadas.

d. Revisar a incidencia das formas de contratación atípicas (contratos a tempo parcial e modalidades de contratación temporal) no colectivo de traballadoras con relación ao de traballadores e adoptar medidas correctoras en caso de maior incidencia sobre estas de tales formas de contratación.

e. Garantir o acceso en igualdade de homes e mulleres á formación de empresa tanto interna como externa, co fin de garantir a permanencia no emprego das mulleres, desenvolvendo o seu nivel formativo e a súa adaptabilidade aos requisitos da demanda de emprego.

f. Revisar os complementos que compón o salario para verificar que non estean encerrando unha discriminación sobre as traballadoras.

g. Promover procesos e establecer prazos para corrixir as posibles diferenzas salariais existentes entre homes e mulleres.

h. Conseguir unha maior e mellor conciliación da vida familiar e laboral de homes e mulleres mediante campañas de sensibilización, difusión dos permisos e excedencias legais existentes, etc.

i. Establecer medidas para detectar e corrixir posibles riscos para a saúde das traballadoras, en especial das mulleres embarazadas, así como accións contra os posibles casos de acoso moral e sexual.

Unha vez implantado o plan de igualdade na empresa informarase aos representantes dos traballadores con carácter anual sobre a súa evolución, podendo estes últimos emitir informe se así o estiman oportuno.

A Empresa disporá dun prazo coincidente coa vixencia do presente convenio colectivo a efectos de aplicar o disposto no presente artigo respecto ao diagnóstico de situación e o Plan de Igualdade."

- ***Medidas de acción positiva.***

Indícase na lei a posibilidade de que a negociación colectiva poida establecer medidas de acción positiva para favorecer o acceso das mulleres a todas as profesións, podendo para tal efecto establecer reservas e preferencias nas condicións de contratación de modo que, en igualdade de condicións de idoneidade, teñan preferencia para ser contratadas as persoas do sexo menos representado no grupo ou categoría profesional de que se trate.

Tamén se indica a posibilidade de que a negociación colectiva poida establecer este tipo de medidas nas condicións de clasificación profesional, promoción e formación, de modo que, en igualdade de condicións de idoneidade, teñan preferencia as persoas do sexo menos representado para favorecer o seu acceso no grupo, categoría profesional ou posto de traballo de que se trate.

Teñen cláusulas que fan referencia a este tipo de medidas 17 convenios (11,6% dos asinados este ano) que afectan a 8.009 traballadores/as (10,7%).

Dous deles son de sector e as cláusulas que recollen fan referencia a o seguinte:

Indica un deles ao establecer os criterios xerais sobre emprego e contratación que se potenciará a igualdade de oportunidades e que, dada a escasa presenza de mulleres no sector, ambas as partes se comprometen a favorecer unha maior contratación destas para os centros de produción afectados polo convenio.

Sinala o mesmo convenio respecto dos escalafóns que a orde de cada traballador/a nel virá determinada pola data de alta no respectivo grupo profesional. En caso de igualdade, aplicarase discriminación positiva a favor da muller, subsidiariamente terase en conta a data de ingreso na empresa e estarase a esta, a maior idade do traballador/a.

Establece ademais respecto da promoción profesional que en idénticas condicións de idoneidade adxudicarase o ascenso aplicando a discriminación positiva a favor da muller, subsidiariamente adxudicarase ao traballador/a máis antigo.

No outro no artigo sobre Clasificación Profesional indica que as partes asinantes comprométense á creación dunha comisión cuxo traballo se desenvolverá ao longo da vixencia do convenio, que revisará a definición e funcións das categorías existentes, co obxectivo de evitar posibles discriminacións, así como para adaptar medidas para un maior acceso de mulleres a todas as profesións e categorías que eliminen o exceso de segregación ocupacional.

Nos de empresa as cláusulas que recollen fan referencia a o seguinte:

- Indica un convenio que se acorda que en igualdade de condicións de titulación e preparación, como medida de acción positiva, se dará preferencia na contratación ás mulleres.

- Indican dous convenios que co fin de contribuír eficazmente á aplicación do principio de non discriminación faise necesario desenvolver unha acción positiva particularmente nas condicións de contratación, formación e promoción, de modo que, en igualdade de condicións de idoneidade terán preferencia as persoas do sexo menos representado no grupo ou categoría de que se trate.

- Noutro convenio sinalan que a política da empresa en canto a contratación ten que encamiñarse a fomentar a estabilidade no emprego e tenderá á non discriminación entre homes e mulleres, engadindo que a empresa procurará que non exista unha representación inferior ao 40% do cadro de persoal de calquera dos sexos.

Sinala o mesmo convenio que o compromiso de non discriminación que recolle leva consigo remover os obstáculos que poidan incidir no non cumprimento da igualdade de condicións entre mulleres e homes, así como poñer en marchas medidas de acción positiva ou outras necesarias para corrixir posibles situacións de discriminación.

- Outro convenio de empresa indica que en consonancia coa xeral preocupación pola igualdade de condicións no emprego, é vontade da empresa axudar o emprego feminino, dando entrada no cadro de persoal a aquelas traballadoras que, en igualdade de condicións que os traballadores, opten por un posto de traballo.

Outro tipo de cláusulas son máis xerais facendo referencia á adopción de medidas de acción positiva que impulsen a promoción de mulleres a cargos de responsabilidade nas empresas ou que corrixan posibles situacións de discriminación, entre outras, as políticas de contratación emprego, igualdade de oportunidades e categorías profesionais pero sen concretalas.

Tamén recolle un convenio o sinalado no convenio sectorial estatal sobre a posibilidade de adoptar medidas de acción positiva a favor do sexo menos representado no acceso ao emprego e na promoción profesional.

Recollen varios convenios de persoal laboral ou acordos reguladores de persoal funcionario da administración local o sinalado no Estatuto básico do empregado público respecto da adopción de medidas de discriminación positiva nos procesos selectivos.

Outras cláusulas veñen recollidas ao sinalar as accións a desenvolver pola Comisión de igualdade que se crea nalgúns convenios indicando que deberá promover a implantación de accións positivas que fagan desaparecer as discriminacións encubertas (en materia de acceso ao emprego, promoción, formación, retribución, condicións de traballo, conciliación da vida familiar e laboral, saúde, ...).

Nalgún convenio fan referencia a estas medidas ao fixar os obxectivos que se pretenden co plan de igualdade.

- ***Creación de Comisións específicas para temas de igualdade***

Teñen cláusulas respecto da creación deste tipo de Comisións 9 convenios (6,1% dos asinados) que afectan a 12.345 traballadores/as (16,5%).

Deles 3 son de sector (10% dos de sector) e afectan a 11.400 traballadores/as (18,2%) e 6 son de empresa (5,1% dos de empresa) e afectan a 945 traballadores/as (7,8%).

Respecto das que crean nos convenios de sector sinálase nun deles que o seu obxecto será o alcance, contido e negociación do Plan de Igualdade e a elaboración dun Protocolo de acoso sexual e por razón de sexo, establecendo ademais un prazo máximo para a súa constitución.

Noutro acordan crear unha comisión paritaria para a adaptación do articulado do convenio á lexislación vixente en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, co obxectivo de facer propostas para incorporar ao próximo convenio.

No terceiro comprométense á creación dunha comisión cuxo traballo se desenvolverá ao longo da vixencia do convenio, que revisará a definición e funcións das categorías existentes, co obxectivo de evitar posibles discriminacións, así como para adaptar medidas para un maior acceso de mulleres a todas as profesións e categorías que eliminen o exceso de segregación ocupacional.

Nos de empresa créanse estas comisións maioritariamente para a elaboración e desenvolvemento do plan de igualdade, indicando ás veces tamén a súa composición. Sinala un deles ademais a periodicidade mínima das reunións e a obrigatoriedade de que se realicen dentro do horario laboral.

Crea un convenio de empresa unha Comisión de Igualdade para a que sinala o seguinte cometido:

-Participación na elaboración do plan de igualdade e realizar o seu seguimento, detectando e corrixindo as diferentes situacións de discriminación que se estean producindo, realizando para iso un diagnóstico inicial da realidade da empresa que sirva de punto de referencia para establecer o posterior seguimento e comparación de situacións deste.

-Habilitar o procedemento adecuado para recibir información sobre posibles tratos discriminatorios.

-Identificar ámbitos prioritarios de actuación.

-Promover a implantación de accións positivas que fagan desaparecer as discriminacións encubertas (en materia de acceso ao emprego, promoción, formación, retribución, condicións de traballo, conciliación da vida familiar e laboral, saúde).

-Promover accións formativas e de sensibilización que animen ao persoal a participar na igualdade de oportunidades.

-Intervención nas situacións de conflito que poidan exporse por casos de discriminación.

-Proporcionar información ao persoal en relación coa formación, promoción, vacantes, postos de nova creación, iniciativas...

-Habilitar procedementos de intervención internos ante o acoso sexual e casos de discriminación.

Nalgúns convenios non se crean comisións específicas senón que se atribúen á Comisión paritaria do convenio funcións en materia de igualdade, violencia de xénero e acoso no traballo e tamén para a elaboración de plans de igualdade.

Indícase tamén nalgún convenio respecto da composición da comisión paritaria de interpretación que polo menos un representante de cada parte deberá ser muller.

- ***A protección fronte o acoso.***

Os convenios que teñen cláusulas sobre o acoso (sexual ou por razón de sexo e/ou moral) son 60 (40,8% dos asinados) e afectan a 46.933 traballadores/as (62,8%).

Deles 15 son de sector (50% dos de sector) e afectan a 41.329 traballadores/as (66%) e 45 son de empresa (38,5% dos de empresa) e afectan a 5.604 traballadores/as (46,2%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,9%	4	100,0%	7	**63,6%**
	Nº TRABALLAD.	681	28,0%	6.947	100,0%	7.628	**81,3%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	12	40,0%	3	50,0%	15	**41,7%**
	Nº TRABALLAD.	1.025	46,4%	7.663	68,1%	8.688	**64,6%**
LUGO	Nº CONVENIOS	5	31,3%	1	33,3%	6	**31,6%**
	Nº TRABALLAD.	259	27,8%	750	32,8%	1.009	**31,3%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	3	30,0%	4	50,0%	7	**38,9%**
	Nº TRABALLAD.	478	40,5%	6.769	38,0%	7.247	**38,1%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	22	40,7%	3	33,3%	25	**39,7%**
	Nº TRABALLAD.	3.161	58,8%	19.200	78,9%	22.361	**75,2%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**45**	**38,5%**	**15**	**50,0%**	**60**	**40,8%**
	Nº TRABALLAD.	**5.604**	**46,2%**	**41.329**	**66,0%**	**46.933**	**62,8%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

Algunhas destas cláusulas sobre o acoso sexual e/ou moral veñen recollidas ao establecer a cualificación das faltas cando regulan o réxime disciplinario.

Na regulación que se fai do acoso sexual, considéranse como circunstancias agravantes que a referida conduta se leve a cabo servíndose dunha posición xerárquica ou que se exerza sobre persoas especialmente vulnerables pola súa situación persoal ou laboral.

Sinálase tamén que a representación dos traballadores/as e a dirección da empresa deberán velar polo dereito á intimidade do traballador/a afectado/a, procurando silenciar a súa identidade cando así fose preciso.

Créase nun convenio de sector unha comisión específica para a elaboración do plan de igualdade e do protocolo de acoso sexual e por razón de sexo.

Inclúese ás veces estas cláusulas dentro do contido dos plans de igualdade que se comprometen a elaborar ou que xa existen na empresa, pero que non acompañan ao convenio.

Establecen catro convenios de empresa o protocolo de actuación en caso de acoso e existen referencias á existencia de protocolos de actuación ou ao compromiso de elaboralos noutros casos pero sen recollelo no convenio.

Indícanse ás veces entre as funcións da comisión paritaria do convenio as seguintes:

Recoller e investigar as denuncias de acoso.

Asegurar a non discriminación da muller, controlando a igualdade de trato, os posibles abusos, agresións de orde sexual, laborais, físicas ou psíquicas, tanto por parte dos compañeiros de traballo, como dos superiores.

Impedir a realización de toda conduta abusiva ou de violencia psicolóxica que se realice de xeito sistemático sobre un traballador/a, manifestada especialmente a través de reiterados comportamentos, palabras ou actitudes que lesionan a súa dignidade ou integridade psíquica e que poñan en perigo ou degraden as súas condicións de traballo.

Outro tipo de cláusulas recollen definicións sobre o acoso (seguindo nalgúns casos o establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia) sinalando, entre outros, os seguintes aspectos:

Recoñéceselle aos traballadores/as o dereito ao respecto da súa intimidade e a consideración debida a súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.

Considérase acoso sexual a situación na que se produce calquera comportamento verbal ou físico non desexado de índole sexual co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Considerarase acoso sexual en sentido amplo calquera comportamento contrario á dignidade e liberdade sexual, cuxo carácter ofensivo e indesexado por parte da vítima é ou debería ser coñecido pola persoa que o realiza, podendo interferir negativamente no seu contexto laboral ou cando a súa aceptación sexa utilizada como condición para evitar consecuencias adversas tanto no desenvolvemento do traballo coma nas expectativas de promoción da vítima.

O acoso sexual considérase discriminación por razón de sexo e, polo tanto, prohíbese. O rexeitamento ou a submisión a el non se poderá utilizar para tomar decisións que afecten á persoa que o tivese sufrido.

Sinálase que non é necesario que as accións de acoso sexual no traballo se desenvolvan durante un período prolongado de tempo. Unha soa acción, pola súa gravidade, pode ser constitutiva de acoso sexual.

As definicións de acoso moral que se recollen sinalan o seguinte:

O acoso psicolóxico defínese como a situación de fustrigamento que sofre un traballador no ámbito laboral, sobre o/a que se exercen condutas de violencia psicolóxica de forma sistemática, recorrente e durante un tempo prolongado e que o/a conducen ao illamento e extrañamento social no marco laboral, podendo causarlle enfermidades psicosomáticas e estados de ansiedade e depresión, co fin de provocar que a persoa afectada abandone o posto de traballo.

Outro tipo de definición recollido indica que se entende por acoso moral toda conduta abusiva (xesto, palabra, comportamento, actitude, etc.) que atente, pola súa repetición e/ou sistematización, contra a dignidade ou integridade psíquica ou física dunha persoa, degradando as condicións de traballo da vítima e poñendo en perigo o seu emprego.

Engádese ao recollido na definición anterior que cando este tipo de comportamento teña relación ou como causa o sexo ou o xénero dunha persoa, constituirá acoso moral discriminatorio.

Nalgúns convenios estas cláusulas veñen recollidas dentro das que se refiren á seguridade e saúde no traballo.

Recolle un convenio de sector e repítese tamén nun de empresa a seguinte definición de acoso:

> *Defínense como condutas de acoso os comportamentos de carácter ou connotación tanto sexual como fustrigamento e vexación no posto de traballo que poden consistir nunha variedade de comportamentos, como contactos físicos innecesarios, rozamentos, palmadiñas, observacións suxestivas e desagradables, chistes, comentarios sobre a aparencia ou o aspecto, e abusos verbais deliberados, invitacións impúdicas e comprometedoras, uso de pornografía nos lugares de traballo, demandas de favores sexuais, agresións físicas, etc.*
>
> *Estas actitudes poden darse tanto entre compañeiros (acoso ambiental) sen que medie relación de superioridade xerárquica, como nos casos en que medie superioridade xerárquica (chantaxe sexual).*
>
> *A graduación das faltas derivadas do acoso entre faltas leves, faltas graves ou faltas moi graves farase atendendo dos criterios que establece o presente convenio no capítulo de faltas e sancións, correspondéndolle á empresa a responsabilidade de impoñer o castigo correspondente cando o acoso se produce entre compañeiros de traballo. Do mesmo modo responsabilizarase de tomar as medidas precisas para que estes feitos non se volvan producir.*
>
> *De producírense actitudes de acoso por parte do empresario con algún dos traballadores/as, serán os representantes dos traballadores os que comunicarán a falta á autoridade laboral competente.*

Ao facer referencia á protección de traballadores e traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos, indica un convenio que para estes efectos, terán tamén a consideración de traballadores/as especialmente sensibles, as vítimas de violencia de xénero, de acoso sexual e por razón de sexo.

Outro tipo de cláusulas fai referencia ao compromiso das partes asinantes do convenio de poñer en marcha medidas de prevención deste tipo de situacións.

- ***Cláusulas sobre violencia de xénero***

Existen cláusulas ao respecto en 30 convenios (20,4% dos asinados este ano) que afectan a 36.328 traballadores/as (48,6%).

Deles 10 son de sector (33,3% dos de sector) e afectan a 34.620 traballadores/as (55,3%) e 20 son de empresa (17,1% dos de empresa) e afectan a 1.708 traballadores/as (14,1%).

O tipo de cláusulas remite ou recolle total ou parcialmente o sinalado ao respecto na lexislación vixente.

As cláusulas que máis se repiten refírense ao seguinte:

Recollen varios convenios total ou parcialmente o sinalado no artigo 37.7 do Estatuto dos traballadores/as que sinala que a traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, á redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.

Fan referencia tamén algúns convenios ao sinalado nos artigos 45.1.n) e 48.6 do Estatuto dos traballadores/as sinalando que o contrato poderá suspenderse por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero e que o período de suspensión terá unha duración inicial que non poderá exceder de seis meses, agás que das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima requirise a continuidade da suspensión. Nese caso, o/a xuíz poderá prorrogar a suspensión por períodos de tres meses cun máximo de dezaoito meses.

Recollen outros convenios o sinalado no artigo 40.3 bis) do Estatuto dos traballadores/as sinalando que a traballadora vítima de violencia de xénero que se vexa na obriga de abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.

En tales supostos a empresa virá obrigada a comunicar ás traballadoras as vacantes existentes en dito momento, ou as que se puideran producir no futuro.

O traslado ou cambio de centro de traballo terá unha duración inicial de 6 meses, durante os cales a empresa terá a obriga de reservar o posto de traballo que anteriormente ocupaba a traballadora.

Terminado este período, a traballadora poderá optar entre o regreso ao seu posto de traballo anterior ou a continuar no novo. Neste último caso decaerá a citada obriga de reserva.

Tamén recollen o sinalado respecto da extinción do contrato indicando que este se extinguirá por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

Non se computarán como faltas de asistencia, aos efectos da letra d) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores as ausencias motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero, acreditada polos servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo proceda.

Sinálase así mesmo que será nulo o despedimento das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos nesta lei.

As cláusulas que recollen algúns dos acordos reguladores do persoal funcionario e convenios de persoal laboral dos concellos o que fan maioritariamente é remitir ou recoller, total ou parcialmente, o sinalado ao respecto na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ou na lexislación específica respecto do persoal das administracións públicas.

17. IDIOMA

Teñen cláusulas sobre o idioma 33 convenios (22,5% dos asinados este ano) que afectan a 10.866 traballadores/as (14,5%).

Deles 6 son de sector (20% dos de sector) e afectan a 6.700 traballadores/as (10,7%) e 27 de empresa (23,1% dos de empresa) e afectan a 4.166 traballadores/as (34,4%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	2	28,57%	2	50,00%	4	**36,36%**
	Nº TRABALLAD.	1.945	79,88%	2.997	43,14%	4.942	**52,68%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	10	33,33%	2	33,33%	12	**33,33%**
	Nº TRABALLAD.	737	33,39%	2.663	23,67%	3.400	**25,27%**
LUGO	Nº CONVENIOS	1	6,25%	1	33,33%	2	**10,53%**
	Nº TRABALLAD.	120	12,90%	340	14,85%	460	**14,29%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	2	20,00%		0,00%	2	**11,11%**
	Nº TRABALLAD.	135	11,44%		0,00%	135	**0,71%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	12	22,22%	1	11,11%	13	**20,63%**
	Nº TRABALLAD.	1.229	22,87%	700	2,88%	1.929	**6,49%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**27**	**23,08%**	**6**	**20,00%**	**33**	**22,45%**
	Nº TRABALLAD.	**4.166**	**34,35%**	**6.700**	**10,69%**	**10.866**	**14,53%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



As cláusulas máis frecuentes refírense ao dereito dos traballadores/as a desenvolver a súa actividade laboral e profesional en lingua galega, como lingua propia de Galicia, e a recibir formación lingüística. Tamén se fai referencia noutras cláusulas á non discriminación por razón de lingua.

Establécese que a dirección da empresa e a representación dos traballadores/as potenciarán o uso da lingua galega nas actividades internas, nas relacións laborais, na formación profesional e nas súas relacións cos consumidores, administracións públicas e entidades privadas radicadas en Galicia, de xeito que se normalice o emprego da lingua galega como un instrumento de comunicación da empresa cos seus interlocutores internos e externos. Farase especial fincapé nas comunicacións cos traballadores e traballadoras e na utilización do galego como lingua da súa publicidade.

Outro tipo de cláusulas refírense a que o convenio colectivo se redactará e publicará en galego ou de xeito bilingüe e tamén se fará de igual xeito cos anuncios, notas, comunicacións etc. dentro da empresa.

Tamén existen cláusulas respecto da valoración do coñecemento do galego para o ingreso e os concursos de traslados nos convenios de persoal laboral e acordos reguladores do persoal funcionario de concellos asinados este ano.

Respecto da publicación nos boletín oficiais dos convenios asinados este ano fíxose de xeito bilingüe nos convenios de Ourense e de Comunidade Autónoma por publicarse deste xeito o BOP de Ourense e o DOG.

Dos 118 convenios restantes correspondentes á Coruña, Lugo e Pontevedra publicáronse en galego 48 (8 de sector e 40 de empresa) e os 70 restantes en castelán (10 de sector e 60 de empresa).

O cadro seguinte reflicte a evolución no período 2005 – 2010 dos convenios con cláusulas sobre o idioma.

Evolución dos convenios colectivos asinados con cláusulas sobre o idioma
Por provincias. Galicia. 2005-2010

	C. Autónoma/ Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Sector												
2005	1	25,0	3	33,3	1	8,3	0	0,0	5	41,7	**10**	**20,0**
2006	1	50,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	5	41,7	**6**	**14,3**
2007	1	25,0	2	20,0	0	0,0	0	0,0	7	53,8	**10**	**24,4**
2008	2	40,0	0	0,0	0	0,0	0	0,0	5	55,6	**7**	**16,3**
2009	1	25,0	1	25,0	1	33,3	0	0,0	6	66,7	**9**	**30,0**
2010	**2**	**50,0**	**2**	**33,3**	**1**	**33,3**	**0**	**0,0**	**1**	**11,1**	**6**	**20,0**
Empresa												
2005	1	14,3	10	19,6	6	26,1	0	0,0	8	12,9	**25**	**14,9**
2006	4	25,0	9	19,6	0	0,0	1	6,7	8	13,3	**22**	**14,6**
2007	3	37,5	11	25,0	2	8,3	1	7,1	12	18,8	**29**	**18,8**
2008	2	28,6	7	24,1	6	26,1	2	14,3	14	24,1	**31**	**23,7**
2009	1	11,1	11	28,9	3	37,5	0	0,0	14	21,2	**29**	**22,1**
2010	**2**	**28,6**	**10**	**33,3**	**1**	**6,3**	**2**	**20,0**	**12**	**22,2**	**27**	**23,1**
Total 2010	**4**	**36,4**	**12**	**33,3**	**2**	**10,5**	**2**	**11,1**	**13**	**20,6**	**33**	**22,5**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia

18. ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAXUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO (AGA)

Faise referencia ao Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) en 48 convenios, o 32,7% dos asinados este ano, que afectan a 36.644 traballadores/as (49%).

Deles 17 son de sector (56,7% dos de sector) e afectan a 33.962 traballadores/as (54,2%) e 31 son de empresa (26,5% dos de empresa) e afectan a 2.682 traballadores/as (22,1%).

		EMPRESA		SECTOR		TOTAL	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%
C. AUTÓNOMA / INTERPROV. C.A.	Nº CONVENIOS	3	42,86%	3	75,00%	6	**54,55%**
	Nº TRABALLAD.	424	17,41%	3.447	49,62%	3.871	**41,26%**
A CORUÑA	Nº CONVENIOS	8	26,67%	5	83,33%	13	**36,11%**
	Nº TRABALLAD.	630	28,55%	11.070	98,40%	11.700	**86,94%**
LUGO	Nº CONVENIOS	5	31,25%	2	66,67%	7	**36,84%**
	Nº TRABALLAD.	437	46,99%	1.950	85,15%	2.387	**74,13%**
OURENSE	Nº CONVENIOS	1	10,00%	6	75,00%	7	**38,89%**
	Nº TRABALLAD.	46	3,90%	3.495	19,60%	3.541	**18,63%**
PONTEVEDRA	Nº CONVENIOS	14	25,93%	1	11,11%	15	**23,81%**
	Nº TRABALLAD.	1.145	21,30%	14.000	57,52%	15.145	**50,97%**
GALICIA	Nº CONVENIOS	**31**	**26,50%**	**17**	**56,67%**	**48**	**32,65%**
	Nº TRABALLAD.	**2.682**	**22,12%**	**33.962**	**54,20%**	**36.644**	**49,00%**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

PORCENTAXE SOBRE O Nº DE CONVENIOS ASINADOS. POR PROVINCIAS



O tipo de cláusula que máis se utiliza indica que as partes asinantes do convenio, durante a súa vixencia, acordan someterse ás disposicións contidas no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA) nos propios termos en que están formuladas.

Recóllense tamén referencias ao AGA nalgúns convenios ao indicar o xeito de resolver as discrepancias en temas concretos, sinalando entre outros os seguintes:

Discrepancias no seo da comisión paritaria do convenio.

Mobilidade xeográfica.

Desvinculación salarial.

Sinalan dous convenios que as partes negociadoras comprométense a recorrer ao AGA cando as negociacións se encontren bloqueadas e transcorresen seis meses desde o seu comezo sen lograr un acordo definitivo.

No cadro e gráfico seguintes pódese apreciar a evolución no número de convenios con estas cláusulas no período 1994 – 2010.

Convenios con cláusulas sobre o AGA.
Galicia. 1994-2010

	SECTOR	EMPRESA	TOTAL
1994	16	3	19
1995	14	4	18
1996	23	11	34
1997	19	14	33
1998	27	11	38
1999	21	17	38
2000	21	13	34
2001	24	11	35
2002	25	18	43
2003	19	13	32
2004	24	23	47
2005	24	39	63
2006	25	32	57
2007	25	31	56
2008	28	46	74
2009	15	36	51
2010	17	31	48



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais. Elaboración propia. Datos a 31.12.2010

19. OUTRAS CLÁUSULAS

Outras cláusulas que se poden destacar nos convenios asinados este ano en Galicia son as seguintes:

- Comisión Paritaria do convenio

Existen cláusulas ao respecto na práctica totalidade dos convenios asinados.

Refírense moitas destas cláusulas á composición da comisión, sinalando xeralmente o número de compoñentes, aínda que ás veces tamén se indican os nomes. Tamén se sinala en moitos casos a necesidade de que formaran parte da comisión negociadora do convenio.

Establecen algúns convenios un prazo para a constitución da comisión desde a sinatura do convenio.

Outras cláusulas refírense ás normas de funcionamento interno da comisión, remitindo nuns casos a regulamentos internos que fixará a propia comisión e sinalando noutros casos a convocatoria e periodicidade das reunións, o xeito de adoptar os acordos e de resolver as discrepancias e os asesores/as que poden participar por cada parte.

- Paz social

Existen cláusulas ao respecto en 9 convenios de empresa dos asinados este ano.

Refírense estas cláusulas a que durante a vixencia do convenio se comprometen a manter a paz social e a acudir á comisión paritaria ou a mecanismos de mediación no caso de que xurdan discrepancias.

- Outras cláusulas recollidas en moitos dos convenios asinados este ano refírense a temas como a vinculación á totalidade, lexislación supletoria, compensación e absorción e publicidade do convenio.

ANEXO I

DATOS BÁSICOS DOS CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS EN 2010

A CORUÑA - CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS E REVISADOS

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN	Convenio colectivo	47,2	01/01/2009	31/12/2011	20	2.183		Non	Incremento salarial 2010 lineal Artigo 28. CONDICIÓNS ECONÓMICAS. Durante a vixencia do presente convenio establécense o seguinte incremento salarial aplicable sobre o salario base de cada categoría profesional: - Para o ano 2009: 28 euros lineais para todos os salarios base de todas as categorías. - Para o ano 2010: 28 euros lineais para todos os salarios base de todas as categorías. - Para o ano 2011: 28 euros lineais para todos os salarios base de todas as categorías. O incremento aplicable para o plus de transporte e axuda escolar será o IPC real para cada ano de vixencia, non aplicándose no caso de que sexa negativo. Garántese o mantemento do poder adquisitivo á vixencia completa do convenio. Incorpórase a citada cláusula de revisión para os efectos de que poida ser incorporada nos próximos convenios colectivos.	
COMERCIO MAIORISTA DE FROITAS, HORTALIZAS E PLÁTANOS	Revisión Salarial	46,31	01/01/2010	31/12/2010	98	369	2,5	Si	No Artigo 16. º (Incremento salarial) indica: Para o segundo e terceiro ano de vixencia do presente convenio (anos 2009 e 2010), acórdase unha suba igual ao IPC previsto polo Goberno para os devanditos anos, incrementado en 1,5 puntos. O devandito incremento efectuarase sobre as táboas salariais do ano 2008 e 2009 respectivamente e afectará así mesmo aos conceptos de plus de transporte e axudas de custo. Para o cuarto ano de vixencia do presente convenio (ano 2011), acórdase unha suba igual ao IPC previsto polo Goberno para o devandito ano, incrementado en 1,25 puntos. O devandito incremento efectuarase sobre as táboas salariais do ano 2010 e afectará así mesmo aos conceptos de plus de transporte e axudas de custo. No caso de que o IPC anual de 2008 sexa superior ao IPC previsto polo Goberno para o devandito ano, revisásense as táboas salariais no devandito exceso, garantindo en todo momento 2 puntos sobre IPC Real a 31 de Decembro do 2008 e con efectos retroactivos do 1 de xaneiro de 2008, abonándose os atrasos correspondentes, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte. No caso de que o IPC anual de 2009 sexa superior ao previsto polo goberno para o devandito ano, revisaranse as táboas salariais no exceso, garantindo en todo momento 1,5 puntos sobre o IPC real a 31 de decembro de 2009 e con efectos do 1 de xaneiro de 2009. No caso de que o IPC anual de 2010 sexa superior ao previsto polo goberno para o devandito ano, revisaranse as táboas salariais no exceso, garantindo en todo momento 1,5 puntos sobre o IPC real a 31 de decembro de 2010 e con efectos do 1 de xaneiro de 2010. No caso de que o IPC anual de 2011 sexa superior ao previsto polo goberno para o devandito ano, revisaranse as táboas salariais no exceso, garantindo en todo momento 1,25 puntos sobre o IPC real a 31 de decembro de 2011 e con efectos do 1 de xaneiro de 2011.	2
COMERCIO VARIO DA PROVINCIA DA CORUÑA	Revisión Salarial	47	01/01/2010	31/12/2010	896	14.700	2,25	Si	Artigo 28. -Salario e garantías salariais. O incremento salarial para o ano 2008 será o 5%, tal e como se reflicte nas Táboas Salariais que figuran no Anexo deste Convenio. O incremento salarial para o ano 2009 será o IPC previsto máis 1,25%, garantíndose ao finalizar o ano 2009, con carácter retroactivo, o IPC real máis 1,25%. O incremento salarial para o ano 2010 será o IPC previsto máis 1,25%, garantíndose ao finalizar o ano 2010, con carácter retroactivo, o IPC real máis 1,25%. O incremento salarial para o primeiro semestre do ano 2011 será o IPC previsto máis 1,25%, garantíndose ao finalizar o ano 2011, con carácter retroactivo, o IPC real máis 1,25%. */Na acta de acordo da salarial 2010 indica: Segundo o artigo 28 do Convenio Colectivo vixente, o incremento salarial para o ano 2010 será o IPC previsto máis 1,25. Dado que ambas as dúas partes discrepan sobre cál é o IPC previsto polo Goberno (os empresarios estiman que non existe e a parte social que é 1%), pactan unha táboa salarial de consenso para o 2010 cun incremento salarial de 1 punto máis o 1,25, para os efectos de referencia.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
DERIVADOS DO CEMENTO	Revisión Salarial	23	01/01/2010	31/12/2010	95	3.500	1,4	Si	Na acta de acordo da revisión salarial 2010 indica: Acórdase por ambas partes que, de acordo ao publicado no Boletín Oficial do Estado de data 5 de abril de 2010 relativo ao Convenio xeral do sector de Derivados do cemento, sobre as táboas salariais do ano 2009 procédese a un incremento dun 1,4%, dando como resultado as táboas que se reflicten no Anexo desta acta, que se asinan por todas as persoas asistentes. Acórdase así mesmo que se procederá a revisar as táboas salariais así fixadas, ao finalizar o ano 2010 na diferenza entre o IPC real que resulte a 31 de decembro de 2010 e o 1,4 inicialmente aplicado nas táboas que figuran como Anexo desta acta. Disposición final primeira. - A. - Durante os catro anos de vixencia do Convenio as remuneracións económicas mínimas deste Convenio incrementaranse cada ano no IPC previsto polo Goberno máis o 1,4%. Este incremento afecta tanto aos conceptos retributivos de carácter salarial coma aos de carácter non salarial e terá efectos retroactivos a 1 de xaneiro de cada un dos catro anos de vixencia deste convenio colectivo. B.- No suposto de que a 31 de decembro de cada ano o Índice de Prezo ao Consumo (IPC) superase no conxunto do ano o previsto polo Goberno (2% para o ano 2007), procederase a efectuar unha revisión das retribucións establecidas, no exceso da devandita porcentaxe. Esta revisión retributiva afectará a todos os conceptos salariais e non salariais e terá efectos retroactivos a 1 de xaneiro. A revisión producida se é o caso, servirá de base para a fixación dos salarios do ano seguinte.	1,6
ELABORACIÓN E INSTALACIÓN DE PEDRA E MÁRMORE	Convenio colectivo	23,7	01/01/2010	31/12/2010	70	180	1,3	Si	Artigo 17. º. Incremento salarial. Este ano de vixencia do convenio incrementarase os salarios no 1,3% respecto ao ano anterior, con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2010. (anexo I). Artigo 18. º. Cláusula de revisión salarial. Esta cláusula funcionará sempre e cando o IPC rexistrado a 31-12-2010 exceda do 1%. O devandito exceso aplicarase sobre as táboas salariais vixentes a 31-12-2010, respectivamente. A mencionada aplicación retrotraerase ao 1 de xaneiro do mesmo ano.	2
Empresas concesionarias de servizos municipais de aparcamento e/ou retirada de vehículos da vía pública da provincia da Coruña (ORA)	Revisión Salarial	52,21	01/01/2010	31/12/2010	2	137	2	Si	No ARTIGO 28. -Salarios. indica: 3) Incremento salarial. ANO 2007: Incremento salarial do 5% ANO 2008: IPC previsto máis 0,75% ANO 2009: IPC previsto máis 0,75% ANO 2010: IPC previsto máis 1% ANO 2011: IPC previsto máis 1% ACHÉGANSE AS TÁBOAS SALARIAIS CORRESPONDENTES AOS ANOS 2007 E 2008 COMO ANEXO I E ANEXO II RESPECTIVAMENTE. 4) Revisión salarial. A revisión salarial para os anos 2008, 2009, 2010 e 2011 farase do seguinte xeito: En caso de que o IPC real constatado a 31 de decembro de cada ano fose superior ao previsto para o devandito ano, revisaranse á alza os salarios na diferenza entre o IPC previsto e o IPC real. Esta diferenza aboarase na paga de compensación de marzo.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
INDUSTRIA SIDEROMETALÚRXICA	Convenio colectivo	24	01/01/2010	31/12/2012	500	5.000	1,5	Si	Artigo 40. - INCREMENTO SALARIAL Para os efectos establecidos no artigo 41, as partes acordan que en todo caso a inflación prevista a que se alude no devandito artigo, será para cada un dos anos de vixencia do convenio, do 1%. Tendo en conta o anterior, os incrementos salariais serán os seguintes: - Ano 2010: Un 1,5% - Ano 2011: Un 1,5% - Ano 2012: Un 2,0% Artigo 41. - REVISIÓN SALARIAL Para o ano 2010 establécese unha cláusula de revisión para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 rexistre un incremento superior ao IPC previsto e determinado no artigo anterior para ese ano. Neste caso efectuarase unha revisión salarial no exceso da cifra indicada con efectos dende o 1 de xaneiro de 2010, servindo como base para aplicar o incremento salarial do ano 2011. Para o segundo e terceiro ano de vixencia aplicarase o mesmo procedemento. A revisión salarial tan só xerará cobramento de atrasos a partir do primeiro mes en que o IPC real supere ao IPC previsto, aboándose nunha soa paga, durante o primeiro trimestre dos anos 2011, 2012 e 2013, respectivamente.	1,25
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	Revisión Salarial	81,2	01/01/2010	31/12/2010	384	8.242	2	Si	Artigo 17.º. Salarios. Durante o ano 2007, os traballadores e traballadoras afectados polo presente Convenio percibirán os salarios estipulados no anexo I. Estes salarios supoñen unha subida económica do 2,7%, respecto dos vixentes no ano 2006. Para os anos 2008, 2009 aplicarase unha subida sobre o salario base, plus de asistencia, antigüidade consolidada e plus de transporte, do IPC previsto polo Goberno máis 0,5%, para cada un dos anos, en cada un dos conceptos antes enumerados. Para o ano 2010 aplicarase unha subida sobre o salario base, plus de asistencia, antigüidade consolidada e plus de transporte, do IPC previsto polo Goberno más o 1%, en cada un dos conceptos antes enumerados. Artigo 28.º. Revisión salarial. Sempre que o IPC real do ano 2007, fose superior ao incremento salarial inicialmente aplicado neste ano, realizarase unha actualización de táboas salariais, con vixencia dende o 01.01.2008, na diferenza existente entre o incremento salarial inicial e o IPC real resultante. Estas táboas actualizadas servirán de base para a confección das táboas salariais para o ano 2008. Sempre que o IPC real do ano 2008, máis o 0,5%, fose superior ao incremento salarial inicialmente aplicado neste ano, realizarase unha actualización de táboas salariais, con vixencia dende o 01.01.2009, na diferenza existente entre o incremento salarial inicial e o IPC real resultante máis 0,5. Estas táboas actualizadas servirán de base para a confección das táboas salariais para o ano 2009. Sempre que o IPC real do ano 2009, máis o 0,5%, fose superior ao incremento salarial inicialmente aplicado neste ano, realizarase unha actualización de táboas salariais, con vixencia dende o 01.01.2010, na diferenza existente entre o incremento salarial inicial e o IPC real resultante máis 0,5. Estas táboas actualizadas servirán de base para a confección das táboas salariais para o ano 2010. Sempre que o IPC real do ano 2010, máis o 0,5%, fose superior ao incremento salarial inicialmente aplicado neste ano, realizarase unha actualización de táboas salariais, con vixencia dende o 01.01.2011, na diferenza existente entre o incremento salarial inicial e o IPC real resultante máis 0,5. Estas táboas actualizadas servirán de base para a confección das táboas salariais para o ano 2011.	Base 2011

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
OFICINAS E DESPACHOS	Revisión Salarial	69,2	01/01/2010	31/12/2010	2.000	5.786	2,05	Non	Artigo 12.-Salario base. En concepto de salario base mensual, para cada categoría profesional, será o que se detalla na táboa salarial anexa, e terá efectos económicos desde o día 1 de xaneiro de 2008. Os salarios do ano 2008 representan un incremento do IPC real a 31 de decembro de 2007 máis o un con cinco por cento sobre as táboas salariais publicadas en 2007. O día de pagamento dos atrasos realizarase no prazo dun mes desde a publicación do presente convenio no BOP. Os salarios do ano 2009 representan un incremento do IPC real a 31.12.2008 máis un con trinta puntos. Este incremento será de aplicación transcorridos 15 días a partir da publicación do IPC e terá efectos de 1.1.2009. Os salarios do ano 2010 representan un incremento do IPC real a 31.12.2009 máis un con vinte e cinco puntos. Este incremento será de aplicación transcorridos 15 días a partir da publicación do IPC e terá efectos de 1.1.2010. Os salarios do ano 2011 representan un incremento do IPC real a 31.12.2010 máis un con cinco puntos. Este incremento será de aplicación transcorridos 15 días a partir da publicación do IPC e terá efectos de 1.1.2011.	
REMATANTES E SERRADOIROS DE MADEIRA	Convenio colectivo	16	01/01/2010	31/12/2010	350	1.800	1,3	Si	Na acta de acordo da prórroga para 2010 indica: O acordo acadado supón un incremento dos conceptos salariais (salario base, pagas extraordinarias e plus de asistencia) e extrasalariais (plus de transporte) nunha porcentaxe xeral de UN CON TRINTA POR CENTO (1,30%), con efectos do día 1 de xaneiro de 2010. Non obstante, os salarios dos traballadores incluídos nos grupos profesionais I, II, III, e IV terán un incremento superior ao mencionado porcentaxe con obxecto de alcanzar as contías dos salarios mínimos garantidos que en cómputo anual veñen establecidos na disposición adicional terceira do III Convenio Estatal da Madeira 2007-2011. Coñecido o incremento definitivo do IPC real do ano 2010, procederase a efectuar unha revisión das táboas anteriores na porcentaxe que resulte da diferenza positiva entre a variación do IPC anual e 1,2 puntos. Esta revisión adicional non será de aplicación aos salarios fixados para os grupos profesionais I, II, III e IV, pola razón da superior porcentaxe de incremento salarial aprobado e, en consecuencia, os salarios destes grupos entenderanse a tódolos efectos como definitivos para o ano 2010. Art. 31.- Condicións salariais 1.- As contías económicas dos conceptos retributivos de salario base, plus de asistencia e plus de transporte establecidas para cada unha das categorías profesionais no Convenio Colectivo vixente no ano 2008 increméntanse no tres trinta por cento (3,30 %) para o ano 2009. 2.- Non obstante, no presente convenio tamén se recollen os incrementos precisos para adecuar a clasificación profesional anterior ao novo sistema de grupos profesionais e aos salarios mínimos garantidos para cada grupo, todo iso de acordo co establecido nas disposicións adicionais primeira, segunda e terceira do vixente III Convenio Estatal da Madeira 2007-2011. 3.- A aplicación do citado incremento reflíctese nas táboas salariais que figuran detalladas no Anexo I.	1,8
TINTURERÍAS, LAVANDERÍAS E REPASADO DE ROUPA	Convenio colectivo	96,01	01/01/2009	31/07/2012	125	480	0,8	Non	Artigo 11. -Retribucións. Os salarios mínimos do persoal comprendido no ámbito de aplicación deste convenio son os recollidos nas táboas salariais anexas. Para o ano 2009 o incremento salarial será do 2,11% sobre as táboas salariais publicadas para o ano 2008. SEGUNDO TÁBOAS. Para o ano 2010 o incremento salarial será o 0,8%, igual á porcentaxe de incremento de IPC real no ano 2009. SEGUNDO TÁBOAS Para o ano 2011 o incremento salarial será igual á porcentaxe de incremento de IPC real no ano 2010, garantíndose en todo caso un incremento do 0,5% sobre os salarios do ano 2010. Para o ano 2012 desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo, o incremento salarial será igual á porcentaxe de incremento de IPC real no ano 2011 máis 0,5% puntos, garantíndose en todo caso un incremento do 0,5% sobre os salarios do ano 2011.	
TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS POR ESTRADA	Convenio colectivo	49,3	01/01/2010	31/12/2011	100	1.607	1	Non	Artigo 4.-Táboas salariais. Para o ano 2010 (con efectos do 1 de xaneiro do 2010) establécese unha subida salarial do 1% en todos os conceptos salariais e extrasalariais. Para o ano 2011 (con efectos do 1 de xaneiro do 2011) establécese unha subida salarial do IPC real do ano 2010 máis 0,75% en todos os conceptos salariais e extrasalariais. Os atrasos derivados da aplicación destas porcentaxes aboaranse por metades nas nóminas dos dous meses seguintes a aquel no que se coñeza o dado do INE, agás para o ano 2010 que se aboarán por metades nas nóminas dos dous meses seguintes ao da súa publicación.	

A CORUÑA - CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS E REVISADOS

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
ACTEMSA, S.A.	Convenio colectivo	10,2	01/01/2010	31/12/2011	1	75	1,5	Si	ARTIGO 16. -Percepcións salariais. Ano 2010.- As retribucións serán as establecidas no anexo I deste convenio (incremento do 1,5% sobre a táboa salarial do ano 2009). Para o caso de que o IPC real do ano 2010 supere o 1,5% procederase á revisión salarial pola diferenza existente entre ese 1,5% e o IPC real definitivo do ano 2010. Ano 2011.- As retribucións para este ano serán as que resulten de aplicar un incremento do 2% sobre a táboa salarial definitiva do ano 2010. Para o caso de que o IPC real do ano 2011 supere o 2% procederase á revisión salarial pola diferenza existente entre ese 2% e o IPC real definitivo do ano 2011. A mesma suba experimentarán aqueles conceptos económicos que por razón da súa natureza non estean fixados sobre o salario base.	1,5
ANGEL LOPEZ SOTO, S.L. (Centro de traballo de Couso - Aguiño)	Convenio colectivo	10,22	01/01/2010	31/12/2010	1	170	1,5	Si	Artigo 5.º.-RETRIBUCIÓNS SALARIAIS. Os soldos e salarios correspondentes para o presente convenio, son os que figuran na táboa salarial anexa, e supón un incremento respecto os vixentes o 31 de decembro de 2009, de 1.5%. Efectuarase unha revisión salarial, se o IPC rexistrado a 31 de decembro de 2010 superase o 1.5%. A revisión levarase a cabo unha vez se constate oficialmente, e pagarase con efectos do 1 de xaneiro do 2010.	1,5
ASPANEPS	Convenio colectivo	88	01/01/2010	31/12/2010	1	12	0,8	Si	Disposición transitoria primeira. Cláusula de garantía salarial. As táboas salariais correspondentes a cada ano de vixencia do Convenio confeccionaranse e serán aplicadas con efectos do mes de xaneiro de cada un deles, tomando como base neste primeiro ano de aplicación as que figuran no anexo I e aplicando nos anos posteriores, para todos os conceptos salariais, o IPC real do ano anterior. Non obstante, co obxecto de garantir o mantemento do poder adquisitivo dos/as traballadores/as, terase en conta, na elaboración destas táboas no ano seguinte, a desviación, no seu caso, do IPC real co aplicado para ese ano. */Na acta de acordo da revisión salarial 2010 indica: Acordos: Apróbase a subida salarial para o ano 2010 de acordo coa disposición transitoria primeira - cláusula de garantía salarial do convenio de aplicación (código convenio 1504472) con efectos dende o 1 de xaneiro de 2010. Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión.	
AUGAS MUNICIPAIS DE ARTEIXO, S.A - AUGARSA	Convenio colectivo	36	01/01/2010	31/12/2010	1	12		Non	Artigo 14.-Salario base. Para o ano 2010 o salario base de convenio é o fixado na táboa anexa n.º I. Os salarios para o ano 2011 serán os acordados nunha futura negociación colectiva, tomando como base as cantidades sinaladas na táboa anexa 1 do presente convenio incrementados na variación real experimentada polo IPC a 31 de decembro de 2010, segundo os datos publicados polo INE".	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - INTERPARROQUIAL DA CORUÑA	Convenio colectivo	88	01/01/2010	31/12/2012	1	75		Non	Artigo 20. -Disposicións xerais. (no CAPÍTULO V. -RÉXIME RETRIBUTIVO) A retribución do persoal afectado polo presente convenio estará integrada polos seguintes conceptos: a) Salario base. b) Antigüidade. c) Complementos: Nocturnidade, domingos e festivos, festivos especiais, transporte. d) Pagas extraordinarias. Artigo 21. -Salario base. Constitúeo a retribución do traballador, que virá determinada polo grupo e a categoría profesional a que pertenza. Se a xornada realizada fose inferior á pactada no presente convenio, o salario base reducirase proporcionalmente. Artigo 32. -Retribución do persoal eventual ou temporeiro, os servizos dos cales non excedan de 180 días: 1) Os traballadores eventuais ou temporeiros, cuxos servizos non excedan de 180 días, devengarán a súa retribución por día efectivo de traballo, incluíndo no importe do día a parte proporcional da retribución dos domingos e festivos, así como das dúas pagas extraordinarias correspondentes ao salario de 30 días cada unha delas, rateadas anualmente por cada día de traballo, tomando como referencia para o cálculo do salario diario, a retribución da táboa salarial do presente convenio de acordo coa categoría profesional desempeñada, que no caso de ser mensual se dividirá por trinta. 2) Para os traballadores que traballen por horas, e con relación laboral de eventuais ou temporeiros, devengarán a súa retribución por hora efectiva traballada, incluíndo no importe da hora a parte proporcional da retribución dos domingos e festivos, así como das dúas pagas extraordinarias correspondentes ao salario de 30 días cada unha delas, rateadas anualmente por cada hora traballada, tomando como referencia para o cálculo do salario por hora, a retribución da táboa salarial do presente convenio de acordo coa categoría profesional desempeñada, que no caso de ser mensual se dividirá por trinta, e multiplicarase o importe resultante por sete e dividirase por corenta.	
CONCELLO DE BERGONDO - Acordo regulador funcionarios	Acordo regulador	84,11	06/11/2010	31/12/2012	1	21		Non		
CONCELLO DE BERGONDO - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	03/11/2010	31/12/2012	1	66		Non		
CONCELLO DE CAMARIÑAS - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	30/03/2010	29/03/2012	1	60		Non	DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS Primeira. As retribucións básicas do persoal laboral serán inicialmente as establecidas pola Lei de orzamentos xerais do Estado e tal como se define neste CC no capítulo III. Segunda. A actualización salarial farase como se acorde trala negociación do convenio e segundo a RPT. Mentres non se aprobe a RPT o Concello de Camariñas procederá á actualización retributiva efectiva entre o persoal laboral e funcionario, en base ao principio de igual traballo igual salario. O Concello comprométese a dotar de partida económica suficiente para iniciar a aplicación económica da RPT no ano 2010, segundo os termos que se acorde na súa negociación.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
CONCELLO DE NARÓN - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	01/01/2009	31/12/2011	1	30		Si	Disposición Adicional Primeira.- Revisión salarial 1. No suposto de que o incremento anual de índices de prezos ao consumo (IPC) ao 31 de decembro de 2009 supere o 2% (IPC previsto), realizarase unha revisión económica no exceso producido, con efecto retroactivo desde o 1.1.2009. O mesmo criterio fixado no parágrafo anterior operará, se fose o caso, para a revisión económica dos anos 2010 e 2011, cando o IPC ao 31 de decembro, supere o IPC previsto nos orzamentos xerais do Estado, efectuándose unha revisión económica no exceso producido, con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro do ano correspondente. 1.- O Concello aplicará unha revisión salarial ao persoal incluído no ámbito de aplicación do presente Acordo, no caso de que o IPC previsto sexa superado polo IPC interanual rexistrado no mes de novembro do exercicio correspondente. 2.- Os atrasos correspondentes á revisión salarial calcularanse sobre a suma de todos os conceptos retributivos percibidos durante o exercicio correspondente, e faranse efectivos na nómina do mes de xaneiro do ano seguinte. A revisión salarial será consolidable a todos os efectos.	
CONCELLO DE ORTIGUEIRA - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	27/04/2010	26/04/2014	1	65		Non	No Artigo 39º (Estrutura retributiva) indica (para parte): En virtude da asimilación que se recoñece a todo o persoal laboral deste concello, en materia retributiva, a súa estrutura é a seguinte: 1. Retribucións básicas: estas retribucións comprenden o soldo base, trienios e pagas extraordinarias, reguladas polas disposicións legais vixentes en cada momento, de acordo coas que correspondan ao corpo ou escala ao que se atope asimilado o traballador. 2. Retribucións complementarias: estas retribucións comprenden o complemento equivalente do de destino e o complemento equivalente do específico. .... A Relación de Postos de Traballo establecerá os sistemas retributivos a aplicar así como os complementos de cada posto de traballo, así como as características propias de cada posto. 3. A contía dos trienios, será igual a prevista para os funcionarios deste concello. 4. As cantidades pertencentes ao soldo base e aos seus complementos cando así veñan fixados pola Relación de Postos de Traballo, actualizaranse no mes de xaneiro de cada ano natural de conformidade co establecido na lexislación aplicable na materia ao persoal ao servizo das Administracións Públicas.	
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA - Persoal funcionario e laboral	Convenio colectivo	84,11	04/02/2010	31/12/2012	1	200		Non	Art. 1.4.-Revisión salarial. Durante o período de vixencia do acordo/convenio, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine a lexislación do Estado para o persoal o servizo das Administracións Públicas, sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo.	
CONCELLO DE TEO - Acordo regulador persoal funcionario	Acordo regulador	84,11	27/04/2010	31/12/2011	1	25		Si	Disposición adicional sexta. Actualización das contías das retribucións. Durante o período de vixencia do presente acordo, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine a lexislación do Estado para o persoal ao servizo das Administracións Públicas, sen prexuízo das adecuacións necesarias para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden relación co contido, especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo, así como as que se deriven do grado de consecución dos obxectivos fixados e do resultado individual da súa aplicación. En todo caso, durante a vixencia do presente acordo, o Concello de Teo comprométese a que o poder adquisitivo dos salarios do persoal ao seu servizo non se vexa diminuído por mor da desviación do Índice de Prezos ao Consumo, en relación coas revisións salariais derivadas da cláusula anterior.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
CONCELLO DE TEO - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	27/04/2010	31/12/2011	1	50		Si	Disposición adicional oitava. Actualización das contías das retribucións. Durante o período de vixencia do presente convenio, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine a lexislación do Estado para o persoal o servizo das administracións públicas, sen prexuízo das adecuacións necesarias para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden relación con contido, especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo, así como as que se deriven do grado de consecución dos obxectivos fixados e do resultado individual da súa aplicación. En todo caso, durante a vixencia do presente convenio colectivo, o Concello de Teo comprométese a que o poder adquisitivo dos salarios do persoal ao seu servizo non se vexa diminuído por mor da desviación do Índice de Prezos ao Consumo, en relación coas revisións salariais derivadas da cláusula anterior.	
CONCELLO DE VEDRA - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	05/06/2010	31/12/2011	1	43		Non	Disposición adicional Cuarta. Actualización das contías das retribucións. Durante o período de vixencia do presente convenio, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine a lexislación do Estado para o persoal o servizo das Administracións Públicas, sen prexuízo das adecuacións necesarias para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden relación con contido, especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo, así como as que se deriven do grado de consecución dos obxectivos fixados e do resultado individual da súa aplicación.	
CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MUSICA	Convenio colectivo	90	01/01/2010	31/12/2012	1	102		Non	Artigo 29. - Conceptos retributivos Artigo 30. - Táboas salariais	
DISTRIGALICIA, S.L.	Convenio colectivo	46,1	01/01/2009	31/12/2011	1	65	1	Si	Art. 21. Salarios. O incremento salarial para o ano 2009 nos salarios base será do 2%, sobre o salario base e plus lineal que se percibise, por cada traballador/a afectado, no ano 2008. En todo caso as táboas salariais para o ano 2009 serán as que figuran no ANEXO II do presente convenio. Con carácter extraordinario as categorías de operario de loxística e auxiliar administrativo incrementarán o seu salario base e plus lineal no 2009 nun 2,2%. O incremento salarial para o ano 2010, será o resultante da aplicación do IPC real do 2009 máis un diferencial do 0,2%. En todo caso, e se o citado incremento fose inferior a un 1%, todos os traballadores/as afectados/as polo presente convenio terán garantido un incremento mínimo dos salario base e plus lineal para o 2010, dun 1% para todos os grupos profesionais. Neste caso, aqueles traballadores que froito da nova adaptación aos grupos profesionais visen modificadas as súas condicións, terán garantido un incremento do 1% sobre as contías do salario base e plus lineal que percibisen no ano 2009. Desde o 1 de xaneiro de 2010, dentro do grupo profesional F, equipararanse as retribucións do persoal encadrado nos postos de operario de loxística ás de auxiliares administrativos. O incremento salarial para o terceiro ano de vixencia, será acordado de forma expresa pola comisión negociadora, no último trimestre do ano 2010, manténdose, ata que se alcance o acordo definitivo, inalterados os salarios e nas mesmas contías que corresponda ao ano 2010. Os incrementos correspondentes ao complemento lineal do convenio acumularanse ao salario basee manténdose o complemento na súa mesma contía. As traballadoras e traballadores que con anterioridade a vixencia do presente convenio viñesen percibindo algún complemento ou plus de carácter salarial e independentemente da súa natureza, e que non estean regulados expresamente no presente convenio, manterán os mesmos. Art. 24. Revisión salarial. Se a 31 de decembro de 2009 o IPC real do citado ano superase o 2% anual, efectuarase unha revisión salarial, axiña que se constate tal circunstancia polo INE, na porcentaxe que, no seu caso, exceda sobre a indicada cifra. As cantidades que puidesen resultar como consecuencia da aplicación da presente cláusula de revisión salarial, serán aboadas con carácter retroactivo desde o un de xaneiro de 2009. Se a 31 de decembro de 2010 o IPC real do citado ano superase o incremento aplicado en xaneiro (IPC real 2009 + 0,2%, ou o mínimo do 1%) efectuarase unha revisión salarial, axiña que se constate tal circunstancia polo INE, no exceso sobre a indicada cifra, é dicir sobre a realmente aplicada como incremento para o citado ano. Esta cantidade aplicarase con carácter retroactivo desde o un de xaneiro de 2010.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
EMPRESA MUNICIPAL AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. - EMALCSA	Convenio colectivo	36	01/01/2008	31/12/2010	1	148	1,8	Si	Artigo 3. - Normativa de revisión do presente convenio colectivo. Será causa abonda para que ambas as dúas representacións poidan pedir a revisión deste convenio, o feito de que disposicións legais, regulamentarias ou oficiais modificasen as actuais condicións económicas, ou que se pacte, lexisle ou promulguen disposicións a nivel territorial, de ámbito superior ao deste convenio colectivo, e que superen as súas condicións económicas e sociais. A táboa salarial que rexerá dende o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008 será a que figura no anexo I, o que supón un 1,4% de incremento sobre a que estaba en vigor o 31 de decembro de 2007. A táboa salarial que rexerá dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2009 será a que figura no Anexo I, o que supón un 3,8% de incremento sobre a que estaba en vigor o 31 de decembro de 2008. Aplicarase tamén a mesma suba, con respecto ao ano 2008, ao resto de conceptos salariais. Pagarase, ao mes seguinte da sinatura do convenio colectivo, un incremento salarial do 1,8% sobre a táboa salarial a 31-12-2009, para o ano 2010, en todos os conceptos salariais. Unha vez coñecido o IPC oficial, efectuarase, para o ano 2010, unha revisión salarial dun 0,25% por enriba do IPC oficial. A devandita revisión pagarase no primeiro trimestre de 2011, servindo tamén como base de cálculo para o incremento salarial do devandito ano.	1,45
HOTEL HESPERIA - PEREGRINO (HOTELERA DEL NOROESTE, S.A.)	Convenio colectivo	55	01/01/2009	31/12/2010	1	35	1,5	Si	ARTIGO 3.º.-SISTEMA DE RETRIBUCIÓN. A retribución salarial do persoal afectado polo presente convenio consistirá nun salario base con arrego ás distintas categorías profesionais, ao que se lle sumarán os complementos e pluses que se pactan. Para o ano 2009 aplicarase unha suba salarial do 1%. Para o ano 2010 aplicarase un incremento do 1,5% revisable ao IPC a final de ano, que afectará igualmente a todos os conceptos retributivos.	1,5
HOTEL RIAZOR CORUÑA, S.L.- Persoal que presta servizos no Hotel e Cafetería Riazor	Convenio colectivo	55,1	01/01/2009	31/12/2011	1	42	2	Si	No ARTIGO VII. -RETRIBUCIÓNS, indica: Para o ano 2009 aumentarase ás táboas de 2008 o 2%. Para o ano 2010 aumentarase ás táboas de 2009 o IPC do 2010 máis 1,5 puntos. Para o ano 2011 aumentarase ás táboas de 2010 o IPC do 2011máis 1 punto. Durante os anos 2009, 2010 e 2011 a suba mínima será do 2%	2,5
INDASA (Industrial de Acabados, S.A.) - Centros de Navantia en Fene e Ferrol	Convenio colectivo	33,15	01/01/2009	31/12/2011	1	180	1,5	Si	Artigo 11º. - Incremento salarial. Os incrementos dos salarios e dos outros conceptos retributivos serán os seguintes: a) Para o ano 2009, incremento do 3,25%. b) Para os anos 2010 e 2011, os incrementos pactados eses anos no Convenio Provincial para a Industria Siderometalúrxica da Coruña. Os atrasos resultantes da aplicación do Convenio Colectivo aboaranse nos dous meses seguintes á data en que se asine o devandito Convenio. Artigo 12º. - Cláusula de revisión salarial. Finalizado o exercicio 2009 procederase a unha revisión salarial consistente en aplicar a diferenza positiva entre o incremento pactado e o IPC dende a data en que este último supere o 2% e ata o 31 de decembro. Este incremento, en caso de operar, integrarase na base de cálculo para o incremento do ano 2010. Para o segundo e terceiro ano de vixencia do Convenio Colectivo aplicarase o mesmo criterio dende a data en que o IPC real supere o previsto e ata o 31 de decembro dos exercicios 2010 e 2011, respectivamente. As devanditas revisións salariais aboaranse nunha soa paga durante o primeiro trimestre dos anos 2009, 2010 e 2011.	1,25

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
INDUSTRIAS DEL TABLERO, S.A. - INTASA	Convenio colectivo	16,21	01/01/2009	31/12/2010	1	116	1,25	Non	29.1. SALARIO BASE. É o que figura no ANEXO I para cada categoría profesional. Para o ano 2009, como resultado de aplicar o incremento do 0,80%, ás táboas ata agora vixentes. Para 2010, o incremento é do 1,25%. Art. 30. INCREMENTO SALARIAL. Todos os conceptos salariais que se recollen neste convenio, a excepción feita da antigüidade, se incrementan, sobre os valores de 2008, como xa quedou dito no art. 29, no 0,80% para 2009 e no 1,25% para 2010.	
ISOWAT MADE S.L. - Centro de traballo da Coruña	Revisión Salarial	27	01/01/2010	31/12/2010	1	160	2,25	Si	Artigo 35. - INCREMENTO SALARIAL Os niveis salariais vixentes para o ano 2008 son os que se detallan no Anexo II. Para o ano 2009 acórdase incrementar todos os niveis salariais vixentes do ano 2008, desde o 1 de xaneiro, nun 1,25% por enriba do IPC que prevexa o Goberno para ese mesmo ano. Para o ano 2010 acórdase incrementar todos os niveis salariais vixentes do ano 2009, desde o 1 de xaneiro, nun 1,25% por enriba do IPC que prevexa o Goberno para ese mesmo ano. A data 1 de xaneiro de 2009, o valor das horas de viaxe e horas extras será incrementado nun 1,25% por enriba do IPC que prevexa o Goberno para ese mesmo ano. A data 1 de xaneiro de 2010, o valor das horas de viaxe e horas extras será incrementado nun 1,25% por enriba do IPC que prevexa o Goberno para ese mesmo ano. Artigo 36. - REVISIÓN SALARIAL No caso de que o IPC real de cada un dos anos de vixencia do presente convenio supere o IPC previsto polo Goberno, efectuarase unha revisión salarial sobre os niveis do Anexo II, no exceso sobre a indicada cifra e aplicado sobre os niveis do Convenio Colectivo do ano anterior, non podendo ser absorbido. Tal incremento terá carácter retroactivo desde o mes en que o IPC real supere o IPC previsto e aboarase nunha soa paga no primeiro trimestre do ano seguinte. Este novo incremento en caso de operar conformará un novo parámetro como base de cálculo para o ano seguinte. Artigo 4. - ÁMBITO TEMPORAL E DENUNCIA O Convenio Colectivo entrará en vigor no momento da súa sinatura polas partes que o subscriben, agás no concernente ás táboas salariais anuais que se xuntan como Anexos II, III, IV, V, VI, XI e XII ao presente Convenio, as vixencias do cal se retrotraen ao 1 de xaneiro de 2008, manténdose a súa duración ata o 31 de decembro de 2010. Para o segundo ano de vixencia, as novas táboas salariais aplicaranse desde o día 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2009, e para o terceiro ano de vixencia, as novas táboas salariais aplicásense desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010. Ao remate da vixencia temporal do presente Convenio e en tanto non se substitúa por un novo, quedará vixente o seu contido normativo. A denuncia deberá ser efectuada no período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro do ano en que remate a súa vixencia ou de calquera das súas posibles prórrogas. Ambas as dúas partes comprométense a iniciar a negociación dun novo Convenio con dous meses de antelación á finalización da súa vixencia.	1,67

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
LIMPIEZAS XALO, S.L. - Limpeza viaria do concello de Culleredo	Revisión Salarial	38,11	01/01/2010	31/12/2010	1	12	3	Si	Artigo 24. -Salario. A retribución de cada traballador estará composta polo salario base do convenio e os complementos que para cada actividade e categoría se determinan en táboa salarial anexa. Para o ano 2009 incrementaranse todos os conceptos económicos na porcentaxe do IPC previsto máis dous puntos (2%). Para o ano 2010 incrementaranse todos os conceptos económicos na porcentaxe do IPC previsto máis dous puntos (2%). Homologaranse nun período de cinco anos a todos os traballadores novos contratados ao salario real do resto dos traballadores. Artigo 26. -Revisión salarial. No caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo Instituto Nacional de Estatística (INE) rexistrase ao finalizar cada ano de vixencia un incremento superior ao IPC previsto, efectuarase unha revisión salarial da táboa anexa tan pronto se constate oficialmente no exceso sobre a indicada cifra con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de cada ano.	2
MANTENIMIENTOS INTEGRALES DE FERROL, S.L.- MAINFER (Centro de traballo de NAVANTIA - Ferrol - antes Izar)	Convenio colectivo	81,2	01/01/2009	31/12/2011	1	65	2	Si	No ART. 23. -REMUNERACIÓN. no apartado f) Incremento Salarial indica: ANO 2010 Incrementaranse os conceptos salariais do ano 2009 nun 2%. Garantirase, ao final do ano, unha revisión salarial sempre e cando o IPC real supere o 2% de incremento (en todos os conceptos económicos con efectos retroactivos dende 1 de xaneiro de 2010). Agás a contía de horas extraordinarias (art. 15). ANO 2011 Despois de aplicar a revisión salarial correspondente ao ano 2010, incrementaranse todos os conceptos económicos no IPC previsto para este ano máis un 0,5%. Garantirase, ao final do ano, unha revisión salarial correspondente á diferenza entre o IPC previsto e o IPC real en todos os conceptos económicos con efectos retroactivos dende 1 de xaneiro de 2011. Agás a contía de horas extraordinarias (art. 15). No suposto que o IPC real ao final de cada ano fose superior ao IPC previsto establecido polo Goberno, efectuarase unha revisión á alza dos salarios pactados correspondentes á diferenza entre o IPC real e o IPC previsto, aboándose esta con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de cada ano. Unha vez aplicada a revisión salarial, e configuradas as novas táboas, aplicarase o incremento salarial do ano seguinte.	1
MEGASA SIDERÚRGICA, S.L.	Convenio colectivo	24	01/01/2008	31/12/2011	1	201	2	Non	Artigo 3º. -ÁMBITO TEMPORAL. – A duración do presente convenio será de catro anos contados a partir do 1º de xaneiro de 2008, sempre que o mesmo sexa debidamente rexistrado pola autoridade laboral competente. Para o ano 2008, e con efectos desde o primeiro de xaneiro do devandito ano, acórdase incrementar no dous con seis por cento (2,6%) en relación co anterior Convenio, os seguintes conceptos: Salarios Base, Horas Extraordinarias, "Primas de produción", "Plus de Traballo en Festivo", "Plus de turnicidade" e a denominada "Gratificación". Para o ano 2009, e con efectos do primeiro de xaneiro dese ano, o incremento será do un con catro por cento (1,4%), o cal se aplicará sobre os conceptos relacionados no parágrafo anterior. No ano 2010, con efectos do primeiro de xaneiro do devandito ano, o incremento será do dous por cento (2%) e, igualmente, aplicarase sobre os conceptos relacionados no primeiro parágrafo desta cláusula. Adicionalmente, desde o mes da sinatura do convenio procederase segundo o previsto no artigo 9º no que se refire ao concepto denominado "Gratificación". E para o ano 2011, o incremento estará constituído polo IPC correspondente ao ano 2010 (e publicado polo INE), máis cero con vinte e cinco (IPC 2010 + 0,25), e aplicarase sobre os conceptos relacionados no primeiro parágrafo deste artigo. En todo caso garántese que o incremento a aplicar en 2011 será do cero con vinte e cinco por cento (0,25%). Ao igual que en 2010, no concepto denominado "Gratificación", procederase do xeito reflectido no artigo 9º.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
SERTOSA NORTE, S.L. - REMOLQUE NO PORTO DA CORUÑA (TRÁFICO INTERIOR)	Convenio colectivo	50	01/01/2010	31/12/2014	1	28	0,8	Non	7.4 Incrementos a.a) Os conceptos de Salario Base, Plus de Embarque, Telefonía, Plus Ad Personam, Plus de 24 horas e Manutención, incrementásense para cada un dos anos de vixencia do convenio no IPC real ao 31 de decembro do ano anterior a.b) Para o ano 2010 o 0,75% do importe bruto anual dos anteriores conceptos, dividido entre 12, sumarase ao Plus de 24 horas. Para os anos 2011, 2012, 2013 o incremento será do 0,50% e para o ano 2014 do 1% b.a) O resto de conceptos salariais e non salariais, agás o seguro de vida e accidentes incrementaranse: - Para o ano 2010 IPC real do 2009 +0,75% - Para o ano 2011 IPC real do 2010 +0,50% - Para o ano 2012 IPC real do 2011 +0,50% - Para o ano 2013 IPC real do 2012 +0,50% - Para o ano 2014 IPC real do 2013 +1,00% c.a) A ano vencido, en xaneiro de cada ano sempre e cando o número total de remolcadores utilizados nas manobras que se realicen en porto o ano anterior, exceda de 1.975 aboarase a cada tripulante unha prima non consolidable equivalente ao 2,00%, porcentaxe que a Empresa garante para o ano 2010, do seu salario bruto anual ou do 2,50% se as manobras excedesen de 2.075. Acórdase expresamente que se o IPC resultante nalgún dos anos de vixencia do convenio fose negativo, se consideraría como 0.	
SERUNIÓN S.A. - PERSOAL DA CAFETERÍA DE PERSOAL DO CHUAC (antes COMPLEXO HOSPITALARIO JUAN CANALEJO - MARÍTIMO OZA)	Convenio colectivo	56,29	01/01/2010	31/12/2010	1	24	0,8	Non	Artigo 5º do convenio.-Prórroga. Ao cumprir a data do seu vencemento, o convenio prorrogarase tacitamente de ano en ano, de non mediar denuncia por calquera das partes contratantes cun mes, como mínimo, de antelación á data de expiración. De non prorrogarse pola tácita, todos os conceptos económicos incrementaranse no IPC (índice de prezos ao consumo) establecido polo INE (Instituto Nacional de Estatística). Na acta de acordo do 02.06.2010 indica: PACTOS 1. SALARIO. Revísanse as contías dos conceptos detallados no seguinte apartado con base a un 0,8% (índice de prezos ao consumo final en 2009). (Texto segundo o orixinal da acta)	
SILICIO FERROSOLAR, S.L. (Fábrica de Sabón - Arteixo)	Convenio colectivo	24,1	01/01/2010	31/12/2011	1	19		Non	Art. 3.1 - Soldo, Salario Persoal Empregado: O seu soldo, segundo ás táboas salariais, durante os anos 2010 e 2011. Sendo o establecido na táboa salarial anexa a este Convenio. Persoal Obreiro: O salario, segundo as táboas, durante os anos 2010 e 2011. Sendo o establecido na táboa salarial anexa a este Convenio. DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA No suposto de que todos os importes establecidos no presente Convenio foran acordados con anterioridade á firma das revisións salariais do Convenio de Ferroatlántica S.L (fábrica de Sabón), aplicaranse con carácter retroactivo estes últimos a Silicio Ferrosolar, S.L.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
SOCIEDAD ESTATAL DE ESTIBA Y DESESTIBA DEL PUERTO DE FERROL, S.A. (SEYDFE)	Convenio colectivo	52,24	01/01/2007	31/12/2010	5	21	0,45	Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 0,45% Art.21 - SALARIO BASE. O salario base ou de inactividade queda recollido no ANEXO-I (Páxs.25 e 26) Art.23 - XORNAIS, CAMBIO DE OPERACIÓN, PLUS DE ACTIVIDADE E COMPLEMENTOS DE I.T. Os días que o traballador preste servizos para as empresas estibadoras, en substitución do salario base diario ou de inactividade, percibirá durante os anos 2007, 2008, 2009 e 2010 os xornais establecidos na respectiva "TÁBOA SALARIOS DE OPERACIÓN", ANEXO-I (Páxs.25 e 26), de acordo ao traballo que desempeñe. De igual xeito, a diferenza entre os días laborais do mes (descontados os días laborais en I.T., vacacións e folga, faltas, descanso e permisos) e o número de xornais traballados no devandito mes determina a inactividade mensual, que se aboará a 43,08 / 44,53 / 46,03 e 46,24 euros/día nos anos 2007, 2008, 2009 e 2010 respectivamente. Os cambios de operación (reenganches) aboaranse segundo os valores recollidos nas respectivas columnas "Cambio de Operación -I" e "Cambio de Operación -II" das "TÁBOAS SALARIOS DE OPERACIÓN" ANEXO-I, (Páxs.25 e 26). Os valores dos "Cambios de Operación -I" serán de aplicación só a aqueles traballadores que, polo grao de polivalencia funcional alcanzado, poidan desenvolver tarefas de capataz, de oficial ou de especialista, as tres indistintamente, ou ben que, alcanzada xa a polivalencia funcional entre os Grupos I e II recollidos neste convenio, superaran, polo menos, as probas prácticas de acceso a capataz. En caso de baixa por incapacidade temporal por continxencias comúns ou por continxencias profesionais, en todas as baixas que se produzan a partir da data de sinatura do convenio, complementaranse as prestacións da Seguridade Social ata alcanzar o 100% das correspondentes ás respectivas bases de cotización do mes anterior ao da devandita baixa. Establécese un sistema de prima en función da cantidade de traballo realizado de forma que, superado por un estibador a realización de 22 xornais mensuais, percibirá no devandito mes unha prima por PLUS DE ACTIVIDADE de 36,68 / 37,92 / 39,20 e 39,38 euros nos anos 2007, 2008, 2009 e 2010 respectivamente, igual para as categorías dos Grupos I ao IV. Os labores complementarios, sen o carácter de servizo público a que se refire o artigo 6 do Real Decreto 371/1987, tales como a entrega e recepción de mercadorías, solicitadas á Sociedade de Estiba, serán realizadas prioritariamente por persoal do Grupo 0 Auxiliar, cuxo salario para 2007, 2008, 2009 e 2010, fixado partindo dos valores establecidos pola Comisión Mixta Sectorial, será de 894,95 / 925,11 / 956,29 e 960,59 euros brutos mensuais respectivamente por todos os conceptos (14 pagas ao ano). Este salario bruto mensual poderá incrementarse con complementos por cantidade de traballo que non poderán superar o 30% do referido salario.	
TELEVÉS, S.A.	Revisión Salarial	26	01/01/2010	31/12/2010	1	240	1,75	Si	No ARTIGO 21. º. TÁBOAS SALARIAIS. indica: O salario base e os complementos que se determinen neste convenio, rexerán dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008, de acordo cos seguintes incrementos: IPC previsto, con garantía do IPC real se supera ao previsto, máis 125€ lineais/ano. A partir do 1 de xaneiro de 2009 as táboas salariais modificaranse do seguinte modo: 2009: IPC previsto, con garantía do IPC real se supera ao previsto, máis 125€ lineais/ano. 2010: IPC previsto máis 0,75%, con garantía do 0,75% sobre o IPC real, se este supera ao previsto, máis 125€ lineais/ano. 2011: IPC previsto máis 0,75%, con garantía do 0,75% sobre o IPC real, se este supera ao previsto, máis 125€ lineais/ano. Todas as cantidades lineais antes indicadas intégranse nunha nova paga de marzo.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
UNIÓN DE EMPRESAS MADERERAS, S.A. - UNEMSA	Convenio colectivo	16,21	01/01/2010	31/12/2011	1	89	1	Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 1% Art. 16. º. - SALARIO BASE E OU DE CONVENIO. Os salarios base ou de convenio establecidos para cada categoría profesional por unidade de tempo son os que se recollen nas táboas do anexo I. Art. 5. º. - REVISIÓN. Este convenio será revisado unicamente en todos os seus efectos económicos o día un de xaneiro de dous mil once. Consistirá esta revisión na aplicación do IPC establecido polo INE durante o ano 2010 máis un 0,5%.	
URBASER, S.A. - Limpeza pública viaria e recollida de residuos sólidos urbanos no concello de Santiago de Compostela	Convenio colectivo	38,11	01/01/2009	31/12/2012	1	140	0,7	Si	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 0,7% Artigo 16. º. -Salarios. A suba salarial para o ano 2009 será do IPC real, resultante a 31 de decembro dese ano, é dicir do 0,8%, e aplicarase sobre todos os conceptos económicos do convenio e a todas as categorías. A cantidade que resulte de aplicar ao plus de transporte a porcentaxe de incremento pactado no convenio pasará a formar parte do salario base, quedando este plus conxelado na súa contía. Artigo 17. º. -Regularización salarial. Para os anos 2010, 2011 e 2012 aplicarase unha suba salarial equivalente ao IPC resultante a 31 de decembro de cada un dos anos. No mes de xaneiro de cada ano reunirase a comisión paritaria do convenio co fin de establecer o anticipo a conta a aplicar, mentres non se coñeza a suba real do IPC.	2,3
URBASER, S.A. - Servizo de limpeza pública viaria e regos e xestión do punto limpo do Concello de Ames	Revisión Salarial	38,11	01/01/2010	31/12/2010	1	16	2,3	Non	Artigo 24. -Incremento salarial. Para o ano 2008 acórdase o incremento salarial equivalente ao establecido na táboa salarial definitiva que figura no anexo I para o referido exercicio. A actualización de salarios efectuarase dentro dos dous meses seguintes a que sexa publicado o convenio no BOP. Para o ano 2009, acórdase un incremento da táboa salarial anexa equivalente ao IPC real estatal que resulte a 31 de decembro de 2008 máis 1,25%. Para o ano 2010, acórdase un incremento da táboa salarial para o ano 2009 equivalente ao IPC real estatal resultante a 31 de decembro de 2009, máis 1,50%. Para o ano 2011, acórdase un incremento da táboa salarial para o ano 2010 equivalente ao IPC real estatal que resulte a 31 de decembro de 2010, máis 1,75%. Para o ano 2012. acórdase un incremento da táboa salarial para o ano 2011 equivalente ao IPC real estatal que resulte a 31 de decembro de 2011, máis 2%. O incremento e actualización salarial como consecuencia dos acordos alcanzados neste artigo, levarase a efecto no momento que se constaten fidedignamente os IPC resultantes a 31 de decembro dos anos 2008, 2009, 2010 e 2011. En cada exercicio, a partir do momento en que se coñeza o referenciado IPC, logo de aprobación por empresa e a representación legal dos traballadores da correspondente acta e táboa salarial actualizada, procederase, sen esperar á súa publicación o BOP, a aplicar a nova táboa aprobada no prazo máximo do mes seguinte á súa aprobación. Como consecuencia da actualización de salarios, no caso de que se xerasen atrasos, aboaranse estes nunha soa paga durante o primeiro trimestre do ano. Na acta de acordo da revisión salarial 2010 indica: PRIMEIRO. - A reunión ten por obxecto a actualización das táboas salariais correspondentes ao ano 2010 de conformidade co establecido no artigo 24 do vixente Convenio Colectivo unha vez coñecido e constatado fidedignamente que a porcentaxe do 0,8% correspóndese ao IPC real xeral resultante a 31 de decembro do ano 2009. SEGUNDO. - Realizados os cálculos aritméticos necesarios (IPC real estatal a 31 de decembro de 2009 (0,8%+1,5%=2,3%) procédese á aprobación das táboas salariais resultantes que rexerán para o ano 2010 e que figuran como Anexo I da presente acta. TERCEIRO. - Ao mesmo, a teor do pactado e contido no artigo 21 da norma convencional, fíxase o importe para o ano 2010 do plus festivo e/ou domingo traballado en 10.-€/festivo e/ou domingo. Igualmente, segundo o disposto no mesmo artigo concrétase para o ano 2010 o importe do plus funcional de especialización no importe de 1,03.-€ por día efectivo de traballo.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
UTE MAESSA - LAINSA (SENAX UTE 2) - Limpeza industrial da central térmica de Endesa nas Pontes	Convenio colectivo	81,2	01/01/2010	31/12/2011	1	28	2,6	Si	ARTIGO 40.-REVISIÓN SALARIAL. O incremento pactado para o ano de vixencia deste convenio será: Para o ano 2010, IPC previsto (2%), máis 0,6. Para o ano 2011, IPC previsto (2%), máis 0,9. Páctase unha cláusula de revisión salarial para o ano 2010 que consistirá na diferenza entre o IPC real e o IPC previsto dese mesmo ano. A revisión terá efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2010. Páctase unha cláusula de revisión salarial para o ano 2011 que consistirá na diferenza entre o IPC real e o IPC previsto dese mesmo ano. A revisión terá efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2011.	2
VULCAROL, S.L. - Persoal da limpeza industrial da refinaría de Repsol Petróleo da Coruña	Revisión Salarial	81,2	01/01/2010	31/12/2010	1	17	2,25	Si	Artigo 9.º.-Salarios. Durante o ano 2008 os traballadores afectados polo presente convenio percibirán os salarios estipulados no anexo I. No ano 2009 aplicarase un incremento do IPC previsto polo goberno do estado máis o 1% para todos os conceptos económicos deste convenio. No 2010 o incremento será do IPC previsto máis o 1,25%. Artigo 46.º.-Revisión salarial. Sempre que o IPC real do ano 2008 fose superior ao 3,5%, realizarase unha actualización de táboas salariais con vixencia dende o 01.01.2008 na diferenza existente entre o IPC real no conxunto do Estado e o 3,5%. Sempre que o IPC real do ano 2009 fose superior ao inicialmente previsto, realizarase unha actualización de táboas salariais con vixencia dende o 01-01-2009 na diferenza existente entre o IPC previsto no conxunto do estado e o IPC real. Sempre que o IPC real do ano 2010 fose superior ao inicialmente previsto, realizarase unha actualización de táboas salariais con vixencia dende o 01-01-2010 na diferenza existente entre o IPC previsto no conxunto do estado e o IPC real. Dentro do mes de xaneiro de 2011 e unha vez coñecido o IPC real do ano 2010, reunirase a Comisión Paritaria deste convenio ao efecto de aplicar a revisión salarial que proceda. Unha vez chegado a acordo na negociación do convenio para 2011, recollerase no texto deste a porcentaxe total para aplicar para ese ano, que englobará o incremento pactado para o convenio así como a revisión aplicada no mes de xaneiro.	2

LUGO - CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS E REVISADOS

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
COMERCIO DA PEL E DO CALZADO	Revisión Salarial	47,72	01/01/2010	31/12/2010	126	110	1,75	Si	ARTIGO 9º.- RETRIBUCIÓNS.- Xúntanse como anexo I do presente convenio a táboa salarial revisada do ano 2005, que servirá de base para a aplicación do incremento salarial pactado para o ano 2006. Incremento salarial: Os salarios pactados no presente convenio para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 31 de decembro de 2006 figuran na táboa de salarios que se xunta como anexo II, que supón un incremento do 2,7% sobre a táboa de salarios do ano 2005 revisada. Os salarios pactados no presente convenio para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2007 ata o 31 de decembro de 2007 figuran na táboa de salarios que se xunta como anexo III, que supón un incremento do 4,2% sobre a táboa de salarios do ano 2006. Os salarios pactados no presente convenio para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008 figuran na táboa de salarios que se xunta como anexo IV, que supón un incremento do 2,5%, isto é, o IPC previsto polo Goberno para 2008 máis 0,5, sobre a táboa de salarios do ano 2007. Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009 os salarios do convenio se incrementarán no IPC previsto polo Goberno para o ano 2009 máis 0,75. Para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010 os salarios do convenio se incrementarán no IPC previsto polo Goberno para o ano 2010 máis 0,75. Cláusula de revisión: Para o terceiro ano de vixencia do convenio, isto é, para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008, establécese unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2008 supere o IPC previsto polo Goberno para este ano. Neste caso farase unha revisión no exceso que se producira con efectos dende o 1 de xaneiro de 2008. Da mesma forma, para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2009 establécese unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2009 supere o IPC previsto polo Goberno para este ano. Neste caso farase unha revisión no exceso que se producira con efectos dende o 1 de xaneiro de 2009. Finalmente, para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2010 establécese unha cláusula de revisión salarial para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 supere o IPC previsto polo Goberno para este ano. Neste caso farase unha revisión no exceso que se producira con efectos dende o 1 de xaneiro de 2010.	2
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN	Convenio colectivo	47,2	01/01/2010	31/12/2012	128	750	1,8	Non	Artigo 15º.- Salario base.- Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010 serán os recollidos na táboa salarial adxunta como Anexo I, supoñendo un incremento salarial do IPC real do ano 2009 máis 1 punto. Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2011 serán o resultado de aplicar sobre as táboas do ano 2010 incremento consistente no IPC real do ano 2010 máis 1,20 puntos sen que o incremento así calculado poida ser superior ao 2,25%. Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2012 serán o resultado de aplicar sobre as táboas do ano 2011 incremento consistente no IPC real do ano 2011 máis 1,30 puntos sen que o incremento así calculado poida ser superior ao 2,50%.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
COMERCIO TÉXTIL	Revisión Salarial	46	01/01/2010	31/12/2010	390	630	1,75	Si	Artigo 10. Salario base. Comprende, para o primeiro ano de vixencia do convenio, isto é, para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008, as retribucións que figuran no anexo II do presente convenio, resultado de aplicar a táboa salarial definitiva do ano 2007, recollida no anexo I do presente convenio trala súa revisión conforme ao disposto na cláusula de revisión salarial do artigo 10 do anterior convenio, un incremento do 2,5% correspondente ao IPC previsto polo Goberno para o 2008 máis 0,5 puntos. Para o segundo ano de vixencia do convenio, isto é, para o período que abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2009, acórdase un incremento salarial do IPC previsto polo Goberno para o ano 2009 máis 0,75 puntos. Para o terceiro ano de vixencia do convenio, isto é, para o período que abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2010, acórdase un incremento salarial do IPC previsto polo Goberno para o ano 2010, máis 0,75 puntos. Cláusula de revisión salarial: No caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro do 2008, sexa superior ao IPC previsto para este ano 2008, aplicarase unha revisión salarial polo dito exceso. Esta revisión terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2008. No caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2009, sexa superior ao IPC previsto para este ano 2009, aplicarase un revisión salarial polo dito exceso. Esta revisión terá efectos retroactivos desde 1 de xaneiro de 2009. En caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 sexa superior ao IPC previsto para este ano 2010, aplicarase unha revisión salarial polo dito exceso. Esta revisión terá efectos retroactivos desde 1 de xaneiro de 2010.	2
CONFEITERÍA, PASTELERÍA E REPOSTERÍA DE LUGO	Revisión Salarial	10,7	01/01/2010	31/12/2010	40	61	1,8	Non	ARTIGO 7. - RETRIBUCIÓNS. - O salario será para o primeiro ano de vixencia do convenio, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008, que figura na táboa salarial que se achega como anexo I e que é o resultado de aplicar os salarios do ano 2007 incremento consistente no 4,2%. O salario será para o segundo ano de vixencia do convenio, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009, o que figura na táboa salarial que se achega como anexo II e que é o resultado de aplicar, sobre os salarios do ano 2008, incremento consistente no IPC real estatal a 31 de decembro de 2008 máis 0,50. O salario será para o terceiro ano de vixencia do convenio, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010 que resulte de aplicar, sobre os salarios do ano 2009, incremento consistente no IPC real estatal a 31 de decembro de 2009 máis 1.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
INDUSTRIA DA EBANISTERÍA E AFÍNS	Convenio colectivo	31	01/01/2007	31/12/2011	205	1.200	2,3	Si	ARTIGO 10º.- SALARIOS: Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2007 serán os recollidos na táboa salarial que se xunta como anexo II, que supón un incremento dun 5,5% sobre a táboa salarial revisada do ano 2006. Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008 serán os recollidos na táboa salarial que se xunta como anexo III, que supón un incremento dun 3,3% sobre a táboa salarial do ano 2007. Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009 serán os recollidos na táboa salarial que se xunta como anexo IV, que supón un incremento dun 3,3% sobre a táboa salarial do ano 2008. Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010 serán o resultado de aplicar, sobre a táboa salarial do ano 2009, o incremento salarial consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano 2010 máis 1,3 puntos. As partes asinantes do presente convenio confeccionarán e aprobarán para a súa publicación a táboa salarial do ano 2010 conforme ao incremento recollido neste parágrafo tan pronto coñezan a Acta da Comisión Paritaria do III Convenio Colectivo Estatal da Madeira na que se acorde o incremento salarial para o ano 2010 e conforme ao aprobado nela. Establécese para o ano 2010 unha cláusula de revisión para o suposto de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 supere o 1%, no exceso desta cifra e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2010. O exceso, se tivera lugar, aboarase nunha soa paga no mes de febreiro do ano 2011. Os salarios establecidos para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2011 serán o resultado de aplicar, sobre a táboa salarial, no seu caso revisada, do ano 2010, o incremento salarial consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano 2011 máis 1,3 puntos. Establécese para o ano 2011 unha cláusula de revisión para o suposto de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2011 supere o IPC previsto polo Goberno para o mesmo ano, no exceso desta cifra e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011. O exceso, se tivera lugar, aboarase nunha soa paga no mes de febreiro do ano 2012.	2
INDUSTRIAS VINÍCOLAS, ALCOHOLEIRAS E SIDREIRAS	Revisión Salarial	11	01/01/2010	31/12/2010	105	363	3,5	Non	ARTIGO 7º.- SALARIO.- Tómase como punto de partida para os efectos de aplicar os incrementos salariais pactados para o presente convenio a táboa salarial revisada do ano 2007 que se adxunta ao presente texto como anexo I. 2008.- Os salarios establecidos para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2008 serán os recollidos na táboa salarial que se adxunta como anexo II, que supón un incremento con respecto ás táboas revisadas do ano 2007 dun 4%. 2009.- Os salarios establecidos para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2009 ao 31 de decembro de 2009 serán os recollidos na táboa salarial que se adxunta como anexo III, que supón un incremento con respecto ás táboas do ano 2008 dun 4%. 2010.- Para o ano 2010 os salarios para as distintas categorías serán o resultado de aplicar, sobre os salarios do ano 2009, incremento dun 3,5%. As partes asinantes do presente convenio procederán a confeccionar e publicar a correspondente táboa salarial do ano 2010 tan pronto coñezan o importe do salario mínimo interprofesional para dita anualidade.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS	Revisión Salarial	81,2	01/01/2010	31/12/2010	51	2.960	3,5	Si	Artigo 14º.- Salario.- Durante o primeiro ano de vixencia deste convenio, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008, os traballadores percibirán os salarios establecidos en táboa anexa - anexo I-, que reflicte un incremento global do 1,9% [IPC real do 2008 máis 0,50]. Para o segundo ano de vixencia deste convenio, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009, os traballadores percibirán os salarios establecidos en táboa anexa -anexo II-, que reflicte un incremento do 3%, sobre os salarios deste convenio do ano 2008. Para este segundo ano de vixencia -2009- establécese unha cláusula de revisión no suposto de que o IPC real a 31 de decembro de 2009 supere o IPC previsto polo Goberno para este mesmo ano, sen efectos retroactivos, e que se adicionará ás táboas servindo de base para o cálculo dos salarios do ano 2010. Para o terceiro ano de vixencia deste convenio, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010, aplicarase, sobre as táboas salariais, no seu caso revisadas, do ano 2009, incremento consistente no 3,5%. Para este terceiro ano de vixencia -2010- establécese igualmente unha cláusula de revisión no suposto de que o IPC real a 31 de decembro de 2010 supere o IPC previsto polo Goberno para este mesmo ano, sen efectos retroactivos, e que se adicionará ás táboas servindo de base para o cálculo dos salarios do ano 2011. O importe total que representa os incrementos pactados distribuirase da seguinte forma: 80% ao soldo base, 10% ao sobresoldo de transporte e 10% ao sobresoldo de asistencia.	Base 2011
OFICINAS E DESPACHOS DA PROVINCIA DE LUGO	Convenio colectivo	69,2	01/01/2008	31/12/2011	125	340	2	Si	ARTIGO 11. SALARIO BASE. Ano 2008.- Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008 serán os recollidos na táboa salarial adxunta como anexo I, o que supón un incremento salarial dun 1,4% sobre as táboas revisadas do ano 2007 [IPC real ano 2008]. Ano 2009.- Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 dedecembro de 2009 serán os recollidos na táboa salarial adxunta como anexo II, o que supón un incremento salarialdun 1,55% sobre as táboas do ano 2008 [IPC real ano 2009 máis 0,75 puntos]. Ano 2010.- Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2010 serán os recollidos na táboa salarial adxunta como anexo III, o que supón un incremento salarial dun 2% sobre as táboas do ano 2009, incremento consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano 2010 máis 1 punto. Establécese para o ano 2010 unha cláusula de revisión para o suposto de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 supere o 1%, no exceso desta cifra e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2010. Ano 2011.- Os salarios para as distintas categorías para o período que vai dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2011 serán o resultado de aplicar, sobre os salarios, no seu caso revisados, do ano 2010, un incremento consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano 2011 máis 1,5 puntos. Establécese para o ano 2011 unha cláusula de revisión para o suposto de que o IPC real estatal a 31 dedecembro de 2011 supere o IPC previsto polo Goberno para o mesmo ano, no exceso desta cifra e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2011. Aboamento de atrasos.- Para o aboamento dos atrasos correspondentes aos que haxa lugar como consecuencia da publicación do presente convenio establécese un prazo de dous meses dende a publicación do presente convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
PANADERÍAS	Revisión Salarial	10,7	01/01/2010	31/12/2010	250	750	1,75	Si	ARTIGO 25. - INCREMENTO SALARIAL. - Tómase como punto de partida aos efectos de aplicar os incrementos salariais pactados para o presente Convenio a táboa salarial revisada do ano 2006 que se xunta ao presente Convenio como anexo I. 2007: Os salarios establecidos para as distintas categorías para o período de vai desde o 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro de 2007 serán os recollidos na táboa salarial que se xunta como anexo II, supoñendo un incremento salarial con respecto ás táboas do ano 2006 dun 4,2%. 2008: Os salarios establecidos para as distintas categorías para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2008 ao 31 de decembro de 2008 serán os recollidos na táboa salarial achegada como anexo III, supoñendo un incremento salarial con respecto ás táboas do ano 2007 do IPC previsto polo Goberno para o ano 2008 máis 1 punto, isto é, un 3%. Establécese para o ano 2008 unha cláusula de revisión para o suposto de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2008 rexistre un incremento superior ao IPC previsto polo Goberno para o ano 2008. Neste caso farase unha revisión salarial no exceso da cifra indicada con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2008, servindo de base para aplicar o incremento do ano seguinte. 2009: Os salarios para as distintas categorías para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2009 ao 31 de decembro de 2009 serán o resultado de aplicar sobre as táboas, no seu caso revisadas, do ano 2008 o incremento salarial consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano 2009 máis 0,75 puntos. Establécese para o ano 2009 unha cláusula de revisión de modo que, se o IPC real estatal a 31 de decembro de 2009 resulta inferior ou igual a 2,5%, garántase 1 punto por enriba do IPC real. Para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2009 resulte superior ao 2,5%, garantiranse 0,75 puntos por enriba do IPC real. En ámbolos dous casos a revisión terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2009, servindo de base para aplicar o incremento do ano seguinte. 2010: Os salarios para as distintas categorías para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2010 ao 31 de decembro de 2010 serán o resultado de aplicar sobre as táboas, no seu caso revisadas, do ano 2009 o incremento salarial consistente no IPC previsto polo Goberno para o ano 2010 máis 0,75 puntos. Establécese para o ano 2010 unha cláusula de revisión de modo que, se o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 resulta inferior ou igual ao 2,5%, garántase 1 punto por enriba do IPC real. Para o caso de que o IPC real estatal a 31 de decembro de 2010 resulte superior ao 2,5%, garantiranse 0,75 puntos por enriba do IPC real. En ambos os dous casos a revisión terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2010, servindo de base para aplicar o incremento do ano seguinte.	2
CARPINTERÍA, EBANISTERÍA E ACTIVIDADES AFÍNS	Revisión Salarial	31	01/01/2010	31/12/2010	700	2.800	3,5	Si	ARTIGO 27º. SALARIOS 1. Todo o persoal afectado polo presente convenio percibirá, durante 2008, as retribucións consignadas no Anexo II, incrementadas no seu caso, coa antigüidade correspondente. Os aumentos concedidos polo presente convenio, absorberán os que, por imperativo legal, se impuxesen posteriormente durante a vixencia del. Os conceptos económicos terán eficacia aos oito días do asinamento do convenio. 2. Para cada un dos anos de vixencia do convenio, o incremento salarial será do 3,5% sobre a táboa salarial vixente a 31 de decembro do ano anterior. ARTIGO 29º. REVISIÓN SALARIAL 1. Para cada un dos anos de vixencia do convenio, no suposto de que o IPC rexistrase a 31 de decembro un incremento respecto ao 1 de xaneiro superior ao 2,25%, efectuarase unha revisión salarial no devandito exceso, unicamente sobre o salario base, e aboarase desde o mes en que o IPC supere a referida cifra. 2. Se, tendo en conta o establecido no apartado anterior, procedese unha revisión salarial, a Comisión Paritaria deberá reunirse necesariamente dentro dos 15 días seguintes á data en que se coñezan os datos oficiais, ao obxecto de cuantificar o exceso e proceder á elaboración da nova táboa salarial. A devandita táboa revisada servirá de base de cálculo para o incremento do ano seguinte.	0,19
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN	Convenio colectivo	47,2	01/01/2009	31/12/2011	250	14.000		Non	Incremento salarial 2010 lineal ARTIGO 23. INCREMENTOS SALARIAIS - O incremento salarial para o ano 2009 será de 25 lineais calculados sobre a táboa salarial de 2008. - O incremento salarial para o ano 2010 será de 25 lineais calculados sobre a táboa salarial de 2009. - O incremento salarial para o ano 2011 será de 25 lineais calculados sobre a táboa salarial de 2010. - O incremento salarial, aplicable para os conceptos: gastos de locomoción, axuda escolar, axudas ao custo, quilometraxe e complemento de incapacidade, incrementaranse segundo o IPC real para cada ano, non aplicándose no caso de que sexa negativo. - Cláusula de revisión: Garantirase o mantemento do poder adquisitivo á vixencia completa do convenio. Incorpórase a citada cláusula de revisión aos efectos de que poida ser incorporada aos vindeiros convenios colectivos.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
COMERCIO DE BAZARES, VENDA DE XOGUETES, ARTIGOS DE REGALO, ADORNO E RECLAMO	Convenio colectivo	47	01/01/2009	31/12/2011	200	450	2	Si	Artigo 7º.- RETRIBUCIÓNS Os soldos e salarios correspondentes ás distintas categorías, para o primeiro ano de vixencia do convenio (2009) son os que figuran na táboa salarial anexa e representan un incremento do 2,5% respecto ao ano anterior. Para o segundo e terceiro ano de vixencia do convenio (2010 e 2011), os soldos e salarios provisionais son os que figuran nas respectivas táboas anexas e representan un incremento sobre cada un dos anos anteriores do 2%. Artigo 8º.- REVISIÓN SALARIAL No caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC), establecido polo I.N.E., rexistrase ao 31 de decembro de 2010 un incremento, respecto ao 31 de decembro de 2009, superior ao 2%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, axiña que se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos de 1 de xaneiro de 2010, servindo asemade de base de cálculo para o incremento salarial do ano 2011. Asemade, no caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC), establecido polo I.N.E., rexistrase ao 31 de decembro de 2011 un incremento, respecto ao 31 de decembro de 2010, superior ao 2%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, axiña que se constate oficialmente devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos de 1 de xaneiro de 2011, servindo así mesmo de base de cálculo para os incrementos salariais que se pacten para o 2012.	1
COMERCIO DE MATERIAIS DE CONSTRUCIÓN E SANEAMENTO	Convenio colectivo	47.5, 46.73	01/01/2010	31/12/2011	150	1.700	1,5	Si	Art. 7. Retribucións. As retribucións salariais para o primeiro ano de vixencia do Convenio son as que para cada categoría se fixan na táboa salarial anexa, que supoñen un incremento do 1,50% máis 10 euros lineais para o ano 2010. Para o segundo ano de vixencia, aplicarase un incremento salarial do 1,50% máis 10 euros lineais sobre os conceptos económicos a excepción da quilometraxe, axudas de custo e plus de transporte. Os conceptos económicos recollidos na táboa salarial en "outros conceptos" terán un incremento para o 2010 do 3% con respecto ás táboas de 2009. Os conceptos económicos recollidos na táboa salarial en "outros conceptos" terán un incremento para o 2011 do 3% con respecto á táboa de 2010 A Táboa salarial anexa modificouse en canto aos seus grupos e categorías profesionais, actualizándose de acordo aos requirimentos actuais, asimilando as categorías eliminadas segundo nota expresa ao final da táboa salarial. Art. 8. Revisión salarial. No caso de que o incremento anual do IPC a 31 de decembro de 2010, sexa superior ao 1,00%, revisaranse as táboas salariais no devandito exceso con efectos do 1 de xaneiro de 2010. No caso de que o incremento do IPC a 31 de decembro de 2011, sexa superior ao 1,00%, revisaranse as táboas salariais no devandito exceso con efectos do 1 de xaneiro de 2011.	2
COMERCIO DO METAL	Revisión Salarial	47	01/01/2010	31/12/2010	1.202	3.298	1,3	Si	ARTIGO 17. -RETRIBUCIÓNS Os soldos e salarios correspondentes ao primeiro ano de vixencia do convenio (2008), son os consignados na Táboa Salarial Anexa. Para o segundo ano de vixencia do convenio (2009), incrementarase a táboa vixente ao 31/12/2008, no IPC real de 2008 máis o 0,5%. No caso de que o IPC establecido polo INE, rexistrase a 31/12/2009 un incremento, respecto ao 31/12/2008, superior ao IPC real do ano 2008, efectuarase unha revisión da Táboa Salarial, no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a dita circunstancia. A dita revisión se efectuará con efectos do 1 de xaneiro de 2009, servindo así mesmo de base de cálculo para o incremento salarial de 2010. Para o terceiro ano de vixencia do convenio (2010), incrementarase a táboa vixente ao 31/12/2009, no IPC real de 2009 máis o 0,5%. No caso de que o IPC establecido polo INE, rexistrase a 31/12/2010 un incremento, respecto ao 31/12/2009, superior ao IPC real do ano 2009, efectuarase unha revisión da Táboa Salarial, tan pronto se constate oficialmente a dita circunstancia, no exceso sobre a indicada cifra. A dita revisión se efectuará con efectos do 1 de xaneiro de 2010, servindo así mesmo de base de cálculo para o incremento salarial de 2011.	2,2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
COMERCIO RETALLISTA TÉXTIL	Convenio colectivo	47	01/01/2009	31/12/2011	700	3.500	2,5	Si	ARTIGO 6º. -SALARIOS Os soldos e salarios correspondentes ao primeiro ano de vixencia do convenio (2009), son os que figuran na respectiva táboa anexa e, a excepción do que se dispón nos artigos 11º e 12º para algunha categoría, representan un incremento do 2% respecto ao ano anterior. Para o segundo e terceiro ano de vixencia do convenio (2010 e 2011), os soldos e salarios provisionais son os que figuran nas respectivas táboas anexas e, a excepción do establecido para as categorías que se citan nos artigos 11º e 12º, representan un incremento sobre os anos anteriores, do 2,5% e 2,75% respectivamente. ARTIGO 7º. -REVISIÓN SALARIAL No caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC), establecido polo I.N.E., rexistrase o 31 de decembro de 2010 un incremento, respecto ao 31 de decembro de 2009, superior ao 2,5%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos do 1 de xaneiro de 2010, servindo así mesmo de base de cálculo para o incremento salarial do ano 2011. Así mesmo no caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC), establecido polo I.N.E., rexistrase ao 31 de decembro de 2011 un incremento, respecto ao 31 de decembro de 2010, superior ao 1,8%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos do 1 de xaneiro de 2011, servindo así mesmo de base de cálculo para os incrementos salariais que se pacten para o 2012.	0,5
EMPRESAS DO METAL SEN CONVENIO PROPIO (siderometal)	Revisión Salarial	24	01/01/2010	31/12/2010	4.000	27.000	2,3	Non	ART.º 45º SALARIOS O incremento do ano 2009 será o IPC do ano 2008 máis 1,10 (2,5), para o ano 2010 será o IPC do ano 2009 máis 1,5; e para o ano 2011 o IPC do ano 2010 máis 1,25. No suposto de que o IPC fose negativo, este non será computable a efectos de fixar o incremento salarial do convenio. Rematado o último ano de vixencia do convenio, aplicarase cláusula de revisión salarial nos termos previstos no convenio actual. Respectaranse as condicións económicas derivadas das condicións persoais do traballador. ART.º 46. REVISIÓN SALARIAL Se a 31 de decembro do ano 2011 o IPC real do devandito ano superase o IPC real de 2010 efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre a citada cifra que exclusivamente servirá de base de cálculo para as táboas salariais do ano 2012.	
INDUSTRIAS E DESPACHOS DE PANIFICACIÓN, CONFEITERÍAS, PASTELERÍAS, REPOSTERÍAS E PRATOS PREPARADOS (Confeiterías e panaderías)	Convenio colectivo	10,7	01/01/2009	31/12/2011	625	2.075	2,5	Si	13. SOLDOS E SALARIOS Sendo este convenio fusionado do conxunto do sector de panadería, pastelería e confeitería da provincia de Pontevedra, establécese no anexo I unha primeira táboa salarial para aqueles traballadores e traballadoras que causen alta en empresas do sector a partir do un de xaneiro do dous mil sete, data da fusión dos Convenios Establécese, igualmente, no anexo II, a táboa salarial para os traballadores e traballadoras do sector de panificación da provincia de Pontevedra que se encontren de alta con anterioridade á data do 1 de xaneiro de 2007, a cal se rexerá no futuro polos mesmos incrementos acordados neste convenio. Igualmente, inclúese a súa correspondente táboa de adaptación. Tamén se establece no anexo III a táboa salarial para as traballadoras e traballadores do sector de pastelería, repostería e pratos preparados da provincia de Pontevedra que se estiveran de alta antes da data do 1 de xaneiro de 2007, a cal se rexerá no futuro polos mesmos incrementos acordados neste convenio. Todas as traballadoras e traballadores descritos nos devanditos anexos I, II e III percibirán, en concepto de retribución polo seu traballo, as cantidades especificadas nos anexos, as cales se estableceron aplicando un incremento salarial do 1,75 % en todos e cada un dos conceptos retributivos para o ano 2009, debendo aplicarse de forma retroactiva desde o día un de xaneiro do dito ano. Para o exercicio do 2010 aplicarase o IPC previsto polo Goberno, fixado provisionalmente no 1,5%, máis un punto porcentual de incremento salarial sobre todos os conceptos retributivos, incremento que será revisado ao final do ano cunha cláusula de revisión do índice de prezos ao consumo real (IPC), ao que se lle engadirá un punto porcentual, debendo aplicarse retroactivamente desde o día 1 de xaneiro dese ano. Para o exercicio do 2011, aplicarase a porcentaxe prevista polo Goberno para ese ano, fixado provisionalmente no 1,5 %, máis un punto e cuarto porcentual, revisándose a fin de ano de igual forma. Tales incrementos serán aplicables a todos os complementos retributivos previstos no presente Convenio Colectivo. Os soldos e salarios deste convenio fíxanse por unidade de tempo calquera que sexa a periodicidade coa que se fixera efectivo.	1,5

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
MANUFACTURAS E COMERCIO DE VIDRO PLANO	Convenio colectivo	23,1	01/01/2009	31/12/2011	65	380	3,49	Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 3,49% ARTIGO 11º. -RETRIBUCIÓNS Os soldos e salarios correspondentes ao primeiro e segundo anos de vixencia do convenio (2009 e 2010) son os que figuran na respectiva táboa salarial anexa. Os soldos e salarios provisionais para o terceiro ano de vixencia do convenio (2011), son os que tamén se reflicten na devandita táboa anexa. No caso de que o índice de prezos ao consumo, establecido polo INE, rexistrase o 31 de decembro de 2011, un incremento, respecto ao 31 de decembro de 2010, superior ao 2%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos do 1 de xaneiro de 2011, servindo así mesmo de base de cálculo para os incrementos que se pacten para o ano 2012.	
OFICINAS E DESPACHOS	Revisión Salarial	69,2	01/01/2010	31/12/2010	184	1.890	1,55	Non	ARTIGO 11º.-SALARIO BASE En concepto de salario base mensual corresponden, a cada unha das categorías profesionais, o que se detalla na primeira columna da táboa salarial anexa, dita táboa salarial vixente durante o ano 2008 será incrementada para o ano 2009 nunha porcentaxe equivalente a suma do IPC real do ano 2008 máis un 0'75%. Esta actualización da táboa salarial terá efectos económicos dende o día 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro do mesmo ano. Os incrementos salariais pactados para os catro anos de vixencia do convenio son os seguintes: Ano 2009: IPC real ano anterior + 0,75% Ano 2010: IPC real ano anterior + 0,75% Ano 2011: IPC real ano anterior + 1% Ano 2012: IPC real ano anterior + 1% ARTIGO 13º.-REVISIÓN ECONÓMICA A Comisión paritaria reunirase, unha vez coñecido o dato do IPC do ano anterior, e antes do 31 de xaneiro de cada ano, para proceder á sinatura e publicidade das táboas salariais correspondentes a cada ano de vixencia do convenio, segundo o acordado no artigo 11º deste.	
TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS POR ESTRADA	Convenio colectivo	49,3	01/01/2009	31/12/2011	85	1.150	1,8	Non	ARTIGO 7º. - SOLDOS E SALARIOS O persoal afectado por este Convenio, segundo as categorías, haberá de rexerse para o primeiro período de vixencia do Convenio (01-01-2009 a 31.12.2009), pola táboa salarial anexa. Para o período de vixencia do Convenio, 1 de xaneiro de 2010 ao 31 de decembro de 2010, dita táboa incrementarase no IPC do ano 2009 máis o 1%. En caso de que o IPC do ano anterior sexa negativo, o incremento salarial será de polo menos o 1%. Para o período de vixencia, 1 de xaneiro de 2011 ao 31 de decembro de 2011, a táboa salarial anterior, incrementarase no IPC do ano 2010 máis o 1,25%. En caso de que o IPC do ano anterior sexa negativo, o incremento salarial será de polo menos o 1,25%.	
VENDA POR XUNTO DE TECIDOS, MERCERÍA E PAQUETERÍA (Téxtil)	Convenio colectivo	46	01/05/2009	30/04/2012	43	386		Si	Artigo 9º. - RETRIBUCIÓNS As retribucións salariais para o primeiro ano de vixencia do convenio (1/05/2009 a 30/04/2010), son as que, para cada categoría, se fixan na táboa salarial anexa e supoñen un incremento do 1,5% respecto á vixente ao 30/04/2009. Os soldos e salarios provisionais para o segundo ano de vixencia do convenio (1/05/2010 a 30/04/2011), son os que tamén se reflicten na devandita táboa anexa e supoñen un incremento sobre a vixente ao 30/04/2010 do 2%. No caso de que o índice de prezos ao consumo, establecido polo INE, rexistrase ao 30/04/2011, un incremento, respecto ao 30/04/2010, superior ao 1,75%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos de 1/05/2010, servindo así mesmo de base de cálculo para o incremento pactado para o período 1/05/2011 a 30/04/2012. Para o terceiro ano de vixencia do convenio (1/05/2011 a 30/04/2012), os soldos e salarios provisionais, son os que tamén se reflicten na táboa anexa e supoñen un incremento sobre a vixente ao 30/04/2011 no 2,5%. No caso de que o índice de prezos ao consumo, establecido polo INE, rexistrase ao 30/04/2012, un incremento, respecto ao 30/04/2011, superior ao 2%, efectuarase unha revisión da táboa salarial no exceso sobre a indicada cifra, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A devandita revisión efectuarase con efectos de 1/05/2011, servindo así mesmo de base de cálculo para os incrementos que se pacten para os períodos seguintes.	

PONTEVEDRA - CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS E REVISADOS

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L. - Servizo de mantemento do Centro Residencial Docente do Meixoeiro	Convenio colectivo	81,1	01/01/2010	31/12/2011	1	6	0,3	Non	ARTIGO 44. EQUIPARACIÓN Os traballadores e traballadoras afectados por este convenio están equiparados ao persoal laboral da Xunta de Galiza de tal forma que toda mellora que repercuta no persoal laboral da Xunta de Galiza, aplicarase de igual forma aos traballadores e traballadoras afectados por este convenio.	
ACTEGA Artística, S.A. (Sociedade unipersoal)	Convenio colectivo	20	01/01/2010	31/12/2012	1	41	1,75	Si	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 1,75% Incremento salarial 2011 indicado na folla estatística: 2% Incremento salarial 2012 indicado na folla estatística: 2,25% ART. 7º SALARIO O importe do salario base, para os anos 2010, 2011 e 2012, será o que figura na Táboas Anexas. ART. 30º REVISIÓN SALARIAL No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) establecido polo Instituto Nacional de Estatística, rexistrase ao 31 de decembro de cada un dos anos de vixencia do convenio un incremento respecto ao 31 de decembro do ano anterior superior á porcentaxe de incremento das táboas salariais para cada ano referenciado, efectuarase unha revisión salarial tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. Esta revisión, no suposto de que haxa que facela efectiva, terá carácter retroactivo ao 1º de xaneiro de cada ano e consistirá na aplicación do exceso sobre o citado tanto por cento ás retribucións vixentes a 31 de decembro do ano anterior ao que se refira o dato de IPC.	1,25
AGUASANA, S.L.	Convenio colectivo	11,07	01/01/2010	31/12/2010	1	20	3	Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 3% No ARTIGO 16º.-RETRIBUCIÓNS indica: Os salarios mensuais correspondentes o ano de vixencia do Convenio, son os que figuran na táboa salarial anexa.	
ALIANZA FRANCESA DE ESPAÑA - VIGO	Convenio colectivo	85,59	01/01/2010	31/12/2010	1	18	0,8	Si	ARTIGO 44.-INCREMENTOS SALARIAIS E CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL Cada ano renegociaranse todos os conceptos retributivos, incluídos pluses e dietas. Estes veranse incrementados como mínimo nunha porcentaxe igual ao IPC real do ano anterior. Se ao remate do ano o IPC real fose superior ao do ano anterior, a Alianza Francesa de Vigo realizará unha revisión salarial, aboando a diferenza entre os incrementos antes do mes de marzo do ano seguinte. Os incrementos salariais faranse efectivos sempre que as condicións económicas o permitan en base ao peche do exercicio contable do ano anterior.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
ALMACENAMIENTOS Y MONTAJES, S.A.U. - ALYMOSA	Convenio colectivo	29,32	01/01/2010	31/12/2012	1	94		Non	Artigo 26 - AUMENTO E REVISIÓN SALARIAL a) Incremento salarial. Para o ano 2010 considéranse como definitivas as táboas anexas. Establécense as seguintes subidas salariais: Ano 2011: IPC real 2011 + 0,5% Ano 2012: IPC real 2012 + 0,5% No ano 2011 e 2012 efectuarase unha subida a conta, non consolidable do 2% en cada un dos 2 anos. No caso de IPC real negativo, aos efectos salariais, o indicador será do 0%. A evolución do IPC non suporá en ningún caso, a devolución de diñeiro por parte dos traballadores. b) Cláusula de revisión salarial. No caso de que o IPC real rexistrara ao final dos anos 2011 ou 2012, unha evolución superior ao 1,5%, efectuarase unha revisión salarial con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro do ano de que se trate. Non se establece cláusula de revisión salarial para o ano 2010, por tanto os niveis salariais establecidos nas táboas anexas serán definitivos a todos os efectos para este ano 2010	
ALONARTI ENVASES, S.A. - Centro de Porriño	Convenio colectivo	25,92	01/01/2010	31/12/2010	1	120	1	Si	ART. 7º. - SALARIO O importe do salario base, para o ano 2010, será o que figura nas táboas anexas e que representa un incremento do 1% respecto das táboas do ano 2009, de tal forma que os salarios superiores a 35.000 € brutos/ano non sufrirán aumento ningún. Increméntanse todos os conceptos salariais na mesma porcentaxe. Páctase excepcionalmente que se a 31 de decembro de 2010 a empresa logra beneficios, revisaranse os salarios en 0,5% máis con efectos dende maio. Estes atrasos pagaríanse no primeiro trimestre do 2011. ART. 8º. - REVISIÓN SALARIAL Para o ano 2010: No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) establecido polo Instituto Nacional de Estatística, rexistrase o 31 de decembro de 2010 un incremento respecto ao 31 de decembro de 2009 superior ao 3% (tres por cento), efectuarase unha revisión salarial tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia. A diferenza entre o IPC real e o índice establecido aplicarase sobre aqueles meses en que o seu IPC acumulado dende 01-01-10 supere a porcentaxe de referencia fixada do 3%.	
ASTILLEROS ARMÓN VIGO, S.A.	Convenio colectivo	30,1	01/01/2010	31/12/2012	1	33	2,55	Non	ARTIGO 17. -INCREMENTO SALARIAL - Para o ano 2010 establécese un aumento salarial do 2,55% sobre o ano 2009 para todo o persoal operativo nese momento, de acordo coa táboa salarial adxunta, que será de aplicación para o persoal que se atope de alta ao día da data de sinatura deste Convenio. - Para o ano 2011, tomarase como referencia o IPC do ano 2010 máis o 1,5%. - Para o ano 2012, tomarase como referencia o IPC do ano 2011 máis a suba que se acorde no Convenio Colectivo de Traballo para Empresas do Metal sen Convenio Propio da provincia de Pontevedra para o mesmo ano, incrementada nun 0,5%. a) TÁBOA SALARIAL (Salario convenio día natural, plus asistencia ao traballo, plus de incentivo, plus de cumprimento e as pagas extras de verán e Nadal) b) Horas extras c) Tóxico, penoso e perigoso d) Complemento persoal e) Plus de produción f) Axuda Social g) Antigüidade Os demais conceptos non indicados neste apartado permanecen igual que os pactados no acordo asinado para o ano 2000.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
AUTOMÓVILES DE TUY, S.A.	Convenio colectivo	49,3	01/04/2010	31/03/2013	1	70		Non	ARTIGO 13.-SOLDOS E SALARIOS Os soldos e salarios que corresponden ao persoal afectado polo presente convenio son os que figuran nas táboas anexas, máis antigüidade se é o caso. Para o segundo ano de vixencia, páctase o acrecentamento dos salarios, que terá efecto con data 1 de abril do 2011, consistente no IPC que oficialmente se determine a 31 de decembro do 2010 correspondente a dito ano de 2010. Para o terceiro ano de vixencia, páctase o acrecentamento dos salarios, que terá efecto con data 1 de abril do 2012, consistente no IPC que oficialmente se determine a 31 de decembro do 2011 correspondente a dito ano de 2011 máis un punto se dito IPC é inferior ao 2% ou máis medio punto se dito IPC e igual ou maior que o 2%.	
BABÉ Y CÍA, S.L.	Convenio colectivo	49,4	01/07/2010	31/12/2012	1	90		Non	ARTIGO 24º-RETRIBUCIÓNS Para o ano 2010, as retribucións do persoal afectado por este convenio serán as detalladas no Anexo 1. para o período 1 de xullo 2010 a 31 de decembro de 2010. Os salarios recollidos no Anexo 1 estarán incrementados nun 1% con respecto aos vixentes ata esa data. Con data 1 de xaneiro de 2011 os salarios recollidos no Anexo 1 incrementásense no IPC previsto para ese ano máis un 0,50%. Para o ano 2012 as táboas salariais vixentes incrementásense no IPC previsto para ese ano máis un 0,50%. Para o ano 2011 e 2012 acórdase que no caso de que o IPC previsto sexa inferir o IPC real a 31 de decembro de cada ano será revisado á alza pola diferenza existente. O resto dos conceptos recollidos no Anexo 2 estarán vixentes ata o 31/12/2011 incrementándose no IPC previsto a partir do 1 de xaneiro de 2012. En caso de prórroga do convenio conforme ao Artigo 2º, procederase á modificación de retribucións aplicando a cada un dos conceptos retributivos a variación anual do IPC xeral ao 31 de decembro do ano que remata con efectos do primeiro de xaneiro do ano seguinte.	
BOTAMAVI SERVICIOS GENERALES MARÍTIMOS, S.L.	Convenio colectivo	52,22	01/01/2010	31/12/2011	1	14	1,55	Non	No artigo 23 indica: Establécese un incremento salarial anual equivalente ao IPC real do ano anterior máis 0,75 puntos, aplicables aos conceptos salario base e antigüidade.	
BOTEROS AMARRADORES DE VIGO, S.L. - BOTAMAVI	Convenio colectivo	52,22	01/01/2010	31/12/2010	1	34	1	Si	ART. 26º. -As percepcións salariais brutas dos traballadores encadrados no ámbito funcional do presente convenio distribuiranse, ademais dos de carácter individual que teñan recoñecidos, entre os seguintes conceptos: a) Salario base: inclúe os complementos de turnicidade e nocturnidade. b) Antigüidade: Equivalente ao 3% do salario base por cada trienio de recoñecida permanencia na Empresa. O tope máximo que se considera por este concepto é de 5 trienios. c) Plus de actividade: Os patróns portuarios en compensación pola realización de servizos distintos aos servizos básicos portuarios auxiliares percibirán no ano 2010 a cantidade de 600 € brutos aboable o 15 de decembro do ano en curso. d) Plus de mando: Aqueles traballadores, designados pola Empresa como responsables de garda do persoal de terra e do persoal embarcado percibiran un complemento mensual equivalente ao 3% do salario base retribuído no mes de referencia. e) Plus de dispoñibilidade: Compensarase por este concepto á totalidade do persoal, a razón das seguintes contías:Do 01/01/10 ao 31/12/10 o importe bruto de 247,45 €/mes f) Pagas extraordinarias: A totalidade dos traballadores afectados polo presente convenio percibirán, en proporción ao tempo realmente traballado, dúas pagas extraordinarias ao ano, integradas polos conceptos de salario base e antigüidade e, no seu caso, plus de convenio e plus de actividade.Estas pagas poderían ser aboadas pola parte proporcional de rateo mensual que corresponda, por acordo coa representación dos traballadores. g) En virtude do disposto no art. 35.4 do E.T., as partes acordan limitar o número de horas extraordinarias a realizar en 80 h /ano. O sistema de retribución establecido para estas virá determinado a través da seguinte formula:O prezo de hora extra será o da hora normal cun incremento do 75% ao cálculo da hora normal.O sistema de retribución establecido para a hora normal virá determinado a través da seguinte fórmula:[(salario base + antigüidade + plus de convenio + plus de actividade) *14] /1800As horas extraordinarias compensaranse preferentemente con descanso a razón do coeficiente de 1,5 por cada hora traballada. h) Plus Convenio: Os Patróns que exerzan mando efectivo cobrarán a cantidade de 35,35 € mensuais rateados ao tempo que efectivamente exerzan o mando en cada mensualidade. A empresa comprométese a manter activo o Plan de Pensións colectivo para aqueles traballadores que cunha antigüidade superior a seis meses permanezan vinculados laboralmente a ela realizando esta as achegas mensuais inicialmente determinadas ata a rescisión contractual dos correspondentes contratos de traballos. Para o ano 2010 o incremento salarial será do 1% sobre os valores da táboa deste convenio do ano 2009, se a 31 de decembro de 2010 o IPC do devandito ano superase o 1%, efectuarase unha revisión salarial no exceso da indicada cifra.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
CABLERÍAS AUTO, S.L.	Convenio colectivo	29,3	01/01/2009	31/12/2011	1	55		Non	ARTIGO 48º.- SALARIOS Ambas as partes, en aras de equilibrar os salarios base regulados no Convenio Provincial do Metal, durante a vixencia deste convenio acordan os salarios base recollidos na Táboa Anexo 1.a. ARTIGO 48ºBIS.- REVISIÓN SALARIAL Ambas as partes acordan que para os supostos nos que se faga referencia ao IPC, se en calquera dos anos de vixencia deste Convenio o IPC resultase negativo, tomaríase como IPC dese ano " 0 ", Esta revisión salarial farase efectiva o primeiro mes de cada ano de vixencia do Convenio, tomando como referencia o IPC do ano natural anterior publicado polo INE ou Organismo oficial que o substitúa. ARTIGO 51º.- TÁBOA SALARIAL Tal e como quedou recollido no Artigo 48, establécense as táboas de percepcións económicas garantidas pola xornada laboral ordinaria que será, para cada traballador/a, a que corresponda á súa categoría profesional ou grupo profesional, sen discriminación ningunha por razón de sexo, recollidas no ANEXO I.a deste Convenio.	
CAR CONSULTING SPAIN, S.L.	Convenio colectivo	29,1	01/10/2009	31/12/2011	1	31		Non	Incremento salarial 2010 lineal ARTIGO 5º.-SOLDOS E SALARIOS O persoal afectado por este Convenio, segundo as categorías, rexerase para o primeiro ano de vixencia do Convenio (2009) pola táboa salarial anexa, sen que teña efectos retroactivos a xaneiro de dito ano. No ano 2010 o incremento salarial será de 40 euros lineais sobre os salarios bases para todas as categorías, e outros 40 euros para o ano 2011. Os salarios actuais dos traballadores non se verán diminuídos pola aplicación deste convenio, actualizándose os salarios bases de cada categoría, e aboando todos os demais conceptos salariais recollidos neste convenio, e de resultar superior o actualmente percibido, esa diferenza será aboada en concepto de complemento persoal, e sen que teñan dereito a dito complemento outros traballadores aínda que fosen da mesma categoría ou realizasen as mesmas funcións ou traballo.	
CELTA PRIX, S.L. - Servizo de recollida de lixo nos concellos de Vilanova de Arousa, Cambados e Meis	Convenio colectivo	38,11	01/01/2010	31/12/2011	1	18		Non	ARTIGO 23.-SALARIO A retribución de cada traballador estará composta polo salario base do convenio e os complementos que para cada actividade e categoría se determinan nos artigos seguintes. Dito concepto farase efectivo entre o un e o cinco de cada mes vencido. O salario base mensual para o primeiro ano de Convenio será de 720 € para os peóns e de 780 € para os condutores. Para o segundo ano de Convenio, os peóns percibirán mensualmente en concepto de salario base a cantidade de 760 € e os condutores a cantidade de 820 €. Todas as percepcións, excepto as de vencemento periódico superior ao mes, aboaranse no mes en curso. Asemade o traballador poderá recibir un anticipo ao mes no que a contía non será superior ao 90 por 100 das cantidades que ten dereito a percibir.	
CEPILLOS MARIÑO, S.L.	Convenio colectivo	32,91	01/01/2008	31/12/2010	1	25		Non	Incremento salarial 2010 lineal (calculado: 30€) ARTIGO 11. SALARIO As táboas retributivas para o ano 2008, 2009 e 2010 serán as que figuran no anexo 1 do presente convenio.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
CESPA, S.A. - Servizo de limpeza pública e interiores contratados co concello de Pontevedra.	Convenio colectivo	38,11	01/01/2008	31/12/2011	1	140	3	Si	No ARTIGO 10º-SALARIOS indica: Para a vixencia do convenio páctanse os seguintes aumentos salariais: - Ano 2008, Índice real de prezos ao consumo, conxunto nacional máis 1,5%. - Ano 2009, Índice real de prezos ao consumo, conxunto nacional máis 1,75%. - Ano 2010, Índice real de prezos ao consumo, conxunto nacional máis 2%. - Ano 2011, Índice real de prezos ao consumo, conxunto nacional máis 2,25%. Todos os conceptos salariais e económicos han revisarse nas porcentaxes de aumento concertadas neste Convenio. Para efectos do seu aboamento, tanto ao asinamento do convenio, como no primeiro mes de cada ano de vixencia, efectuarase un aumento do salario mínimo de convenio igual do IPC previsto para cada ano máis a porcentaxe pactada sobre o IPC, regularizándose o incremento final no prazo de quince días, o mes de xaneiro dos anos seguintes 2009, 2010, 2011 e 2012, unha vez coñecido o IPC real correspondente aos distintos anos de vixencia deste Convenio. A tal fin, as partes reuniranse para asinar as táboas salariais correspondentes para cada ano.	2
CLUB DE CAMPO DE VIGO	Revisión Salarial	93	01/01/2010	31/12/2010	1	32	1,2	Non	ARTIGO 3º / RETRIBUCIÓNS SALARIAIS As retribucións salariais serán as que figuran na táboa anexa. O incremento salarial será o 4,5% para o ano 2008. - Ano 2009: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2008 +0,30 - Ano 2010: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2009 +0,40 - Ano 2011: establécese o incremento do IPC, resultante do ano 2010 +0,50	
COMPONENTES DE VEHICULOS DE GALICIA, S.A.	Convenio colectivo	29,32	01/01/2009	31/12/2011	1	82	1,05	Non	ART. 24. - SALARIO DE CONVENIO Considérase Salario de Convenio a contía económica mínima a percibir polo traballador a xornada completa en función do seu encadre nun grupo profesional. ART. 24 BIS.- INCREMENTOS Establécese para o ano 2009 un incremento lineal consolidable nunha soa paga de 250 euros para todos os traballadores que estean de alta á sinatura do presente convenio. A contía a percibir será proporcional ao tempo efectivo de traballo durante o ano 2009. Para o ano 2010 establécese un incremento salarial do IPC real de 2009 máis un 0,25%, que se aplicará ás táboas definitivas do 2009, nas que xa se inclúe o incremento lineal consolidable. As táboas salariais para o ano 2010 son as que figuran no Anexo II. O incremento para o ano 2011, que se aplicará sobre as táboas salariais do ano 2010 (Anexo II), será o IPC real de 2010 máis un 0,35%.	
CONCELLO DE MOS - Acordo regulador funcionarios	Convenio colectivo	84,11	01/01/2010	31/12/2011	1	40		Non		
CONCELLO DE MOS - Persoal laboral	Convenio colectivo	84,11	01/01/2010	31/12/2011	1	119		Non		

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
COPO IBÉRICA, S.A.	Convenio colectivo	29,32	01/01/2009	31/12/2011	1	242		Non	ARTIGO 35º.-RETRIBUCIÓN E MASA SALARIAL BRUTA	
CRISTALERÍA COCA, S.L.	Convenio colectivo	23,12	01/01/2009	31/12/2011	1	6	1,8	Non	Incremento salarial 2010 calculado: 1,8% ARTIGO 12.-RETRIBUCIÓNS Todo o persoal afectado polo presente Convenio percibirá as retribucións consignadas na táboa anexa I para o ano 2009, e as da táboa anexa II para o ano 2010. Para o ano 2011, aplicaranse as retribucións consignadas na táboa anexa II co incremento do IPC real a 31 de decembro do 2010, máis un punto.	
CROWN EMBALAJES ESPAÑA, S.L.U. - Fábrica de Vigo	Convenio colectivo	25,92	01/01/2010	31/12/2012	1	360	0,8	Non	Artigo 7. -INCREMENTO SALARIAL O incremento salarial para cada un dos anos será: Ano 2010: IPC real do ano 2009 Ano 2011: IPC real do ano 2010. Ano 2012: IPC real do ano 2011 Establécese cláusula de revisión á finalización da vixencia que garanta o IPC real do período de vixencia con carácter retroactivo no ano 2012 e revisión técnica das táboas salariais Estes incrementos, incluíndo a cláusula de revisión, serán de aplicación a todos os conceptos económicos incluídos no presente convenio colectivo con excepción daqueles cuxa negociación se remite habitualmente ao ámbito do Grupo (axudas de custo, compensación polo uso profesional do vehículo propio, seguro de vida, seguro de accidentes) nos que se estará ao que se acorde coa Dirección de Recursos Humanos	
D.S. SALGADO, S.L.	Convenio colectivo	46.44, 46.45	01/01/2009	31/12/2010	1	29		Si	Incremento salarial 2010 lineal ARTIGO 11°. RETRIBUCIÓNS Para o ano 2009 o incremento salarial será de 350 euros anuais divididos en 15 pagas (anexo I). Para o 2010 será de 350 euros anuais divididos en 15 pagas (anexo II). ARTIGO 13. CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL Se a 31 de decembro do ano 2010 o IPC real de dito ano superase o 2%, efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre a citada cifra que servirá de cálculo para as táboas salariais do ano 2011.	
DORNIER, S.A. - Persoal adscrito aos servizos de xestión de estacionamento regulado da cidade de Vigo	Convenio colectivo	52,21	01/01/2010	31/12/2013	1	43	2,72	Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 2,72% ARTIGO 39. -INCREMENTO SALARIAL O incremento salarial pactado para a vixencia deste convenio será o seguinte: - Ano 2010: engadir ao importe do salario base diario a cantidade dun euro. - Ano 2011: engadir ao importe do salario base diario a cantidade dun euro. - Ano 2012: engadir ao importe do salario base diario a cantidade dun euro. - Ano 2013: engadir ao importe do salario base diario a cantidade dun euro. Para o ano 2011 se o IPC real do ano anterior é superior ao 1,9% incrementarase o salario base na porcentaxe resultante de restar ao IPC real do ano anterior o valor 1,9. Para o ano 2012 se o IPC real do ano anterior é superior ao 1,9% incrementarase o salario base na porcentaxe resultante de restar ao IPC real do ano anterior o valor 1,9. Para o ano 2013 se o IPC real do ano anterior é superior ao 1,9% incrementarase o salario base na porcentaxe resultante de restar ao IPC real do ano anterior o valor 1,9. Se en calquera dos anos de vixencia do presente convenio o IPC real é igual ou inferior ao 0,5%, non subirá o euro ao salario base, non obstante, garantirase unha suba dun 0,75% en todos os conceptos. Aos seguintes conceptos salariais aplicaráselles a suba do IPC real do ano anterior +1 punto (anos 2010, 2011, 2012 e 2013) - Plus de Recadación conservación - Axuda escolar - Axuda familiar	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
EMPRESA PEREIRA, S.L.	Revisión Salarial	49,3	01/01/2010	31/12/2010	1	30	2,5	Non	ART. 4.-SOLDOS E SALARIOS Os soldos e salarios que corresponden ao persoal afectado polo presente Convenio, son os que figuran na táboa anexa, máis antigüidade se é o caso. Para o ano 2010 todos os conceptos salariais do Convenio experimentarán un incremento igual ao IPC real do ano 2009 máis un 1% de aumento porcentual. En calquera caso garántese que o aumento para o ano 2010 non será inferior ao 2,5%.	
FACTORÍAS VULCANO, S.A. - Factoría de Santa Tecla (Vigo)	Convenio colectivo	30,1	01/01/2010	31/12/2011	1	127	0	Non	ACORDOS FINAIS COMPLEMENTARIOS A.- INCREMENTO SALARIAL A.1- Páctase un incremento do 0% para os anos 2010 e 2011, sobre as actuais táboas de percepción que se indican nos anexos números II, IV e V. A.2.- Páctase que a 31 de xaneiro de 2012 se actualizarán todos os conceptos co IPC real acumulado dos anos 2010 e 2011, aboándose os salarios desde xaneiro de 2012 coas táboas salariais actualizadas.	
FARO DE VIGO, S.A.U.	Convenio colectivo	58,13	01/01/2009	31/12/2010	1	163	1,45	Si	ARTIGO 9º. -RETRIBUCIÓN DO PERSOAL Aplicarase un incremento do 1% no ano 2009 e do 1,45% no ano 2010 sobre os conceptos salariais, quedando excluídos os seguintes conceptos: convenios anteriores, comisións, complemento por gastos, colaboracións literarias e gráficas, plus especial absorbible, complemento exceso percorrido e complementos por publicidade e subscricións. Se o aumento aplicado en cada un destes anos fose menor ao seu IPC, incrementarase ata o igualar.	1,55
FAURECIA INTERIOR SYSTEMS ESPAÑA, S.A. - Fábrica de Porriño	Convenio colectivo	29,32	01/01/2010	31/12/2012	1	165	1,66	Si	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 1,66 No Artigo 16º. - Retribucións. indica: Para o ano 2010 os salarios incrementaranse na cantidade 450 euros anuais para todos os grupos profesionais. Con efectos do día 1 de xaneiro de 2011, o salario e os demais conceptos retribuídos incrementásense no IPC real resultante do ano 2010. Con efectos do día 1 de xaneiro de 2012, o salario e os demais conceptos retribuídos incrementásense de acordo co IPC real resultante do ano 2011. Non obstante o anterior, coñecido o IPC real do ano 2010, en caso de producirse un exceso entre o aumento dos salarios realizado e a cantidade resultante de aplicarse o IPC real, realizarase a oportuna revisión pola diferenza entre o IPC real e o aumento realizado, con carácter retroactivo dende o día 1 de xaneiro de 2010, practicándose a correspondente liquidación de atrasos. Coñecido o IPC real para o ano 2011, e en caso de superar ao aumento realizado (IPC real do ano 2010) revisaranse as táboas salariais pola diferenza entre ambos os dous IPCs, con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2011, practicándose a correspondente liquidación de atrasos. Coñecido o IPC real para o ano 2012, e en caso de superar ao aumento realizado (IPC real do ano 2011) revisaranse as táboas salariais pola diferenza entre ambos os dous IPCs, con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2012, practicándose a correspondente liquidación de atrasos.	1,34

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. - Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbáns, xestión do punto limpo e limpeza da vía pública do Concello de Ponteareas	Revisión Salarial	38,11	01/01/2010	31/12/2010	1	19	4,3	Si	Na acta de acordo da revisión salarial 2010 indica: 1.-TÁBOAS SALARIAIS 2009 As Táboas Salariais provisionais do 2009 sufriron una variación en negativo do 1,20%, xa que o 2,00% que se tomou como referencia do IPC real para este ano, non se chegou a cumprir, sendo un 0,80 % o dato do IPC real del ano. Polo cal procede regularizar esta diferenza no ano 2010. 2.-TÁBOA SALARIAIS 2010 PROVISIONAIS As Táboas Salariais de 2009 revisaranse no 4,30% de acordo co seguinte: Segundo o artigo 17 do Convenio vixente este ano leva un incremento do 4,50 % sobre o IPC real do ano. Estimamos un IPC real para este ano do1,00 % que será revisado cando se coñeza o IPC real, procedendo nese momento a aboar a diferenza en caso de que el IPC estimado sexa inferior ao real, ou a regularizar no ano 2011 no caso de que o IPC real sexa inferior ao estimado. Procedemos, así mesmo, a regularizar o desvío do IPC estimado para o ano 2009 co dato do IPC real. Esta regularización é do 1,20% en negativo. ARTIGO 17. -INCREMENTOS SALARIAIS 1. -Incremento económico igual ao IPC previsto de cada ano, máis 4,25 puntos no ano 2009; 4,50 puntos no 2010 e 4,75 puntos no ano 2011. Con cláusula de revisión en caso de que o IPC previsto polo Goberno sufra desviación respecto ao IPC real de cada ano.	2
FRIVIPESCA CHAPELA, S.A. (Centros traballo: Cámaras de Vigo, Cámaras de Chapela, Cámaras de Porriño e Sala de Máquinas de Vigo) e FRIGODIS, S.A. (Centros traballo: Jacinto Benavente - Vigo, Tendas de Peixe de Chapela e Vigo, Almacén Xeral de Chapela)	Convenio colectivo	52	01/01/2009	31/12/2010	1	50	0,8	Si	ART. 25º. -CRECEMENTO SALARIAL Para o ano 2009 establécese un incremento do 1,4% en todos os conceptos salariais menos na antigüidade. Para o ano 2010 os salarios incrementaranse no IPC real do 2009, en todos os conceptos salariais, menos na antigüidade. Regularización Salarial. Ao finalizar cada ano de vixencia, unha vez coñecido o IPC real correspondente a este, axustarase o incremento salarial en todos os conceptos salariais, menos na antigüidade, para o suposto de que fose superior ao aplicado (1,4% no 2009 e IPC real do 2009 para o 2010).	2,20
GABISA AUTOMOCIÓN, S.L.	Convenio colectivo	45	01/01/2009	31/12/2011	1	27	2	Si	ART. 4º. -INCREMENTO SALARIAL O incremento económico para cada un dos anos de vixencia do Convenio, establécese do seguinte modo: - Ano 2009, incremento lineal de 15 € no salario base, aplicable a cada unha das 16 mensualidades. - Ano 2010, incremento de IPC previsto máis 1 punto, sobre todos os conceptos económicos. - Ano 2011, incremento de IPC previsto máis 1 punto, sobre todos os conceptos económicos. ART. 5º. -REVISIÓN SALARIAL En caso de que o IPC a 31.12.2010 supere ao previsto en máis do 0,25%, efectuarase unha revisión salarial sobre todos os conceptos económicos con efectos 01.01.2010, no exceso que se produza entre o IPC previsto máis 0,25 e o IPC real. De igual xeito operará esta revisión no ano 2011.	1,75

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
GESTAMP VIGO, S.A.	Convenio colectivo	29,3	01/01/2010	31/12/2012	1	330	1	Si	Incremento salarial 2010 indicado na folla eestatística:1% - Incremento en función da facturación ART. 52.-SALARIOS O incremento salarial aplicarase sobre todos os conceptos salariais fixos e pluses. Os incrementos salariais para a vixencia do convenio, aplicaranse en función aos tramos de facturación que se consoliden nas contas da Empresa e que a continuación se detallan. TRAMOS APLICACIÓN Menos de 70 mill. € Conxelación Entre 70-75 mill. € 1,00% Entre 75-85 mill. € 1,50% Entre 85-95 mill. € 2,00% Mais de 95 mill. € 2,50% - Para os efectos de valoración dos tramos de facturación unicamente se tomará en consideración os seguintes importes, conforme o detalle que apareza segregado nas contas anuais: - Vendas de pezas, prototipos e compoñentes. - Subprodutos e envases. que resulten dos procesos de produción e fabricación realizados nas instalacións de Gestamp Vigo SA. Excluiranse, polo tanto, aqueles importes conforme o detalle que apareza segregado nas contas anuais de: - Venda de pezas, prototipos, materias primas e compoñentes por operacións puramente comerciais. - Utillaxes - Prestacións de servizos. que non tivesen sufrido proceso de transformación nas instalacións de GV. Unha vez finalizado o ano e coñecida a facturación e o IPC real, aplicarase sobre todos os tramos salariais anteriormente citados, un incremento resultante de engadir ao % indicado para cada tramo, a diferenza entre o IPC real do ano e o 1% durante a vixencia do convenio. Os complementos e cantidades que figuran no salario como antigüidade consolidada e non absorbible terán o mesmo incremento que o pactado para o Salario base. Respectaranse as condicións económicas derivadas das condicións persoais do traballador. ART. 53.-APLICACIÓN DOS INCREMENTOS A aplicación do incremento salarial para cada ano natural durante a vixencia do convenio, efectuarase cando finalizado cada ano de aplicación do convenio se constate no mes de xaneiro do ano seguinte a facturación correspondente, así como o exceso do IPC real sobre a porcentaxe de incremento segundo facturación do artigo anterior, se o houber. Así para o ano 2010, se procederá a revisar o salario cando se constate o dato de facturación en xaneiro de 2011 e á súa vez se constate o dato do IPC real anual emitido polo INE no mesmo mes. A estes efectos, a empresa regularizará nunha nómina de revisión conforme ao incremento resultante de engadir á porcentaxe (%) indicado para cada tramo de facturación alcanzado, a diferenza entre o IPC real do ano e o 1% de ser o dato de IPC superior. Tal incremento servirá como base de cálculo para as táboas salariais de 2011. Para o ano 2011, procederase revisar o salario cando se constate o dato de facturación en xaneiro de 2012 e á súa vez se constate o dato do IPC real emitido polo INE no mesmo mes. Para estes efectos, a empresa regularizará nunha nómina de revisión conforme ao incremento resultante de engadir á porcentaxe (%) indicado para cada tramo de facturación alcanzado, a diferenza entre o IPC real do ano e o 1% de ser o dato de IPC superior. Tal incremento servirá como base de cálculo para as táboas salariais de 2012. Por último, para o ano 2012, procederase revisar o salario cando se constate o dato de facturación en xaneiro de 2013 e á súa vez se constate o dato do IPC real emitido polo INE no mesmo mes. A empresa regularizará nunha nómina de revisión conforme ao incremento resultante de engadir á porcentaxe (%) indicado para cada tramo de facturación alcanzado, a diferenza entre o IPC real do ano e o 1% de ser o dato de IPC superior. Tal incremento servirá como base de cálculo para as táboas salariais de 2013. Non obstante ao anterior e para cada ano de vixencia, se unha vez auditadas as contas anuais e conforme a estas, se o dato de facturación para os efectos do artigo anterior superase o facilitado pola Empresa no mes de xaneiro para cada ano, a Empresa efectuará o mes seguinte en que se rexistren oficialmente as contas anuais, unha revisión salarial con carácter retroactivo a xaneiro de cada ano, polo exceso sobre a citada cifra. Para tal efecto, actualizaranse as táboas salariais como corresponda para cada ano de vixencia do Convenio.	2

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
GKN Driveline Vigo, S.A. (antes GKN Indugasa, S.A.)	Convenio colectivo	29,3	01/01/2009	31/12/2010	1	767	1	Si	No ARTIGO 22º. -RETRIBUCIÓN DO PERSOAL HORARIO indica: Compose de Salario Convenio (Xornal máis Retribución Voluntaria, se é o caso) e Prima. No ano 2009 as retribucións do persoal horario incrementaranse un 0,75% sobre as existentes a 31/12/2008. Coñecido xa o dato do IPC 2009 (0,8%), e en aplicación do Art. 32: Garantía Salarial (0,25%), as retribucións do persoal horario incrementaranse un 1,05% lineal por categorías. Primas de produción e Posto: aboaranse con prima os días 27, 28, 29 e 30 de decembro de 2009. Para o ano 2010 as retribucións do persoal horario incrementaranse un 1%, que se aplicará o 1 de xaneiro sobre as táboas resultantes do ano 2009, unha vez efectuada a revisión salarial se a houbese. ARTIGO 32º. -GARANTÍA SALARIAL Ano 2009: No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) establecido polo INE rexistrase ao 31 de decembro de 2009 un incremento superior ao 0,75%, respecto á cifra que resultase do devandito IPC ao 31/12/2008, tan pronto se constate oficialmente esa circunstancia, modificaranse as tarifas salariais a porcentaxe necesaria para garantir que os novos niveis ao 31 de decembro de 2009 superen os do 31 de decembro de 2008 nun 0,25% sobre o valor do mencionado IPC. Ano 2010: No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) establecido polo INE rexistrase ao 31 de decembro de 2010 un incremento superior ao 1%, respecto á cifra que resultase do devandito IPC ao 31/12/2009, tan pronto se constate oficialmente esa circunstancia, modificaranse as tarifas salariais a porcentaxe necesaria para garantir que os novos niveis ao 31 de decembro de 2010 superen os do 31 de decembro de 2009 nun 0,25% sobre o valor do mencionado IPC. Así mesmo, ao persoal aboaráselle unha cantidade compensatoria da que recibiría se os niveis salariais resultantes da aplicación da presente Cláusula de Garantía Salarial estivesen en vigor o 1 de xaneiro de cada ano. Esta cantidade aboarase dunha soa vez na primeira nómina normal tecnicamente posible.	2,25
GRUPO ANTOLÍN PGA, S.A.U.	Convenio colectivo	29,32	01/01/2009	31/12/2011	1	140		Non	Incremento salarial 2010 lineal ART. 29º. SALARIOS As partes acordan os seguintes incrementos salariais: SALARIO BASE Ano 2009 incremento lineal de 875 €. Ano 2010 incremento lineal de 560 €. Ano 2011 incremento lineal de 560 €. RESTO DE CONCEPTOS SALARIAIS Ano 2009 incremento de 1,4 %. Ano 2010 incremento de IPC real do ano anterior. Ano 2011 incremento de IPC real do ano anterior. Para os anos 2010 e 2011 no caso de que o IPC real de cada ano fora inferior o 2 % aboarase o 2%	
GRUPO ANTOLÍN VIGO	Convenio colectivo	29,32	27/07/2010	30/07/2013	1	105	0,8	Non	No artigo XXII (percepcións económicas) indica: Salario: · Establécese para o 2010, para o persoal de planta 17.472 € como salario fixo bruto mínimo anual por todos os conceptos. A esta suma sumaránselle as primas por obxectivos de cobramento mensual e devengo supeditado á consecución mensual dos obxectivos de produción fixados en cada momento, así como a de asistencia a cliente. · O salario bruto fixo anual, verase actualizado co IPC real do ano anterior, a excepción de que este sexa negativo. Esta medida, estableceuse no Acordo de ERE Suspensivo alcanzado o 23 de marzo de 2010, para os anos 2010, 2011, 2012 e 2013, sendo un piar básico de aquel acordo onde as partes alcanzan compromisos de contención de custos a cambio de mantemento do emprego, polo que este acordo se incorpora ao texto do convenio como regulador e inspiración de todo aquilo que non sexa expresamente regulado no presente convenio.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
HARINAS Y SÉMOLAS DEL NOROESTE, S.A. (HASENOSA)	Convenio colectivo	10,6	01/01/2009	31/12/2010	1	55		Non	ART. 27 - AUMENTO SALARIAL Con carácter retroactivo ao un de xaneiro de 2009 para a táboa salarial vixente páctase un incremento correspondente ao IPC real do 2008, e para o 2010 queda pendente de negociación. ART. 36 - PLUS Debido á problemática situación financeira que se atravesa, a empresa, sempre logo de acordo unánime cos Representantes dos traballadores, poderá en casos excepcionais como absentismo elevado ou faltas moi graves, reservarse o dereito a aboar calquera dos plus que complementan o salario. Esta cláusula terá vixencia durante o presente convenio polo que quedará sen validez automaticamente o próximo 31 de decembro de 2010.	
HIJOS DE J. BARRERAS, S.A.	Convenio colectivo	30,1	01/01/2010	31/12/2013	1	154	0,65	Si	ARTIGO 19. -REVISIÓNS SALARIAIS Para o ano 2010 as táboas salariais revisaranse ata alcanzar o IPC real + 0,65 puntos Para o ano 2011 as táboas salariais revisaranse ata alcanzar o IPC real + 0,75 puntos Para o ano 2012 as táboas salariais revisaranse ata alcanzar o IPC real + 1,25 puntos Para o ano 2013 as táboas salariais revisaranse ata alcanzar o IPC real + 1,35 puntos O incremento pactado sobre o IPC real aboarase ao comezo de cada un dos anos	3
HISPANOMOCIÓN, S.A. (MOSA-VIGO)	Convenio colectivo	45	01/01/2010	31/12/2010	1	48	1,5	Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística e na acta de acordo: 1,5% ARTIGO 18. -SALARIOS Para o ano 2010, os salarios vixentes serán os recollidos nas táboas adxuntas ao anexo nº 1, para cada categoría. Os devanditos salarios entrarán en vigor desde o día 1 de xaneiro de 2010 ata o día 31 de decembro de 2010.	
INDUSTRIAS TÉCNICAS DE GALICIA. S.A. - INTEGASA	Convenio colectivo	25	01/01/2010	31/12/2012	1	33	2,8	Si	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: 2,8% ARTIGO 45. SALARIOS Para o ano 2010, os salarios, serán os que figuran na táboa do anexo I. Para o ano 2011, o incremento salarial, será do IPC real do ano 2010, máis o 1,50 por cento sobre os valores da táboa deste convenio do ano 2010. Para o resto dos conceptos retributivos o incremento será do IPC Para o ano 2012, o incremento salarial, será do IPC real do ano 2011, máis o 1,50 por cento sobre os valores da táboa deste convenio do ano 2011. Para o resto dos conceptos retributivos o incremento será do IPC. No suposto que o IPC a 31 de decembro do ano 2010, 2011 e 2012, fose inferior a cero, este IPC negativo, non seria de aplicación. Respectaranse as condicións económicas derivadas das condicións persoais do traballador. ARTIGO 45 BIS. REVISIÓN SALARIAL Se a 31 de decembro do ano 2010, 2011 e 2012 o IPC real do devandito ano superase o incremento pactado para o ano correspondente, efectuarase unha actualización salarial o exceso sobre a citada cifra que exclusivamente servirá de cálculo para as táboas salariais do ano 2011, 2012 e 2013.	Base 2011
KIWI ATLÁNTICO, S.A.	Convenio colectivo		01/01/2009	31/12/2010	1	36	1,8	Non	Incremento salarial 2010 calculado: 1,8% ARTIGO 12.-RETRIBUCIÓNS Todo o persoal afectado polo presente Convenio percibirá as retribucións consignadas na táboa anexa I para o ano 2009, e as da táboa anexa II para o ano 2010.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
LASER GALICIA, S.L.	Convenio colectivo	25,62	01/01/2010	31/12/2012	1	65	2,3	Non	ARTIGO 44º. SALARIOS A empresa comprométese a que os salarios a percibir polos traballadores estean sempre por enriba dos estipulados no Convenio Colectivo de Industrias do Metal sen convenio propio da provincia de Pontevedra e nas súas táboas salariais. Para os anos 2010, 2011 e 2012 establécese unha suba salarial mínima equivalente ao IPC real do ano anterior máis 1,5 puntos porcentuais. Se o IPC resultase negativo non se tería en conta para a suma, co cal o aumento mínimo garantido será de 1,5 puntos en cada ano. ARTIGO 45º. REVISIÓN SALARIAL Se a 31 de decembro do ano 2012 o IPC real do devandito ano superase o IPC real de 2009 efectuarase unha actualización salarial no exceso sobre a citada cifra que exclusivamente servirá de cálculo para as táboas salariais do ano 2013 salvo pacto en contrario.	
Mª CARMEN PORTO DIÉGUEZ	Convenio colectivo	47,99	01/01/2010	31/12/2010	1	16	0,8	Non	Na acta da revisión salarial 2010 indica: O obxectivo da reunión é conseguir un acordo para asinatura da revisión salarial del convenio colectivo da empresae fixar o incremento salarial para o ano 2010.Unha vez analizadas as novas táboas de salarios presentadas, refúndese nunha única táboa de salarios que é aceptada por ambas partes, acordándose un incremento salarialdo 0,80% sobre os salarios o ano 2009.	
MARODRI, S.L.	Convenio colectivo	81,2	01/01/2010	31/12/2012	1	70		Non	ARTIGO 6. -SALARIOS As retribucións correspondentes ás distintas categorías do persoal afectado por este convenio, para o ano 2010 fíxanse na táboa salarial, que figura como anexo deste. Para o ano 2011, segundo ano de vixencia do convenio, os salarios incrementaranse nunha porcentaxe igual ao IPC real rexistrado no período do 1-01-2010 e o 31-12-2010 máis 25,00 euros lineais para cada unha das categorías. Para o ano 2012, terceiro e último ano de vixencia do convenio, os salarios incrementaranse nunha porcentaxe igual ao IPC real rexistrado no período do 1-01-2011 e o 31-12-2011 máis 10,00 euros lineais para cada unha das categorías. O aboamento dos salarios deberá efectuarse mediante transferencia bancaria nos días 30, ou 31 do mes en que se devenguen e como máximo o día 3 do mes seguinte. Para axilidade no cálculo de retribucións por parte da Empresa, o aboamento das axudas de custo e horas extras, levarase a efecto coa nómina do mes seguinte ao que se produce o devengo.	
MAVIVA, S.A.	Convenio colectivo	52	01/01/2010	31/12/2012	1	186	1,75	Si	ARTIGO 15. -INCREMENTOS E REVISIÓNS Para o ano 2010 o incremento será do IPC previsto +0,75% de todos os conceptos de táboas, (o incremento sobre o trasporte pasará ao plus de non absentismo). Achégase a táboa salarial para o ano 2010. Para o ano 2011 o incremento será do IPC previsto +0,75% de todos os conceptos de táboas (aplicarase este incremento sobre o complemento ad personam nom. e sobre a antigüidade consolidada. O incremento sobre o trasporte pasará ao plus de non absentismo) Para o ano 2012 o incremento será do IPC previsto +1% de todos os conceptos de táboas (aplicarase este incremento sobre o complemento ad personam nom. e sobre a antigüidade consolidada. O incremento sobre o trasporte pasará ao plus de non absentismo) Para todos os anos de vixencia do convenio, no suposto que a 31 de decembro o IPC supere o IPC previsto para ese ano, o incremento terase en conta para o cálculo das táboas salariais do ano seguinte. Revisarase con efectos retroactivos, sempre e cando o IPC a final do ano supere o previsto e só nos meses no que o IPC acumulado superara o previsto.	1,67

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
MGI-COUTIER ESPAÑA, S.L.	Convenio colectivo	29,3	01/01/2010	31/12/2012	1	327	2,5	Non	ARTIGO 19º: SALARIOS E REVISIÓN SALARIAL 19.1. Para 2010 o incremento salarial será dun 2,5%. Os salarios son os reflectidos no anexo 1 deste Convenio. 19.2. Para os anos 2011 e 2012 o incremento será dun 2%. 19.3. Por outra parte, e para aqueles traballadores provenientes do cadro de persoal da empresa Plásticos DIK, S.A. que veñan percibindo o concepto salarial denominado "COMPLEMENTO PERSOAL CONSOLIDADO DE ANTIGÜIDADE", seguirán levando a cabo os incrementos anuais sobre este concepto nos termos establecidos no acordo de integración destes traballadores subscrito en data 28 de outubro de 1991 (incremento anual conforme ao 50 por cento do IPC correspondente ao exercicio anterior). 19.4. - No caso das primas de produción, os novos valores quedarán reflectidos no anexo correspondente. Calquera outro concepto económico contemplado neste convenio, salvo aqueles conceptos para os que se estableza outro incremento, manteranse nos valores actuais. Iso sen prexuízo dos efectos que teñan sobre estes conceptos a cláusula de revisión salarial que se regula no apartado 19.7 deste artigo. 19.5. - As condicións salariais e económicas que se establecen neste Convenio absorberán, compensarán e substituirán na súa totalidade e en cómputo anual ás que anteriormente rexesen por imperativos legais, xudiciais, Convenios ou pactos de calquera clase. 19.6. - Respectaranse as condicións económicas derivadas das condicións persoais do traballador. 19.7. - Revisión Salarial: Para o ano 2010 non haberá revisión salarial. Se o IPC real a 31 de decembro 2011 superase o 2%, dito exceso será tido en conta para actualizar os salarios o 01 de xaneiro de 2012. Se o IPC real a 31 de decembro 2012 superase o 2%, dito exceso será tido en conta para actualizar os salarios o 01 de xaneiro de 2013.	
PESCADOS MARCELINO, S.L.	Convenio colectivo	10,2	01/01/2010	31/12/2012	1	35		Non	Incremento salarial 2010 indicado na folla estatística: lineal 113€ ARTIGO 10. -RETRIBUCIÓNS Establécese como salario mínimo para o ano 2010 a cantidade de 850€, que terá a consideración de salario base a todos os efectos. Así mesmo se establece un plus de permanencia ou antigüidade o cal será devengado en función da seguinte escala. 1. Traballadores con 3 anos de antigüidade: 23,34€. 2. Traballadores con 6 anos de antigüidade: 46,69€. 3. Traballadores con 9 anos de antigüidade: 70,03€. 4. Traballadores con 12 anos de antigüidade: 93,38€ 5. Tope máximo de antigüidade: 132,61€ Esta escala será a tomada en conta para o devengo do plus de permanencia, o cal quedará conxelado en función da antigüidade real que exista no momento da sinatura do 1º convenio, incrementándose esta cantidade para os ano 2011, co IPC real do ano anterior máis 2 puntos, e con efectos dende o 1 de xaneiro. Posteriormente, cando se concrete o IPC real dese mesmo ano, revisaranse e se é o caso retribuiranse as diferenzas salariais producidas polo incremento do devandito IPC. Para o ano 2012, incrementarase igualmente o IPC real do ano anterior máis 1,5 puntos, procederase de ser o caso, a retribuír as diferenzas salariais producidas entre o IPC real dese ano e o incremento producido o 1 de xaneiro deste Non obstante, o anterior, aqueles traballadores que á sinatura do convenio non cumpran requisito mínimo de tres anos de antigüidade para xerar o dereito ao plus de permanencia, non se lle conxelará a antigüidade ata o momento que cumpran os tres anos efectivos de traballo co fin de devengar o devandito plus, e nese momento conxelaranse incrementándose esta cantidade de acordo coa regra anteriormente exposta. ARTIGO 12. -CLÁUSULA DE REVISIÓN SALARIAL A partir do 1 de xaneiro de 2011 e ata o 31 de decembro do mesmo ano procederase a un incremento do IPC real do ano anterior máis 2 puntos, cando se concrete o IPC real dese ano, revisaranse e se é o caso, retribuiranse as diferenzas salariais producidas polo incremento do IPC real dese ano. A partir do 1 de xaneiro de 2012 e ata o 31 de decembro do mesmo ano procederase a un incremento do IPC real do ano anterior máis 1,5 puntos, cando se concrete o IPC real dese ano, revisaranse e se é o caso, retribuiranse as diferenzas salariais producidas polo incremento do IPC real dese ano.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
PRODUCTOS CONGELADOS, S.A. (PROCSA)	Convenio colectivo	10,85	01/01/2010	31/12/2010	1	106	1,5	Non	ARTIGO 17º) CRECEMENTO SALARIAL Os salarios serán incrementados nun 1% en todos os conceptos retributivos máis o 0,5% da masa salarial a repartir entre aqueles e aquelas cuxo salario base se corresponda co de oficial de 2ª de produción e co de operarios ou operarias. Terán a súa aplicación dende o 1º de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro do mesmo ano.	
REAL AERO CLUB DE VIGO	Convenio colectivo	93	01/01/2009	31/12/2011	1	21	1,5	Non	Na TÁBOA SALARIAL 2010 indica: ANO 2009: IPC 1,4% + 0,1% = 1,5% ANO 2010: IPC 0,8% + 0,7% = 1,5% ANO 2011: IPC REAL + 0,5%	
S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN (GESECO, S.A.) - Servizo de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos do Concello de Gondomar	Convenio colectivo	38,11	01/01/2009	31/12/2010	1	7	3,3	Non	ARTIGO 20. INCREMENTOS SALARIAIS Para o ano 2009 o salario será incrementando na contía do IPC real do ano 2008 máis 1,5 e para o 2010 o salario será incrementado na contía do IPC real do ano 2009 máis 2,5. Para o ano 2010, no caso de que o IPC real a 31 de decembro do 2009 fose negativo se lles garantiría aos traballadores unha suba do 2,5.	
SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN FRIGORÍFICA DE GALICIA, S.A. - Centro de traballo de Porriño (SDF GALICIA, S.A.)	Convenio colectivo	49,4	01/01/2010	31/12/2010	1	45	0,8	Si	Na acta de acordo da prórroga para 2010 indica: 4º. -A actual redacción do artigo 17 do V Convenio Colectivo quedará modificada nos seguintes termos. ARTIGO 17. CRECEMENTO SALARIAL Para o ano 2010. - Os conceptos retributivos para o ano 2010, serán obxecto de revisión nun 0.8% establecéndose unha cláusula de revisión salarial que será aplicada conforme o seguinte criterio: - Cando o IPC publicado por INE ou organismo equivalente, a data 31 de decembro de 2010, supere o 0.8% a diferenza será aboada en concepto de atrasos, Os incrementos aquí previstos non resultarán de aplicación sobre as Axudas de custo e as Horas extraordinarias, cuxos incrementos fixos será o do IPC real a 31 de decembro de 2009. O pagamento "A conta Convenio" do 0.8% que neste apartado se pacta farase efectivo no recibo de salarios correspondente ao mes de xullo do ano en curso.	2,20
SETEX APARKI, S.A. - Servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos, contedores, indebida ou defectuosamente estacionados, parados ou depositados na vía pública do Concello de Vigo	Revisión Salarial	52,21	01/01/2010	31/12/2010	1	34	1,55	Non	CLÁUSULA ADICIONAL Incremento salarial sobre os conceptos da táboa salarial - O incremento salarial para o ano 2008 será do IPC real do 2007 máis un 0,50% - O incremento salarial para o ano 2009 será do IPC real do 2008 máis un 0,50% - O incremento salarial para o ano 2010 será do IPC real do 2009 máis un 0,75% - O incremento salarial para o ano 2011 será do IPC real do 2010 máis un 0,75%	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.	Convenio colectivo	28,22	01/01/2010	31/12/2012	1	35	1,2	Si	22. SALARIOS E REVISIÓN O incremento da totalidade das percepcións económicas do persoal afectado polo contido do presente Convenio Colectivo, será: - Ano 2010 - Segundo táboas salariais anexas. - Ano 2011 - 2012: IPC real ano anterior + 0,30% Revisión: Para o resto de retribucións contempladas nos artigos 15, 16, 23, 25 e 26 serán: - Ano 2010, segundo valores indicados neste Convenio. - Anos 2011 - 2012, índice de prezos ao consumo IPC real, do ano inmediato anterior */Na folla estatística indica: Para 2010, en ausencia de IPC, ambas partes acordan aplicar un incremento provisional do 1,20%, que servirá de base para a actualización das táboas salariais. Unha vez publicados os datos do IPC real procederase á regularización en máis ou menos da cantidade a conta establecida.	1,80
TI AUTOMOTIVE SYSTEM, S.A. - Centro de Porriño	Revisión Salarial	29,3	01/01/2010	31/12/2010	1	50	4	Non	ART. 31º. SALARIOS Para o ano 2009 o incremento salarial será do 5% para todos os traballadores/as. Para os conceptos de Antigüidade, Nocturnidade e Horas Extras o incremento será do 5%. Para o ano 2010 o incremento salarial será do 4% sobre os valores da táboa deste Convenio para o ano 2009. Para os conceptos de Antigüidade, Nocturnidade e Horas Extras o incremento será do 4%. Respectaranse as condicións económicas derivadas das condicións persoais do traballador/a.	
TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.	Revisión Salarial	49,3	01/01/2010	31/12/2010	1	28	1,3	Non	ARTIGO 7º. -SOLDOS E SALARIOS O persoal afectado por este Convenio, segundo as categorías, rexeranse para o primeiro período de vixencia do Convenio (01-01-09 a 31-12-09) pola táboa salarial anexa resultante de incrementar o IPC real do ano 2008 +1%. Para o período de vixencia do convenio, 01 de xaneiro de 2010 a 31 de decembro de 2010, dita táboa incrementarase no IPC do ano 2009 máis o 0,50%. Para o período de vixencia do convenio, 01 de xaneiro de 2011 a 31 de decembro de 2011, a táboa salarial anterior se incrementará no IPC do ano 2010 máis o 0,75%. Para o período de vixencia do convenio, 01 de xaneiro de 2012 a 31 de decembro de 2012, a táboa salarial anterior se incrementará no IPC do ano 2011 máis o 1,00%.	
TUNE EUREKA, S.A.	Convenio colectivo	28	01/07/2010	31/12/2010	1	41		Non	ARTIGO 11º-SALARIOS Para o ano 2010 acórdase unha suba dos salarios base do exercicio anterior, dende o 01/07/2010, segundo se establecen nas táboas salariais que se achegan (Anexo 3) na que figuran todos osconceptos. Non obstante, se a empresa pechase o exercicio con máis de 50.000 euros de resultado positivo antes de impostos, repartiríanse os atrasos dende o 01/01/2010.O pagamento da nómina efectuarase, o último día laborable de cada mes.	
URBASER, S.A. - Recollida pública de lixo de Marín	Revisión Salarial	38,11	01/01/2010	31/12/2010	1	15	1,8	Non	ARTIGO 23. -INCREMENTO SALARIAL Os incrementos salariais para cada un dos anos de vixencia do convenio serán os seguintes: - Ano 2008: IPC real ano 2007 +0,60% - Ano 2009: IPC real ano 2008 +0,80% - Ano 2010: IPC real ano 2009 +1,00% Estes incrementos aplicaranse respecto das táboas correspondentes ao ano inmediatamente anterior. Os incrementos aquí sinalados terán eficacia con efectos 1 de xaneiro de 2008 agás aqueles nos que se especifique outra cousa.	

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
URBASER, S.A. - Servizo de limpeza viaria e recollida RSU do Concello de Moaña	Convenio colectivo	38,11	01/01/2009	31/12/2012	1	6		Non	Incremento salarial 2010 lineal (acta preacordo) ART. 12º-CONDICIÓNS ECONÓMICAS As condicións económicas serán as que para cada categoría se establecen no anexo 1 (preacordo), de acordo cos seguintes artigos. ART. 14º-SALARIO BASE É o establecido no anexo 1 (preacordo) para cada categoría. DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA As táboas salariais definitivas para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012 serán as que figuran no anexo I (preacordo) do presente Convenio Colectivo.	
UTE de Lalín (Sufi, S.A. e Celta Prix, S.L.) - Limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos de Lalín	Convenio colectivo	38,11	01/07/2009	31/12/2012	1	21		Non	ARTIGO 32º. -INCREMENTO SALARIAL E CLÁUSULA DE REVISIÓN - 1 de xullo 2009 a 30 de xuño de 2010: Aboaranse os salarios en función da táboa salarial reflectida no Anexo I. - 1 xullo de 2010 a 30 de xuño de 2011: Aboaranse os salarios en función da táboa salarial reflectida no Anexo II. - 1 de xullo de 2011 a 31 de decembro de 2012: As cantidades salariais recollidas na táboa salarial reflectida no Anexo II, incrementaranse nun 2,5%. En caso de que o IPC real do período comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 31 de decembro de 2012 fora superior ao 2,5% de incremento aplicado, realizarase unha revisión desde o 1 de xullo de 2011 pola diferenza entre ambos os dous valores. As retribucións do persoal que ostenta unhas condicións máis beneficiosas ás contempladas no presente convenio colectivo, isto é, o persoal subrogado do Concello de Lalín, non lles será de aplicación o establecido no presente artigo. Os devanditos traballadores verán incrementadas as retribucións que veñen percibindo, desde o 1 de xullo de 2009, na porcentaxe de incremento fixado polo Goberno de España para os funcionarios do Estado.	
VITRALBA, S.L.	Convenio colectivo	23,12	01/01/2009	31/12/2011	1	20	1,8	Non	Incremento salarial 2010 calculado: 1,8% ARTIGO 12º .-RETRIBUCIÓNS Todo o persoal afectado polo presente Convenio percibirá as retribucións consignadas na táboa anexa I para o ano 2009, e as da táboa anexa II para o ano 2010. Para o ano 2011, aplicaranse as retribucións consignadas na táboa anexa II co incremento do IPC real a 31 de decembro do 2010, máis un punto.	
VIZA AUTOMOCIÓN, S.A.U.	Convenio colectivo	29,32	01/01/2009	31/12/2011	1	444	2	Si	ARTIGO 28 - REVISIÓN SALARIAL Incremento salarial. Acórdase un incremento salarial para o ano 2009 dun + 2% sobre o IPC real dese mesmo ano. Para os sucesivos anos de vixencia do presente acordo, consolídase un incremento do IPC real de cada ano nun + 0,5%. No caso de que o IPC real sexa negativo en calquera dos anos do convenio, partirase dun valor cero, a efecto das revisións salariais, co que o traballador, en ningún caso, terá que realizar calquera tipo de devolución económica. Incremento Salarial Non Consolidado 2010-2011: Para cada un destes anos, establécese un incremento salarial do 2%. Este incremento terá a consideración de non consolidable, é dicir, non será utilizado para o cálculo das táboas salariais, que se determinarán segundo se detalla no apartado a) deste artigo. Cláusula de Revisión salarial. Para o ano 2009, se o IPC real é superior a 0%. Nos anos 2010-2011, se o IPC real rexistrase ao final destes anos, unha evolución superior ao 1,5%. En ambos os dous casos efectuarase unha revisión salarial con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro do ano de que se trate. Resumo Suba Salarial ANO 2009 Subida IPC real (2009) +2% ANO 2010 Suba dun 2% non consolidable dende o 1 de xaneiro, sobre as táboas 2009. Revisión salarial a IPC real 2010 + 0,5 con carácter retroactivo se a inflación real supera o 1,5%. ANO 2011 Subida 2% dende o 1 de xaneiro non consolidable, a partir das táboas actualizadas do IPC real 2010 + 0,5%. Revisión salarial a IPC real 2011 + 0,5 con carácter retroactivo se a inflación real supera o 1,5%.	1,5

COMUNIDADE AUTÓNOMA - CONVENIOS DE SECTOR ASINADOS E REVISADOS

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
AXUDA A DOMICILIO	Revisión Salarial	88	01/01/2010	31/12/2010	94	2.500	2,8	Non	Artigo 44º.-Incremento de retribucións. Durante a vixencia deste convenio incrementaranse anualmente os conceptos reflectidos nas táboas salariais, con excepción do complemento de antigüidade, domingos e festivos e complemento de dispoñibilidade, nas seguintes porcentaxes: Para o exercicio 2009, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2008 máis 1,3 puntos. Para o exercicio 2010, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2009 máis 2 puntos. Para o exercicio 2011, o aumento será do IPC real correspondente ao exercicio 2010 máis 2 puntos. En calquera caso, a comisión paritaria determinará os criterios de aplicación nos supostos en que o IPC non fose positivo.	
CONVENIO COLECTIVO GALEGO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	Convenio colectivo	74,9	01/01/2010	31/12/2011	105	1.337		Si	Artigo 22º.-Retribucións e cláusula de revisión salarial. Establécense como conceptos retributivos os fixados nas táboas salariais do anexo. Cando as empresas tivesen establecidos complementos específicos por produtividade e/ou incentivos, estes continuarán vixentes seguindo o costume laboral vixente en cada unha delas. Este convenio ten a consideración de mínimos que se deben establecer nos centros especiais de emprego. Naqueles centros en que existan uns niveis salariais maiores dos establecidos neste convenio, manteranse. Fíxanse para o ano 2010 os salarios establecidos no anexo I. No caso de que o IPC supere as previsións oficiais feitas para o ano 2010, os conceptos económicos revisaranse en idéntica porcentaxe á desviación anteriormente aludida, aplicándose esta desviación nas táboas de 2011. O incremento salarial para o ano 2011 será do IPC previsto máis un punto. No caso de que o IPC real supere o IPC previsto máis un punto, aplicarase o IPC real.	
EDITORIAIS	Revisión Salarial	58,1	01/01/2010	31/12/2010	49	275	1,15	Si	Artigo 49º.-Salario base de convenio. Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2008 o salario base mensual do convenio, para cada un dos niveis salariais deste convenio, será o exposto no anexo I. Establécese unha cláusula de revisión, da contía do salario base mensual do convenio, entre o aumento do 3%, e o IPC real do ano 2008, que calculase para Galicia o Instituto Nacional de Estatística. Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009 o salario base mensual do convenio para cada un dos niveis salariais deste convenio, incrementarase no IPC real do ano 2008 que calculase para Galicia o Instituto Nacional de Estatística máis 0,25%. Se neste ano 2009 o IPC real resultante o 31 de decembro superase o incremento pactado para o devandito ano, actualizaríanse o salario base nas táboas vixentes, sen carácter retroactivo. Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010, o salario base mensual do convenio para cada un dos niveis salariais deste convenio incrementarase no IPC real do ano 2009 que para Galicia calculase o Instituto Nacional de Estatística máis 0,25%. Se neste ano 2010 o IPC real resultante a 31 de decembro superase o incremento pactado para o devandito ano, actualizaríanse o salario base nas táboas vixentes, sen carácter retroactivo. Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011, o salario base mensual do convenio para cada un dos niveis salariais dese convenio incrementarase no IPC real do ano 2010 que para Galicia calculase o Instituto Nacional de Estatística máis 0,25%. Se neste ano 2011 o IPC real resultante o 31 de decembro superase o incremento pactado para o devandito ano, actualizaríase o salario base nas táboas vixentes, sen carácter retroactivo.	Base 2011

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
EVENTOS, SERVIZOS E PRODUCIÓNS CULTURAIS	Convenio colectivo	90	01/01/2010	31/12/2012	300	3.500		Non	Táboa salarial	
GUINDASTRES MÓBILES AUTOPROPULSADOS DE GALICIA	Convenio colectivo	43,99	01/01/2010	31/12/2011	20	450	0,8	Non	Artigo 37º.-Revisións salariais. Todos os conceptos salariais e as contías salariais previstas neste convenio actualizaranse para este ano 2010 co IPC real do ano 2009. Para o ano 2011 actualizaranse en función da variación do índice de prezos de consumo (IPC) real do exercicio 2010 incrementado en 0,25 puntos. Artigo 40º.-Mobilidade funcional salarial. Co fin de evitar situacións de dumping social ou calquera outra que poida alterar as regras da libre competencia, no caso de que o traballador fose destinado a prestar servizos fóra da comunidade autónoma para a cal foi contratado, as empresas retribuirán os traballadores en función do salario vixente na comunidade en que presten servizos, sempre que este fose máis alto ao do lugar de contratación. Esta mobilidade funcional salarial operará cando a prestación de servizos fóra da comunidade autónoma supere os dez días de traballo efectivo. Non se aplicará a mobilidade funcional salarial en períodos de prestación de servizos inferiores a dez días de traballo completo.	
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E XIMNASIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	Convenio colectivo	93,1	29/07/2010	31/12/2012	100	1.660		Non		
LOUSAS DE OURENSE E LUGO	Revisión Salarial	8,11	01/01/2010	31/12/2010	52	2.854	3	Si	Artigo 13º.-Incremento salarial do ano 2009 e 2010. Con efectos do 1 de xaneiro de 2009 e con independencia do estipulado no artigo precedente, unha vez aplicada a revisión de 2008, actualizarase a táboa salarial do anexo II, na porcentaxe que sinale o Goberno do Estado como previsión de incremento do IPC para o dito ano incrementado en 2 puntos; no caso de que non exista tal previsión, observarase a porcentaxe que aquel aplique para os orzamentos xerais do Estado incrementado en 2 puntos. En caso de que o índice de prezos de consumo (IPC) rexistrase o 31 de decembro do ano 2009 un incremento superior ao previsto polo Goberno incrementado en 1 punto, efectuarase unha revisión salarial, tan axiña como se constate oficialmente, a partir da dita previsión incrementada en 1 punto. Tal incremento aboarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2009 e servirá, por conseguinte, como base de cálculo para o incremento salarial do ano 2010. Con efectos do 1 de xaneiro de 2010 e con independencia do estipulado no parágrafo precedente, unha vez aplicada a revisión de 2009, actualizarase a táboa salarial do anexo II, na porcentaxe que sinale o Goberno do Estado como previsión de incremento do IPC para o dito ano, incrementado en 2 puntos; en caso de que non exista tal previsión, observarase a porcentaxe que aquel aplique para os orzamentos xerais do Estado incrementado en 2 puntos. En caso de que o índice de prezos de consumo (IPC) rexistrase o 31 de decembro do ano 2010 un incremento superior ao previsto polo Goberno incrementado en 1 punto, efectuarase unha revisión salarial, tan axiña como se constate oficialmente, a partir da dita previsión incrementada en 1 punto. Tal incremento aboarase con efectos do 1 de xaneiro do ano 2010, e servirá, por conseguinte, como base de cálculo para o incremento salarial do ano 2011.	1

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
PERRUQUERÍAS DE DONAS, CABALEIROS, UNISEX E BELEZA	Revisión Salarial	96,02	01/01/2010	31/12/2010	2.839	7.000	1,3	Si	Artigo 22º.-Salarios. O salario dos traballadores afectados por este convenio para o ano 2007 será o establecido nas táboas salariais que figuran como anexo I. No ano 2008 o incremento salarial será igual o IPC real do ano anterior+0,50%. No ano 2009 o incremento salarial será igual o IPC real de 2008+0,50%, e no ano 2010 o incremento será igual o IPC real do ano anterior + 0,50%. Se no 2008 o IPC real excedese do incremento salarial fixado para ese ano, revisaranse os salarios na diferenza entre o incremento aplicado e o IPC real. Se no 2009 o IPC real excedese do incremento salarial fixado para ese ano, revisaranse os salarios na diferenza entre o incremento aplicado e o IPC real. Se no 2010 o IPC real excedese do incremento salarial fixado para ese ano, revisaranse os salarios na diferenza entre o incremento aplicado e o IPC real. Se se tivese que aplicar a cláusula de revisión salarial, as cantidades resultantes utilizaranse de base para a actualización das táboas para o seguinte ano. */Na acta da revisión salarial 2010 indica:Iniciada a sesión, adóptase o seguinte acordo: Actualizar a táboa salarial de conformidade co establecido no artigo 22. Unha vez constatado que o IPC real de 2009 foi o 0,8%, procede aplicar ao salario esta porcentaxe incrementada no 0,50%, resultando un incremento final do 1,3% e, en consecuencia, a seguinte táboa salarial.	1,7
POMPAS FÚNEBRES	Revisión Salarial	96,03	01/01/2010	31/12/2010	300	654	3	Si	Na acta de acordo da revisión salarial 2010 indica: O recollido no texto do convenio colectivo de pompas fúnebres de Galicia sinala para o ano 2010 un incremento salarial de IPC previsto máis dous puntos. De cara a concretar o IPC previsto, esta comisión paritaria atense ao disposto no artigo 48 do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, en relación coa sentenza da Sala do Social da Audiencia Nacional do 21 de maio de 2009 (Sentenza núm. 43/2009). Para estes efectos, sinálase como IPC previsto o 1%, fixado pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 para incrementar as pensións públicas. As táboas salariais para o ano 2010 increméntanse, polo tanto, nunha contía total do 3%, e quedan do seguinte xeito: ... No Artigo 18º.-Táboas salariais - Incrementos salariais. indica: Cando o IPC real sexa superior ao 3%, a diferenza entre o IPC real e o 3% engadirase ás táboas do ano seguinte.	
RESIDENCIAS PRIVADAS DA TERCEIRA IDADE	Revisión Salarial	87	01/01/2010	31/12/2010	95	2.425	0,8	Non	Na acta de acordo da revisión salarial indica: Revisión e aprobación das táboas salariais para o ano 2010 segundo o establecido no artigo 5º.-Denuncia e prórroga: denunciado este, e mentres non se chegue a acordo sobre o novo, todos os conceptos económicos serán actualizados nunha contía igual ao IPC do ano anterior, que se aboará desde o primeiro mes do ano. Apróbanse as táboas salariais correspondentes ao ano 2010. Achéganse tanto as táboas salariais de 2009 como as táboas salariais de 2010.	
TRANSPORTE DE ENFERMOS/AS E ACCIDENTADOS/AS EN AMBULANCIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	Revisión Salarial	86,9	01/01/2010	31/12/2010	75	1.070	3	Si	Artigo 13º.-Salario base. O salario base para as distintas categorías profesionais do convenio para os respectivos anos será o que se detalla nas táboas recollidas no anexo I. Ano 2009: segundo táboas anexo I. -A partir do 1-9-2009 as categorías de axudante e padioleiro/a incrementaranse con 15 € e 10 € respectivamente sobre o salario base. -Ano 2010: as táboas salariais de 2009 revisadas incrementaranse para o ano 2010 nun 3%. Artigo 13º bis.-Revisión salarial. Para cada un dos anos de vixencia do convenio revisaranse as táboas salariais á alza cando o IPC real de cada un dos anos supere o 2%. Os atrasos devengados con respecto á revisión salarial serán aboados no mes seguinte á sinatura das táboas pola comisión paritaria.	1

COMUNIDADE AUTÓNOMA - CONVENIOS DE EMPRESA ASINADOS E REVISADOS

Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº EMP.	Nº TRAB	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Ten cláusula de revisión salarial	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Efecto / Valor da cláusula
AGUAS DE CABREIROÁ, S.A.	Convenio colectivo	11,07	01/01/2009	31/12/2010	1	44	1	Non	Na acta de acordo indica: Incremento salarial: Para o ano 2009 todos os conceptos retributivos do convenio incrementaranse co 1%. Este incremento aplicarase desde o 1 de xaneiro de 2009 sobre as táboas actualizadas e revisadas (definitivas) do ano anterior. Para o ano 2010 todos os conceptos retributivos do convenio incrementaranse co 1%, e a categoría de oficial de 2ª será incrementada ademais cun euro diario no Plus de carencia de incentivos. Os incrementos aplicarase desde o 1 de xaneiro de 2009 sobre as táboas actualizadas e revisadas (definitivas) do ano anterior. Artigo 31º.-Cláusula de revisión salarial. Para os anos 2009 e 2010 non terá cláusula de revisión.	
AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES, S.L.	Convenio colectivo	73,11	01/01/2009	31/12/2010	1	310	2	Si	Artigo 20º.-Retribución e cláusula de revisión salarial. Establécese un incremento salarial para o ano 2009 do 2% para todos os traballadores e traballadoras. Para o ano 2010 un incremento salarial do 2% sobre o SMI dese ano (salario mínimo interprofesional) para aqueles traballadores e traballadoras que sigan percibindo o SMI e dun 2% aos demais traballadores e traballadoras. No caso de que o IPC for superior en exceso ao incremento salarial, revisarase na diferenza con carácter retroactivo para todos os traballadores.	1
9902415	INDUSTRIAS DE GRANXAS AVÍCOLAS E OUTROS ANIMAIS	Revisión Salarial	1,4	01/01/2010	31/12/2010	1.633	1,75	Artigo 44. Incremento económico previsto para 2008, 2009 e 2010. O salario base, plus de asistencia e demais conceptos retributivos para o período abranguido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2008, resultarán de aplicar o incremento do IPC real habido no citado período máis o 0,75 por cento sobre as contías vixentes no ano 2007. A partir do día 1 de xaneiro de 2009 suprímese o plus de asistencia, pero a súa contía calculada multiplicando 273 días de traballo polo importe diario do devandito plus a 31 de decembro de 2008, segundo táboas salariais definitivas do devandito ano, incorporarase ao salario base quedando integrado neste. O salario base e demais conceptos retributivos no período abranguido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009, resultarán do incremento do IPC real habido no citado período máis o 0,75 por cento e aplicaranse sobre as contías vixentes 31 de decembro de 2008. O salario base, e demais conceptos retributivos no período abranguido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010 resultarán do incremento do IPC real habido no citado período máis o 0,75% por cento e aplicarase sobre as contías vixentes a 31 de decembro de 2009. Achéganse como anexo n.º VI as táboas salariais correspondentes ao ano 2008, elaboradas tendo en conta a previsión oficial do 2% do IPC máis o 0,75%. En todo caso, ao finalizar o ano e no caso de que o IPC real publicado polo INE ou organismo que o substitúa, fose superior ao IPC previsto, as táboas salariais adaptaranse ao devandito aumento con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro. As táboas salariais correspondentes aos anos 2009 e 2010 elaboraranse seguindo o mesmo procedemento que para o 2008.	Si	2
9903945	INDUSTRIAS DE PASTAS ALIMENTICIAS	Revisión Salarial	10,73	01/01/2010	31/12/2010	171	1	Artigo 25. Incremento salarial. Os incrementos salariais pactados no presente Convenio son os seguintes: Ano 2008: IPC REAL, máis 0,25 puntos. Ano 2009: IPC REAL, máis 0,25 puntos. Ano 2010: IPC REAL, máis 0,25 puntos. Os devanditos incrementos aplicaranse sobre todos os conceptos económicos do convenio. Con efectos do 1. º de xaneiro de cada ano as empresas anticiparán o IPC previsto polo Goberno para o conxunto do ano, procedéndose á súa regularización unha vez se publiquen os valores definitivos.	Si	2,25

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9901465	INDUSTRIAS DO CURTIDO, CORREAS E COIROS INDUSTRIAIS E CURTICIÓN DE PELES PARA PELETARÍA	Convenio colectivo	15,11	01/01/2009	31/12/2011	142	0,8	Artigo 66. Salario (1). 1. As táboas salariais para o 2009, serán as que resulten de incrementar nun 0,8 por 100 as que eran de aplicación a 31 de decembro de 2008, se ben só aplicaranse para os efectos de establecer a base sobre a que calcular as táboas para o 2010. As táboas salariais así calculadas están salientadas no Anexo I.1 do presente Convenio. 2. As táboas salariais para o 2010, con vixencia dende o 1 de xaneiro 2010, serán as que resulten de incrementar nun 0,8 por 100 as táboas revisadas de 2009. As táboas salariais así calculadas están salientadas no Anexo I.2 do presente Convenio. 3. As táboas salariais para o 2011, con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2011, serán as que resulten de incrementar nun 0,8 por 100 as táboas revisadas de 2010. O salario dos Aprendices será o salientado no Anexo I.1 para 2009 e no Anexo I.2 para 2010 para o 100 por 100 da xornada. Cláusula de revisión excepcional: Para os efectos de revisión, se a 31 de decembro dos anos 2010 e 2011 o IPC real rexistrado polo Instituto Nacional de Estatística, sufrise un incremento superior ao 0,8 por 100 previsto, efectuarase unha revisión salarial unicamente sobre as táboas do ano ao que corresponde o IPC, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia no exceso sobre a indicada cifra, servindo por conseguinte como base de cálculo para as táboas salariais do seguinte ano, aboándose, durante o primeiro trimestre do ano a diferenza que puidese resultar, con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2010 ou 2011 se é o caso. A garantía do IPC real excepcional para os anos 2010-2011 farase exclusivamente sobre o salario base. Dado que a cláusula de revisión salarial só é de aplicación ás táboas salariais, non terá ningún efecto sobre os artigos do Anexo III Pacto de Cataluña.	Si	2,2
9903175	INDUSTRIAS LÁCTEAS E OS SEUS DERIVADOS	Revisión Salarial	10,54	01/01/2010	31/12/2010	1.787	1	Disposición adicional primeira. Incremento salarial. As partes pactan unha suba salarial anual para a vixencia do presente Convenio colectivo na mesma porcentaxe do IPC real establecido polo organismo nacional competente. En consecuencia cando se coñeza o IPC real para o ano 2008, incorporaranse como anexo III a táboa salarial definitiva para o devandito ano, aplicando as táboas provisionais establecidas, a diferenza entre o devandito IPC real e o 3,5% aboado a conta nas táboas que como anexo III se achegan como parte integrante deste. Para os anos 2009, 2010, 2011, e 2012, revisaranse as táboas salariais coa porcentaxe do IPC real dos devanditos anos. En xaneiro de cada un dos anos 2009, 2010, 2011, e 2012, a Comisión Paritaria elaborará as táboas salariais provisionais aplicando a previsión do IPC oficial do goberno nos Orzamentos Xerais do Estado; procedéndose a elaborar a definitiva unha vez coñecido o IPC real, cuxas diferenzas de existir se aboarán nunha soa paga de carácter retroactivo en cada un dos exercicios de vixencia do Convenio. Non obstante o anterior, se durante a vixencia do Convenio colectivo, goberno, sindicatos e patronal alcanzasen un pacto de estado, ou se aprobase algunha disposición normativa de carácter obrigatorio e aplicación xeral que afectase á negociación colectiva en materia de incremento/revisión salarial e outros aspectos de carácter laboral, as partes asinantes do Convenio colectivo comprométense a estar e pasar polo disposto no referido pacto ou norma, modificando o que resultase necesario. Como cláusula de garantía salarial as partes asinantes establecen que se ao 1 de xaneiro de 2012, unha vez aplicados os incrementos previstos para o devandito exercicio incluída a cláusula de garantía salarial por desviación de IPC definitivo anual, houbese algunha categoría na que o salario base mensual das táboas definitivas do Convenio non alcanzase a cifra de 1.000,00 euros, ditas táboas modificaranse para que ese compromiso poida ser efectivo a partir do 1 de xaneiro de 2012. No suposto de que coa aplicación da cláusula de garantía anterior, algunhas categorías puidesen chegar a ter os mesmos salarios bases durante 2012, as partes asinantes do Convenio adquiren o compromiso de establecer distintos salarios base para as categorías que integren as futuras táboas salariais que se negocien para o exercicio 2013, que atendan á capacidade e profesionalidade necesaria para ostentar cada categoría.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9901095	MAIORISTAS E IMPORTADORES DE PRODUTOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS E DE DROGUERÍA, PERFUMERÍA E ANEXOS	Revisión Salarial	46,75	01/01/2010	31/12/2010	537	0,1	Cláusula de revisión 2009 restada do incremento: 1,3 - 1,2 = 0,1 Na acta de acordo da revisión salarial 2010 indica: Revisión salarial 2009 Unha vez constatada oficialmente polo INE a inflación correspondente ao ano 2009, e quedando establecida no 0,8%, produciuse unha diminución do 1,2% respecto do IPC previsto polo Goberno para o 2009 e, polo tanto, procede efectuar a revisión salarial prevista no artigo 46 do Convenio. En consecuencia a revisión salarial será dun 1,2% (1,2% negativo) a aplicar sobre as táboas que resultaron de aplicar o IPC previsto polo Goberno para o ano 2009 (2% +0,4%). Esta revisión salarial negativa realízase aos únicos efectos de obter as bases de cálculo para a aplicación dos incrementos do 2010 xa que, de conformidade co disposto no citado artigo 46, non procede a devolución de salarios, pero se afecta esta circunstancia para os efectos do cálculo do incremento salarial correspondente ao ano 2010. Incremento salarial 2010 Unha vez constatado que a inflación prevista polo Goberno para o ano 2010 é o 1 por 100, de acordo co establecido no artigo 45 do Convenio Colectivo procede un incremento salarial para o ano 2010 do 1,3 por 100 (1% +0,3%), unha vez efectuada a revisión salarial negativa segundo o disposto no apartado anterior. Artigo 45. Incrementos salariais. O incremento salarial para o ano 2008 será do 2,4% (IPC previsto polo Goberno +0,4%) sobre o SMG dos Grupos Profesionais. Para o ano 2009, o IPC previsto polo Goberno nos Orzamentos Xerais do Estado para ese ano máis 0,4% e para o ano 2010, IPC previsto máis 0,3%. Estes incrementos salariais efectuaranse sobre o SMG segundo o descrito no artigo 42. º do presente Convenio. A partir do Convenio Colectivo de 1997 acordouse a supresión das categorías profesionais e a súa substitución por Grupos Profesionais tal e como se establece no Capítulo II, para estes efectos, a supresión das táboas salariais por categorías efectuarase do seguinte xeito: 1. º A Empresa incrementará os salarios de todos os traballadores nas porcentaxes establecidas, para cada un dos anos de vixencia do Convenio, así coma se fose preciso aplicaráselles a Cláusula de Revisión Salarial. No devandito incremento estarán incluídos no concepto de salarios reais: o salario base, e os complementos fixos en termos anuais, non ligados a cantidade ou calidade de traballo que perciba cada traballador, exceptuando o complemento de antigüidade que ten a súa propia regulación. 2. º Unha vez incrementados os salarios segundo se sinala no punto anterior, procederase á clasificación dos traballadores en grupos profesionais. Despois de efectuada a clasificación, ningún salario base poderá ser inferior ao que se indica no art. 43. º Artigo 46. Cláusula de revisión salarial. No caso de que o IPC establecido polo INE rexistrase o 31 de decembro de cada ano de vixencia do presente Convenio Colectivo unha variación respecto ao 31 de decembro do ano anterior, efectuarase unha revisión salarial tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia na variación sobre a indicada cifra. No suposto de que o IPC real resultase inferior, en relación co IPC previsto polo Goberno para cada ano de vixencia do Convenio, non procederá a devolución dos salarios aboados, pero si afectará esta circunstancia para os efectos do cálculo do incremento salarial para o seguinte ano. As revisións salariais consideradas neste artigo, en caso de producirse terá efectos sobre os salarios mínimos garantidos, así como aos salarios reais que perciban os traballadores nestes termos que se establece no art. 45. º do presente convenio.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9903395	MATADOIROS DE AVES E COELLOS	Convenio colectivo	10,12	01/01/2009	31/12/2010	817	1	Na acta de acordo da prórroga indica: Primeiro. -Prorrogar o Convenio Colectivo nacional do Sector de Matadoiros de Aves e Coellos (Código de Convenio n.º 9903395), que finalizou o 31 de decembro de 2008, ata o 31 de decembro de 2010, salvo o relativo ao incremento salarial que se axustará ao establecido no acordo seguinte. Segundo. -As táboas salariais para 2009 incrementáronse no 1,2 por 100 sobre as táboas definitivas de 2008, que foron establecidas en virtude da Acta da Comisión Paritaria do 27 de maio de 2009. Achéganse á presente Acta as táboas salariais definitivas de 2009 como Anexo 1. Terceiro. -Para 2010, os salarios de 2009 incrementaranse no IPC real, publicado polo INE ao 31 de decembro de 2010 máis un 0,40 por 100, cun incremento garantido do 1 por 100 no suposto de que o IPC real máis o sinalado 0,40 por 100 resulte inferior no seu conxunto. Este incremento salarial aplicarase sobre as táboas salariais definitivas de 2009. A partir do 1 de xaneiro de 2010 será aboado «a conta» un incremento do 1 por 100, de conformidade coas táboas provisionais que para 2010 se achegan á presente Acta como Anexo núm. 2. A revisión, en caso de producirse, aplicaríase con efecto retroactivo dende o mes de xaneiro de 2010, aplicándose a diferenza entre o IPC definitivo de 2010, máis 0,40, e o incremento «a conta» que serviu de base para calcular a táboa salarial de 2010 e, sen prexuízo de aplicar, en caso necesario o incremento garantido do 1 por 100 para 2010. Os atrasos aboaranse no prazo máximo de tres meses dende a sinatura do presente acordo.	Si	2,4
9903685	MINORISTAS DROGUERÍA, HERBORISTERÍA, ORTOPEDIA E PERFUMERÍA	Revisión Salarial	47,74	01/01/2010	31/12/2010	1.462	1,5	No Artigo 40 (Incrementos salariais) indica: 3. Incremento salarial anos 2009-2011. Modo de operar. - Para os anos 2009 e 2010 o incremento salarial será o IPC previsto máis 0,5 e se é o caso o que corresponda como consecuencia do disposto en materia de revisión salarial. A contía final resultante determinarase en acta de Comisión Mixta a celebrar no mes de xaneiro de cada ano e aplicarase sobre os salarios mínimos garantidos, o plus de locomoción e os complementos persoais. O ano 2011 o incremento salarial será o IPC previsto máis 0,7 e se é o caso o que corresponda como consecuencia do disposto en materia de revisión salarial. Aos efectos de alcanzar o salario mínimo garantido pactado no artigo 38 deste convenio, unha vez aplicado o incremento salarial se realizarán as seguintes operacións: En primeiro lugar integrarase no salario base anual (dividido en quince pagas) os anos 2009 e 2010 a mesma contía do plus de locomoción que se integrou no ano 2008. No ano 2011 integrarase o total restante do plus de locomoción. Se esa contía resultase insuficiente, as empresas poderán compensar e absorber das contías aboadas os traballadores por calquera concepto salarial non establecido en convenio, establecendo a Comisión Mixta ao igual que para o ano 2008 as contías máximas anuais por grupo profesional que resulten. Artigo 41. Revisión salarial. Ano 2008. -No caso de que o IPC final do ano 2008 (xaneiro-decembro) supere o 2,5% a porcentaxe de desviación sumarase ao incremento previsto polo artigo 40 para o ano 2009 e aplicarase sobre os conceptos salariais alí indicados. Anos 2009-2011. -No caso de que o IPC final do ano supere o inicialmente previsto, a porcentaxe de desviación sumarase ao incremento previsto polo artigo 40 para o ano seguinte e aplicarase sobre os conceptos salariais alí indicados.	Si	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9903895	OFICINAS DE FARMACIAS	Convenio colectivo	47,73	01/01/2007	31/12/2010	3.945	1,3	No Artigo 45 (Incremento salarial e cláusula de revisión) indica: 45.3 Polo que respecta ao incremento salarial para os anos 2009 e 2010: a) No caso de que non se publicase, dentro do primeiro trimestre natural, a actualización do RDL 5/2000, que regula as marxes, deducións e descontos correspondentes á distribución e dispensa de medicamentos de uso humano, o incremento salarial que haxa de aplicarse será igual ao IPC real do ano anterior máis 0,5 por cento. b) No suposto de que se chegase a publicar no devandito trimestre a citada actualización do RDL 5/2000, o incremento das retribucións contempladas nas táboas salariais será igual á suma da porcentaxe publicada no Real Decreto de actualización, máis un punto coma tres (1,3%) sempre que o resultado sexa igual ou superior ao do IPC real do ano anterior; no caso contrario, a suba salarial será igual ao IPC real do ano anterior máis 0,5 por cento. 45.4 As revisións anuais e os aboamentos en nómina se levarán a cabo dentro do primeiro trimestre natural de cada ano, agás polo que respecta ao 2007, en que os atrasos se farán efectivos nos recibos de salarios do mes seguinte ao da publicación deste Convenio no BOE.	Non	
9904015	PERFUMERÍA E AFÍNS	Convenio colectivo	20,42	01/01/2010	31/12/2011	902	1,2	No Artigo 35 (Incrementos salariais) indica: II. Incrementos. A. Ano 2010. Unha vez depurado o concepto M.S.B. de 2009 de acordo cos epígrafes 2.1, 2.2 e 2.3 do apartado I procederase a incrementar a M.S.B. no 1,2% do seu actual importe. Os incrementos da M.S.B. de cada Empresa calcularanse en condicións de homoxeneidade respecto dos períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a equipos coma a réxime privativo de traballo, a niveis de produtividade, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado, as cantidades que correspondan ás ampliacións en tales conceptos, con exclusión das detraccións contempladas. … Artigo 37. Cláusula de revisión salarial. No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC), establecido polo Instituto Nacional de Estatística, rexistrase a 31 de decembro de 2010 unha desviación con respecto ao 31 de decembro de 2009, superior ou inferior ao 1,2%, incremento fixado no momento de subscribir o Convenio, efectuarase unha revisión salarial, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia, na variación sobre a cifra do 1,2% indicado. Se procedese, se é o caso, un incremento de salarios, aboarase este con efectos do 1 de xaneiro de 2010, servindo, por conseguinte, como base de cálculo para o incremento salarial do ano 2011 e para levalo a cabo tomaranse como referencia as masas utilizadas para realizar os aumentos pactados en 2010. No suposto de que o IPC real ao 31 de decembro de 2010, resultase inferior en relación co incremento fixado no Convenio para o ano 2010, é dicir o 1,2%, non suporá unha restitución de salarios por parte dos traballadores, pero terase en conta a devandita circunstancia para o cálculo do incremento salarial correspondente a 2011. Para o exercicio 2011 aplicarase a cláusula de revisión salarial do mesmo modo que para o ano 2010, na variación, á alza ou á baixa, sobre a cifra do 1%, incremento pactado para o devandito ano. Así mesmo, actualizaranse as táboas de salarios mínimos garantidos dos grupos profesionais, táboa de plus e axudas de custo, de acordo coa revisión que se produza. A quilometraxe non se readaptará, senón que soamente se actualizará na súa base de cálculo para aplicación de futuros incrementos.	Si	1,8

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9913745	PRENSA DIARIA	Revisión Salarial	58,13	01/01/2010	31/12/2010	1.669	1,3	No Artigo 37 (Incremento salarial) indica: I. Ano 2007. -Durante este ano os SMG e o CPC do ano anterior, veranse incrementados nunha porcentaxe equivalente ao do IPC real do ano anterior. II. Ano 2008. -Durante este ano o SMG, e o CPC do ano anterior, de conformidade co estipulado arriba, veranse incrementados nunha porcentaxe equivalente ao IPC real do ano anterior máis o 0,25%. III. Ano 2009. -Durante este ano o SMG, e o CPC do ano anterior, de conformidade co estipulado arriba, veranse incrementados nunha porcentaxe equivalente ao IPC real do ano anterior máis o 0,5%. IV. Ano 2010. -Durante este ano o SMG, e o CPC do ano anterior, de conformidade co estipulado arriba, veranse incrementados nunha porcentaxe equivalente ao IPC real do ano anterior máis o 0,5%.	Non	
9912985	TÉCNICOS DE EMPRESAS DE PRODUCIÓN AUDIOVISUAL	Revisión Salarial	59,15	01/01/2010	31/12/2010	831	1,3	No Artigo 5º (Ámbito temporal) indica: 2. Revisión de condicións de carácter económico – Con efecto retroactivo ao 1 de xaneiro de 2009, as táboas salariais incluídas neste Convenio incrementaranse co IPC máis dous puntos para cinema e co IPC máis 0,60 para televisión e servizos xerais. As devanditas táboas publícanse en Anexo adxunto ao presente. Con efecto 1 de xaneiro de 2010 incrementaranse as devanditas táboas co IPC real de 2009, máis 0,50 para televisión e servizos xerais e con IPC máis un punto para cinema. Con efecto o 1 de xaneiro de 2011, as táboas incrementásense co IPC real de 2010 máis 1 punto tanto para cinema coma para televisión e servizos xerais. 3. Nas mesmas datas indicadas no parágrafo anterior, as cantidades establecidas no artigo 31 como compensatorias de gastos de locomoción e de manutención e estanza incrementaranse, de forma automática, nunha porcentaxe igual ao incremento sufrido polo índice xeral de prezos ao consumo durante o ano inmediatamente anterior, sempre que este incremento non supoña que se superen as cantidades máximas que, por compensación de gastos de locomoción ou de manutención e estanza, quedan exentas de gravame para os efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Polo tanto, estas cantidades máximas actuarán cada ano como un límite superior á aplicación deste incremento.	Non	

CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS - EMPRESA

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9005152	3M ESPAÑA, S. A.	Convenio colectivo	20	01/01/2010	31/12/2010	8			Non	
9017112	ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS	Convenio colectivo	49	01/01/2010	31/12/2010	679		Cláusula 3. ª Incremento económico Tratamento económico 2010: O tratamento económico realizarase conforme ao establecido no Acordo para a Función Pública de data 25 de setembro de 2009, tanto para o incremento coma para a cláusula de revisión salarial. En consonancia, para 2010, establécese o seguinte incremento: 1. º A suba salarial será do 0,3% do conxunto da masa salarial, aboado de xeito lineal para o persoal operativo nas pagas extraordinarias; e para os Mandos Intermedios e Cadros e Estrutura de Apoio, aplicando a porcentaxe de incremento ao conxunto das súas retribucións individuais e incorporándoo ao fixo. 2. º Cláusula de revisión salarial: Garántese a compensación e percepción do importe correspondente á desviación que se é o caso se puidese producir entre o incremento do apartado 1. º e a inflación efectiva do período de vixencia desta prórroga, así como a súa incorporación a masa salarial, aplicable, se procede, nos termos establecidos no acordo da Función Pública. Para estes efectos, ambas as dúas partes articularán antes do 31 de decembro de 2010, o procedemento sobre a forma e momento de aplicar tal compensación e a súa incorporación a masa salarial. 3. º Aboamento adicional do 0,3% da masa salarial 2009, en paga única e por unha soa vez, en maio de 2010. O importe do 0,3% do conxunto da masa salarial, será aboado de xeito lineal para o persoal operativo; e para os Mandos Intermedios e Cadros e Estrutura de Apoio, aplicando a porcentaxe ao conxunto das súas retribucións individuais. Vixencia da prórroga do Convenio: Esta prórroga do I Convenio Colectivo iniciará a súa vixencia o próximo día 1 de xaneiro de 2010 e finalizará o 31 de decembro de 2010, e prorrogarase de ano en ano, salvo que unha das partes lexitimadas formule denuncia deste dentro do mes anterior ao seu vencemento.	Non	
9000132	AGENCIA EFE SOCIEDAD ANÓNIMA	Convenio colectivo	63,91	01/01/2009	31/12/2011	14		Artigo 72. Condicións económicas. Todas as cantidades incluídas neste Convenio Colectivo fan referencia ao acordado para o ano 2009 cuxa táboa salarial figura no Anexo III. Condicións económicas para 2009, 2010 e 2011. 1. Redución da Masa Salarial: - 2009: conxelación salarial. - 2010: aplicarase a seguinte redución salarial: Retribucións fixas: a) Durante 2010, os salarios ata 30.000 euros, sen incluír os salarios que se están a pagar aos xubilados parciais, veranse reducidos nun 1,75 por 100. b) Durante 2010, os salarios comprendidos entre 30.001 e 40.000 euros serán reducidos nun 2,5 por 100. c) Durante 2010, os salarios comprendidos entre 40.001 e 50.000 euros serán reducidos nun 3,25 por 100. d) Durante 2010, os salarios comprendidos entre 50.001 e 60.000 euros serán reducidos nun 4,25 por 100. e) Durante 2010, os salarios comprendidos entre 60.001 e 70.000 euros serán reducidos nun 5,25 por 100. f) Durante 2010, os salarios por enriba de 70.001 euros serán reducidos nun 8 por 100. g) As reducións descritas aplicaranse na paga extra de febreiro que se devenga durante 2010 e pagarase en febreiro de 2011. - 2011: manteranse as mesmas retribucións que en 2010, quedando polo tanto afectada igualmente a paga Extra que se devenga durante 2011 e se pagará en Febreiro de 2012. - Na porcentaxe de redución salarial aplicable aos membros do Comité de Dirección atópase xa incluído o 5 por 100 que por acordo da Comisión Delegada de Asuntos Económicos do 2 de xuño do 2010 xa se reducira. - Tanto para a determinación do salario anual de cada traballador, e polo tanto do tramo de redución aplicable, como para a aplicación material da porcentaxe en concreto se terán en conta unicamente os conceptos salariais fixos percibidos durante o período de remuneración da paga de febreiro, polos traballadores. 2. A redución salarial e a súa compensación en días libres non son consolidables. Ao termo da vixencia do Convenio, polo tanto, volverán aplicarse os salarios e días libres vixentes a 31 de decembro de 2009, a partir dos cales se negociará o seguinte Convenio Colectivo.	Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9017732	AGFA HEALTHCARE SPAIN, S.A.U.	Convenio colectivo	47	01/01/2010	31/12/2011	3	1,3	No Artigo 21 (Incrementos salariais) indica: a) Para o ano 2010 establécese un incremento de: 1,30% (un coma trinta por cento) sobre o Salario Convenio e Complemento Persoal do 2009. b) Para o ano 2011 establécese un incremento igual ao IPC do 2010 máis un 0,50% (cero coma cincuenta por cento) de mellora sobre o Salario Convenio e Complemento Persoal do 2010.	Non	
9015491	AIR EUROPA LÍNEAS AEREAS SA (PERSOAL TERRA, EXCEPTO TÉCNICOS MANTEMENTO AERONÁUTICO)	Convenio colectivo	51	30/11/2010	31/12/2010	35	1,2	Acta de acordo 2010: 1. En primeiro lugar establecerase unha nova táboa salarial para o ano 2008, para iso tomarase como referencia a táboa salarial definitiva do ano 2007, á que se incrementará o IPC xeral real do ano 2008 (1,4%) máis o 0,9%, é dicir, as táboas salariais do ano 2007 incrementaranse o 2,3%. 2. Unha vez determinada a táboa salarial do ano 2008, de acordo ao establecido no punto 1, procederase ao cálculo da táboa salarial para o ano 2009, aplicando á táboa salarial do ano 2008, o IPC xeral real do ano 2009 máis un incremento do 0,4%. No suposto de que o IPC xeral real do ano 2009 publicado polo Goberno máis a revisión do 0,4%, resultase unha porcentaxe negativa, as táboas salariais do ano 2009 serán idénticas que as aplicadas a data de hoxe para o ano 2008. 3. En definitiva, durante o ano 2009, os traballadores afectados polo presente Convenio Colectivo percibirán os salarios correspondentes a 2008 e, unha vez coñecido o IPC real do ano 2009, aplicarase a anterior fórmula e efectuarase a revisión pactada que, se é o caso, se percibirá como atrasos salariais dentro dos dous primeiros meses do ano 2010. Terceiro. -A táboa salarial para o ano 2010 será a que resulte de aplicar unha revisión salarial á táboa salarial do ano 2009 consistente no IPC real xeral do ano 2010 máis o 0,2%. No suposto de que o IPC xeral real do ano 2010 publicado polo Goberno máis a revisión do 0,2% resultase negativo, as táboas salariais do ano 2010 serán idénticas que as establecidas para o ano 2009. No ano 2010 aplicarase o sistema ou método exposto no apartado 3 do punto anterior. Cuarto. -Todas as referencias no presente acordo ao IPC real xeral enténdense ao IPC xeral interanual publicado polo Goberno do mes de decembro para cada un dos anos.	Si	2
9010453	AL AIR LIQUIDE ESPAÑA,S.A., AIR LIQUIDE MEDICINAL, S.L Y AIR LIQUIDE PRODUCCION, S.L.	Revisión Salarial	20	01/01/2010	31/12/2010	49	1,1	No Artigo 26 (Incrementos) indica: Nos anos 2009 a 2012, ambos os dous inclusive, os conceptos anteriores incrementaranse no IPC real do ano anterior máis 0,30. Os citados incrementos terán efecto, respectivamente, dende o día un de xaneiro dos anos 2009 a 2012, ambos os dous inclusive, e materializaranse no mes seguinte ao que se coñeza o IPC definitivo do ano anterior. Quen como consecuencia da implantación dos grupos profesionais teñan no plus individual un importe por diferenza de salario base entre o anterior sistema de categorías e o actual de grupos profesionais (salario base categoría - salario base grupo profesional), terán dereito a que, como mínimo, a citada diferenza sempre se incremente na porcentaxe de incremento do salario convenio, non sendo nunca «a determinar».	Non	
9013642	ALGECO CONSTRUCCIONES MODULARES SA UNIPERSONAL (ANTES ALQUIMODUL SA)	Revisión Salarial	41	01/01/2010	31/12/2010	8	1	Na Acta da revisión salarial 2010 indica: Primeiro. -Tras constatar que o Índice de Prezos ao Consumo previsto para 2010 foi igual ao 1%, procédese a efectuar a revisión salarial de conformidade co previsto no artigo 24, terceiro parágrafo, do Convenio colectivo. E en consecuencia, apróbase unha revisión salarial do 1% sobre as táboas do exercicio 2009; sendo o devandito 1% incorporado ás táboas do exercicio 2010 cuxo texto final e completo se achega á presente acta como anexo número I, formando parte integrante desta. Artigo 24. Principios xerais en materia salarial. As retribucións previstas no presente convenio colectivo teñen o carácter de mínimos, polo que os pactos, cláusulas ou situacións actualmente implantadas que impliquen condicións máis beneficiosas subsistirán para aqueles/as traballadores/as que viñeran gozándoas. Achéganse como anexo número I as táboas salariais correspondentes ao exercicio 2009, en vigor dende o 01 de xaneiro de 2009. As retribucións salariais do presente convenio colectivo actualizaranse durante os anos 2010 a 2012, ambos os dous inclusive, de conformidade co índice de prezos ao consumo previsto nos Orzamentos Xerais do Estado para os exercicios correspondentes, tomando como base as táboas salariais contidas no anexo I do presente convenio colectivo para o exercicio 2010. Para os anos 2011 e 2012 tomaranse como base as táboas salariais contidas no anexo I do presente convenio colectivo revisadas de conformidade co parágrafo anterior. A devandita revisión realizarase na nómina de marzo con efectos do día 01 de xaneiro dos anos 2010, 2011 ou 2012 respectivamente.	Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9008282	ALLIANZ-RAS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.	Convenio colectivo	65	01/01/2010	31/12/2013	98	1	No Artigo 19 (Regularización e revisión da estrutura retributiva e outras condicións económicas en función do IPC) indica: As retribucións establecidas no presente Convenio Allianz que se especifican a continuación, serán obxecto de regularización e revisión, nos termos que se indican máis adiante: a) Regularización: As partidas «Soldo Base», «Complemento salario base», «Complemento de Adaptación Individualizado», «Complemento por Experiencia», «Plus de Residencia», «Plus de Inspección», o «Plus Convenio Allianz», o «Plus de Actividade» e as «Pagas de participación en Primas» así como o «Plus de Desprazamento» serán obxecto de regularización ao día 31 de decembro de 2010, aboándose as diferenzas que puidesen existir entre o incremento a conta efectuado segundo a porcentaxe aplicada ao inicio de cada ano, de acordo co Art. 37 do vixente Convenio Colectivo do Sector e o incremento real que corresponda á vista do IPC real resultante a 31 de decembro de 2010, nos termos previstos no Convenio Xeral do Sector Seguros. As devanditas diferenzas serán liquidadas, se é o caso, dentro do primeiro trimestre do exercicio 2011. O mesmo procedemento se aplicará para os exercicios 2011 e seguintes, de cara á liquidación de diferenzas que, se é o caso, se puidesen producir ao termo de cada exercicio segundo determine o Convenio Xeral do Sector Seguros. b) Revisión: Polo que se refire ás partidas «Soldo Base», «Complemento salario base», «Complemento de Adaptación Individualizado», «Complemento por Experiencia», «Plus de Residencia», «Plus de Inspección», o «Plus Convenio Allianz», o «Plus de Actividade» e as «Pagas de Participación en Primas» así como o «Plus de Desprazamento»: para o exercicio 2011 e sucesivos, as retribucións actualizadas a 31 de decembro de cada ano, serán obxecto, con efectos de 1º de xaneiro de cada ano, dunha revalorización a conta de acordo a canto determina o Convenio Xeral do Sector Seguros. Déixase expresa constancia que para o ano 2010 xa se levou a cabo unha revisión do 1%, a conta do resultado do IPC real 2010, de acordo co criterio establecido pola Comisión Mixta Paritaria de interpretación e seguimento do Convenio Colectivo Xeral do Sector Seguros. Convenio sector - Artigo 37. Cláusula de revisión salarial. 1. Acordándose no presente Convenio para os sucesivos anos de vixencia deste un incremento salarial igual ao IPC que se constate en cada un dos devanditos anos, a presente cláusula vén a garantir que, en caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo INE, rexistre a 31 de decembro dos anos 2008, 2009, 2010 ou 2011 un crecemento superior á porcentaxe inicialmente aplicada cada ano, respecto á cifra do devandito IPC a 31 de decembro do ano anterior, efectuarase unha revisión salarial, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia, no exceso sobre a indicada cifra, formalizándose pola Comisión Mixta a súa aplicación a través da elaboración das correspondentes táboas. Tal diferenza aplicarase con efectos de 1. º de xaneiro do ano ao que corresponda, servindo por conseguinte como base de cálculo para o incremento salarial do ano seguinte, e para levala a cabo tomarase como referencia a táboa de soldos base utilizada para realizar os aumentos inicialmente aplicados o ano ao que corresponde. Se resultase diferenza en menos, terase en conta para aplicar no seu momento sobre a porcentaxe do incremento acordado ou que se acorde para o seguinte ano. A revisión salarial, se é o caso, aboarase nunha soa paga durante o primeiro trimestre do ano seguinte ao que corresponda, sendo os conceptos afectados por esta os seguintes: táboa de soldos base por nivel retributivo, táboa de complemento por experiencia, complemento de adaptación individualizado, plus de residencia, plus funcional de inspección e axuda económica para vivenda nos supostos de traslado.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9017972	ASEPEYO MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABAJO Nº 151	Convenio colectivo	65	01/01/2010	31/12/2011	91	1	Artigo 20. Cláusula de Revisión salarial. O réxime de revisións salariais realizarase conforme o establecido nos artigos 35, 36, 37 e 38 do Convenio Estatal de Seguros, Reaseguros e Mutuas de Accidentes de Traballo (2008-2011). Iso non obstante, no caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo INE, rexistre a 31 de decembro nunha diferenza en menos (deflación), esta non se terá en conta para aplicar no seu momento sobre a porcentaxe do incremento acordado. Convenio sector: Artigo 36. Condicións económicas para os anos 2009, 2010 e 2011. 1. Para cada un dos anos 2009, 2010 e 2011 acórdase un incremento salarial igual ao IPC que se constate oficialmente 31 de decembro sobre decembro de cada ano anterior, sobre as táboas de soldos bases e do complemento por experiencia. Inicialmente, con efecto de 1. º de xaneiro, aplicarase a previsión de inflación tida en conta polo Goberno para a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado, con cláusula de revisión salarial para a regularización, se é o caso, da devandita previsión de inflación ata o IPC anual que finalmente se constate a 31 de decembro de cada ano. 2. Os conceptos salariais complemento de adaptación individualizado, plus de residencia, plus funcional de inspección e axuda económica para vivenda, naqueles supostos en que se xeren conforme á súa regulación específica, veranse incrementados cada ano nos mesmos termos expresados no apartado anterior para a táboa salarial de soldos base e de complementos por experiencia. 3. A Comisión Mixta de interpretación regulada no artigo 89, en actuación de administración do Convenio, procederá cada ano á elaboración e publicación das correspondentes táboas e importes resultantes da aplicación do establecido no presente artigo, tanto as iniciais de cada ano como os resultantes, se é o caso, en función do IPC real que se constate. Artigo 37. Cláusula de revisión salarial. 1. Acordándose no presente Convenio para os sucesivos anos de vixencia do mesmo un incremento salarial igual ao IPC que se constate en cada un dos devanditos anos, a presente cláusula vén a garantir que, en caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo INE, rexistre a 31 de decembro dos anos 2008, 2009, 2010 ou 2011 un crecemento superior á porcentaxe inicialmente aplicada cada ano, respecto á cifra do devandito IPC a 31 de decembro do ano anterior, efectuarase unha revisión salarial, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia, no exceso sobre a indicada cifra, formalizándose pola Comisión Mixta a súa aplicación a través da elaboración das correspondentes táboas. Tal diferenza aplicarase con efectos de 1. º de xaneiro do ano ao que corresponda, servindo por conseguinte como base de cálculo para o incremento salarial do ano seguinte, e para levala a cabo tomarase como referencia a táboa de soldos base utilizada para realizar os aumentos inicialmente aplicados o ano ao que corresponde. Se resultase diferenza en menos, terase en conta para aplicar no seu momento sobre a porcentaxe do incremento acordado ou que se acorde para o seguinte ano. A revisión salarial, se é o caso, aboarase nunha soa paga durante o primeiro trimestre do ano seguinte ao que corresponda, sendo os conceptos afectados por esta os seguintes: táboa de soldos base por nivel retributivo, táboa de complemento por experiencia, complemento de adaptación individualizado, plus de residencia, plus funcional de inspección e axuda económica para vivenda nos supostos de traslado.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9014492	ASISTENCIA DISTRIBUCION Y SERVICIOS 2003 (ADYS)	Convenio colectivo	52,2	15/06/2010	31/12/2012	41		Artigo 48. Contía das retribucións. As retribucións aplicables dende o 4 de febreiro de 2010 serán as establecidas no anexo, incrementándose para o resto dos anos de vixencia do Convenio no IPC previsto polo Goberno nos Orzamentos Xerais do Estado para cada ano. Para os anos 2010, 2011 e 2012 no caso de que o IPC real a 31 de decembro de 2010, 2011 e 2012 experimente un incremento superior ao IPC previsto polo Goberno nos Orzamentos Xerais do Estado para os citados anos, a diferenza aplicarase como porcentaxe ás táboas salariais do ano seguinte respectivamente aos sós efectos de actualización de táboa.	Si	
9017422	Avanza Externalización de Servicios, S. A.	Convenio colectivo	82	01/01/2009	31/12/2013	72	1,05	Artigo 29. Incrementos. Para o ano 2010 páctase unha variación salarial equivalente ao IPC xeral real do ano 2009 máis un diferencial do 0,25%, aplicado sobre os conceptos salariais incluídos na táboa do anexo I. Para o resto de anos de vixencia do presente convenio páctase unha variación salarial igual ao IPC xeral real do ano anterior máis un 0,25%, aplicado sobre os conceptos salariais incluídos na táboa do anexo I, toda vez actualizada.	Non	
9000532	AVIS ALQUILE UN COCHE, S.A.	Convenio colectivo	77,1	01/01/2010	31/12/2010	26			Non	
9015962	AXION-RED DE BANDA ANCHA DE ANDALUCIA SA	Convenio colectivo	61	01/01/2010	31/12/2012	3		Disposición transitoria terceira. Incremento salarial. Ano 2010: Con efectos 1 de xaneiro de 2010 incrementarase un 1,5% sobre salario bruto fixo de cada traballador a data 31 de decembro de 2009, máis un incremento en función do salario bruto anual de cada traballador atendendo aos seguintes tramos: Salario que non supere o 12% do salario fixado para o nivel tres, un 0,6%. Salario que non supere o 17% do salario fixado para o nivel tres, un 0,4%. Salario que non supere o 22% do salario fixado para o nivel tres, un 0,3%. Ano 2011 e 2012: IPC real do ano anterior, máis un incremento en función do salario bruto anual de cada traballador atendendo aos seguintes tramos: Salario que non supere o 12% do salario fixado para o nivel tres, un 0,6%. Salario que non supere o 17% do salario fixado para o nivel tres, un 0,4%. Salario que non supere o 22% do salario fixado para o nivel tres, un 0,3%.	Non	
9002181	BRIDGESTONE HISPANIA S.A. - DELEGACIONES- (Antes FIRESTONE-HISPANIA S.A.)	Convenio colectivo	22,11	01/07/2010	30/06/2012	5		Artigo 82. Incremento Salarial. (Para parte) a) No suposto de que o IPC real do período 1-7-2010 a 30-6-211 supere o 0,5%, revisaranse as Táboas Salariais I, II, III e IV, en canto se constate esta circunstancia, para garantir un incremento mínimo final do 70% do IPC. Esta revisión aplicarase con efecto 1-7-2010 sobre as Táboas Salariais (I, II, III e IV) vixentes a 30-6-2010. As táboas así corrixidas serán as que sirvan de base para o incremento do ano seguinte. En 2011 aplicarase no mes de xullo un incremento do 0,8% sobre as táboas salariais definitivas do período anterior. No suposto de que o IPC real do periodo1-7-2011 a 30-6-2012 rexistrase un incremento superior revisaranse as Táboas Salariais I, II, III e IV, en canto se constate esta circunstancia, para garantir un incremento mínimo final do 70% do IPC. Esta revisión aplicarase con efecto 1-7-2011 sobre as Táboas Salariais (I, II, III e IV) vixentes a 30-6-2011. As táboas así recollidas serán as que sirvan de base para o incremento do ano seguinte. b) A Táboa V revisarase en xaneiro dos anos 2011 e 2012 respectivamente nos termos que se estableza no Convenio de Fábricas.	Si	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9013352	IBERMUTUAMUR, MATEPSS Nº 274	Revisión Salarial	66	01/01/2010	31/12/2010	55	1,2	Na Acta da revisión salarial 2010 indica: 2. Condicións salariais 2010 e 2011: Conforme ao estipulado no art. 3 do Convenio Colectivo de Ibermutuamur 2008-2011, as retribucións salariais (fixas e variables) correspondentes aos anos 2010 e 2011 han de ser obxecto de negociación. 2.1 Retribucións fixas 2010: Para o ano 2010 ambas as dúas representacións acordan aplicar, como entrega a conta inicial sobre as retribucións fixas acreditadas individualmente a 31 de decembro de 2009, o 1,20%, exceso resultante da entrega a conta en 2009 e o IPC real do citado ano. Constatado o IPC real a 31 de decembro de 2010 aplicarase a regularización correspondente, por exceso ou por defecto, sen que en ningún caso as táboas salariais establecidas para 2010, que se achegan a este documento no anexo I, sufran minoración ningunha.	Si	1,8
9013993	MAPFRE, GRUPO ASEGURADOR	Convenio colectivo	65	01/01/2010	31/12/2013	353	1,45	Artigo 19. Condicións económicas para os anos de vixencia do convenio e revisión salarial. 1. Durante o período de vixencia do Convenio o incremento salarial, que se aplicará anualmente sobre o salario bruto anual -definido como a suma dos conceptos A, B e C do artigo 18-, será igual ao IPC que se constate oficialmente 31 de decembro sobre decembro do ano anterior. Anualmente, con efecto 1 de xaneiro, aplicarase dentro do primeiro trimestre do ano o incremento salarial de acordo coa previsión de inflación tida en conta polo Convenio do sector seguros. Finalizado o exercicio, e coñecido o IPC real, procederase a realizar a correspondente regularización salarial de acordo cos seguintes criterios: Se o IPC real fose superior á previsión de inflación aplicada, procederase a realizar, se é o caso, a correspondente revisión salarial, que se aboará durante o primeiro trimestre do ano seguinte. Se o IPC real fose inferior, tal diferenza deducirase do incremento que corresponda para o seguinte ano. 2. De forma complementaria á revisión salarial pactada no apartado 1, en cada un dos anos de vixencia do presente Convenio, realizarase dentro do primeiro trimestre do ano, un pagamento adicional de remuneración anual, de carácter non consolidable, polas porcentaxes que a continuación se indican: Ano 2010: 0,45 %. Ano 2011: 0,40 %. Ano 2012: 0,37 %. Ano 2013: 0,33 %. As devanditas porcentaxes aplicaranse sobre a suma dos conceptos A, B e C do artigo 18 referidos ao salario do ano anterior. 3. A contía que perciba cada empregado en concepto de plus Convenio Mapfre incrementarase no ano 2013 na cantidade de 150 euros. Este incremento realizarase no mes de marzo de 2013 con remuneración anual e de forma posterior á realización do incremento salarial correspondente ao ano 2013.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9010582	MERCADONA, S.A.	Convenio colectivo	47	01/01/2010	31/12/2013	697		Artigo 21.º Contías salariais. 1) O Salario base dos grupos profesionais no ano 2010, será incrementado segundo as seguintes porcentaxes: Xerente A menos de 3 anos, o IPC xeral nacional real do ano 2009 (publicado polo Instituto Nacional de Estatística) máis un 2.4%. Xerentes A de máis de 3 anos e Xerentes B, o IPC xeral nacional real do ano 2009 (publicado polo Instituto Nacional de Estatística) máis un 0.50%. Xerentes C e persoal de coordinación, o IPC xeral nacional real do ano 2009 (publicado polo Instituto Nacional de Estatística). Se o IPC real fose negativo, tomarase como valor o 0%. Cando se coñeza o IPC real do 2009, a comisión mixta procederá a confeccionar a táboa dos salarios bases, e unha vez actualizada remitiraa á Dirección Xeral de Traballo para o seu rexistro e publicación no BOE. O salario base de convenio para os anos 2011, 2012 e 2013 será incrementado aplicando a mesma fórmula e aos mesmos grupos profesionais, que no ano 2010 (co IPC xeral nacional real do ano anterior). 2) Non se procederá ao incremento mencionado no punto primeiro deste artigo, nos anos en que a empresa non conseguira o ratio (beneficio neto dividido entre a cifra de vendas) de polo menos, o 1,5 por 100 sobre a cifra de vendas. De darse esta circunstancia a empresa comunicarao ao Comité intercentros. No prazo de 30 días dende a constatación oficial polo persoal auditor da empresa, a dirección entregará ao Comité intercentros a conta de perdas e ganancias na que se basee a medida adoptada, e dentro deste mesmo prazo Dirección e Comité acordarán se procede ou, non a non aplicación do incremento salarial. En todo caso, o establecido nos parágrafos precedentes só afecta ao incremento salarial pactado atopándose obrigada a empresa ao cumprimento do resto do texto do convenio.	Non	
9003822	NCR ESPAÑA S.A.	Convenio colectivo	46	01/01/2010	31/12/2010	7		Artigo 45. Incremento salarial. (Para parte) Con efectos 1 de marzo de 2010 e con vixencia ata o 28 de febreiro de 2011, a Empresa incrementará o 1% a retribución dos traballadores en equipo desta suxeitos a este Convenio sobre o seu salario real bruto, fixo e periódico (Soldo Base, Plus Convenio e Complemento Voluntario). Non será de aplicación esta revisión salarial citada aos empregados que se atopen nalgunha das situacións seguintes: a) Traballadores que ingresaran por primeira vez na Empresa a partir do 1 de marzo de 2010. b) Traballadores que subscribiran individualmente coa Compañía cláusulas de revisión ou condicións particulares referidas a garantías salariais. c) Traballadores que causaran baixa na Empresa con anterioridade á sinatura do presente Convenio, aínda cando o foran con posterioridade á data de aplicación desta revisión salarial.	Non	
9015002	NEXTIRAONE ESPAÑA, SLU	Convenio colectivo	62	01/01/2010	31/12/2012	4			Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9016532	NUMIL NUTRICION S.R.L.	Convenio colectivo	46	01/01/2010	31/12/2011	4		Artigo 24. Estrutura salarial e criterios xerais As retribucións salariais para o persoal afectado polo presente Convenio e durante o seu período de vixencia será o establecido nas táboas salariais. 24.1 Táboas salariais. -As táboas de salario base para todo o ano 2010 serán as seguintes para cada un dos de grupos: Grupos — Salario base mensual Euros Grupo 5: Neste grupo estarán asignados os postos con responsabilidade local de supervisión/coordinación dunha determinada área, xefes de equipo, xerentes, expertos. — 1.420,09 Grupo 6: Neste grupo estarán asignados os postos de especialización dentro das distintas áreas organizativas. Estes postos non terán responsabilidade de supervisión, ou esta será limitada. — 1.139,27 Grupo 7: Neste grupo estarán asignados os postos que contribúen ao negocio a través de funcións de apoio e/ou soporte (administrativo, técnico, etc) dentro das distintas áreas organizativas. — 909,96 Todos aqueles traballadores que, antes da entrada en vigor do presente Convenio Colectivo, estivesen a percibir en concepto de salario base unha contía superior á establecida nas presentes táboas salariais ao seu correspondente grupo, seguirán percibindo a mesma contía coa denominación de salario base. 24.2 Revisión Salarial. -Para o ano 2011, o salario base contido nas táboas salariais anteriores incrementarase na porcentaxe do IPC real do ano 2010 publicado polo Goberno, sempre que o devandito índice non sexa inferior a cero. 24.3 Retribucións salariais. -As retribucións salariais consistirán en: Doce mensualidades ordinarias compostas polo salario base de conformidade coas táboas do presente Convenio Colectivo. Dúas pagas extraordinarias de verán e Nadal pagadoiras en xullo e decembro, respectivamente, equivalentes a unha mensualidade ordinaria do salario fixo en metálico. A diferenza entre o salario base e o salario fixo en metálico que realmente perciba o traballador, farase constar na nómina baixo a denominación retribución voluntaria, salvo o disposto no último parágrafo do artigo 24.1. 24.4 Aboamento salario. -O salario de cada traballador aboarase mediante transferencia bancaria, ao número de conta que este proporcionara á empresa, na última semana de cada mes, salvo forza maior ou imposibilidade técnica, en cuxo caso se aboará a primeira semana do mes seguinte.	Non	
9016542	NUTRICIA S.R.L.	Convenio colectivo	46	01/01/2010	31/12/2011	3		Artigo 24. Estrutura salarial e criterios xerais. As retribucións salariais para o persoal afectado polo presente Convenio e durante o seu período de vixencia será o establecido nas táboas salariais. 24.1 Táboas salariais. -As táboas de salario base para o ano 2010 serán as seguintes para cada un dos de grupos: Grupos — Salario base mensual Grupo 5: neste grupo estarán asignados os postos con responsabilidade local de supervisión/coordinación dunha determinada área, xefes de equipo, xerentes, expertos. — 1.420,09 € Grupo 6: neste grupo estarán asignados os postos de especialización dentro das distintas áreas organizativas. Estes postos non terán responsabilidade de supervisión, ou esta será limitada. — 1.171,72 € Grupo 7: neste grupo estarán asignados os postos que contribúen ao negocio a través de funcións de apoio e/ou soporte (administrativo, técnico, etc) dentro das distintas áreas organizativas. — 988,06 € Todos aqueles traballadores que, antes da entrada en vigor do presente Convenio Colectivo, estivesen a percibir en concepto de salario base unha contía superior á establecida nas presentes táboas salariais ao seu correspondente grupo, seguirán percibindo a mesma contía coa denominación de salario base. 24.2 Revisión salarial. -Para o ano 2011 o salario base contido nas táboas salariais anteriores incrementarase na porcentaxe do IPC real do ano 2010 publicado polo Goberno, sempre que o devandito índice non sexa menor que cero. 24.3 Retribucións salariais. -As retribucións salariais consistirán en: Doce mensualidades ordinarias compostas polo salario base de conformidade coas táboas do presente Convenio Colectivo. Dúas pagas extraordinarias de verán e Nadal pagadoiras en xullo e decembro, respectivamente, equivalentes a unha mensualidade ordinaria do salario fixo en metálico. A diferenza entre o salario base e o salario fixo en metálico que realmente perciba o traballador, farase constar na nómina baixo a denominación retribución voluntaria, salvo o disposto no último parágrafo do artigo 24.1. 24.4 Aboamento salario. -O salario de cada traballador aboarase mediante transferencia bancaria, ao número de conta que este proporcionara á empresa, na última semana de cada mes, salvo forza maior ou imposibilidade técnica, en cuxo caso se aboará a primeira semana do mes seguinte.	Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9012412	OERLIKON SOLDADURA SA	Convenio colectivo	20	19/05/2010	31/12/2012	3		Artigo 57. Táboas salariais. As táboas salariais que se incorporan como anexo I ao presente convenio están confeccionadas comprendendo o aumento pactado nos soldos e salarios para o ano 2010, 2011 e 2012 e aplicaranse ata o 31 de decembro dos devanditos anos	Non	
9013213	ORTIZ CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS SA Y GRUPO	Revisión Salarial	41	01/01/2010	31/12/2010	86	0,9	Na Acta de acordo da revisión salarial indica: Segundo. Incremento Salarial. -As partes acordan dada a actual situación económica aplicar como suba para o ano 2010 a cláusula de garantía salarial prevista no convenio e que é marcada polo IPC interanual a peche do mes de decembro de 2009. Polo tanto as táboas salariais subirán un 0.9% nos conceptos de Salario Base, Complemento posto de traballo e pagas extraordinarias. En canto ao extrasalarial ao ir vinculado ao IPREM, increméntase neste ano nun 1%, na cantidade de 106.50 € para todas as categorías profesionais.	Non	
9017323	PRAXAIR ESPAÑA SL, PRAXAIR PRODUCCION ESPAÑA SL, PRAXAIR SOLDADURA SL Y PRAXAIR EUROHOLDING SL	Convenio colectivo	20	01/01/2010	31/12/2011	26	1,6	Incremento salarial para os anos 2010 e 2011: Todos os conceptos salariais se modificarán no ano 2010 con efectos dende 1º de xaneiro nun 1,6%. No suposto de que o IPC, ao final do ano 2010 rexistrase unha variación superior ao 1,6%, efectuarase unha revisión salarial sobre a indicada cifra (1,6%) na cantidade que o supere, cun tope do 2,1%, con efectos de 1º de xaneiro de 2010. No suposto de que o IPC, ao final do ano 2010, resultase menor que o 1,3% e ata o 0,8%, a diferenza resultante dende o 1,3%, deflactarase nas táboas salariais, e servirá como base de cálculo para o incremento das táboas salariais correspondentes ao ano 2011. Todos os conceptos salariais modificaranse no ano 2011 con efectos dende 1 de xaneiro de 2011, nun importe equivalente á media da inflación prevista polo BBVA e FUNCAS. No suposto que o IPC ao final do ano 2011 rexistrase unha variación superior á inflación prevista utilizada para realizar o incremento do devandito ano, efectuarase unha revisión sobre a indicada cifra (media da inflación prevista polo BBVA e FUNCAS), na cantidade que o supere, cun tope de 5 décimas, con efectos do 1 de xaneiro de 2011. No suposto que o IPC, ao final do ano 2011, resultase menor en 3 décimas sobre a media da inflación prevista polo BBVA e FUNCAS, utilizada para realizar o incremento do ano 2011, e ata un tope de cinco décimas, a diferenza resultante dende a citada media menos 3 décimas, deflactarase nas táboas salariais, e servirá como base de cálculo para o incremento das táboas salariais correspondentes ao ano 2012.	Si	1,4
9004283	RADIO POPULAR S.A. -COPE-	Convenio colectivo	60,1	01/01/2010	31/12/2010	72	0	Artigo 28. Salario. Ano 2010: Con efecto do 1 de xaneiro de 2010, os salarios base dos traballadores afectados por este convenio serán os establecidos na táboa salarial que figura no anexo n.º 1, que é a mesma do convenio de 2009, tal e como se acordou na negociación do expediente de regulación de emprego asinado o 20 de maio de 2010 entre a empresa e a representación dos traballadores de COPE.	Non	
9015782	RED ESPAÑOLA DE ENTIDADES POR EL EMPLEO RED ARAÑA	Convenio colectivo	88,9	20/07/2010	31/12/2010	3			Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9013852	REINTEGRA SA	Convenio colectivo	82	01/01/2009	31/12/2010	11	1	Incremento salarial 2010 calculado: 1%	Non	
9017022	RENFE-OPERADORA	Convenio colectivo	49	01/01/2007	31/12/2010	537		Incremento económico ano 2010. O tratamento económico para o exercicio 2010 realizarase baseándose no establecido no Acordo para a Función Pública de data 25 de setembro de 2009, mediante resolución do 22 de outubro de 2009, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se publica o Acordo para a Función Pública no marco do Diálogo Social 2010-2012 da forma seguinte: 1. Establécese un incremento salarial do 0,3% da masa salarial de 2009 dos traballadores afectados polo ámbito persoal da actual prórroga do I Convenio colectivo, aboando a cantidade resultante do seguinte modo: Para o colectivo de persoal operativo, o incremento económico calcularase sobre a súa respectiva masa, será lineal e a cantidade resultante incorporarase repartida ás pagas extraordinarias. Para o colectivo de Mando Intermedio e Cadro e Persoal de Estrutura de Apoio, calcularase sobre o conxunto da súa retribución individual do exercicio 2009 e incorporarase ao compoñente fixo da súa retribución. 2. O aboamento do outro 0,3% da referida masa salarial, non consolidable, realizarase en paga única, e o valor será calculado da forma descrita no punto anterior. O aboamento farase efectivo no último trimestre do ano 2010. 3. Conforme á citada resolución do 22 de outubro de 2009 da Secretaría de Estado para a Función Pública pola que, se garante a compensación e percepción do importe correspondente á desviación que se é o caso se puidese producir entre o incremento salarial do 0,3% e a inflación efectiva do ano 2010 aplicándose os mesmos criterios de repartición establecidos no apartado 1 da cláusula 3. ª do presente documento. O aboamento da posible compensación farase efectivo no primeiro trimestre de 2011.	Non	
9006510	REPSOL BUTANO S.A. - PERSOAL DE TERRA	Convenio colectivo	35,2	01/01/2009	31/12/2010	46	1,75	Artigo 28. Incrementos anuais. Os incrementos fixados sobre a masa salarial do ano precedente, serán os seguintes: Ano 2009: IPC previsto polo Goberno máis 0,30 puntos sobre as táboas salariais aplicadas a 31 de decembro de 2008. Ano 2010: IPC previsto polo Goberno máis 0,75 puntos. A cláusula de revisión por desviación do IPC real con respecto ao previsto, operará excepcionalmente nos anos 2009 e 2010, na forma seguinte: Se o IPC real é superior ao previsto, a diferenza terá efectos retroactivos, e se modificarán á alza os valores dos distintos conceptos, que servirán de base para os incrementos do exercicio seguinte. Se o IPC real é inferior ao previsto, a diferenza non terá efectos retroactivos, e se modificarán á baixa, os valores dos distintos conceptos, que servirán de base para os incrementos do exercicio seguinte, na forma que a continuación se indica: Se a desviación é inferior a un punto porcentual, só se tomará o 50% da concreta desviación para modificar os valores dos distintos conceptos retributivos. Se a desviación é superior a un punto porcentual, tomarase o 50% do primeiro punto e o 100% do exceso sobre o devandito punto para a modificación dos distintos conceptos retributivos. A revisión salarial resultante da aplicación dos criterios 1 e 2 anteriores estará limitada polos valores dos conceptos retributivos que serviron de base para o incremento en cada un dos anos, que, se é o caso, se manterían para calcular o novo incremento.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9018012	REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A.	Convenio colectivo	20	01/01/2009	31/12/2010	28	1,75	Artigo 33. Incremento salarial e cláusula de revisión. 1. Incrementos anuais. Ano 2009: IPC previsto (2%) máis 0,30 puntos sobre as táboas salariais aplicadas a 31 de decembro de 2008, coa repartición de masa habitual. Ano 2010: IPC previsto máis 0,75 puntos. Cláusula de revisión. -Excepcionalmente e para a vixencia deste acordo complementario, a cláusula de revisión por desviación do IPC real con respecto ao previsto, operará na forma seguinte: Se o IPC é superior ao previsto, a diferenza terá efectos retroactivos e se modificarán á alza os valores dos distintos conceptos, que servirán de base para os incrementos do exercicio seguinte. Se o IPC é inferior ao previsto, a diferenza non terá efectos retroactivos, e se modificarán á baixa os valores dos distintos conceptos que servirán de base para os incrementos do exercicio seguinte, na forma que a continuación se indica: a) Se a desviación é inferior a un punto porcentual, só se tomará o 50% da concreta desviación para modificar os valores dos distintos conceptos retributivos. b) Se a desviación é superior a un punto porcentual, tomarase o 50% do primeiro punto e o 100% do exceso sobre o devandito punto para a modificación dos distintos conceptos retributivos. c) A revisión salarial resultante da aplicación dos criterios establecidos nos apartados a) e b) anteriores estará limitada polos valores dos conceptos retributivos que serviron de base para o incremento en cada un dos anos, que, se é o caso, se manterían para calcular o novo incremento. Todos os conceptos salariais, do colectivo de RYLESA con aplicación deste acordo complementario, se incrementarán na maior destas dúas porcentaxes: Porcentaxe do incremento pactado no V.A.M. Porcentaxe do incremento pactado no C.G.I.Q. 2. Masa salarial. -Os criterios de repartición do incremento da masa salarial estableceranse de común acordo entre a dirección da empresa e os representantes dos traballadores dentro dos límites que establecen o acordo marco de Repsol YPF e o convenio xeral da industria química. O custo dos deslizamentos en RYLESA será do 50% compartido entre a empresa e os traballadores.	Si	2
9012102	SEGURIBER, COMPAÑIA DE SERVICIOS INTEGRALES SL	Revisión Salarial	80,1	01/01/2010	31/12/2010	53		Na acta de acordo da revisión salarial indica: Primeiro. -Modifícase o artigo 6 do Convenio Colectivo Nacional de Seguriber Compañía de Servicios Integrales, SLU (código de Convenio número 9012102), para o período 2007-2010, pasando a ter o citado artigo a seguinte redacción: Artigo 6. Revisión salarial anual. “Para os anos 2007 e 2008 páctase un incremento salarial do IPC real en todos os conceptos salariais e extrasalariais, incluído horas extraordinarias. Para tales efectos tomaranse como referencia os salarios vixentes no 2006. Para o ano 2009 aprobaranse novas táboas de retribución pola Comisión Negociadora do Convenio, que, unha vez aprobadas, serán aplicadas con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro do devandito ano, quedando, en tanto, prorrogadas as de 2008. Do mesmo modo, negociaranse e aprobarán pola Comisión Negociadora do Convenio novas táboas de aplicación para o ano 2010, e que, unha vez aprobadas, serán aplicadas con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro do devandito ano, quedando, en tanto, prorrogadas as de 2009”. Segundo. -En consecuencia, modifícase a táboa de retribución que se Anexa ao Convenio, nos seguintes termos, sendo de aplicación retroactiva os novos valores con efectos dende o 1 de xaneiro de 2010.	Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9016352	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S. A. (SEGANOSA)	Convenio colectivo	80	01/01/2009	31/12/2012	40		Artigo 19. Incrementos Salariais. Para o ano 2009 e o ano 2010 considéranse como definitivas as táboas do Anexo I. Para o ano 2012 a empresa deberá incrementar o salario bruto mensual de cada traballador en 60 euros. A empresa resérvase o dereito a fraccionar esta suba nos importes que considere máis apropiados en 2011, ou facela na súa totalidade en 2012. Todos aqueles traballadores que teñan un contrato de obra ou duración determinada, ou fixo, e que este derive pola adxudicación dun contrato ou concurso xurdido ante a Administración ou calquera empresa pública ou privada, terán a revisión salarial en función dos incrementos do IPC que teña sinalado o condicionado do contrato. Trato diferenciado respecto ao resto de traballadores da empresa que se xustifica atendendo a que neste caso son os pregos do concurso en cuestión os que determinan o prezo que se aboa polo servizo, non tendo a empresa marxe ningunha na negociación deste prezo o cal ten que cubrir os custos de explotación do servizo e o beneficio empresarial.	Non	
9006932	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	Revisión Salarial	74	01/01/2010	31/12/2010	144	0,8	Artigo 51. Contía das retribucións. As retribucións aplicables dende o 1 de xaneiro de 2008, serán as establecidas no anexo salarial. Para os anos 2009 e 2010, revisarase na porcentaxe do IPC real resultante ao 31 de decembro do ano 2008 e 2009, respectivamente. O importe das horas extras dende o 1 de xaneiro de 2008 figura no anexo salarial. Para os anos 2009 e 2010, revisarase na porcentaxe do IPC real resultante ao 31 de decembro do ano 2008 e 2009, respectivamente. O importe das horas nocturnas dende o 1 de xaneiro de 2008 figura no anexo salarial. Para os anos 2009 e 2010, revisaranse na porcentaxe do IPC real resultante ao 31 de decembro do ano 2008 e 2009, respectivamente.	Non	
9015923	SUPERMERCADOS GRUPO EROSKI [SUPERA, UDAMA, Vegonsa Agrupación Alimentaria S.A. (VEGALSA), Vego Supermercados S.A., Mercash-Sar S.L., CENCO, S.A., CECOSA, DAGESAU y PICABO]	Convenio colectivo	47,1	01/01/2010	31/12/2010	4.293	1	Artigo 30. Estrutura salarial e Salario Base de Grupo. 1. Salario Base de Grupo. -Para o ano 2010 establécese a seguinte táboa que identifica os Salarios Base de Grupo, anual a tempo completo e con inclusión de pagas extraordinarias para o colectivo de traballadores/as, expresada en euros. Grupo I Xestores 14.099,87 Grupo II Mandos 13.687,44 Grupo III Técnicos 13.288,88 Grupo IV Responsables 12.795,10 Grupo V Profesionais 12.527,15 2. Incremento salarial. -As táboas salariais do ano 2010, expresadas no punto anterior, son o resultado do incremento do 1% dos salarios consolidados e definitivos do ano 2009 sobre o salario base persoal e salario base de grupo. 3. Revisión salarial. -Unha vez constatado o valor do IPC real do ano 2010, actualizaranse as táboas salariais segundo o seguinte criterio: a) Se o IPC real resulta ser igual ou inferior ao 2%, as táboas non sufrirán modificación ningunha. b) Se o IPC real é superior ao 2%, o diferencial entre o 2% e o IPC real incorporaríase á táboa salarial a partir do 1 de xaneiro do ano 2011. c) Tan só se revisarían a táboa salarial con efectos retroactivos, no caso de que o IPC real resultase superior ao 2,2%, e pola diferenza entre o 2,2% e o IPC real.	Si	0,8

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9018022	UMIVALE MATEPSS Nº 15	Convenio colectivo	65	01/01/2010	31/12/2011	9		Disposición adicional segunda. Revisión salarial. Todos os termos económicos recollidos neste convenio colectivo de Umivale Matepss, salvo aqueles de carácter absorbible e compensable e aqueles nos que estea expresamente indicado o seu carácter non revisable, serán obxecto de revisión ao principio de cada exercicio, de acordo á cláusula de revisión salarial recollida no artigo 37 do vixente convenio colectivo xeral de carácter estatal para as empresas de seguros, reaseguros e mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social. Convenio sector: Artigo 37. Cláusula de revisión salarial. 1. Acordándose no presente Convenio para os sucesivos anos de vixencia deste un incremento salarial igual ao IPC que se constate en cada un dos devanditos anos, a presente cláusula vén a garantir que, en caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo INE, rexistre a 31 de decembro dos anos 2008, 2009, 2010 ou 2011 un crecemento superior á porcentaxe inicialmente aplicada cada ano, respecto á cifra do devandito IPC a 31 de decembro do ano anterior, efectuarase unha revisión salarial, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia, no exceso sobre a indicada cifra, formalizándose pola Comisión Mixta a súa aplicación a través da elaboración das correspondentes táboas. Tal diferenza aplicarase con efectos de 1. º de xaneiro do ano ao que corresponda, servindo por conseguinte como base de cálculo para o incremento salarial do ano seguinte, e para levala a cabo tomarase como referencia a táboa de soldos base utilizada para realizar os aumentos inicialmente aplicados o ano ao que corresponde. Se resultase diferenza en menos, terase en conta para aplicar no seu momento sobre a porcentaxe do incremento acordado ou que se acorde para o seguinte ano. A revisión salarial, se é o caso, aboarase nunha soa paga durante o primeiro trimestre do ano seguinte ao que corresponda, sendo os conceptos afectados por esta os seguintes: táboa de soldos base por nivel retributivo, táboa de complemento por experiencia, complemento de adaptación individualizado, plus de residencia, plus funcional de inspección e axuda económica para vivenda nos supostos de traslado.	Si	
9018132	UNIDAD EDITORIAL INFORMACION ECONOMICA SL	Convenio colectivo	58	01/01/2009	31/12/2011	1	1	Artigo 33. Aumentos salariais. Os traballadores dentro do ámbito de aplicación do presente convenio colectivo verán incrementado o seu salario fixo segundo se describe a continuación. Así mesmo, incrementaranse de xeito idéntico o resto de complementos salariais salvo o «Complemento de responsabilidade» cuxa contía se fixa en acordo individual entre a empresa e o traballador: Anos 2009-2011. Incremento do IPC previsto con cláusula de revisión. A tal fin, aplicarase en cada un dos anos o IPC previsto polo goberno. Unha vez coñecido o índice de prezos ao consumo nacional real do ano que publique o Instituto Nacional de Estatística ou organismo oficial que o substitúa, a 31 de decembro de cada un dos anos, se este superase o IPC previsto en que se calculou inicialmente o aumento salarial para o devandito ano páctase unha revisión automática igual á diferenza que se produza entre ambas as dúas porcentaxes. Esta revisión, se procede, aboarase con efectos do día 1 de xaneiro de cada ano sucesivo nos tres meses seguintes á publicación do índice de prezos ao consumo nacional real do ano que publique o Instituto Nacional de Estatística ou organismo oficial que o substitúa. Para os tres anos de vixencia do convenio, os traballadores cuxos salarios en cada un dos anos estean por debaixo das novas táboas de salario fixo para ese ano e cuxo incremento porcentual para alcanzalas sexa superior ao IPC terán absorbido o incremento do IPC. No ano 2009 os traballadores que, ao aplicar as novas táboas salariais, non alcancen un incremento do 2% aplicaráselles un diferencial ata chegar ao 2% previsto.	Si	2

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9010222	UNION GENERAL DE TRABAJADORES	Revisión Salarial	94	01/01/2010	31/12/2010	169	2,75	Artigo 26. Incremento salarial. En cada un dos anos de vixencia do Convenio -2007 a 2011- todos os conceptos salariais serán incrementados no IPC real anual oficial do Estado a 31 de decembro de cada ano, máis o 1,75%. O citado incremento salarial aplicarase con efecto do un de xaneiro de cada ano e unha vez realizada a consolidación no salario base da parte proporcional da reclasificación profesional pactada no presente Convenio. Artigo 27. Pago a conta e revisión salarial. 27.1 No ano 2007, con efecto do 1 de xaneiro, aplicarase un 3,75% sobre todos os conceptos salariais, como pago a conta do incremento salarial (un 2% correspondente ao incremento a conta do IPC previsto, máis o 1,75%, mencionado no artigo 26 anterior). A táboa salarial que recolle o salario base correspondente ao ano 2007 inclúese como anexo 2 do presente Convenio. 27.2 En cada un dos sucesivos anos de vixencia do Convenio -2008 a 2011, ambos os dous inclusive-, con efecto do 1 de xaneiro, aplicarase, como pago a conta do incremento salarial, o IPC previsto oficialmente polo Goberno de España para cada un destes máis o 1,75%, sobre todos os conceptos salariais, unha vez regularizada a táboa salarial de acordo co previsto no punto 27.3. 27.3 Unha vez publicado o citado IPC anual real a 31 de decembro de cada ano de vixencia do Convenio, procederase á regularización que corresponda entre o incremento que se aboase a conta e o IPC real de cada ano. A devandita regularización aboarase nun só pagamento dentro do primeiro trimestre do ano e tamén terán dereito a ela os traballadores que causaran baixa na organización pola parte proporcional do tempo traballado no ano obxecto de regularización.	Si	0,25
9007522	UNIPREX, S.A.	Convenio colectivo	60,1	01/01/2010	31/12/2012	35		No Artigo 33 (Disposicións xerais sobre retribucións) indica: As retribucións do persoal a que afecta este Convenio estarán constituídas polo salario base e complementos. a) Ano 2010. Para o ano 2010 a Táboa Salarial de aplicación será a que se incorporan como anexo I con efecto dende o 1 de xaneiro de 2010. b) Ano 2011. Para o ano 2011 establécese un incremento sobre as Táboas Salariais de 2010 do 2%. O devandito incremento realizarase sobre o salario base e o complemento ad personam do artigo 35 punto 8. c) Ano 2012. Para o ano 2012 establécese un incremento sobre as Táboas Salariais de 2011 do 2,5%. O devandito incremento realizarase sobre o salario base e o complemento ad personam do artigo 35 punto 8. Ao final do período 2010-2012, se a suma dos IPC reais de cada un dos anos fose superior ao 5,5%, a diferenza resultante será aplicada á Táboa Salarial de partida e ao Complemento Ad Personam do 2013 e aboarase esta mesma diferenza, con efecto retroactivo do 1 de xaneiro de 2012.	Non	
9012072	V2 COMPLEMENTOS AUXILIARES SA	Convenio colectivo	74,9	01/01/2010	31/12/2011	48		Artigo 55. Cláusula de actualización salarial. As retribucións económicas dende o 1 de xaneiro de 2010 serán as establecidas no anexo 1, táboa salarial. Para o ano 2011, incrementaranse os conceptos que compoñen a estrutura salarial no IPC real e en todos os conceptos económicos do convenio colectivo.	Non	

Código convenio	Denominación convenio	Natureza acordo	CNAE 2009	Data Inicio convenio	Data Fin convenio	Nº TRABALLAD.	Incremento salarial pactado inicialmente (%)	Incremento salarial e Cláusula de revisión	Ten cláusula de revisión salarial	Efectos / valor da cláusula
9013942	WINCOR NIXDORF SL	Convenio colectivo	47	01/01/2009	31/12/2011	7	6,9	Artigo 7. Retribución. a) Incremento salarial: Para o ano 2009 producirase un incremento salarial calculado sobre Soldo Fixo Bruto Anual máis Remuneración Variable bruta, a 100% de cumprimento de Obxectivos, do IPC oficial publicado en xaneiro, correspondente ao período xaneiro-decembro ano anterior. Para os seguintes anos 2010 e 2011 o posible incremento salarial será obxecto de negociación no último trimestre do ano anterior. b) Táboas de Convenio: Considérase a retribución mínima do Convenio, o salario ou soldo que figura con tal carácter nas táboas do anexo I. Establécese un incremento nas Táboas do 6,9% para o ano 2010. Aos empregados que poidan estar afectados pola supresión da súa Categoría asignaráselles outra de idéntico «Grupo Profesional e Grupo de Tarifa». c) Conceptos Salariais: Con efecto da entrada en vigor do presente Convenio, o «soldo carta» componse do concepto «Salario Convenio» segundo as táboas referidas no apartado b) deste artigo e, se é o caso, do concepto «Plus Empresa».	Non	
9005473	ZURICH VIDA Y CIA SEGUROS Y REASEGUROS SA Y ZURICH ESPAÑA CIA. SEGUROS Y REASEGUROS SA «Zurich Insurance, PLC, Sucursal en España», «Zurich Vida, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. Sociedad Unipersonal» y «Zurich Services, AIE»	Convenio colectivo	65	01/01/2008	31/12/2011	44		Artigo 21. Salario base. 1. É o que remunera a asignación a un determinado nivel retributivo dentro do grupo profesional correspondente ao posto de traballo. 2. O seu importe para os anos de duración do Convenio, en valores mensuais e anuais detállase nos Anexos 1, 2 e 3 do Presente Convenio Colectivo. 3. Percibirase nas doce mensualidades naturais do ano. No exercicio 2011 incrementarase de acordo co que determine o Convenio Colectivo do Sector. Artigo 32. Cláusula revisión salarial. Aplicarase a Revisión Salarial de acordo co establecido no artigo 37 do Convenio Colectivo do Sector. Convenio sector Artigo 37. Cláusula de revisión salarial. 1. Acordándose no presente Convenio para os sucesivos anos de vixencia deste un incremento salarial igual ao IPC que se constate en cada un dos devanditos anos, a presente cláusula vén a garantir que, en caso de que o índice de prezos ao consumo (IPC) establecido polo INE, rexistre a 31 de decembro dos anos 2008, 2009, 2010 ou 2011 un crecemento superior á porcentaxe inicialmente aplicada cada ano, respecto á cifra do devandito IPC a 31 de decembro do ano anterior, efectuarase unha revisión salarial, tan pronto se constate oficialmente a devandita circunstancia, no exceso sobre a indicada cifra, formalizándose pola Comisión Mixta a súa aplicación a través da elaboración das correspondentes táboas. Tal diferenza aplicarase con efectos de 1. º de xaneiro do ano ao que corresponda, servindo por conseguinte como base de cálculo para o incremento salarial do ano seguinte, e para levala a cabo tomarase como referencia a táboa de soldos base utilizada para realizar os aumentos inicialmente aplicados o ano ao que corresponde. Se resultase diferenza en menos, terase en conta para aplicar no seu momento sobre a porcentaxe do incremento acordado ou que se acorde para o seguinte ano. A revisión salarial, se é o caso, aboarase nunha soa paga durante o primeiro trimestre do ano seguinte ao que corresponda, sendo os conceptos afectados por esta os seguintes: táboa de soldos base por nivel retributivo, táboa de complemento por experiencia, complemento de adaptación individualizado, plus de residencia, plus funcional de inspección e axuda económica para vivenda nos supostos de traslado.	Si	

CONVENIOS DE EMPRESA DE ÁMBITO ESTATAL CON APLICACIÓN EN GALICIA. ANO 2010

Nos cadros que seguen a continuación pode apreciarse as actividades económicas nas que se clasifican as empresas de ámbito estatal con aplicación a traballadores/as en Galicia que asinaron ou revisaron o seu convenio en 2010.

CONVENIOS DE EMPRESA		ESTATAIS	
		Nº	%
AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
INDUSTRIA	Nº CONVENIOS	14	20,6%
	Nº TRABALLAD.	1.214	10,4%
CONSTRUCIÓN	Nº CONVENIOS	2	2,9%
	Nº TRABALLAD.	94	0,8%
SERVIZOS	Nº CONVENIOS	52	76,5%
	Nº TRABALLAD.	10.314	88,7%
TOTAL	Nº CONVENIOS	68	100,0%
	Nº TRABALLAD.	11.622	100,0%

SERVIZOS		ESTATAIS	
		Nº	%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	Nº CONVENIOS	12	17,6%
	Nº TRABALLAD.	6.760	58,2%
Transporte e almacenamento	Nº CONVENIOS	6	8,8%
	Nº TRABALLAD.	1.869	16,1%
Hostalería	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
Información e comunicacións	Nº CONVENIOS	11	16,2%
	Nº TRABALLAD.	194	1,7%
Actividades financeiras e de seguros	Nº CONVENIOS	6	8,8%
	Nº TRABALLAD.	650	5,6%
Actividades inmobiliarias	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
Actividades profesionais, científicas e técnicas	Nº CONVENIOS	2	2,9%
	Nº TRABALLAD.	192	1,7%
Actividades administrativas e servizos auxiliares	Nº CONVENIOS	10	14,7%
	Nº TRABALLAD.	347	3,0%
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	Nº CONVENIOS	1	1,5%
	Nº TRABALLAD.	63	0,5%
Educación	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	Nº CONVENIOS	2	2,9%
	Nº TRABALLAD.	38	0,3%
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
Outros servizos	Nº CONVENIOS	2	2,9%
	Nº TRABALLAD.	201	1,7%
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
TOTAL SERVIZOS	Nº CONVENIOS	**52**	**76,5%**
	Nº TRABALLAD.	**10.314**	**88,7%**

INDUSTRIA		ESTATAIS	
		Nº	%
Industrias Extractivas	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
Industria manufactureira	Nº CONVENIOS	11	16,2%
	Nº TRABALLAD.	727	6,3%
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	Nº CONVENIOS	3	4,4%
	Nº TRABALLAD.	487	4,2%
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	Nº CONVENIOS		0,0%
	Nº TRABALLAD.		0,0%
TOTAL INDUSTRIA	Nº CONVENIOS	**14**	**20,6%**
	Nº TRABALLAD.	**1.214**	**10,4%**

AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA		ESTATAIS	
		Nº	%
AGRICULTURA, GANDERÍA, SILVICULTURA E PESCA	Nº CONVENIOS	**0**	**0,0%**
	Nº TRABALLAD.	**0**	**0,0%**

CONSTRUCIÓN		ESTATAIS	
		Nº	%
TOTAL CONSTRUCIÓN	Nº CONVENIOS	**2**	**2,9%**
	Nº TRABALLAD.	**94**	**0,8%**

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS